



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 155

IX lexislatura

Serie Pleno

### Sesión plenaria 25 de maio de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

#### ORDE DO DÍA (Continuación.)

##### Punto 4. Proposicións non de lei en pleno

###### 4.1 46288 (09/PNP-003354)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do plan de apoio á pesca artesanal anunciado pola Consellería do Mar e dirixido a mellorar a súa competitividade, así como as condicións de traballo dos seus profesionais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 598, do 10.02.2016

###### 4.2 49201 (09/PNP-003591)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención que se está a prestar ás persoas con enfermidades psiquiátricas crónicas derivadas a residencias da terceira idade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 630, do 13.04.2016

###### 4.3 49416 (09/PNP-003606)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Goldar Güimil, Jesús Antonio, e seis deputados/as máis

Sobre a execución no ano 2016 dos dous primeiros treitos da auto-vía do Morrazo, así como o remate nese ano da redacción e aprobación do proxecto do terceiro treito

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

###### 4.4 49515 (09/PNP-003612)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos gastos de publicidade e propaganda realizados polos distintos organismos e entidades do sector público galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

###### 4.5 50045 (09/PNP-003663)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Blanco, Emilio, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector do libro e das bibliotecas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 640, do 04.05.2016

4.6 50089 (09/PNP-003667)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reprogramación das citas para consultas de revisión oncolóxica na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, así como o funcionamento do programa informático de prescrición farmacéutica Silicon

Publicación da iniciativa, BOPG nº 640, do 04.05.2016

4.7 50176 (09/PNP-003672)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas mensualidades que a empresa Linorsa, adxudicataria de numerosos servizos para a Administración galega, lles debe aos seus traballadores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 642, do 11.05.2016

4.8 50281 (09/PNP-003685)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas mensualidades que a empresa Linorsa, adxudicataria do servizo de limpeza de varios edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia, lles debe aos seus traballadores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 642, do 11.05.2016

### Punto 5. Interpelacións

5.1 37062 (09/INT-001375)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a avaliación do funcionamento e das carencias do actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 464, do 20.05.2015

5.2 49935 (09/INT-001931)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e cinco deputados/as máis

Sobre a aplicación en Galicia das reválidas previstas na LOMCE

Publicación da iniciativa, BOPG nº 640, do 04.05.2016

5.3 50253 (09/INT-001948)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo, e dous deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención de incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 642, do 11.05.2016

### Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 50624 (09/POPX-000189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as razóns do Goberno galego para non atender as demandas da comunidade educativa en relación coas reválidas e a LOMCE

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

6.2 50627 (09/POPX-000190)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre a demanda que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión do Goberno de Marrocos respecto da delegación galega que viaxou a ese país

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

6.3 50637 (09/POPX-000191)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a imaxe do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

### Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 50479 (09/PUP-000274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e tres deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos criterios seguidos en relación coa intervención dos bombeiros de Vigo na extinción do incendio na factoría da empresa Fandicosta, en Moaña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

7.2 48300 (09/POP-004658)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis

Sobre a política de contratación de persoal prevista pola Xunta de Galicia para reducir a temporalidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 617, do 16.03.2016

7.3 48800 (09/POP-004709)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do descenso da achega dos salarios ao produto interior bruto galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2016

7.4 49849 (09/POP-004879)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego en relación co anuncio da empresa Conservas Alonso Sociedade Limitada do peche da súa factoría de Celeiro, no concello de Viveiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 640, do 04.05.2016

7.5 50630 (09/PUP-000276)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para impedir que os profesionais da Historia, da Arqueoloxía ou da Xeografía poidan facer visitas guiadas ao patrimonio galego catalogado como ben de interese cultural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

7.6 49448 (09/POP-004815)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo, e sete deputados/as máis

Sobre as alternativas que está a analizar a Consellería de Sanidade para dotar dun novo hospital público a área sanitaria de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

7.7 50617 (09/PUP-000275)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para rematar coas demoras para as consultas oncolóxicas no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

7.8 46351 (09/POP-004335)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e seis deputados/as máis

Sobre a evolución do número de alumnos formados durante o ano 2015 nos centros da Consellería do Mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

7.9 49062 (09/POP-004750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a posición defendida polo Goberno galego na repartición de cotas da xarda para garantir a viabilidade da frota contixentada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 631, do 14.04.2016

*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do Goberno galego para non atender as demandas da comunidade educativa en relación coas reválidas e a LOMCE.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 12.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 12.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 13.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> María Consuelo Martínez García, do G.P. Mixto, sobre a demanda que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión do Goberno de Marrocos respecto da delegación galega que viaxou a ese país.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Martínez García (M)*. (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Martínez García (M)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a imaxe do Goberno galego.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 20.)

---

**Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Carmen Acuña do Campo e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención que se está a prestar ás persoas con enfermidades psiquiátricas crónicas derivadas a residencias da terceira idade.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 21.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 23.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 24.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 25.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 27.)

*Nova intervención da señora Acuña do Campo (S)*. (Páx. 28.)

**Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jesús Antonio Goldar Güimil e seis deputados/as máis, sobre a execución no ano 2016 dos dous primeiros treitos da autovía do Morrazo, así como o remate nese ano da redacción e aprobación do proxecto do terceiro treito.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei*. (Páx. 29.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pérez Hernández (P)*. (Páx. 30.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 31.), *Sr. Rodas Chapela (BNG)* (Páx. 32.) e *Sra. Gallego Calvar (S)*. (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 35.)

*A señora Pérez Hernández (P) intervén para posicionarse respecto das emendas*. (Páx. 36.)

**Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Tereixa Paz Franco, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos gastos de publicidade e propaganda realizados polos distintos organismos e entidades do sector público galego.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 40.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 41.), *Sra. Soneira Tajés (S)* (Páx. 42.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 43.)

*Nova intervención da señora Paz Franco (BNG)*. (Páx. 44.)

**Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio Vázquez Blanco e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector do libro e das bibliotecas.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei*. (Páx. 45.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Vázquez Blanco (S)*. (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 48.) e *Sr. Pomo Rodríguez (BNG)*. (Páx. 49.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 50.) e *Sr. Baamonde Díaz (P)*. (Páx. 51.)

---

*O señor Vázquez Blanco (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 53.)*

**Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reprogramación das citas para consultas de revisión oncolóxica na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, así como o funcionamento do programa informático de prescrición farmacéutica Silicon. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 54.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 54.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Fernández Rodríguez (M) (Páx. 56.) e Sra. Acuña do Campo (S). (Páx. 57.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Solla Fernández (AGE) (Páx. 59.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 60.)*

*A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 61.)*

*A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica o debate acumulado de dúas proposicións non de lei. (Páx. 62.)*

**Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Consuelo Martínez García e D<sup>a</sup> Mónica Fernández Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas mensualidades que a empresa Linorsa, adxudicataria de numerosos servizos para a Administración galega, lles debe aos seus traballadores. (Punto cuarto da orde do día.)**

**Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas mensualidades que a empresa Linorsa, adxudicataria do servizo de limpeza de varios edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia, lles debe aos seus traballadores. (Punto cuarto da orde do día.)**

*A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 62.)*

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sra. Martínez García (M) (Páx. 63.) e Sr. Fajardo Recouso (AGE). (Páx. 64.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Romero Fernández (P). (Páx. 66.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 68.) e Sra. Quintás Álvarez (S). (Páx. 69.)*

*A señora Martínez García (M) (Páx. 70.) e o señor Fajardo Recouso (AGE) (Páx. 71.) interveñen para posicionarse respecto da emenda.*

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do plan de apoio á pesca artesanal anunciado pola Consellería do Mar e dirixido a mellorar a súa competitividade, así como as condicións de traballo dos seus profesionais: *aprobada por 38 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención. (Páx. 72.)*

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Carmen Acuña do Campo e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención que se está a pres-

---

tar ás persoas con enfermidades psiquiátricas crónicas derivadas a residencias da terceira idade: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jesús Antonio Goldar Güimil e seis deputados/as máis, sobre a execución no ano 2016 dos dous primeiros treitos da autovía do Morrazo, así como o remate nese ano da redacción e aprobación do proxecto do terceiro treito: *aprobada por 38 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Tereixa Paz Franco, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos gastos de publicidade e propaganda realizados polos distintos organismos e entidades do sector público galego: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio Vázquez Blanco e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector do libro e das bibliotecas: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 73.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reprogramación das citas para consultas de revisión oncolóxica na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, así como o funcionamento do programa informático de prescrición farmacéutica Silicon: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 73.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Consuelo Martínez García e D<sup>a</sup> Mónica Fernández Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas mensualidades que a empresa Linorsa, adxudicataria de numerosos servizos para a Administración galega, lles debe aos seus traballadores: *aprobado por 63 votos a favor, ningún en contra e 7 abstencións.* (Páx. 73.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas mensualidades que a empresa Linorsa, adxudicataria do servizo de limpeza de varios edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia, lles debe aos seus traballadores: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.*

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a avaliación do funcionamento e das carencias do actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Paz Franco (BNG).* (Páx. 74.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 76.)

Réplica da autora: *Sra. Paz Franco (BNG).* (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 80.)

**Interpelación de D. Ramón Vázquez Díaz e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a aplicación en Galicia das reválidas previstas na LOMCE.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)*. (Páx. 81.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 83.)

Réplica do autor: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)*. (Páx. 86.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 87.)

**Interpelación de D. Pablo García García e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención de incendios forestais.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. García García (BNG)*. (Páx. 88.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 90.)

Réplica do autor: *Sr. García García (BNG)*. (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 94.)

**Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto dos criterios seguidos en relación coa intervención dos bombeiros de Vigo na extinción do incendio na factoría da empresa Fandicosta, en Moaña.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 96.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 96.)

Réplica do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 98.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da Xunta de Galicia para impedir que os profesionais da historia, da arqueoloxía ou da xeografía poidan facer visitas guiadas ao patrimonio galego catalogado como ben de interese cultural.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 99.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 100.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 101.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política de contratación de persoal prevista pola Xunta de Galicia para reducir a temporalidade.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 102.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 103.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 104.)

---



**Pregunta de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do descenso da achega dos salarios ao produto interior bruto galego. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 105.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 106.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 108.)

**Pregunta de D. Daniel Rodas Chapela e D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego en relación co anuncio da empresa Conservas Alonso, Sociedade Limitada, do peche da súa factoría de Celeiro, no concello de Viveiro. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)*. (Páx. 109.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 109.)

Réplica do autor: *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 111.)

**Pregunta de D. Jacobo Moreira Ferro e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as alternativas que está a analizar a Consellería de Sanidade para dotar dun novo hospital público a área sanitaria de Pontevedra. (Punto sétimo da orde do día)**

Intervención do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 112.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 112.)

Réplica do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 114.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para rematar coas demoras para as consultas oncolóxicas no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (AGE)*. (Páx. 115.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 115.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (AGE)*. (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 117.)

**Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a evolución do número de alumnos formados durante o ano 2015 nos centros da Consellería do Mar. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Oróns Baña (P)*. (Páx. 118.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 118.)

Réplica do autor: *Sr. Oróns Baña (P)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 119.)

---

## SUMARIO

---

**Pregunta de D. Daniel Rodas Chapela, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición defendida polo Goberno galego na repartición de cotas da xarda para garantir a viabilidade da frota continxentada.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodas Chapela (BNG)*. (Páx. 120.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 121.)

Réplica do autor: *Sr. Rodas Chapela (BNG)*. (Páx. 121.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 122.)

*Remata a sesión ás oito e doce minutos da tarde.*

---

*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Vaian ocupando os seus asentos, por favor. Imos reiniciar a sesión.

Grazas. Bos días a todos e a todas.

Reiniciamos a sesión co punto sexto da orde do día, que se corresponde con preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do Goberno galego para non atender as demandas da comunidade educativa en relación coas reválidas e a LOMCE**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señor presidente.

Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, señor Feijóo. Hai quince días un neno de Becerreá pasou 2 horas só, illado, nunha aula do seu colexio. Dúas horas nas que a este neno non se lle permitiu facer nada, nin tan sequera poder ler un libro.

¿A causa deste castigo? Deixar en branco o exame das reválidas. É un caso de persecución psicolóxica, de acoso, do que en última instancia é vostede responsable, señor Feijóo. E non é un caso illado, é todo un síntoma do autoritarismo e da falta de sentido pedagóxico do seu Goberno.

Hoxe, o Bloque Nacionalista Galego quere agradecer ás nais e aos pais, aos profesores e profesoras que fan o que vostede é incapaz de facer: defender un ensino público, dar a cara por unha educación de calidade e democrática, porque eles saben que o que está en xogo é o futuro e a educación dos seus fillos e fillas.

Ese espírito é o que ten que estar na Presidencia da Xunta, e non vostede. Pero, afortunadamente, outubro está á volta da esquina, e, señor Feijóo, vostede non vai aprobar a reválida *(Aplausos.)*

Mire, á hora de defender o ensino público, ou se está a favor ou se está en contra, e eu voulle dicir de que lado está vostede. Vostede, mentres as familias deciden defender a educación pública e democrática, ponse do lado da barbarie da LOMCE. A comunidade educativa defende un ensino público, galego e inclusivo. Vostede está do ganchete co señor Rajoy e co señor Wert, defendendo unha educación privatizada, antigalega e elitista; unha educación para quen poida pagala.

A verdade é que hoxe é un momento para lembrar e para recordar. Para recordarlle tamén ao señor Feijóo que defendía con vehemencia o dereito das familias a poder decidir sobre a educación dos seus fillos e fillas, e hoxe o que fai é criminalizar as nais e pais que están defendendo dicir non á LOMCE e non a unhas reválidas inxustas e inútiles.

Se me permite o consello, señor Feijóo, creo que debería de escoitar un pouco máis a comunidade educativa. Nas reválidas de hai quince días, un 80 % do alumnado non fixo esas probas. Onte, outra vez Galiza se situou á cabeza do Estado na oposición a esas reválidas.

Ten vostede unha ocasión de ouro para desculpase e para rectificar. Por unha vez, deixe de lado os intereses partidistas e defenda o dereito á educación das nenas e dos nenos deste país. Por unha vez, actúe como presidente da Xunta e defenda as nosas competencias en materia educativa. Por unha vez, señor Feijóo, faga o seu traballo e lembre que ten a obriga de defender as competencias e o autogoberno deste país e que ten a obriga de defender o que está demandando a comunidade educativa: un ensino público, galego, democrático e de calidade.

Vostede sabe que a aplicación da LOMCE foi unha auténtica improvisación e un desatino.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Sabe que as reválidas non aportan nada á educación dos nosos nenos e das nosas nenas. Sabe, ademais, que as reválidas supoñen unha ofensa ao profesorado e un malgasto de diñeiro público.

Señor Feijóo, non sexa vostede un déspota ilustrado. Escolte e rectifique, actúe por unha vez, aínda que sexa no minuto de prórroga, como presidente deste país. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, imos seguir defendendo a sanidade pública; imos seguir mellorando a educación pública; imos seguir tendo máis profesores por alumno que no resto de España; imos seguir tendo máis prazas de comedores públicos que no resto de España; imos ter máis idiomas nas aulas con ese trilingüismo. Melloramos o abandono escolar, porque agora hai máis nenos que seguen os seus estudos. Incrementamos un 50 % as prazas de formacións profesional e temos as taxas universitarias máis accesibles e máis baratas de España. *(Aplausos.)* Por iso, señoría, imos seguir mellorando a educación pública, non teña vostede ningunha dúbida.

É curioso, señoría, que di que se alarman polo suposto clamor fronte ás probas dos controis celebrados en España nas últimas semanas; un suposto clamor alentado, por suposto, por vostedes mesmos. *(Risos.)* Eu non teño nada que obxectar ás familias que voluntariamente deciden que os seus nenos e nenas non acudan a unha proba voluntaria; nada que obxectar. O que si me resulta máis difícil de aceptar nesta Cámara é un plantexamento que se basea na falta de verdade.

Señora Pontón, é unha falta de verdade dicir que este control é obrigatorio para os nenos e as nenas. É unha falta de verdade dicir que este control é un exame. É unha falta de verdade dicir que, con base nos controis que se acaban de realizar, haberá un *ranking* de centros dentro da ensinanza pública. E é unha falta de verdade dicir que este control que se acaba de realizar forma parte da nota dos nenos e das nenas que voluntariamente acoden a realizalos.

Por iso, señoría, creo que iso non é bo. Non é bo enganar a xente; non é bo ideoloxizar as aulas; non é bo facer política cos nenos e coas nenas; non é bo facer proselitismo político nas aulas. *(Murmurios.)* Non é bo, señoría, porque iso nada ten que ver coa liberdade, nada ten que ver coa formación dos nenos e das nenas que nos van substituír.

E tampouco é bo, por suposto, mentir co tema das porcentaxes de participación. O 90 % dos centros acudiron a facer

eses controis. *(Protestas.)* O 90 % dos centros e o 60 % do alumnado. Si, señorías. Comprendo que unha cousa é o que digan vostedes e outra cousa é a realidade.

Mire, señoría, estas probas vostede sabe igual ca min que están recollidas nunha lei, e vostede pídeme que, como presidente dun goberno democrático, incumpra as leis. E pídemo, ademais, na Cámara onde aprobamos as leis. *(Murmurios.)*

Como aquí non se aproban, señoría, resulta que cando se aproban nas Cortes hai que incumprilas. ¿Esa é a proposta do programa electoral do Bloque Nacionalista Galego: incumprir as leis que se aproban nas Cortes Xerais? Dentro de moi pouco, señoría, vostedes impedirán cumprir as leis que se aproban no Parlamento galego. Pero iso, ¡alá vostedes! Nós somos demócratas, cremos que as leis, se non se está de acordo, hai que modificalas. E vostedes, polo que vexo, confunden a defensa das lexítimas diferenzas no ensino coa estratexia constante de boicot e de confrontación no ensino.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
Mire, señoría, a nós gustaríanos, sen dúbida, chegar a acordos no ensino, porque iso é bo para o futuro de Galicia. Pero non conte comigo para chamar á insubmisión, ao incumprimento das leis. E por suposto, señoría, non conte comigo para mentirlles ás familias galegas, porque mentirlles ás familias galegas non o pode facer ninguén, e moito menos unha deputada.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Núñez Feijóo, a verdade é que vostede pode poñerse como queira, pode facer as piruetas dialécticas que queira, mesmo se quere pode vostede facernos aquí un *striptease*, pero a realidade é a que é. E a realidade é que neste país hai un clamor, hai unha maioría social que se expresou con contundencia e que dixo non ás reválidas e non á LOMCE; unha LOMCE que o Partido Popular non negociou con ninguén. E vostede ten a obriga

de escoitar, por exemplo, ao Consello Escolar de Galiza, e o Consello Escolar de Galiza dixo non á LOMCE e non ás reválidas. *(Aplausos.)*

¿Por que prefire escoitar a Rajoy e non á comunidade educativa galega, señor Feijóo? ¿Por que? Porque a súa obriga, señor Feijóo, tamén é defender as competencias. E o que é unha vergoña é que teñamos un goberno galego que, mentres están invadindo as nosas competencias en educación, e ademais se está facendo cunha lei retrógrada, elitista, que vai en contra do dereito á educación dos nenos e das nenas, vostede se cruce de brazos. E mesmo teñen a desfachatez de dicir cousas como dixo o seu conselleiro de Educación: que as reválidas eran simplemente para coñecer cales eran as necesidades educativas dos centros.

¿Como é que vostede non sabe cales son as necesidades educativas dos centros? No inicio de curso, 200 centros pediron profesorado, e o que tiveron foi o non por resposta da súa consellería *(Aplausos.)*, do seu goberno, señor Feijóo.

Vostede recortou en medios, recortou en educación, está cernando un dos piares do Estado do benestar como é a defensa da educación pública, e estou facendo vulnerando un dereito fundamental que está por riba de calquera maioría e de calquera lei que aproben vostedes nun Parlamento.

A LOMCE é unha lei morta. A LOMCE é unha lei retrógrada. A LOMCE é unha lei que vai en contra do autogoberno galego e do dereito que temos a ter unha educación pública, democrática e de calidade en galego.

Lamento, señor Feijóo, que vostede sempre se poña de perfil ante os problemas, sexa sempre submisivo aos ditados de Rajoy e de Madrid e non escoite nunca, ¡nunca!, o que lle din os galegos e as galegas.

Desde logo, señor Feijóo, vostede en outubro si que non vai pasar a reválida. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Turno de peche, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señoría.

Agradézolle que me anime a pasar a reválida democrática de outubro. *(Risos.) (Aplausos.)* Agradézollo porque a vou preparar ben, imos examinarnos democraticamente e imos ver que din os pais e as nais de toda Galicia, señoría.

É certo que vostedes nunca aprobaron a reválida, por iso non me estraña que estean en contra ata de poder facer un control nas aulas públicas de Galicia.

Mire, señoría, di que a realidade se impón. Efectivamente. En Dinamarca, en Malta, no Reino Unido, en Noruega, en Bélxica, en Chipre, en Eslovaquia, en Alemaña, en Irlanda, en Francia, en Letonia, en Lituania, en Portugal, en Noruega, hai controis e hai reválidas. ¿Vostede cre que toda Europa está equivocada e vostede está acertada, señoría? ¿Vostede cre que toda Europa o que fai é ir en contra da ensinanza pública, señoría?

Fala vostede de clamor. Mire, señoría, onte me pasaron a foto onde vostede participou nese clamor. Estaban vostedes diante de San Caetano. ¿Este era o clamor do BNG en contra desas probas, señoría? *(Risos.) (Aplausos.)* ¡Pero se eran 15, señoría! ¿Ese era o clamor que vostedes plantexaban? Señoría, hai que ter un pouco máis de respecto polos nenos e polas nenas que voluntariamente acoden a facer os controis nas aulas.

Señoría, dixo vostede unha cousa que non podemos aceptar. Mire, Galicia é a comunidade autónoma con máis profesores por alumno. Vostede, como nacionalista, debería de estar orgullosa dese feito. Vostede, como nacionalista, debería celebrar que en Galicia temos máis profesoras e profesores por alumno que no resto de España, e por iso, en vez de criticar a ensinanza pública, debería defendela, porque os que estudamos na ensinanza pública imos seguir defendendo a ensinanza pública digan o que digan os plantexamentos ideolóxicos do nacionalismo galego. *(Aplausos.)*

Digan, o que digan, señoría, si, si. E se temos máis prazas de comedor que na época de bonanza económica, cando vostedes gobernaban, hai que celebralo. E se temos os mellores resultados PISA, mellores que en España e mellores que na OCDE, salvo en matemáticas, que empatamos, debemos celebralo. E se temos menos abandono escolar que cando vostedes gobernaban, debemos celebralo. E se temos as

taxas universitarias máis baratas de España, o que supón 100 millóns de euros de aforro a esas familias que vostede quere utilizar e eu quero protexer, debemos celebralo.

Por iso, señoría, o nacionalismo ten a terrible querenza de adoutrinar a todo o ámbito educativo permanentemente. E ante o seu vicio de facer ideoloxía nas aulas, está a virtude de enchelas de coñecemento, de enchelas de liberdade e de enchelas de decisións para poder adoptar aquela decisión que se considere oportuna fóra das aulas.

Mire, señoría, eu son o presidente de todos os galegos e das galegas; das familias –a maioría– que decidiron mandar os seus fillos e fillas a facer ese control, e daqueles que non os mandaron. Xa sei que vostede pretendería que fora un presidente sometido ás súas condicións, pero non o son, señoría. Eu creo na liberdade e creo que as mal chamadas reválidas, porque eran controis, non eran exames...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...nin eran probas de superación nin eran probas para facer *rankings* nos colexios (*Murmurios.*), como vostede interesadamente mente. Por iso, señoría... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señoría, vostede o dixo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e hai cantidade de ANPA que cren que, se os seus fillos ían facer a proba e non a superaban, suspendían. (*Murmurios.*) Por iso a maioría dos que non a mandaron, efectivamente, pensaron que iso era certo. (*Murmurios.*)

Mire, señoría, dígollo con toda franqueza...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Imos seguir intentando informar ben as familias.

E –vólvolle reiterar– a única proposta e o único obxectivo que ten a política educativa da Xunta é mellorar o sistema educativo público. Non llo podo dicir máis fácil: a única política da Consellería de Educación e a única política do

Goberno galego é mellorar o sistema educativo público de Galicia, a liberdade dos alumnos e das alumnas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e a liberdade dos seus pais.

Máis nada. Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> María Consuelo Martínez García, do G.P. Mixto, sobre a demanda que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión do Goberno de Marrocos respecto da delegación galega que viaxou a ese país**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de dona Consuelo Martínez García, do Grupo Parlamentario Mixto.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Bo día a todas e a todos. Bo día, presidente.

Ata 1975, os habitantes do Sáhara tiñan DNI e pasaporte español. O 6 de novembro de 1975 Marrocos organiza a chamada “Marcha verde”, co envío de 300.000 civís obrigados a entrar no Sáhara e colonizalo. Oito días despois, o 14 de novembro, asínanse os acordos de Madrid entre España, Marrocos e Mauritania, polos que Madrid entregaba o territorio –que non a soberanía– a unha Administración formada polos tres executivos. O 19 de xaneiro de 1976, o campo de refuxiados de Tifariti, no leste do Sáhara occidental, foi atacado por cazas marroquís. O 26 de febreiro as tropas españolas abandonan o Sáhara, coincidindo coa proclamación da República Árabe Saharauí Democrática, e mentres Marrocos e Mauritania acordaban repartirse o territorio.

Tras o abandono de España, varios asentamentos de refuxiados saharauís que fuxían da ocupación e da represión marroquí foron bombardeados con napalm e bombas de fragmentación e de fósforo branco. Despois viría unha longa guerra entre o Frente Polisario e os exércitos de Mauritania e Marrocos, ante a pasividade do Estado español. As consecuencias do conflito foron a ocupación do Sáhara occidental

por Marrocos e o exilio, nos campos de refuxiados de Tinduf, de máis de 150.000 saharauís, nun conflito que xa dura máis de corenta anos.

En 1979, Mauritania renunciou ás súas pretensións no Sáhara, pero Marrocos pretende quedar co territorio. O Sáhara occidental figura hoxe na ONU como un dos dezasete territorios non autónomos baixo a supervisión do Comité Especial de Descolonización.

Dende 1991, a Minurso busca a celebración dese referendo de autodeterminación, que cada día é menos favorable ao pobo saharauí ante o aumento de colonos marroquí no territorio. No mes de marzo, nun indecente desafío ao Consello de Seguridade da ONU e a España, os 84 membros civís da Minurso foron expulsados de El Aaiún como resposta ás declaracións do secretario xeral das Nacións Unidas sobre a presenza de Marrocos no Sáhara occidental como unha ocupación inaceptable á que hai que poñer fin.

Ante as denuncias das organizacións de defensa de dereitos humanos de desaparición de persoas, torturas, secuestros e xuízos sumarísimos contra a poboación saharauí nos territorios ocupados, o Intergrupo Paz e Liberdade para o Pobo Saharauí do Parlamento de Galiza, coa SOGAP e dúas periodistas, formamos unha delegación co obxecto de realizar unha visita ao Sáhara occidental. O Goberno marroquí non permitiu entrar no Sáhara occidental á delegación, e procedeu a expulsarnos, igual que o leva feito con outras 120 persoas, integrantes de delegacións parlamentares, xuristas, ONG e xornalistas de diferentes países.

O Parlamento galego declarou que se limitou a financiar a viaxe das deputadas e dos deputados e notificarlle a mesma ao Ministerio de Exteriores, como se foran unhas vacacións. O Ministerio de Exteriores limitouse a avisar o xoves que era posible que o Goberno marroquí impedise a entrada. Ante esta falta de acción por parte do Estado e por parte do Parlamento ante o Goberno marroquí, preguntámonos se vostede tamén vai ser submisivo ante o Goberno marroquí ou vai actuar para defender a dignidade institucional das deputadas e dos deputados galegos e o dereito do pobo galego a moverse libremente dentro do territorio marroquí e dentro do territorio saharauí.

¿Que vai facer vostede ante o Goberno marroquí?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Martínez.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, permítame que deixemos clara cal é a postura –espero que unánime– acerca do que acontece no Sáhara occidental e como a estamos abordando, desde hai anos, dende Galicia. Quizá lle sorprenda, señoría, pero reitero que esa postura de Galicia, do Goberno, do Parlamento e do pobo, é unha postura dende a absoluta prudencia. E digo isto, señoría, porque o importante, o obxectivo principal, é ser útiles na axuda ao pobo saharauí.

Desgraciadamente, non está ne mans deste Parlamento resolver o conflito do Sáhara, pero si está en mans –parcialmente– deste Parlamento apoiar o pobo que está sufrindo as consecuencias que vostede relatava. Isto é o que estamos facendo dende hai anos, señoría, e ímolo seguir facendo. Por certo, cunha unanimidade que espero que vostede comparta.

Señoría, vostede debería saber –seguro que o sabe– que non é a primeira vez que a deputados e deputadas galegas non se lles deixa acceder libremente ao Sáhara. Pasou no ano 2006: deputados e deputadas galegas non puideron entrar no Sáhara. Como vostede recordará, no ano 2006 había outro Goberno en España.

Non son estes –evidentemente, vostede foi unha das deputadas da delegación– episodios agradables, pero tampouco nos deben de facer perder a perspectiva dun conflito, dun problema internacional, que leva décadas convivindo na comunidade internacional. Dende a Xunta, dende logo, o que lamentamos é esa situación, pero o que si lamentamos aínda máis é a situación na que están moitísimos nenos e nenas do Sáhara occidental e do pobo saharauí.

Señoría, o compromiso de toda Galicia é o compromiso do Parlamento galego e é o compromiso do Goberno galego. A poboación dos campamentos saharauís segue sendo prioritaria en todos os plans de cooperación feitos por este Goberno e tamén polo Goberno anterior. Dende a Xunta levamos anos volcados en prestar axuda humanitaria aos campamentos de

refuxiados saharauís, tanto axuda alimentaria, como material médico-sanitario, como comisións médicas.

Vostede recordará que en decembro do ano 2014 o propio vicepresidente da Xunta foi aos campamentos de poboación refuxiada saharauí en Tinduf, con éxito; estabamos no territorio de Alxeria. E os compromisos do Goberno galego son os que reflicten os compromisos deste Parlamento. Por iso este Parlamento aproba unánimemente as declaracións institucionais, aprobou viaxar a El Aaiún no ano 2014 –e foi unha das delegacións máis importantes de España–, acadimos ás conferencias intergrupos, e, por certo, celebramos aquí en Galicia a XX reunión de intergrupos parlamentarios Paz para el Sáhara, en Santiago de Compostela, en marzo do ano 2016. Deputados de once cámaras autonómicas reuníronse aquí, en Santiago, baixo o Parlamento galego que o organizaba.

E por iso, señoría, por todo isto, a xente que está alí facendo axuda humanitaria traslada ao presidente da Xunta unha carta, posterior ao intento fallido de entrar da última delegación de parlamentarios, igual que ocorreu no ano 2006. Unha carta da solidariedade galega do pobo saharauí ao presidente da Xunta agradecendo o que está a facer a Xunta de Galicia, felicitándoo polo que estamos facendo, e eu creo, señoría, que vostede sabe igual ca min que solucionar un problema no Parlamento galego, que está neste momento dende hai décadas na ONU, é algo máis que unha declaración de intencións.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**

As declaracións de intencións podémolas compartir, pero sobre crear fisuras no posicionamento do Parlamento, no posicionamento da sociedade galega e no posicionamento do Goberno en relación co Sáhara occidental, sobre esas fisuras e esas divisións a nós non nos vai encontrar.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica. Señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Señor presidente, a prudencia está moi ben, pero o pobo saharauí necesita algo máis que

prudencia. O pobo saharauí está sufrindo torturas, está sufrindo fame e está sufrindo represión, e ante iso non pode haber pasividade.

A Resolución 2261, do departamento xurídico da ONU, recorda que a efectos xurídicos España é a potencia administradora do territorio. Polo tanto, a responsabilidade do Estado español vai moito máis alá da cooperación solidaria; vai moito máis alá da axuda humanitaria. España ten a obriga de reclamar que se celebre ese referendo. Ten a obriga de reclamar que se volva abrir a oficina da Minurso no Sáhara occidental, no Aaiún. Ten a obriga de velar polos dereitos do pobo saharauí; ese foi o seu compromiso que non cumpriu.

Non vale a axuda humanitaria. Vostede sabe tan ben coma min que cada vez chega menos axuda humanitaria aos campamentos. Sabe tan ben coma min o que está sufrindo o pobo saharauí neste momento. Polo tanto, non estamos dicindo que non se siga con esa cooperación, que non se siga facendo un traballo solidario co Sáhara. O que se está dicindo é que o compromiso ten que ser moito maior. Nós non podemos actuar como o resto do mundo porque este Estado ten unha responsabilidade moito maior.

Por iso creo que o Goberno de Galiza ten que dar un paso máis alá, primeiro, para reprobar a actitude do Goberno do Aaiún ao imposibilitar o acceso de deputados deste Parlamento ao Aaiún. Pero tamén debería este goberno dirixirse ao Goberno do Estado para instalo a que actúe como potencia administradora, exixindo de Marrocos o respecto aos dereitos humanos do pobo saharauí nos territorios ocupados do Sáhara occidental, e que proceda a facilitar o labor da Minurso para a celebración do referendo da autodeterminación.

¿Está vostede disposto a exixirlle ao Estado español que cumpra as súas obrigas co pobo saharauí e que cumpra o seu compromiso co pobo de España?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Martínez.

Turno de peche. Señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.



Señoría, España –como vostede sabe– apoia unha solución política xusta, duradeira e mutuamente aceptable que permita a libre determinación do pobo do Sáhara occidental no marco dos principios de Nacións Unidas. E vostede sabe moi ben que España mantén o seu apoio ao papel central dos esforzos do secretario xeral da ONU, e do seu enviado persoal, na procura dunha solución á cuestión do Sáhara occidental.

Señoría, en relación cos dereitos humanos, vostede tamén sabe que España plantexa un enfoque gradual e progresivo que xere consenso no Consello de Seguridade da ONU, que é aí onde se deciden as cuestións. Por iso lle pido prudencia, porque con calquera comentario pode ocorrer o que ocorreu en marzo do ano 2016, cando Marrocos ordenou a retirada do seu persoal xustamente na misión da que vostede fala, no Minurso, na misión das Nacións Unidas para o referendo do Sáhara occidental. Cando o secretario xeral de Nacións Unidas falou de ocupación, automaticamente Marrocos se desentendeu e abandonou esa misión. Por iso Ban ki moon, señoría, está plantexando unha política que creo que todos os estados occidentais... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) debemos de seguir.

Alá vostede, señoría, cales son as súas propostas.

Digo que, antes de que vostede fora parlamentaria, na Cámara xa estabamos traballando; e, probablemente, cando vostede deixe de ser parlamentaria e eu tamén, seguiremos traballando, (*A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.*) se antes non conseguimos unha solución axeitada.

Mire, señoría, a vostede preocúpalle a dignidade dos deputados e deputadas que non puideron entrar o día 13 de maio, a min tamén. O que ocorre é que a min me preocupa moito máis a dignidade do pobo saharauí, como o está pasando dende hai décadas (*A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.*), e por iso, señoría, estou intentando defender esa dignidade. (*Aplausos.*)

Señoría, debería vostede ser máis respectuosa coa dignidade dos que cre defender. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, nós fomos advertidos polo Goberno de España do risco de que esta delegación non puidera entrar, e a

nosa proposta foi manter a delegación. Podíamos facer o que fixo o vicepresidente de Andalucía, que, advertido de que non podía entrar, non foi. (*A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Por certo, de Izquierda Unida. (*A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Señoría, de Izquierda Unida. E por iso non lle aceptamos nin ao Partido Socialista nin ao BNG leccións sobre o compromiso co Sáhara occidental, señoría. (*Aplausos.*) Non llelo imos aceptar. (*Aplausos.*) Porque estamos completamente de acordo coa dignidade do pobo do Sáhara occidental. (*Aplausos.*) E por iso, señoría, o que estamos intentando e o que imos seguir intentando é dedicar a maioría das nosas axudas de cooperación ao Sáhara occidental, e o que imos seguir intentando é que as familias que queiran traer fillos e fillas saharauís poidan telos en Galicia con todas as tarxetas sanitarias e con todos os dereitos, como se foran españois e galegos de pleno dereito.

E por iso, señoría, o que imos facer, e polo imos seguir traballando, é para que os empregados públicos de Galicia que queiran facer estadias no Sáhara dentro dos programas de cooperación da Xunta de Galicia, teñan un permiso, pero non un permiso, senón un permiso retribuído.

Señoría, creo que non está vostede sendo xusta (*Murmurios.*) nin co Goberno nin co Parlamento nin coa sociedade galega.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a imaxe do Goberno galego**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don José Luis Méndez Romeu, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Foi anunciar eleccións e abrirse o grifo das subvencións.

Como non vai ser posible facer balance delas antes de votar, vostede poderá falar canto queira. Pode falar, por exemplo, do déficit tramposo; datos publicados días pasados polo

Ministerio de Facenda. Vostede leva suprimido o 8,7 % do gasto social en sete anos: 1.000 millóns de euros menos en sanidade...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio, por favor. Silencio.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** ...educación e servizos sociais. E agora vostede ofrece unha esmola de subvencións de 50 millóns de euros, o 5 % do que foi recortado. ¿Debemos darlle as grazas por esas subvencións ou reclamarlle os 950 millóns que aínda faltan?

Só na actual lexislatura, nestes catro anos, vostede reduciu un 10 % do gasto educativo, un 2,5 % do gasto sanitario e un 13 % do gasto en asuntos sociais, mentres, iso si, medraban o resto dos gastos non sociais. Se miramos o gasto de persoal, vostede reduciuno precisamente en ensino, sanidade e servizos sociais, exactamente o contrario do que fixeron as demais comunidades autónomas.

Vostede recorta onde máis doe, como programas de emprego ou de vivenda. E ademais o que anuncian e prometen no orzamento é falso, porque logo deixan sen executar elevadas contías. Por exemplo, sen executar a metade do orzamento de becas universitarias e case a metade dos fondos de loita contra o desemprego, e o 40 % das políticas de vivenda.

O seu goberno é inoperante, sen dúbida por instrucións súas, mesmo nas áreas estratéxicas, en I+D, en Fondos Feder, en investimentos de infraestruturas. As axudas ás empresas, por exemplo, baixaron nada menos que nun 75 %.

Directamente retrocedemos na nosa historia. Nas universidades estamos agora como hai 12 anos. Perdemos a quinta parte do persoal investigador, a cultura foi abandonada. ¿Onde imos con vostede, señor presidente? ¿En contra da historia?, ¿a unha sociedade rota, cunha inmensidade de persoas excluídas, cunha clase media arruinada e só cuns poucos beneficiados?

Señor presidente, eu comprendo a súa frustración, porque non o queren nin en Madrid nin nas empresas privadas. Claro, ¡esas empresas si que saben ler o seu balance e a súa conta de resultados! ¡saben medir perfectamente o seu fracaso como gobernante!

¿Vostede é consciente da inoperancia do seu goberno diante dos problemas principais do país? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Méndez Romeu.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Méndez Romeu, as eleccións en Galicia non están convocadas, o que están convocadas son as eleccións dentro do Partido Socialista Obrero Español en Galicia, *(Risos.) (Murmurios.)* iso si, señoría. E sobre se nos queren ou non nos queren no noso partido, señor Méndez Romeu, permítame que non me pronuncie.

Señor Méndez Romeu, mentres vostede estaba formulando esta pregunta, en Vigo se fabricaron dous coches, ¡dous coches! Tiven a oportunidade de ser informado polo presidente mundial de PSA... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...de que en Galicia conseguimos, en ano e medio, nada máis e nada menos que tres novos vehículos de PSA. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E tamén a oportunidade de concretar que en Galicia imos fabricar 500.000 vehículos.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Por iso, señoría, en Galicia fabricaremos cada tres minutos tres coches. *(Aplausos.)* Comprenderá, señoría, que algunhas cousas van mellor en Galicia.

Mire, señoría, fala vostede do orzamento, das políticas sociais... Mire, nós executamos o orzamento máis que o resto das comunidades autónomas, o 106 %. Señoría, nós temos unha execución de todo o orzamento da Xunta de Galicia, por exemplo en gastos de capital, é dicir, inversións, do 107 %; na media das comunidades autónomas, 84 %. Se vostede quere falar de como pagamos a provedores, pois

mire, no mes de marzo en 22 días. Estamos entre as catro comunidades autónomas que mellor pagamos as nosas facturas.

Señoría, se vostede me fala de investimentos públicos, agradezo, porque o Ministerio de Facenda acaba de facer público un dato: no ano 2015 Galicia foi a comunidade autónoma que máis investiu por habitante contra o seu presuposto autonómico; o dobre que o resto das comunidades autónomas.

Todo isto, señoría, o que produce é que agora temos un superávit de responsabilidade —é dicir, fondos adicionais— que parece ser que a vostede lle incomoda que o invistamos en gasto social. Pois si, señoría, 500 prazas máis de garderías infantís (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*); a tarxeta para todos os bebés que nazan no próximo ano, do mesmo xeito que os que están necendo neste; melloras en 370 colexios...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Nunca, nun prazo tan curto (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), fixemos tantas obras en colexios públicos. Transporte gratuito para todos os menores de 18 anos. 30.000 persoas esperarán menos na lista de espera. Finalizaremos 13 centros de saúde e iniciaremos outros 10. En política de vivenda, señoría, máis de 7.000 persoas van ver mellorada a súa vivenda. E por certo, señoría, mañá, no Consello da Xunta, imos seguir, efectivamente, investindo no futuro dos galegos e non tapando os buratos que nos deixaron cando chegamos ao Goberno da Xunta, señoría. É o que imos facer (*Aplausos.*) porque xa pagamos eses buratos, señoría. Mañá imos poñer á disposición do tecido industrial, do tecido produtivo e do tecido innovador da comunidade autónoma 20 millóns de euros...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...para préstamos, para financiamento e para avais que moverán 100 millóns de euros de inversión.

Por certo, señoría, nos concellos onde non hai máis industria que a industria agraria, poñeremos sete millóns de euros para facilitar a contratación de 700 persoas nos concellos de

menos de 10.000 habitantes. Señoría, como comprenderá, isto non é o Partido Socialista, isto é o Goberno da Xunta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Méndez Romeu.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Señor Feijóo, se a produción de coches depende de que este deputado faga preguntas, fareille unha cada minuto. (*Risos.*) (*Aplausos.*) E nin lle conto, no tempo que eu falo, cantas prendas fixo Inditex. (*Risos.*)

¿E vostede que? Vostede acaba de contar aquí de novo un anuncio preelectoral: vai recuperar agora 20 millóns das empresas. Vostede reduciu dous terzos das axudas ás empresas nos últimos sete anos, ¿de que está falando vostede hoxe aquí, señor presidente? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Vostede ten unha fixación obsesiva co gasto social e co Estado do benestar. Ten noxo dunha sociedade igualitaria, con iguais dereitos e prestacións para todos, e quere unha sociedade estratificada, onde os que menos teñen sexan estigmatizados e excluídos, que sexan forzados a solicitar subvencións para todo. Subvencións que van recibir non con criterios de xustiza, senón con criterios burocráticos. Unha sociedade desigual, si, baixo un Goberno autoritario, ese é o seu modelo: Estado de beneficencia, e non Estado de dereitos.

Mire, toda a propaganda do mundo, señor Feijóo, non pode tapar que vostede ten gastado nestes anos máis en publicidade e en autobombo do que agora promete como esmolos sociais: 17 millóns ao ano, máis unha televisión pagada por todos ao servizo exclusivo da adulación a vostede.

Por moito que lle rían as grazas os seus cortesanos, vostede é o rei espidido, perdeu a camisa da credibilidade.

Dentro de cinco meses eu estarei sentado na presidencia e vostede (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) estará na oposición. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. Silencio, por favor.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Esas gargalladas non son máis que a risa frouxa da inseguridade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Señor presidente, sobroulle ideoloxía e faltoulle empatía. O mantra conservador do déficit e do liberalismo deixa un país arrasado, con moito sufrimento e pouca xustiza.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

Silencio, por favor.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Señor Núñez Feijóo, para vostede xa é tarde, tanto ten a xeira de anuncios que nos vaia facendo agora cada xoves. Toca alternancia, señor presidente, toca alternancia porque vostede foi xordo e cego ás demandas da xente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

Remate.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** ...e vostede preferiu traballar exclusivamente para a súa vaidade e para o seu medre persoal. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Méndez Romeu.

Turno de peche, señor presidente.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Por favor, silencio. Silencio, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Méndez Romeu, espléndida intervención, felicítooo. *(Risos.)* Dáme a sensación de que no grupo parlamentario hai xente que está dubidando, pero despois desta intervención estou convencido de que vostede vai ter sorte. Eu a vostede e a outro candidato deséxolles a mellor das sortes posibles, porque hai que traballar en igualdade, señoría, e

como o outro candidato non está, o mellor é que nós lles desexemos a ambos os dous as mellores das sortes posibles.

Señor Méndez Romeu, non lle oculto que vostede me dá sorte. Na última intervención dicíame vostede que utilicei partidariamente o anuncio dos 500 millóns de euros dos barcos de Navantia. Eu respondíalle que lle trasladaría á Mariña australiana esa queixa. E agora vostede dime que os temas de Citroën tamén os volvo utilizar. Non, señoría, os temas de Citroën o que fixemos foi traballalos, bastante, moito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señoría, comprendo que hai xente que, como non se entera do que facemos, poida falar, pero ese é o seu problema, señoría. Tanto en París como en Vigo, en Vigo como en París, Citroën-PSA, Peugeot-Citroën, sabe moi ben o que fixo e o que fará a Xunta de Galicia para despexar durante unha década os problemas da automoción na comunidade autónoma. *(Aplausos.)* Sábeo perfectamente, señoría.

Por certo, señoría, este mes de maio non puido ser mellor desde o punto de vista da industria *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* no sector naval, no sector aeronáutico e no sector da automoción. No sector naval, traballo para Ferrolterra, e necesitamos máis. No sector aeronáutico, o compromiso nunca antes conseguido, e agora si, do parque aeronáutico de avións non tripulados en Rozas, en Lugo. E no sector da automoción acabo de reflectirle que temos traballo para os próximos dez anos. Estes tres sectores, no mes de maio, comprometeron 4.200 millóns de euros de investimento.

Mire, señoría, se vostede mira para a planta de PSA, verá que estamos facendo coches, e cada vez máis. Se mira para os estaleiros, verá que temos barcos por máis de 2.300 millóns de euros, e cada vez máis. Se mira para o aeródromo de Rozas, verá que estamos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* empezando a facer un parque aeronáutico, o primeiro de Galicia. Sen embargo, se mira vostede para o seu propio partido, aí terá dificultades para ver algo positivo. Están vostedes nunha carreira de autodestrución, pero ese é o seu problema. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señor Losada, silencio.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupcións.)* Silencio, silencio. ¡Silencio!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, queda claro que os concelleiros de Vigo o van apoiar. Noraboa, señoría.

Pero mire, señoría, eu non vou entrar en cuestións internas do Partido Socialista porque sabe perfectamente que nada me gustaría máis que ter un Partido Socialista homologado á socialdemocracia europea.

Pero cando vostede di que se vai sentar na presidencia da Xunta, señoría... ¿Vostede está a favor ou en contra de gobernar coas mareas de Podemos? Parece que vostede está en contra de gobernar coas mareas de Podemos. Está vostede no bando do Partido Socialista *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*...

**O señor PRESIDENTE:** Señor Losada, silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...no que están en contra de gobernar coas mareas de Podemos. En todo caso, por se lle rifa o outro bando...

**O señor PRESIDENTE:** Chamada á orde, señor Losada.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...critíquenos a nós, señoría. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Critique o Partido Popular de Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Chamada á orde. Perdón, señor presidente. Chamada á orde. Señor Losada, chamada á orde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, hai algún deputado nerviosísimo que me recorda que estamos falando de Galicia, non do PSOE. ¡Pero se me acaba de dicir o candidato do Partido Socialista que se vai sentar na Presidencia da Xunta! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entenderei, señoría, que estamos falando do Partido Socialista e de Galicia. Pero, mire, sentarse na Presidencia non é así, señoría, é traballar na Presidencia da Xunta, *(Murmurios.)* é conseguir uns presupostos cada ano...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...é aprobar as leis cada ano, é sacar Galicia adiante. E aí, señoría, estamos nós... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...sacando Galicia adiante, traballando cada ano, cumprindo os nosos compromisos, mellorando a sanidade e a educación e...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...mellorando a produtividade e a economía de Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Méndez Romeu, se vostede quere axudar a isto, benvido á gobernabilidade de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, que se corresponde co de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Carmen Acuña do Campo e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención que se está a prestar ás persoas con enfermidades psiquiátricas crónicas derivadas a residencias da terceira idade**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non se presentaron emendas.

Para a defensa da mesma ten a palabra a señora Acuña.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Pois ben, esta fin de semana aquí mesmo, en Santiago, vanse celebrar as III Xornadas do Movemento Galego de Saúde Mental. E nese contexto volvemos traer, dende o Grupo Parlamentario Socialista, o debate sobre o abandono que están a sufrir as persoas con enfermidade mental aquí no noso país. Abandono absoluto de todas elas dende que chegou o señor Feijóo á Presidencia da Xunta a traballar tanto. Traballou tanto que o primeiro que fixo foi facer desaparecer o Plan de saúde mental. Un abandono tamén moi perigoso daquelas persoas que a xestión esa tan traballada do señor Feijóo fixo que almacenaran nas residencias da terceira idade tras o peche dos obsoletos manicomios; obsoletos manicomios, iso non o dubida ninguén nin o cuestiona ninguén.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista temos denunciado en múltiples ocasións os problemas e as deficiencias da saúde mental. Falamos xa do abandono do plan de suicidios, a pesar de estar nunha situación de crise e que no ano pasado, no 2015, foron 321 persoas as que se suicidaron no noso país.

Tamén temos moi claro, todo o mundo a estas alturas ten moi claro, que está probada a relación entre crise, paro, desahucio, enfermidade mental e suicidio, aínda que o Partido Popular, alleo ao desalento, especialmente ao desalento dos demais, o siga negando. Talvez por isto neste contexto non dubidou en aplicar as xubilacións forzosas ás plantillas dos profesionais da saúde mental. Talvez por iso continúa desprezando a enfermería especializada en saúde mental, e talvez por iso continúa ninguneando a psicoloxía clínica.

Pero vexamos, señorías, como estamos en Galicia en relación ás ratios recomendadas en saúde mental.

En psiquiatras, a ratio recomendada é 6 por cada 100.000 habitantes. En Galicia ¿cantos temos? Pois en Galicia temos 2,3 psiquiatras por cada 100.000 habitantes. Psicólogos, ratio recomendada: 4 por cada 100.000. En Galicia, ¿cantos temos? 1,2. Enfermería de saúde mental, ratio recomendada: 3 por cada 100.000. Galicia: 0,86.

Non parece, señorías, con estes datos que andemos moi sobrados en profesionais de saúde mental. Pero se non anda-

mos sobrados en profesionais, en infraestruturas tampouco, aínda que vostedes pecharon alegremente moitas delas.

E tamén temos falado nesta Cámara das unidades de psiquiatría, desaparecidas. Por certo, tivemos ocasión de comprobar que o conselleiro de Sanidade nin sequera as distingue, confúndelas coas unidades de saúde mental. Pois ben, unidades de psiquiatría son imprescindibles cando se están incrementando as demencias senís e as enfermidades de Alzheimer. Tamén falamos dos paralizados equipos de saúde mental comunitaria, tan necesarios para o seguimento do trastorno mental grave e un longo etcétera.

Pero é que, ademais, todos estes debates plantexados polo noso grupo chegaron a esta Cámara acompañados de propostas, propostas e máis propostas. Moitas delas, como neste caso, suxeridas polos propios expertos, polos propios profesionais de saúde mental. Pero, aínda así, teño que dicir que todas e cada unha delas foron rechazadas co voto en contra do Partido Popular e, concretamente, do traballador señor presidente, o señor Feijóo.

Así que hoxe volvemos insistir a través desta proposición non de lei que foi rechazada hai nada, hai uns poucos días, na Comisión 5ª. Pero volvemos insistir, señorías, pola importancia que ten este asunto. E ademais para comprobar se o Partido Popular cambiou de idea, impregnado, como está, desa falsa solidariedade ante a proximidade da campaña electoral. Talvez agora neste contexto se acorde de que esas persoas, que foron desaloxadas dos psiquiátricos e almacenadas sen ningún miramento nas residencias da terceira idade, tamén teñen dereitos. Igual que os teñen as persoas vítimas do machismo e as persoas reclusas que seguen á espera do tratamento da hepatite C.

Por certo, resulta, señorías, absolutamente indecente, e creo que é a palabra que máis se axusta, “indecente”, ver como ao final de cada Consello da Xunta sae o señor Feijóo envolto no manto da solidariedade a repartir cartos. Agora resulta –oímolo esta mañá– que temos listas de espera, señorías. Resulta que apareceron as listas de espera. Pero non só temos agora listas de espera, senón que ademais tamén apareceron os cartos para reducilas.

Eu preguntábo onte falando de violencia e vólvo preguntar hoxe de novo falando de sanidade: ¿que pensarán, seño-

rias, as familias das persoas para as que a solidariedade do señor Feijóo chega tarde? ¿Como van entender que Feijóo tivera os cartos gardados nun caixón mentres deixaba morrer os enfermos esperando o tratamento da hepatitis C? Porque isto, señorías, pasou no noso país, si; ou suicidándose, como nese caso, si, desa enferma mental de Mondoñedo.

Eu non vou poñer nome a utilizar os cartos públicos para comprar votos, para comprar gobernos ou para comprar tribunais para que pase a reválida de outubro, en lugar de destinalos a atender as necesidades da cidadanía. Eu non lle vou poñer nome pero, sen dúbida, teno.

No debate desta proposta na comisión, e mesmo hoxe, os socialistas volvemos denunciar que os recortes en sanidade matan. E volvémoslo denunciar porque, señorías –non se poñan nerviosos–, é, sen dúbida, a nosa obriga como oposición, si, avisar, advertir, alertar e denunciar esta situación, porque é o que está a suceder. Así o fixemos no seu día –teño que dicir que con pouco éxito– sobre o que estaba a ocorrer coas persoas enfermas de hepatitis C cando coñecemos que estaban morrendo sen ter recibido tratamento. Porque iso, gústenos ou non nos guste, pasou. E así o volvemos facer agora, señorías, con esas persoas enfermas mentais que están abandonadas, sen os cuidados que precisan, en residencias da terceira idade ou centros residenciais.

Lamentablemente unha persoa xa morreu, si. E foi unha morte dramática, desafortunada, terrible nas formas. Pero, señorías, é que foi unha morte tamén predicible, predicible. Os expertos din que é fácil, é previsible, é posible que unhas persoas con esas patoloxías se comporten así e fagan eses intentos de suicidio que neste caso acabou coa morte desa paciente.

Insisto na idea. Morreu esa persoa pero é que en calquera momento poden morrer máis porque se trata de persoas que estaban ingresadas con enfermidades mentais en centros sanitarios e que foron desaloxadas deses centros e abandonadas, abandonadas –insisto no termo– á súa sorte nunhas institucións residenciais de tipo social, que poden ter unhas sillas estupendas, unhas camas maravillosas, unhas habitacións con vistas, pero non contan nin coas infraestruturas nin co persoal adecuado para prestarlles os cuidados que precisan ese tipo de doentes. E esa morte, señorías, pono claramente en evidencia.

Está claro que as necesidades dunha persoa –e isto parece evidente, parece que non necesita moita explicación–, as necesidades dunha persoa de 90 anos, aínda que teña demencia senil, non poden ser as mesmas nin son as mesmas que as que ten unha persoa de 40 anos enferma mental. E ademais esas diferenzas non se salvan cun cambio administrativo que modifique os límites de idade para entrar nesas residencias. Que, por certo, foi o que se limitou a facer este goberno, suprimir sobre o papel a limitación que existía, que antes non se permitía a entrada nesas residencias a persoas menores de 60 anos. Cambiaron o papeliño, cambiaron a idade, pero nada máis. E iso, señorías, non integra, non. Iso amontoa, almacena e, sobre todo, abandona.

Señorías, familias e cuidadores están moi preocupados por esta situación, igual que o están os profesionais. Profesionais que, agrupados baixo o manto do Movemento Galego de Saúde Mental de Galicia nos solicitan precisamente os tres puntos que nós recollemos, que o Grupo Parlamentario Socialista recolle hoxe nesta proposición non de lei. Tres cousiñas, tres solicitudes xustas, tres solicitudes necesarias: control dos centros onde levamos esas persoas, seguimento desas persoas, seguimento profesional e especial desas persoas, e cuidados sanitarios desas persoas, porque se trata de persoas enfermas. Son –insisto– tres solicitudes necesarias e xustas que espero que nesta ocasión o Partido Popular acepte.

De momento, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Acuña.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Bo día, señorías.

Bo día, presidente.

Sáudos aos deputados e deputadas que se atopan na zona VIP tomando café.

Xa no ano 2011 a Organización Mundial da Saúde advertiu a través dun informe específico que se, usando a crise como xustificación, se desenvolvían políticas de recortes e redución da protección social, se incrementarían os riscos e problemas para a saúde mental da poboación afectada por estes recortes. Malia esta advertencia, os gobernos do Partido

Popular, neste caso, insistiron e insisten nas súas políticas de recortes de servizos públicos e tamén nas súas políticas de precarización do traballo. O resultado desta teimuda e nociva política económica, social e laboral é un forte incremento na incidencia de trastornos psíquicos e tamén unha alarmante elevación da taxa de suicidios. No ano 2014 –atención– producíronse no noso país 390 suicidios, máis de un por día, segundo os datos do Movemento Galego de Saúde Mental.

E nos últimos datos, os oficiais, os datos que corresponden ao Instituto Nacional de Estatística, que datan do ano 2013, apuntan que na Galiza se rexistraron nese ano, no 2013, 333 suicidios, unha taxa das máis elevadas de España. Esta taxa é a consecuencia das condicións de vida e das condicións de traballo, do aumento do sufrimento producido pola ameaza que sobre as vidas da clase traballadora proxecta a crise financeira e as políticas austericidas que os gobernos dispoñen para precisamente saír desa crise.

Cada vez son máis as persoas excluídas, as persoas sen fogar, que sobreviven na rúa no máis absoluto desleixo e ante a indiferenza do Goberno. Podémolo comprobar agora mesmo se saímos a rúa, aquí en Compostela, practicamente ás portas deste edificio onde debatemos e debatemos, fronte ás portas do Parlamento de Galicia, na rúa do Hórreo. A punta do iceberg desta masa humana asomou hai poucos días en forma de noticia cando a prensa recolleu o caso dun cidadán menor de 50 anos ingresado nun xeriátrico, un home que padece un gravísimo trastorno de personalidade e dependencia de certas substancias que anulan a súa capacidade de decisión e tamén de defensa. O caso atópase na Fiscalía por iniciativa dun xuíz de Compostela que –cito textualmente– “observa responsabilidades penais do Goberno da Xunta por falta de atención ás persoas sen teito, e atopa inxustificable a dilación nos prazos e a ausencia dun centro público axeitado para tratar o seu trastorno de personalidade e dependencia”. A deterioración na atención á saúde mental é parte da deterioración da sanidade pública en xeral, e ambas as dúas son unha consecuencia da xestión que se está a facer para afrontar a crise económica e o recorte en dereitos que estamos a sufrir.

O estado da atención sanitaria e social á saúde mental na Galiza está en franco retroceso. A día de hoxe estase a proporcionar unha asistencia por debaixo das condicións de

calidade e de seguridade exhibibles, como, por exemplo, as limitacións para o acceso hospitalario ou acurtamento do mesmo. Isto diminúe a calidade asistencial e compromete a seguridade das pacientes, das súas familias e da sociedade en xeral.

Este efecto perverso recae nomeadamente sobre as clases sociais que menos recursos posúen, que máis necesidades teñen e que en peor situación de saúde mental se atopan. En conclusión, as persoas cun trastorno mental grave e sen recursos son as máis afectadas pola deterioración da atención sanitaria á saúde mental.

Trata esta iniciativa puntualmente dos pacientes afectados por trastornos graves de saúde mental e ingresados en xeriátricos coma se dun caixón de xastre se tratara. Unha iniciativa de mínimos que o único que pretende é un seguimento e censo deste tipo de pacientes por parte da Inspección de Sanidade e por parte da Consellería. O Grupo Mixto vai apoiar esta iniciativa porque é de razón e de lei.

Grazas, máis nada.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a Señora Solla.

**A señora Solla FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Efectivamente, falamos deste tema a principios de mes na Comisión de Sanidade, e sorprendentemente o Partido Popular votou en contra desta proposición non de lei, que, como trasladaba tamén agora a voceira do Grupo Mixto, se trata dunha iniciativa de mínimos. Eu xa trasladei en moitas ocasións, e tamén daquela, a consideración da deterioración da sanidade pública, unha deterioración que –xa o temos comentado nesta Cámara– afecta sobor de todo, por un lado, a atención primaria e, por outro, os colectivos con máis vulnerabilidade. E un deles é precisamente o de saúde mental. Temos denunciado, como denuncian as profesionais e os profesionais de saúde mental, o abandono do Plan de saúde mental, o abandono da prevención e tratamento das adiccións e drogodependencias e a destrución do que vén sendo ou do que quería ser un modelo orientado á prevención. Nun momento en que, como xa temos coñecido polos datos oficiais, ade-



mais se incrementan os suicidios e o consumo de psicofármacos, que unha de cada dez persoas, segundo os datos da Organización Mundial da Saúde, teñen algún problema de saúde mental e que se calcula, ademais, que o 30 % das consultas de atención primaria que se reciben en Galicia teñen relación con algún problema psicolóxico.

Temos denunciado aquí tamén as carencias no novo hospital de Vigo, que trasladan tamén os sanitarios e sanitarias ou o intento de peche da unidade de saúde mental do Gil Casares, en Compostela. Así nolo contaron os profesionais, así mo contaron a min mesma, cando visitei o centro hai xa algúns meses, no que, existindo daquela camas baleiras, se evitaban facer ingresos nesas camas; un peche que non só afectaba aos meses de verán senón que agora mesmo xa era practicamente perpetuo, non se utilizaban as camas libres e enviábanse algúns enfermos e enfermas de alta nas urxencias.

Temos reclamado que cree a Xunta prazas de psicoloxía clínica, e o Partido Popular ten votado en contra. Temos debatido a situación na que temos cen psicólogos e psicólogas clínicas –así recoñecido por parte da Xunta de Galicia na Comisión de Sanidade– para 2,7 millóns de habitantes en toda Galicia, unha situación francamente pobre en canto a atención á saúde mental.

Tamén temos solicitado que se implementen melloras e un novo plan de saúde mental. Non sabemos se esa proposta que aceptou o Partido Popular, o Goberno a través do Grupo Popular, relativa ao Plan estratéxico dun novo plan de saúde mental e participado polos profesionais, tal e como propuxo AGE, se vai poñer en marcha ou vai quedar unha vez máis en papel mollado.

¿Que sucede co que trata esta iniciativa? Comentámolo o outro día na comisión. Vendéusenos que o peche de manicmios supuña un cambio no modelo de atención á saúde mental, cando é falso. O peche *per se* significa simplemente un peche, é dicir, cando estamos vendo todos estes recortes que acabo de definir, cando non hai unha implementación de saúde mental en atención primaria, cando ademais de todas estas necesidades temos, por exemplo, a atención infanto-xuvenil en saúde mental totalmente abandonada, pechar un manicmio, aínda que nós estamos de acordo, non significa que mude o sistema en saúde mental, o sistema sanitario. O que hai que facer é tomar outras moitas medidas, como é

implementar medios, recursos humanos, recursos materiais e unha planificación orientada sobre todo á prevención.

Obviamente, pechar un manicmio *per se* o único que significa é a necesidade de trasladar esas persoas a outra unidade. ¿Que sucede? Non se tomou a decisión de facelo a unha unidade de crónicos, por exemplo, ou a outro servizo público. Tomouse a decisión de trasladados a centros concertados, como xa se explicou na exposición desta iniciativa, sen ningún tipo de control sobre a situación. Entendo que é bastante asombroso que, cando a iniciativa pide que se realicen plans periódicos de inspección nesas residencias a onde se trasladaron estas persoas, que a Inspección se faga cargo do seguimento destas persoas enfermas –que, ademais, son xente que nalgúns casos leva ingresada moitos anos nos centros; outros, menos– e que se elabore un plan de seguimento, se vote en contra. Porque nin sequera debería facer falta que viñese un grupo á Cámara a propoñelo; é dicir, o labor de control de como están os pacientes, neste caso de saúde mental, é unha obriga da Consellería de Sanidade, non deberíamos nin sequera ter que solicitalo. Cando ademais se pide nunha proposición non de lei, é increíble que se vote en contra de que se leve un control sobre os enfermos trasladados. É que non se está pedindo nada máis.

Polo tanto, nós entendemos que necesitamos un novo plan de saúde mental, porque na Consellería de Sanidade todo é falta de planificación, que se faga cos profesionais e coas profesionais e que se faga dende o punto de vista preventivo, implementando recursos humanos e materiais. E, obviamente, o mínimo, que é o que se pide nesta iniciativa, entendo que debería ser aceptado pola totalidade dos grupos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Moi bo día.

Efectivamente, máis unha vez temos que abordar a situación da saúde mental, os problemas da saúde mental, que en Gali-

za son moitos e de moito calado, e nos que infelizmente, diante desa situación, o Goberno do Partido Popular o balance que nos mostra é de ineficacia, de prepotencia e de privatización.

Denunciamos xa en numerosas ocasións que a saúde mental é unha das grandes esquecidas da sanidade pública galega. Se a sanidade pública en xeral está sendo obxecto de derrube por parte do Partido Popular, dentro dese derrube a saúde mental é das que en peor situación está.

As decisións que foi tomando o Partido Popular no Goberno da Xunta, lonxe de mellorar a situación, que xa de por si non era boa, non fixeron máis que empeoralala. Máis de sete anos de lexislaturas do Partido Popular e esta situación ano a ano, orzamento a orzamento, foise deteriorando. Non inclúen partidas suficientes os orzamentos da Xunta e votan en contra das emendas que temos presentado para intentar que se resolva esa cuestión. Votan en contra das iniciativas que temos presentado neste Parlamento para o aumento do persoal, nomeadamente o aumento de profesionais de psicología clínica. E, como conclusión, a situación, como digo, non pode máis que empeorar.

Por poñer a situación da saúde mental en papel, iso non se traslada en realidade. Por moito que poñan e inclúan no plan de prioridades sanitarias que hai que ter unha atención á saúde mental, se logo isto non vai acompañado de recursos, de aumento de persoal, sobre todo de decisións políticas de que a saúde mental teña unha atención preeminente, non se soluciona. Igual que tampouco se soluciona incluíndoa nas estratexias do Sergas, que se inclúe como epígrafe pero que logo iso non se traslada en ningunha cuestión concreta.

Profesionais e familiares denuncian a progresiva deterioración da saúde mental, e diante disto o Partido Popular totalmente alleo a estas peticións.

E dentro das decisións tomadas, co peche das institucións pechadas, dos chamados manicomios, o BNG –insisto– estamos de acordo. No que non estamos de acordo é en que se tome unha decisión de peche dunhas institucións e non se poñan en marcha mecanismos para atender as persoas que estaban nesas institucións ou as que precisen unha atención específica.

A medida de pechar estes centros e derivar estas persoas a residencias da terceira idade, dende logo, parécenos dende o BNG unha moi mala decisión. Tense dito aquí, pero hai que recalcalo, que teñen necesidades diferentes. As persoas enfermas mentais teñen necesidades diferentes e precisan atención totalmente profesional e diferente ás persoas maiores que poidan estar nestas residencias da terceira idade.

¿Que fixeron tamén como paso previo para estes ingresos? Primeiro, tomar a medida de suprimir a barreira dos 60 anos para estar nestas residencias. Ao BNG en principio pareceulle estraña esta medida, agora vemos por que a tomaron. Logo, ocupar esas prazas baleiras, porque houbo baleirado de prazas nos xeriátricos por mor da crise, igual que por mor da crise hai un aumento das persoas que necesitan atención na saúde mental. Entón, como consecuencia desas dúas medidas, eliminar a barreira, eliminar prazas baleiras ou propiciar prazas baleiras nestes centros, trasládanse persoas que necesitan unha atención especializada.

Residencias con recursos precisos é o que necesita este persoal, e nas residencias para maiores non teñen persoas para atender estas características. Co cal, ¿con que nos encontramos? Con risco para os doentes, risco para os profesionais, atopámonos con desprotección e atopámonos con peor calidade asistencial. Non hai planificación, no hai orzamento. O Partido Popular vota en contra das medidas que demandamos, desa planificación que demandamos, dese orzamento que demandamos, dese aumento de profesionais. E logo supoño que virá aquí a dicir que a saúde mental é unha prioridade. Insisto en que, se é unha prioridade e logo non se poñen en marcha mecanismos para atendela, será, pois, unha declaración de intencións sen nada en contra.

Dende logo, preocúpanos que non se aposte por un modelo asistencial que asegure o benestar, a recuperación, a reinserción comunitaria destas persoas. E para aquelas que non é posible esa reinserción na comunidade, que non é posible pola súa situación...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...ou porque non teñen un entorno que as favoreza, ou un entorno familiar que se poida facer cargo, dende logo que haxa espazos onde sexan atendidas; pero espazos en condicións, espazos específicos, porque,

dende logo, as residencias da terceira idade non son o lugar para atendelas.

Por iso imos votar a favor desta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

O primeiro que quero dicir é que aquí parece que se falou en moitos casos de todo menos do tema da proposición. Entón, eu tamén vou facer algo do mesmo.

Señora Iglesias, con respecto á persoa da que vostede falaba, eu recadei información, por suposto, no apartado de sanidade. E a información que eu teño é que esa persoa foi ingresada por unha enfermidade nun hospital, tratada segundo o protocolo. Foi alta no momento en que non precisaba hospitalización. Por parte dos servizos sociais do hospital ofrecéronse alternativas residenciais que rechazou. E, por suposto, o Sergas, a nivel xudicial, está disposto a colaborar ao cento por cento. Nin unha palabra máis, porque eu respecto o segredo profesional e respecto a privacidade dos datos dos enfermos, que moitas veces parece ser que non se respectan nesta Cámara.

Señora Acuña, hai dúas sentenzas no mes pasado condenando o Sergas a pagar indemnizacións por problemas de falecementos ou complicacións graves de enfermos. Nunca, nunca, escoitará a este portavoz, como portavoz do Grupo Parlamentario Popular, utilizar ningún deses casos para meterme con vostede. Dígollo de corazón, eh!, porque creo que algunhas cousas que se utilizan aquí non son excesivamente serias nin apropiadas.

E indo ao tema, efectivamente debatemos na Comisión 5ª o falecemento dunha señora nun centro de Mondoñedo, que foi denunciado pola súa familia dous anos despois de producirse e que neste momento está en investigación pola xustiza, efectivamente. Ese centro, especificamente ese centro, a

residencia de gravemente afectados de San Pablo e San Lázaro, non é un centro de maiores, non é un centro da terceira idade. É un centro de discapacitados que ten prazas concertadas coa Consellería de Política Social.

Efectivamente, como se falou aquí, procedeuse a cerrar os manicomios, integrándose os doentes, prioritariamente, no seu entorno familiar. Pero, como se dixo aquí, non todo o mundo –e hai moitos enfermos maiores– ten familia, ou hai outros cuxas familias non poden atendelos, non teñen posibilidades, e incluso algunha familia que non quere acollelos no domicilio. E cando non hai outra posibilidade, tentando a integración social dos enfermos, é cando se ingresan nestes centros.

A usuaria de referencia a que se refiren, a persoa falecida en Mondoñedo, ingresou nese centro pola condición de persoa con discapacidade a través do sistema galego de atención á dependencia. E falouse máis na comisión que aquí –aquí parece que xa non se fala tanto– da atención residencial especializada. Non fun capaz de saber exactamente o que era, non. A min recórdame un pouco a reforma constitucional do Partido Socialista, isto do Estado federal, do que se fala pero que nunca se explica. Iso ao final ¿que é? Fálase de que se almacenan. Ao final vanse almacenar noutro tipo de centros, e nós queremos a integración social destes enfermos. Estes enfermos deben estar integrados na sociedade, ou polo menos iso é o que opinan a maioría dos expertos, que se manifestaron a favor do peche destes centros.

Con respecto aos puntos da iniciativa, con respecto ao primeiro, teño que dicir que a Consellería de Política Social fai inspeccións, como non podía ser doutro xeito, tanto periódicas como á demanda por queixas ou suxerencias dos usuarios.

Hai un plan anual de inspeccións, e nesa actividade inspectora ordinaria contrólase o respecto dos dereitos das persoas usuarias, o cumprimento da normativa vixente en materia de servizos sociais, tanto en aspectos estruturais coma funcionais, o nivel de calidade dos servizos ofertados e prestados ás persoas usuarias, as titulacións do persoal que presta servizos de atención directa e a existencia de autorizacións precisas no caso de prestar servizos sanitarios, así como a existencia de persoal suficiente coa titulación axeitada para a correcta atención dos usuarios. Por outra banda, cando hai

queixas ou denuncias por parte de persoas ou da cidadanía, fanse inspeccións específicas para comprobar e investigar os aspectos mencionados na denuncia.

Por tanto, non imos apoiar ese primeiro punto, porque estamos convencidos de que esas inspeccións xa se fan. E fanse por parte da Consellería de Política Social, que é a competente.

Con respecto ao tema de que a inspección sanitaria controle o estado destes enfermos, eu creo que o estado destes enfermos e a clínica destes enfermos se controla nas unidades de saúde mental das que dependen as que acoden ás consultas. Os cuidados dos residentes monitorízaos Política Social, e o seguimento médico especializado faise dende Saúde Mental.

E como lle dixen na comisión, se nos admiten a votación por puntos, estaríamos dispostos a votar afirmativamente o punto 3, de elaboración dun censo e dun plan de seguimento destes doentes, tendo sempre en conta a privacidade dos datos e o consentimento dos afectados ou dos seus titores legais.

Teño que dicirlles tamén a todos os deputados e deputadas que todas as persoas enfermas que son alta nun hospital público no servizo de saúde mental e son trasladados a unha residencia quedan codificados no sistema informático, polo cal é moi fácil elaborar ese censo nestes casos. O problema sería no caso da recollida de datos de enfermos que non procederan dun ingreso hospitalario, pero pensamos que a Consellería pode e debe facelo.

Esperamos desde o grupo maioritario que cambien o posicionamento expresado na comisión e que acepten a votación por puntos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Acuña.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, presidente.

Ben, quero comezar agradecendo o apoio dos grupos. Eu cualificaba esta iniciativa de xusta e necesaria, e teño que

engadir –como sinalaba a señora Iglesias– que ademais é de razón e de lei.

Señor deputado, supoño que a culpa do que está a ocorrer con estes doentes non será das familias, ¿non? –supoño que vostede non quere dicir iso–, nin por suposto da xestión do Bipartito, que queda un pouco lonxe xa.

Mire, non poden votar vostedes en contra disto, porque só lle estamos pedindo á Administración sanitaria que non se desentenda duns doentes que teñen todo o dereito a ser atendidos, todo o dereito a ser atendidos, porque teñen os mesmos dereitos aínda que sexan enfermos mentais, que ¡manda truco! Teñen os mesmos dereitos que o resto das persoas, os mesmos dereitos.

Mire, integrados si, señor deputado, almacenados non. Eu non acabo de entender esa negativa a realizar inspeccións nos centros residenciais acolletores deses doentes para comprobar que contan coas infraestruturas e co persoal necesario e suficientemente formado para darlles a atención adecuada.

¿Que pasa? ¿Queren ocultar algo? ¿Talvez é que, se imos inspeccionar, atopamos que non contan co que se necesita? Mire, só lles estamos pedindo precisamente o que vostede dixo que dan sen ningún problema: inspeccións especiais solicitadas por esta Cámara, pola Cámara galega. Vostede di que se atenden sempre as solicitudes de inspeccións cando o solicita unha familia, unha denuncia. Bueno, pois mire, pídello toda a oposición aquí na Cámara galega, inspección especial. Realícena.

Mire, ¿por que razón se opón vostede a que o seguimento o faga a inspección médica? Son enfermos crónicos que estaban ingresados nunha institución sanitaria pechada. Mire, é que teñen problemas de saúde mental. Moitos deles están tutelados, outros están en circunstancias ou condicións xudiciais especiais. Esas condicións e esas circunstancias non as ten un EPOC nin un cardiópata. Estamos falando de persoas enfermas mentais, señor deputado. Iso é.

Ademais, ese seguimento a través da inspección non lle pide esta deputada, pídenlle os expertos. Si, eses expertos que vostede dicía que seguían nas unidades de saúde mental. Pois, mire, son os expertos os que nos piden esta iniciativa,

xa llo dixen antes, agrupados baixo o paraugas do Movemento Galego de Saúde Mental.

¿Por que se negan vostedes a que se faga un censo e un seguimento médico deses doentes? Vostede fala de confidencialidade, de privacidade. Si, teñen dereito á confidencialidade, claro que si. Teñen dereito á privacidade, claro que si. Pero tamén terán dereito a ser atendidos, señor deputado, a ser atendidos sanitariamente.

Mire, é unha iniciativa de mínimos. Son tres solicitudes lóxicas e imprescindibles que ademais nos piden os familiares e as persoas expertas. Déixense de comprar votos con esa falsa solidariedade e atendan as persoas que o necesitan, atendan estas persoas que son o eslabón máis débil da nosa sociedade porque lles falla a cabeza, señor deputado.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Son persoas demenciadas, silenciadas, e agora tamén abandonadas.

Reflexionen e voten a favor desta iniciativa. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Acuña.

**Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jesús Antonio Goldar Güimil e seis deputados/as máis, sobre a execución no ano 2016 dos dous primeiros treitos da autovía do Morrazo, así como o remate nese ano da redacción e aprobación do proxecto do terceiro treito**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Mixto, do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Proponse substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:*

*– Someter á aprobación dos concellos afectados pola ampliación do Corredor de O Morrazo o trazado, obras, afectacións e prazos da mesma.*

*– Mellorar e humanizar a rede viaria comarcal existente.*

*– Potenciar o transporte público colectivo terrestre e marítimo con enlace de barcos de pasaxe, buses e minibuses con transporte a tódolos núcleos de poboación, urbana e rural da bisbarra.*

*– Potenciar os carrís bici e humanizacións peonís por toda a rede viaria.*

*– Dotar aos municipios e á comarca dos servizos administrativos, sanitarios, educativos, culturais e deportivos que reduzan a dependencia das cidades de Vigo e Pontevedra.”)*

*(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Carmen Gallego Calvar, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:*

*“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a desdobrar o corredor do Morrazo en todo o seu trazado e paralelamente construír as variantes de Cangas, Moaña e Bueu.”)*

*(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Daniel Rodas Chapela, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a :*

*1. Que no ano 2016 estean en execución os tres tramos do Corredor do Morrazo.*

2. *Que se inclúan no proxecto as solucións oportunas para:*

– *Resolver os problemas de canalización de pluviais que provocan inundacións na zona da Xunqueira, Ameixoada e Coiro.*

– *Mellorar as conexións coa rede secundaria en Meira, Sanmartiño, O Casal e Bueu.*

– *Eliminar os gravísimos impactos ambientais da Borná, a Xalde, monte Pequeno e monte Liboreiro.*

– *Recuperar e pór en valor o castro de Montealegre.”)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de len a palabra a señora Berta Pérez Hernández.

**A señora PÉREZ HERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

A iniciativa que traemos hoxe para o seu debate non é un tema illado, senón que estamos a falar dunha das maiores preocupacións que dende hai anos padecemos os veciños e veciñas do Morrazo. Estou a falar do famoso corredor do Morrazo, que xa en varias ocasións veu a debate nesta Cámara.

Dende os seus inicios – hai que lembrar que se inaugurou no 2005– foron constantes as controversias e críticas políticas e veciñais que acompañaron sempre este corredor. Está claro que, cando unha estrada pasa por máis dun municipio con diferentes gobernos, resulta cando menos complexo poñer a todos de acordo.

Co paso do tempo, pouco a pouco, o corredor pasou a ser a infraestrutura máis transitada, incluso tamén por aqueles que tanto a criticaron durante a súa execución. Estamos a falar dun corredor polo que transitan 15.000 vehículos diariamente, e que chega ata os 20.000 vehículos diarios no verán. Todos e todas utilizamos esta estrada para ir a traballar a Vigo, Pontevedra ou arredores, acurtando así os tempos de traxecto en relación coa nacional 551. E ademais este corredor provocou que milleiros de turistas decidiran vir ao Morrazo tanto de vacacións como para animarse a ter a súa segunda residencia na comarca, e non só para vir ás praias, como aquí se ten criticado.

Ter unha mellor comunicación por estrada coa península do Morrazo trouxo moitos beneficios, pero tamén está a provocar moitas retencións de tráfico e atascos de horas en temporada estival.

Ante a preocupación, tanto de veciños como dos alcaldes de Cangas, Moaña e Bueu, por querer dotar de maior accesibilidade e adaptar a vía ás necesidades da afluencia masiva de vehículos, solicitaron no seu momento ao ex conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, que tomara cartas no asunto e buscara a fórmula para desdobrar o corredor e convertelo en autovía, para así ter unha estrada acorde coas necesidades da comarca. Foi no ano 2012 cando o ex conselleiro presentou o Plan viario da península do Morrazo, que establecía os obxectivos prioritarios para mellorar a mobilidade e a seguridade viaria na comarca. A aprobación definitiva do plan foi publicada no *Diario Oficial de Galicia*, o 16 de abril de 2013, despois da súa exposición pública.

Todos os aquí presentes somos coñecedores dos atrancos e dificultades que esta medida supuxo, tanto a nivel económico como técnico, que seguro que recordarán porque foi motivo de varios debates nesta Cámara.

Tendo en conta o marco económico do momento, que obrigou á priorización de investimentos, e co obxectivo de facer viable a execución desta infraestrutura imprescindible, decidiuse dividir a actuación en tres subtreitos para garantir a viabilidade da execución, tanto financeira como construtiva. Unha das medidas foi redactar un novo proxecto de trazado, menos invasivo e máis coidadoso co medio ambiente que o trazado inicial, que se someteu á exposición pública –concretamente, o 20 de xullo do 2012–.

O primeiro dos tramos conta con 3,2 quilómetros, entre o inicio do corredor na rotonda de Domaio e o enlace de San Lourenzo, ambos no concello de Moaña, cun importe de 20 millóns de euros, que ademais do propio desdoblamento abarca tres infraestruturas principais: o viaduto de enlace de Rande, de 73 metros, que permitirá o enlace directo dende o corredor á AP-9 e á ponte de Rande; a ampliación do viaduto da Moura, con máis de 400 metros; e a ampliación do túnel de Montealegre, de 133 metros, no que xa está autorizado o proxecto arqueolóxico que recolle medidas de especial protección para minimizar a afección dos restos arqueol

lóxicos existentes na zona onde se acometerá a ampliación do túnel.

Este primeiro tramo comezou as obras o pasado mes de outubro, nun acto no que estivo presente a actual conselleira de Infraestruturas Éthel Vázquez, o delegado da Xunta en Vigo, o señor Ignacio López-Chaves, os alcaldes de Cangas e Bueu, Xosé Manuel Pazos e Félix Juncal, os tenentes de alcalde de Moaña, Marta Freire e Odilo Barreiro, e os ex alcaldes de Cangas, José Enrique Sotelo, e de Moaña, José Fervenza, e no que tamén estiven eu. Insisto, todos os alcaldes e portavoces do Morrazo acudimos xuntos a esa inauguración.

Con respecto ao segundo tramo, os datos que coñecemos son que o proxecto foi aprobado o 11 de agosto do 2015, as obras foron licitadas o 16 de decembro do mesmo ano, adxudicadas hai escasamente quince días –o 11 de maio– e o comezo das obras está previsto para este mesmo verán.

Este segundo tramo comezará no enlace de Domaio e remata no enlace de Meira, que abarcará un tramo de máis de catro quilómetros de actuación, no que están previstas, ademais do desdoblamento do tronco, as seguintes obras: a remodelación dos enlaces de principio e fin de actuación, duplicado do viaduto do MOP de 430 metros e ampliación de dous pasos inferiores e un superior. Ademais, queda projectada unha futura área de servizo en Meira para o que se construírán os ramais que permitirán todos os movementos de entrada e saída de mesma, incluída a execución dun novo paso superior sobre a autovía.

En relación co terceiro tramo, temos constancia de que o contrato para a súa redacción xa foi adxudicado e que actualmente está en fase de redacción. Comezaría no enlace de Meira e remataría no primeiro enlace de Cangas. A actuación inclúe a remodelación parcial do enlace de Meira, a remodelación tamén parcial do enlace de Moaña e as actuacións de rehabilitación do firme no enlace de Cangas. E como obras singulares destacan a duplicación do viaduto da Fraga, a ampliación de dous pasos superiores e cinco pasos inferiores e a reposición dunha pasarela peonil.

Dende o Grupo Parlamentario Popular somos coñecedores da vontade da Xunta de Galicia e do compromiso que sempre amosou cos veciños do Morrazo e que queda firmemente demostrado nos orzamentos que a Xunta de Galicia desti-

na para este ano a tal fin. 18 millóns de euros que posibilitan así seguir progresando na conversión do corredor do Morrazo en autovía, actuación coa que se acadará unha importante mellora de seguridade viaria e da competitividade da nosa zona e que permitirá que a cidadanía do Morrazo dispoña dunha autovía libre de peaxe e de maior capacidade que o actual corredor. Unha nova infraestrutura que, sen dúbida, redundará no incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas e nun maior dinamismo económico da nosa comarca.

Ante todo o exposto, e ante a necesidade e a importancia de que para todo o Morrazo ten esta obra, solicitamos que o Parlamento de Galicia inste a Xunta de Galicia a que no ano 2016 estean en execución os dous primeiros treitos da autovía do Morrazo e a que neste mesmo ano sexa rematada a redacción e se aprrobe o proxecto do terceiro treito.

Con esta iniciativa cumprimos as necesidades de mellorar os concellos do Morrazo, cumprimos coas peticións veciñais –tendo en conta as súas alegacións– e cumprimos para dotar O Morrazo dunha maior accesibilidade, comunicación, infraestrutura e seguridade acorde coas súas demandas e necesidades. Agora tócalles a vostedes decidir de que lado queren estar, se queren apoiar dunha vez por todas a construción da autovía ou se prefiren dilatala no tempo poñendo máis condicións e máis atrancos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pérez Hernández.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Pois vou empezar contestándolle á súa pregunta, estamos do lado do desenvolvemento sustentable, do desenvolvemento consentido, do desenvolvemento que conserve o medio ambiente. E a construción do corredor do Morrazo, dende logo, non foi un exemplo de nada disto, provocou un enorme e irreversible impacto medioambiental no territorio e nos recursos económicos locais, como amosan os millóns de metros cadrados de desmonte, terrapléns e taludes e as impactantes pontes de cemento.

A Plataforma de Defensa dos Montes do Morrazo solicitou a retirada do proxecto de conversión en autovía polos gravísi-

mos, irreversibles e críticos efectos que poderían ter as obras e o previsible insustentable incremento de tráfico rodado e motorizado sobre o medio ambiente, o patrimonio cultural e o medio socioeconómico. Supón un novo lastre económico e un malgasto de fondos públicos para un proxecto que fai practicamente imposible a consecución doutras alternativas máis sustentables baseadas no desenvolvemento do transporte de proximidade mais na potenciación do transporte de ría.

A construción da vía rápida xa provocou impactos críticos ou severos sobre a atmosfera, as augas, o chan, a vexetación, a fauna, a paisaxe, o patrimonio cultural, os espazos naturais e protexidos, as rutas ecolóxicas, as vías de comunicación, o rural e o medio socioeconómico local.

Ante a inminente aprobación do terceiro tramo, a falta de información, a negativa experiencia da construción do corredor, que provocou e segue a provocar constantes incidencias de correntamentos de terras, e a mala canalización de augas pluviais, que ten provocado inundacións en diferentes puntos, Cangas solicita a formación dunha comisión de seguimento do desdoblamento do corredor do Morrazo.

Un informe técnico elaborado para o proxecto de ampliación advirte que a solución de canalizar por fóra dos alicerces todo o tráfico que circula entre Vigo e O Morrazo por un único carril en cada sentido levará ao colapso da infraestrutura. A conversión en autovía do actual corredor do Morrazo, que pasará a ter dun a dous carrís por sentido, aumentará o tráfico que se atopará ao chegar á renovada ponte cun funil dun só carril. O mesmo ocorrerá en sentido contrario, ao pasar dos tres carrís que se están construíndo en Teis a un carril para a xente que teña que ir cara ao Morrazo.

Dos máis de 52.000 vehículos que cruzan a ponte cada día –e no verán supéranse os 70.000–, móvese entre Vigo e O Morrazo o 53 %. Ademais, non haberá vía alternativa de escape, co enorme perigo que iso supón e que xa puidemos comprobar na propia ponte. As obras urxentes na bisbarra do Morrazo son a mellora da vertebración e humanización da rede viaria comarcal existente; a potenciación do transporte público colectivo terrestre, marítimo e ferroviario de proximidade con conexión de barcos de pasaxe, buses e minibuses con alcance a todos os núcleos de poboación, urbana e rural, a nivel comarcal; a potenciación dos carrís bici e humanizacións peonís por toda a rede viaria; a redución da

necesidade de desprazarse por estrada fóra da comarca e da dependencia das cidades de Vigo e Pontevedra, dotando os municipios e a comarca dos servizos administrativos, sanitarios, educativos, culturais e deportivos que corresponden e son necesarios para unha poboación de case 100.000 habitantes.

Facer rematar a autovía do Morrazo xa é unha decisión tomada, veñen vostedes aquí outra vez facer propaganda do que xa ten decidido o Goberno, do que xa está estipulado. Polo tanto, como iso xa o van facer digamos o que digamos neste Parlamento, e diga o que diga a poboación do Morrazo, presentamos esta emenda de substitución que insta a Xunta a someter á aprobación dos concellos afectados pola ampliación do corredor do Morrazo o trazado, obras e afectacións, e prazos da mesma –cosa que non foi feita–; a mellorar e humanizar a rede viaria comarcal existente; a potenciar o transporte público colectivo, terrestre e marítimo con enlaces de barcos de pasaxe, buses e minibuses que vaian a todas as poboacións da bisbarra; a potenciar os carrís bici e humanizacións peonís; e e dotar os municipios da comarca de todos os servizos imprescindibles para que non teñan que acudir para todo a Vigo ou a Pontevedra.

Esa é a solución, xa basta de autovías, xa basta de grandes infraestruturas que non resolven os problemas da xente, que non resolven o problema do tráfico, que non resolven o problema de mobilidade das persoas. Póñanse a traballar dunha maneira sustentable, coordinada e aproveitando todas as posibilidades que as nosas rías nos ofrecen.

Nada máis, moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Rodas.

**O señor RODAS CHAPELA:** Bo día a todas e a todos.

O corredor do Morrazo escenifica perfectamente os intereses do Partido Popular coa comarca, por ser esta unha obra que dende un principio tivo un claro interese electoral, tanto para conseguir a Alcaldía de Vigo como no asalto aos gobernos do Morrazo. O seu responsable, o señor Núñez Feijóo, conselleiro daquela da COTOP, optou por darlles as costas aos



seus futuros veciños, non dialogou cos gobernos municipais e non atendeu os diferentes axentes sociais, económicos ou medioambientais.

Fíxose de costas ás corporacións locais, ignorando as miles de alegacións dos veciños; utilizándoo como elemento de confrontación, non como un instrumento para solucionar os problemas do Morrazo. Perdeuse unha oportunidade para desenvolver unha proposta de mobilidade para o Morrazo consensuada e racional, quedándose unicamente nun proxecto pensado nas necesidades electorais do Partido Popular. E así impúxose este modelo vinculado unicamente ao uso do coche individual, cun enorme impacto ambiental aínda hoxe sen resolver.

Falamos, pois, do impacto que supón dende a ría ao corte do monte da Guía, ao monte Liboreiro, aos problemas das riadas na Ameixoada, no Sinal en Cangas, ou na Xunqueira en Moaña, ao paso polo castro de Montealegre e unha conexión coa rede secundaria sen resolver e totalmente deficitaria.

Pero trouxo outros problemas moito máis graves: o aumento do tráfico ou os atascamentos, as eternas retencións e a perda de doce vítimas polo pésimo trazado e a súa perigosidade. Unha obra mal feita que ao cabo dunha década hai que modificar despois de se converter nunha vía sinistra cunha elevada mortalidade. Pero o paradoxo da política é que en vez de vir aquí e exixir responsabilidades por semellante chapuza, por un investimento indecente que provoca inundacións, impacto ambiental e custa vidas humanas, o drama é que de novo, e sen rubor, o Partido Popular –os que fixeron esta chapuza– volve convertela nun reclamo electoral. Con cada nova convocatoria volven as inauguracións, os carteis e as falsas promesas.

E levamos aquí, si, case dende que se rematou; comezaron co modelo privatizador de regalarllo a unha empresa a cambio de entregarlle o mantemento das principais estradas do Morrazo por vinte e cinco anos. Seguiron co modelo de dous tramos por 61 millóns, e agora levamos diferentes compromisos co modelo de tres tramos, vendendo continuamente que se van executar. E fará aí referencia unicamente aos últimos, o de dous tramos, que o primeiro estaría finalizado antes das municipais de 2003; o de tres, que estaría comezando para as municipais do 2011 e rematado durante o 2013, que volveron prometer no 2015 coincidindo coas municipais

de maio; e agora que veñen as xerais do 2016 repiten, dous tramos en execución e o outro aprobado o proxecto.

E iso que dende a oposición presentamos reiteradas emendas aos orzamentos e proposicións para que puxeran algo máis daqueles 800.000 do 2014, ou algo máis dos 2 millóns de euros no 2015. Medidas contra os accidentes e a perigosidade, urxindo unha solución ao trazado, á sinistralidade e aos problemas colaterais que está xerando.

Estamos, pois, ante o penúltimo acto de propaganda dunha obra mal feita que non soluciona os problemas de mobilidade do Morrazo, que destrúe o medio ambiente e que provoca asolagamento e mortes. Unha obra que leva hipotecando a maior parte dos investimentos da comarca e que representa o gran proxecto da última década do Partido Popular. Un Partido Popular incapaz de comprender as verdadeiras necesidades da comarca, impedindo que haxa solucións reais e necesarias, como a circunvalación de Cangas, desbotando a de Moaña; quedando infraestruturas necesarias como o centro de saúde de Aldán, Hío, relegadas; ou aplicando un modelo clientelar intolerable como o do paseo da Seara, unha obra realizada pola Axencia Galega de Infraestruturas sen contar cos terreos necesarios; ou o centro para xubilados no porto de Meira.

O seu modelo é un modelo de mobilidade electoralista, clientelar, individual, destrutor da paisaxe, con problemas de asolagamento, sen conexión coas redes secundarias, que agora converteron nunha vía altamente perigosa na que hai que sortear fileiras de balizas.

O corredor, ao igual que o Goberno Feijóo, non está pensado para resolver os problemas do Morrazo, é un proxecto fracasado que precisa...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor RODAS CHAPELA:** ...continuamente remendos e novas solucións.

Por iso lle plantexamos unha emenda de substitución, para rematar con esta indigna propaganda: acometer dunha vez por todas para que non pase como en Rande ou nos continuos derrubamentos; resolver os problemas colaterais de seguridade, das pluviais, da conexión coa rede de segurida-

de, co impacto ambiental e co patrimonio; acometer dunha vez por todas un proxecto que teña por obxectivo mellorar a calidade de vida dos veciños e das veciñas do Morrazo, non unicamente un proxecto para...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor RODAS CHAPELA:** ...presentar aquí cando chegan os períodos electorais.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodas.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Bueno, eu xa dicía onte que estaba inaugurada a campaña electoral e comparencias de dous en dous conselleiros, cando o Goberno se nega a comparecer, e unha vez máis outra campaña electoral: o corredor do Morrazo, o desdoblamento do corredor do Morrazo.

Desde logo, o grupo que nunca cambia de criterio con respecto a este corredor foi o Grupo Socialista, que en moitas ocasións trouxemos a este Parlamento iniciativas de todo tipo, incluídas emendas aos orzamentos da Xunta, para levar a cabo o desdoblamento dese corredor, que nós dixemos desde que se empezou a planificar, alá polos primeiros dos 90 –co señor Cuiña de conselleiro–, que debía ser unha auto-vía, ou sexa, que debía ter dous carrís en cada sentido, porque o volume de tráfico que soporta a comarca do Morrazo a cotío é moi incrementado no verán e exixía unha vía desas prestacións, e non un corredor que –como se puido comprobar desde que se inaugurou no ano 2009– o que provocou foi innumerables accidentes, con moitas, demasiadas, vítimas mortais a pesar das protestas de Stop Accidentes, dos veciños e veciñas dos concellos e tamén, neste caso, deste grupo parlamentario.

Estamos no ano 2016, ano electoral, e, polo tanto, o que non se fixo ata o de agora trátase de facelo agora, e o Partido Popular trae unha iniciativa a este Parlamento para dicir o que se vai facer –que xa está facendo o Goberno, polo visto–, para colgarse a medalla do desdoblamento do corredor do Morrazo.

A verdade é que a cronoloxía dos feitos con respecto a este corredor é bastante clarificadora de cales son as prioridades políticas do Partido Popular. Porque o desdoblamento do corredor foi planificado, proxectado e licitadas as asistencias técnicas para a redacción de proxectos de trazado, para impacto ambiental, polo Goberno do señor Touriño. E cando o señor Feijóo chega no ano 2009 tira con todo o que estaba planificado para facer, desbota a avaliación de impacto ambiental que estaba de novo proxectada, porque o desdoblamento do corredor impacta, non ten nada que ver o informe de impacto ambiental que se fixo a principios dos 90, cando se planificou esta infraestrutura, cos informes de impacto ambiental que exixe a lexislación ambiental da Unión Europea a día de hoxe.

Tiran con todo isto, en abril do ano 2010 –con atraso de seis meses con respecto ao que xa dicían– o conselleiro Hernández anuncia o trámite da información pública do proxecto e anuncia –nese mesmo momento– que non fan falta os estudos de impacto ambiental. En agosto de 2010 o Goberno aproba definitivamente o expediente de información pública. En outubro do 2010 o Goberno aproba o anteprojecto de concesión de obra pública. En marzo de 2011 publícase a licitación do procedemento para a adxudicación do contrato. En decembro de 2011 declárase deserta a licitación da concesión de obra pública para a construción e explotación da autovía do Morrazo.

Primeira andaina dunha serie de sucesos atrasados todos eles sobre as previsións iniciais do propio Goberno –que non as fixou ninguén máis que o propio Goberno– para ao final declarar deserta a licitación, a pesar de que viñamos dicindo dende o Grupo Socialista, e dende os demais grupos, que nin o orzamento que se destinaba nin a forma de facer o procedemento albiscaban que puidera saír ben, como finalmente non saíu.

Bueno, a partir de aí empezou esta licitación de proxecto dividido en tres tramos, en marzo de 2015 e en xuño de 2015, precisamente para preparar a campaña electoral das autonómicas do ano 2016; e non o sabían daquela, pero tamén a das xerais. Probablemente veña o señor Rajoy de novo a Vigo a facer un mitin para dicirnos que se vai facer o corredor do Morrazo, como fixo nas eleccións xerais de 2011 e como o fixera, incluso, nas eleccións xerais anteriores.

Eu creo que os cidadáns do Morrazo se merecen un pouco de respecto por parte do Grupo Popular, que se lles diga a verdade, e a verdade é que imos ter un desdoblamento de corredor parcial, que non total, que non imos ter construídas nin as variantes de Cangas, nin a variante de Moaña, nin a variante de Bueu, que serían as que favorecerían a conectividade do Morrazo en toda a súa extensión, en toda a comarca, e que ademais a chapuza que está organizada para a ampliación da ponte de Rande e a conexión co Morrazo nos vai xerar no verán –seguro, seguro, outra vez de novo– colas de vehículos atascados entre Vigo e as praias de Cangas.

Polo tanto, señores do Partido Popular, se de verdade queren asumir un compromiso, aínda que sexa na precampaña electoral, con respecto ao corredor do Morrazo, fagan dúas cousas: comprométanse hoxe a desdobrar todo o corredor, todo o trazado do corredor do Morrazo, e comprométanse tamén a construír as variantes de Cangas, Moaña e Bueu, porque iso será o que garanta a conectividade dos concellos do Morrazo entre si e coa área metropolitana de Vigo, e o resto é outra vez, de novo, campaña electoral.

E para a campaña electoral do Partido Popular, como comprenderán, o Partido Socialista non vai colaborar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOSO:** Moi bo día a todos e a todas.

A verdade é que levamos varios plenos –e este non é menos– de campaña electoral pepera, o que pasa é que estamos nunha campaña electoral pepera de baixa intensidade, o que pode ser unha campaña electoral de “todo a cen” dun partido, dun grupo, que asume derrotado que chegou o seu momento, e que, dende logo, ten claro que o seu posto neste Parlamento será na oposición dentro duns meses.

Se non, serían pouco entendibles iniciativas como estas, onde non só rebaixan o que prometían hai apenas un ano ou dous anos sobre o corredor, senón que é onde queda claro –incluso no ton da portavoz que asume a proposta– que é

algo así como: “é o que toca”, pero todos sabemos que non vai ser quen execute esta cuestión o Partido Popular.

É así porque se fai no 2013, aprobábase unha proposta na que nós votamos en contra dicindo que se ía licitar o terceiro tramo desta infraestrutura, hoxe xa se di outra cousa, xa non se fala de licitar o terceiro tramo, senón que se di de instar a Xunta de Galicia a que no ano 2016 estean en execución os dous primeiros treitos da autovía do Morrazo, e que nese mesmo ano estea xa rematada a redacción e se aprobe o proxecto do terceiro, xa non fala nin sequera de licitalo.

Polo tanto, rebaixa en intensidade porque saben que todo isto é unha parafernalia de promesas electorais que se repiten en cada proceso, e que o único que hai detrás é tapar a chapuza deste proxecto. O primeiro que hai que dicir é que o Partido Popular asolagou Galicia de proxectos de estradas, en moitos casos innecesarios, e noutros casos perigosos e que nacían xa sen a necesaria dotación e sen os medios para que deran solución de mobilidade aos lugares.

E o corredor do Morrazo é un exemplo dun querer e non poder, ou en todo caso non saber, do Partido Popular, que é incapaz de poñer encima da mesa un plan de mobilidade interna para o Morrazo que solucione os seus problemas, que contemple dende o tráfico marítimo ata o transporte público por estrada, ou ata a mobilidade interna da propia comarca, de tal forma que as variantes dos concellos da comarca estean contempladas e, ademais, se introduzan mecanismos que permitan vertebrar esta comarca.

Fronte a iso é o de sempre, unha vía de alta capacidade que naceu cun gravísimo problema de seguridade e que ten custado, por desgraza, moitas mortes nesa estrada, simplemente pola incapacidade daqueles que toman as decisións políticas deste país, que menos mal que eles asumen que a día de hoxe esta situación vai mudar.

Nós xa en 2013 neste Parlamento nos opuxemos a este tipo de iniciativas, porque cremos que o obxectivo ten que ser outro, e ten que ser moito máis complexo, e, sobre todo, ten que contar co aval e co debate interno dos concellos afectados. O que non pode ser é que dende a Xunta de Galicia se tomen decisións sen contar coa maioría social e sen contar cos concellos afectados, que moitos deles están dicindo que esta non é a solución, que a solución ten que ser outra. Pri-

meiro, rematar dunha forma clara cos problemas de seguridade, rematar cos problemas de comunicación interna e, sobre todo, resolver os dous embudes que se van crear con esta infraestrutura, tanto na ponte de Rande como no seu remate de Cangas.

Alguén dixo neste mesmo estrado hai poucos minutos que vai pasar este verán coas obras iniciadas e con estes dous embudes absolutamente nunha situación que vai provocar moitísimos máis atascos que os que se provocan xa habitualmente.

Polo tanto, ¿cal é a posición da Alternativa Galega de Esquerda?, pois primeiro que non podemos estar facendo chapuza tras chapuza neste país. Onte vimos como se fai neste país, por exemplo, un polígono industrial sen ningún tipo de empresas, pero xa cunha vía de conexión. E que curioso que no 2011 anunciaba o señor Feijóo todas estas obras, e a única que está rematada con todos os condicionantes é a vía de alta capacidade que dá acceso a esa PLISAN que resulta que nin ten fábricas, nin ten empresas, nin ten nada de nada. Pero as vías que darían solución a multitude de veciños, como pode ser unha vía de alta capacidade ben pensada, ben dotada, que non teña os impactos medioambientais que ten esta e, sobre todo, que sexa segura, non se remataron nin nos tempos nin nos mecanismos adecuados.

Polo tanto, nós o que lle plantexamos ao Partido Popular é que xa está ben, que non merecemos un goberno que sexa chapuceiro, non merecemos un goberno que o único que faga é malgastar diñeiro público, se non roubar diñeiro público, e non necesitamos un goberno que está condenando a maioría do social deste país ás situacións de miseria cando malgasta diñeiro de todos e todas en obras que os únicos beneficiarios... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Ao mellor non digo nada, pero o voso partido ten que poñer un diñeiro de fianza por un tema de diñeiro B, eu non sei que problema tedes cando se vos din as cousas.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Vaia ao tema.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio. Silencio. Prosigamos co debate.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** O nivel de tolerancia do Partido Popular neste momento debe ser baixo, porque cando nin sequera dixo nada o presidente, que ten o seu nivel de tolerancia – e xa sabemos como o ten–, e se teñen que ofender vostedes. É que o nerviosismo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio, por favor. Imos rematar este debate. Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, silencio, por favor. Ía todo moi tranquilo, imos acabar agora; claro, é que é o problema. Imos rematar esta proposición non de lei.

Veña, remate, por favor, cando poida.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Lamento profundamente que o Partido Popular se moleste cando se lle recorda que están inmersos en multitude de casos de corrupción, e que eses casos illados non son illados, senón que é unha forma de autoorganizarse para esquilar este país e o conxunto do Estado, que é o que fixo o Partido Popular.

Esta crise non sería tal se non asistíramos a gobernos corruptos do Partido Popular, que en moitos casos o que fixeron foi saquear as arcas públicas, e se lles molesta, síntoo moito, pero é o que penso e é o que pensa a maioría social deste país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grupo autor da proposición non de lei. Señora Pérez Hernández.

**A señora PÉREZ HERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

En relación coas emendas, señora Martínez... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non me entero de como van as emendas. Silencio, por favor, se non non me entero das emendas.

**A señora PÉREZ HERNÁNDEZ:** Señora Martínez, a pesar da lesión de rodilla que compartimos e que espero que recu-

pere pronto, non imos aceptar a súa emenda, porque vostede presenta unha batería de actuacións que aínda que a Xunta está a traballar nelas, pouco teñen que ver coa conversión en si do corredor do Morrazo en autovía, que é o eixe desta iniciativa. O resto das súas propostas xa teremos tempo de debatelas. Aínda así, xa debería coñecer a posta en marcha do transporte da área metropolitana en Vigo, que é unha das propostas e unha das preocupacións da súa demanda.

En relación co señor Rodas, no primeiro dos puntos, a Xunta avanza todo o rápido que pode, no primeiro tramo xa comezaron as obras en outubro, no segundo tramo comezarán no verán e no terceiro tramo primeiro teremos que ter o proxecto construtivo, que é o que estamos a pedir nesta iniciativa; acelerar os procesos si, pero dun modo razoable e realista e non como vostede aquí propón.

Fala de problemas de canalización que xa se foron resolvendo, e fala de gravísimos impactos ambientais que non son certos, xa que se están a elaborar informes mensuais que desmenten a súa afirmación, polo tanto, tampouco imos aceptar a súa emenda, porque non é realista.

En relación coa señora Gallego, supoño que será coñecedora de que o pasado 9 de maio saía publicado o anuncio polo que se somete a información pública a anulación da conexión da PO-551 co VG-4.5, no que se atopa a variante de Moaña. ¿E por que? Pois porque foi o propio concello de Moaña quen solicitou a súa anulación, tanto da conexión de Tirán como a conexión de Sabaceda, as dúas conexións, tras o rexeitamento amosado pola corporación municipal e por algúns grupos veciñais. Por iso se anulou o trazado. Non nos pode vir aquí pedir agora que adoptemos unha medida en contra do concello.

En relación coa variante de Cangas, se lle preguntara vostede ao alcalde de Cangas, a Xosé Manuel Pazos, o que lle contou a conselleira na xuntanza que mantiveron o pasado 21 de marzo respecto a este asunto, sabería que o proxecto construtivo da variante de Cangas estará finalizado este verán. Por todo isto, tampouco imos aceptar a súa emenda.

E bueno, agora que xa hai orzamentos, despois de ter pagadas todas as débedas do Goberno do que vostede formou parte, porque o único que fixeron, iso si, foron moitos infor-

mes, pero cero obras, (*Murmurios.*) pois coa súa intervención deixou claro xa o pouco que lle interesa...

**O señor PRESIDENTE:** Remate xa, por favor. (*Murmurios.*)

**A señora PÉREZ HERNÁNDEZ:** ...a seguridade dos seus veciños, tamén, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e a necesidade que supón esta autovía para o Morrazo.

Espero que pense...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PÉREZ HERNÁNDEZ:** ...o seu posicionamento e que cambie de opinión.

Rematar. Quero insistir e agradecer á Xunta de Galicia por levar a cabo e cumprir o seu compromiso co Morrazo (*Murmurios.*) e facer realidade o tan demandado desdoblamento do corredor, e celebrar hoxe que máis pronto que tarde podamos desfrutar dunha nova autovía que levamos moito tempo xa demandando e que chegou o momento de que se faga realidade, e que servirá, sen dúbida, para poñer en valor, máis se cabe, as innumerables bondades que temos na península do Morrazo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pérez Hernández.

**Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Tereixa Paz Franco, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos gastos de publicidade e propaganda realizados polos distintos organismos e entidades do sector público galego**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a mesma ten a palabra a señora Paz.

**A señora PAZ FRANCO:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, congratúlome de que non se presentaran emendas, seguramente quere dicir que se vai aprobar por unanimidade o texto que formula o Grupo Par-

lamentario do Bloque Nacionalista Galego, e que lles paso a ler para que todas as súas señorías poidan comprobar que se trata de algo perfectamente asumíbel pola súa sinxeleza: “Instamos o Goberno a eliminar todos os gastos de publicidade e propaganda de diversa índole realizados polos distintos organismos e entidades do sector público que non sexan obrigatorios pola normativa de contratación ou pola necesaria información de procesos públicos que así o requiran”.

En primeiro lugar, permítanme que faga acto de contrición: o Bipartito non foi quen de aprobar unha lei que regulase a publicidade institucional, porque cando se remitiu a este Parlamento un proxecto de lei estaba a piques de expirar aquela VII lexislatura. Pero é certo que a quen saía aquí en nome do Partido Popular terá que serlle imposta bastante máis penitencia que a min, porque o Partido Popular leva sete anos, máis de sete anos, prometendo unha lei de publicidade institucional, e transcorridos eses máis de sete anos aínda non foi quen de aprobala, o cal, desde logo, converte a tan falada, tan traída e levada rexeneración democrática –que é un dos mantras que repite o señor Feijóo de forma máis habitual, dito na súa boca– en pura retórica baleira.

Os froitos deses compromisos do Partido Popular en materia de rexeneración democrática non só non deron lugar a unha lei de publicidade institucional, senón que mesmo a Lei de transparencia –agora xa coñecemos o portal de transparencia da Xunta de Galiza– é todo menos de transparencia.

Eu son bastante inepta tecnolóxica, pero, desde logo, atopar datos sobre este tema concreto, sobre os gastos de publicidade e propaganda da Xunta de Galiza nesa páxina é unha auténtica odisea. É unha páxina bastante chusca, eu, desde logo, non sei para que temos unha axencia de modernización tecnolóxica, na que investimos máis de 96 millóns de euros cada ano, se nin sequera nos vale para ter unha páxina web realmente accesible á información.

En fin, isto que fixen até agora pódense considerar xuízos, agora pasamos aos feitos. E o feito é que esta proposición non de lei pretende vir, dalgunha forma, paliar ese sistemático incumprimento dos compromisos do Goberno do Partido Popular, do señor Núñez Feijóo.

Non teño tempo para nomear a cantidade de veces que se comprometeu a aprobar unha lei de publicidade institucional,

campaña de 2009, investidura 2009; campaña 2012, investidura 2012; debate do estado, sucesivos debates do estado da nación. Pero non só o señor presidente, o señor Rueda, sempre bastante máis locuaz e proclive á concreción en moitas ocasións que o señor Núñez Feijóo, chegou a afirmar o 11 de abril de 2014, para ser máis concretos, que era imprescindible unha lei reguladora da publicidade institucional para blindar contra as prácticas non democráticas. Co cal está, ademais, recoñecendo que se realizan prácticas non democráticas.

E naquela altura, abril de 2011, comprométese a que esa lei entrará neste Parlamento antes da finalización daquela lexislatura. Unha semana despois, na Comisión 1ª deste Parlamento, o señor Rodríguez Miranda, nun debate dunha iniciativa –que, por certo, votaron en contra– similar a esta, do meu compañeiro o señor Suárez Canal, tamén di que se comprometen a que de xeito inmediato esa lei vai entrar no Parlamento.

Pero tamén, por se faltaba alguén, a señora Prado, nun debate dunha proposición de lei do Grupo do BNG a instancias da Asociación de Medios Galegos, en febreiro de 2015, tamén dixo que aínda estaban a tempo, que aínda estabamos a metade da lexislatura e que, por suposto, traerían esa lei de publicidade institucional.

O certo é que estamos a piques de rematar a segunda lexislatura do señor Núñez Feijóo e non hai lei por ningún lado.

Estamos, polo tanto, ante unha cuestión que, desde o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego, é unha auténtica subversión da democracia.

Todos e todas sabemos que os medios de comunicación cumpren un papel imprescindible na actividade pública, na medida en que informan –ás veces desinforman tamén– á cidadanía son, desde logo, un elemento clave para a configuración ou creación de estado de opinión. E, polo tanto, nós consideramos que nun sistema verdadeiramente democrático non é indiferente o tipo de relación que se establece entre o poder político e os medios de comunicación, e que esta relación determina e pon de manifesto a calidade dese sistema democrático.

Máis nun momento como o actual, xa desde hai anos, pero segue sendo así a día de hoxe no que todos e todas sabemos da precariedade económica pola que pasan todos os medios de

comunicación e como os seus traballadores son, precisamente, as vítimas desa precariedade económica. Todos e todas sabemos como á maior parte dos medios de comunicación lles sería practicamente imposible a súa subsistencia sen a existencia de axudas públicas. E, polo tanto, todas e todos sabemos que ese é un caldo de cultivo perfecto para establecer o que poderíamos denominar –e non quero faltarlle ao respecto a ninguén, por suposto– vínculos perversos entre os medios de comunicación e o poder político. Vínculos perversos que ademais doutras moitas consideracións hai dúas cuestións moi graves, que é que porían en grave risco de condicionar dereitos fundamentais como o de liberdade de expresión, o dereito á información e mesmo á liberdade de prensa.

Polo tanto, nós cremos que era imprescindible diferenciar legalmente o que é publicidade institucional do que é propaganda. Creemos que sería imprescindible, tamén, establecer mecanismos obxectivos no reparto das axudas públicas aos medios de comunicación, no reparto das campañas de publicidade para acabar con esta discrecionalidade na que estamos até agora.

Non me sinto en condicións de cuantificar cantos recursos gasta ao ano a Xunta de Galiza en propaganda e publicidade, pero temos un dato que o pode obxectivar, que é que o Consello de Contas no seu informe di que cada ano só 1,7 millóns de euros, que supón o 10 % do total; polo tanto, poderíamos estar falando de que eses 17 millóns de euros se reparten en concorrencia competitiva. É dicir, que o 90 % restante, máis de 15 millóns de euros, se reparte de forma discrecional entre os distintos medios de comunicación por parte da Administración.

Pero tamén é unha disfuncionalidade que nun país que ten unha lingua propia ese criterio, o da utilización da lingua galega, non sexa determinante nese reparto.

Pero agora mesmo quería centrar especialmente en que hai que diferenciar claramente o que é publicidade institucional, como un instrumento de relación do poder político coa cidadanía en información, transmisión de valores e coñecemento de novas normas que lles xeran obrigas ou dereitos, e o que é propaganda pura e dura. E como en moitos casos estes tres conceptos poden acabar converténdose en propaganda, como por exemplo a campaña institucional da Xunta de Galiza en relación co referendo de Cataluña,

que se correspondía desde o ata o zeta coa posición política do Partido Popular referida nese caso.

Quería lembrar aquí como o señor Rodríguez Miranda dixo nunha ocasión que a Xunta de Galiza xa reducira ao mínimo a publicidade institucional e que xa só facía publicidade institucional en relación con doazóns de sangue, con turismo e con promoción económica. Entón eu traio aquí uns cantos exemplos que me gustaría contrastar cos deputados do Partido Popular.

Por exemplo, a nós parécenos ben que a Xunta de Galiza, a Consellería do Medio Rural, gaste 350.000 euros ao ano en facer campañas para a prevención de incendios, pero gustaríanos saber como se xustifica que se gasten 550.000 nunha campaña que se chama de comunicación institucional para que saquen bonitas as medidas da Consellería do Medio Rural. Ou iso mesmo poderíamoslle aplicar aos 230.000 euros do ano pasado, ou aos 600.000 do ano anterior da Consellería de Industria para a difusión de contidos de interese para a sociedade galega.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**A señora PAZ FRANCO:** Ou gustaríanos saber cal é o interese informativo ou de transmisión de valores desta campaña publicitaria que lles di aos parados e ás paradas do noso país: “Volverás aos quince minutos de café, e fastidiarache que che toque o espertador cada mañá”. Isto, máis que outra cousa –se mo permiten–, é unha tomadura de pelo e un insulto á intelixencia e aos dereitos dos e das...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**A señora PAZ FRANCO:** ...traballadoras.

E poderíamos seguir poñendo exemplos, como unha campaña que teoricamente debería ter sentido, como a de seguridade vial referida a nenos e nenas, pero que é curioso que se faga unha campaña para nenos que están aprendendo seguridade vial, nenos pequenos de cinco anos, e que esa campaña se traduza en inxerir anuncios nun medio de comunicación escrito.

É, polo tanto, unha perversión na utilización de recursos públicos, e por iso dende o Bloque Nacionalista Galego cre-

mos que por democracia, por xustiza e por ética se debe aprobar esta iniciativa e que os recursos públicos destinados a publicidade se cingan única e exclusivamente a aqueles tres ámbitos nos que son...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Paz.

**A señora PAZ FRANCO:** ...imprescindibles: contratación pública, cando sexa obrigado por normativa europea ou cando realmente haxa unha información relevante que trasladarlles...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Paz.

**A señora PAZ FRANCO:** ...aos cidadáns en relación co funcionamento dos servizos públicos ou da Administración.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Grazas, presidenta.

A Lei 29/2005, de publicidade e comunicación institucional, que regula este tipo de prácticas, asegura literalmente: “*No se podrán promover o contratar campañas institucionales de publicidad y de comunicación que tengan como finalidad destacar los logros de gestión o los objetivos alcanzados*”.

Este mandato, nomeadamente, non é cumprido. O excesivo uso da publicidade institucional en determinados medios só se explica a cambio de obter unha opinión pública favorable ao goberno de turno a custa da información veraz e contrastada, sobre todo en épocas electorais.

A publicidade institucional ten que ser un instrumento de difusión, de información relevante para a cidadanía, para dar a coñecer os seus dereitos, prever riscos ou protexer a súa saúde, e non unha ferramenta ao servizo dos intereses electoralistas do partido do Goberno a expensas do diñeiro público. Os gobernos do Partido Popular foron quen de levar a cabo recortes no gasto público coa intención de solucionar a crise económica e o cumprimento do déficit público.

Falou de recortes nas retribucións das empregadas públicas, da paralización de inversións nas infraestruturas, na sanidade, no ensino. Falou da conxelación do salario mínimo, da taxa de reposición de emprego público, mais non se aplicaron recortes nunha partida cun peso nada desprezable nos orzamentos, a publicidade institucional. Esta publicidade pode subdividirse en tres categorías: campañas destinadas á comercialización de produtos, fundamentalmente servizos ofertados desde o sector público, campañas que ensalzan os logros do Goberno, é dicir, o coñecido vulgarmente como autobombo, e campañas destinadas a difundir, promover e sensibilizar.

A lei proscribe no seu artigo 4 toda campaña que teña como finalidade destacar logros de xestión e obxectivos acadados e exclúe a que teña un fin mercantil e comercial. Segundo isto, porén, dos tres tipos de publicidade que enumerei antes, só se podería considerar publicidade institucional no sentido estrito o terceiro, as campañas destinadas a sensibilizar e a difundir.

Por outro lado, a adxudicación de orzamentos para este fin non está contemplado na Lei de transparencia. Isto fai posible que esta práctica se empregue como unha forma de presión para premiar medios de comunicación amigos ou para castigar medios pouco amigos, chegando en ocasións a redactar pregos de prescricións onde aparecen os medios onde hai que investir diñeiro. A mala situación económica que arrastran os medios de comunicación tradicionais, participados por grandes empresas, sobre todo financeiras, é ben sabido: ERE, folgas, redución de salarios. Así, as administracións públicas utilizan a información institucional para achegarlles grandes cantidades e sumas de diñeiro a cambio de opinións favorables e contaminantes. Polo tanto, as administracións públicas están a realizar rescates disimulados, como xa fixeron explicitamente coa banca, a cambio de propaganda, manipulación e parcialidade, bordeando a prohibición expresa da lei mentada ao inicio.

En definitiva, a publicidade institucional é un gasto parasitario que engorda o déficit e a débeda sen ningún beneficio para a cidadanía, máis ben todo o contrario, pois un dereito fundamental como é o dereito á información veraz e obxectiva se ve controlado polos gobernos, poderes mediáticos e grandes empresas nun intento de manter o seu *status quo*.



Apoiamos esta iniciativa para unha maior transparencia e independencia da prensa e dos xornalistas que traballan.

Grazas. Máis nada.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Ron Fernández.

**O señor RON FERNÁNDEZ:** Bo día a todos e a todas.

Alternativa Galega de Esquerda vai apoiar a iniciativa, que se relaciona con algunha que presentamos nós mesmos neste propio plenario ou nas comisións.

Falamos... E aí contradigo a voceira do BNG. Señora Paz, non é asumible para o Partido Popular esta iniciativa, porque para o Partido Popular non quere eliminar os gastos de propaganda porque, como todos ben saben, a propaganda é a forma que adquire a mentira política, que inocular o imaxinario da sociedade galega a través, precisamente, desas políticas de clientelismo, políticas de favores, que se adquiren a través dos medios de comunicación, que se ven abocados moitas veces a sobrevivir desta maneira a través deses favores; por exemplo, con aquela campaña que falaba de dar diñeiro aos medios de comunicación para que divulgasen en clave positiva a acción emprendedora do Goberno galego. No fondo, ao que estamos asistindo é a unha malversación de fondos públicos, porque así hai que velo; é dicir, a propaganda política, a propaganda, é unha malversación de fondos públicos e é unha mentira e, desde logo, é un uso nada ético dos recursos públicos. Por iso, temos que recuperar os principios de veracidade, de transparencia, de ética, de legalidade, de neutralidade, de non discriminación, de pluralidade, de respecto polo ben público e, sobre todo, de respecto á cidadanía, ao seu dereito a unha información veraz e de acceso aos servizos públicos, que para iso deba servir fundamentalmente a información institucional e non, desde logo, para o que se está empregando.

E isto relaciónase de forma moi estreita –e xa o mencionou tamén a voceira do BNG– coa Lei de transparencia e bo goberno. Nós aquí, na discusión, xa faláramos de que non era o mesmo bo goberno que o goberno electrónico, que é o seu único mantra, o que teñen vostedes, e por riba de forma

incorrecta e mal xestionado. Pódese observar perfectamente como a súa transparencia, a transparencia do PP, a transparencia neoliberal, é unha transparencia pornográfica, é unha transparencia que foxe da ética. Nese portal da transparencia podemos ver, desde que está en vigor, contratos a dedo, cada semana 87 contratos menores, case 2 millóns de euros concedidos a dedo sen publicidade, dunha forma, ademais, que non é posible ás veces rastrexar porque os contratos duran nesa *web* unha semana e logo desaparecen, e mesmo non é posible descargar os documentos nin é posible acceder a toda a información. E iso aparece profundamente relacionado, precisamente, coa política de compravenda de favores que se fai a través dos medios de comunicación, porque moitas veces eses contratos menores en publicidade son precisamente a medios de comunicación.

Polo tanto, nós defendemos que é preciso que o presidente cumpra con aquel anuncio. O 15-10-2013 anunciaba a inminente chegada do Proxecto de lei de publicidade institucional nun debate do estado da nación. Desde logo, sabemos que non é o interese do Partido Popular nin do presidente nin de ninguén; cando se achega un final de lexislatura, cando se achega época electoral, loxicamente, non é o desexo do Partido Popular renunciar precisamente ao que máis vai favorecer a súa política de mentiras para intentar incidir no imaxinario dunha sociedade que se pensa que está durmida e que pensades vós que a podedes adormecer aínda máis a través dunha mala información.

Nós agardamos que a cidadanía sexa máis intelixente, saiba ler entre liñas e saiba acceder a outro tipo de información onde poida espertar e se poida liberar das gadoupas das mentiras ás que vostedes nos están sometendo día a día.

Dende Alternativa Galega de Esquerda, polo tanto, apoiamos a iniciativa do BNG porque, desde logo, nós tamén apoiamos aquela proposta, proposición de lei, que se rexistrara o 24-9-2014, a través da iniciativa da Asociación de Medios en Galego, porque é unha necesidade. E por ética –xa se dixo–, por xustiza, por democracia non podemos permitir que os gobernos, o Goberno do PP, o Goberno da dereita, faga mal uso do diñeiro de todos os galegos e de todas as galegas para o único beneficio das súas ideas neoliberais, que o único que fan é destruír o ben público, o ben de todos e todas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Ron.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Soneira Tajés.

**A señora SONEIRA TAJES:** Grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados, permítanme, neste momento que estamos case en familia, unha brincadeira. Cando pola mañá o presidente falaba de todos os coches que saían por minuto, eu estaba acordándome daquilo que dixera o señor Balseiro aquí, nun debate, onde dixo que os deputados e os militantes do Partido Popular sabían apartar dos coches. E non teño dúbida, pero tampouco teño dúbida de que, como apliquen o conto do señor presidente, non van dar vostedes feito, porque van ter que andar apartando a diestro e siniestro se cren a propaganda –que non a publicidade– do señor presidente da Xunta, porque son cousas distintas, aínda que ás veces parece que son o mesmo e ás veces tamén se tocan nos perfís.

E miren, isto téño comentado coa señora Paz e con outros ilustres deputados e deputadas desta Cámara, pois xa lles temos unha certa idade –no meu caso biolóxica tamén– e moito tempo aquí dentro como para non aguantar que se nos queira vender como debate político o que non é máis que unha arenga e un “espiche” propio dunha campaña electoral, porque non, porque xa non estamos para esas cousas, sinceramente, e porque ademais hai que terlle respecto a esta Cámara. Iso non se exerce só tendo determinado comportamento nas expresións orais, incluso na vestimenta ou incluso en determinados posicionamentos ou en como se exteriorizan, senón tamén en como se debaten as cousas, e sospeito que aquí volveremos ao mesmo de sempre, a ter que escoitar unha especie de arenga, porque xa estamos no momento procesual no que estamos.

¿Que di a Real Academia do que significa “publicidade”? Conxunto de medios que se empregan para divulgar ou estender a noticia das cousas ou dos feitos. Ten outra acepción tamén que fala da divulgación de noticias ou de anuncios de carácter comercial para atraer a posibles compradores, espectadores, usuarios, etc. Aquí é onde o Goberno sempre se acolle. ¿A propaganda que di? Pois a definición di: acción e efecto de dar a coñecer algo co fin de atraer a adeptos e compradores. Desgraciadamente, eu teño a impresión

de que toda a publicidade da Xunta de Galicia é máis propaganda que publicidade. ¿Por que? Pois, miren vostedes, hoxe non é un bo día para falar disto porque onte saíron uns datos que son aterradores; noticias dun dos periódicos máis importantes de España e o primeiro de Galicia en canto a tirada: “Un de cada cinco fogares vive por debaixo do umbral da pobreza”. “*Cáritas denuncia que un emprego no llega para salir de la pobreza en Lugo*”. “*Cáritas denuncia el aumento de la pobreza en Lugo. Más pobreza y más desigualdad en medio de la gran recesión*”. Podía seguir así porque hai para dar y tomar. *Cruz Roja, personas afectadas por la pobreza...* –e fai todo un relatorio–. *La Región: “Ourense es la ciudad gallega con más índice de pobreza y exclusión social”*. *Faro de Vigo: “Más de 670.00 gallegos están en riesgo de pobreza”*. É posible que todo isto sexa mentira. Ten que ver coa iniciativa que presenta o Bloque Nacionalista Galego e que nós imos apoiar porque di que hai publicidade e que o hai que facer por imperativo legal, sobre todo en determinados programas europeos onde unha parte vai a esa publicidade –e logo falaremos diso–.

Pero fíxese, vostedes, por exemplo, reciclar. Levan unha campaña que isto é unha cousa tremebunda, e está ben, hai que publicitar, pero despois temos cousas increíbles: “Coida o teu; protexe o noso”. Isto en todos os medios de comunicación. ¿Para que é todo isto? ¿Cren vostedes que é publicidade? Chegan vostedes ao absurdo de publicitar as vacacións en Galicia, cando onte tamén o informe sobre condicións de vida e exclusión social di que máis do 50 % dos galegos non teñen a máis mínima posibilidade de coller nin unha semana de vacacións; por imperativo legal, cando se acollen a recursos de programas da Unión Europea para publicitar e para fomentar o turismo, que é razoable, que é de sentido común, e en sentido estrito publicitario é bo que se faga, pero vostedes non o fan onde hai que captar turistas, vostedes fano aquí, porque non o fan para captar turismo, vostedes fano para que os medios de comunicación se autocensuren...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**A señora SONEIRA TAJES:** ...e teñan que estar subordinados permanentemente... Si, señora deputada, non lle dea vostede á cabeza porque, mire, se non fose por iso, ¿vostede cre razoable nun modelo democrático, homologable, que o noso presidente seguira un minuto máis á fronte da Xunta de Gali-

cia, tendo unha estraña relación coas súas amizades como ten? (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Soneira.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señora presidenta.

Señora Soneira, eu teño a sensación de que os únicos que están aquí en campaña son vostedes, e, sinceramente, vexo moita propaganda nesas primarias, que, ao final, todo se resume en que hai un que non quere marchar e outro que quere volver. Polo tanto, niso é en todo o que se resumen esas primarias nas que vostedes están tan inmersos, e por iso pensan que Galicia está en campaña electoral. Non, señora Soneira.

Mire, eu celebro esta iniciativa –bos días, señor Beiras– do Bloque Nacionalista Galego, o que non entendo é como non a levaron ás institucións nas que gobernan; non os vin debater esta iniciativa nin na Deputación de Lugo nin na Deputación da Coruña nin nos concellos onde gobernan. Eu supoño que ao longo da semana que vén esta iniciativa será levada a todas esas institucións. Nós, en calquera caso, estaremos vixiantes.

A demagogia combátese con datos. ¿Canto se gasta hoxe en publicidade institucional na Xunta de Galicia? A metade que cando gobernaba o Bipartito; exactamente o 48 % menos que cando gobernaba o Bipartito. Ese é un dato obxectivo, e a partir de aí podemos falar.

Eu teño que dicirlle que todas as campañas da actual Xunta de Galicia se axustan á normativa vixente e derivan dunha obriga que teñen todos os poderes públicos, que é a de dar a coñecer a información de carácter institucional. Polo tanto, a Xunta sempre desenvolve campañas publicitarias e non de propaganda, como facían vostedes reiteradamente cando gobernaban na Xunta de Galicia.

Eu teño a sensación de que todo lles ule e nada lles cheira e, polo tanto, eu o que lles podo dicir é que nestes últimos sete anos non atoparán nin unha soa campaña destinada a salien-

tar logros da xestión deste goberno e de autopromoción, como si ocorría na etapa anterior.

Á hora de planificar unha campaña institucional, a Xunta de Galicia cumpre coas obrigas establecidas pola lexislación vixente e, polo tanto, en consecuencia, guíase en todo momento por principios de eficacia, transparencia, austeridade e eficiencia.

Mire, nós non podemos aceptar leccións de vostedes no que se refire á publicidade e propaganda. Non podemos aceptar leccións do Partido Socialista, porque eu teño que recordar-lles que a 90 días –tres meses– das eleccións autonómicas de 2009 vostedes gastaban 600.000 euros –adxudicación directa, señora Soneira– nunha campaña de promoción da Consellería de Pesca.

Nós non podemos aceptar leccións de partidos que marcharon da Xunta deixando un furado en publicidade institucional de máis de 1 millón de euros na Consellería de Sanidade.

Nós non podemos aceptar as críticas que se nos formulan dende o Bloque Nacionalista Galego porque teño que recordarlle, señora Paz, aquela campaña de barallas, bonecos, gorras, chaveiros, globos, caramelos, bolsas de papel... para promocionar o Banco de Terras do señor Suárez Canal. Iso é propaganda.

Polo tanto, nós, ¿que quere que lle diga?, non podemos aceptar leccións daquel goberno que en 2008 na Consellería de Vivenda, que dirixía a señora Teresa Táboas, gastaba 3,5 millóns de euros en publicidade para promocionar unhas axudas á vivenda de aluguer que precisamente eran unha cantidade similar. Gastaban tanto en publicidade como na medida que trataban de publicitar. Polo tanto, claro, así logo se entende que quedara un furado de 40 millóns de euros nesa consellería.

Fala vostede de publicidade e propaganda. Nós sabemos distinguir perfectamente o que é a publicidade e o que é a propaganda: ano 2006, “Galicia, somos potencia” –propaganda–; ano 2006, “Aquí estamos, camiñando todos xuntos.”; ano 2006, Galicia, promocionándose no 25 de xullo. ¿Sabe que pasaba nestes anos? Que cando se celebraba o Día das Letras Galegas ou se celebraba o 25 de xullo –vou seguir ensinándolles páxinas mentres falo– a Xunta de Galicia non

insertaba un anuncio institucional, publicitaba sete, por sete consellerías ou departamentos autonómicos. Iso, ten vostede razón, non é publicidade, é propaganda, e é o que ocorría durante todos estes anos.

Nós, efectivamente, non puidemos ir ao portal de transparencia buscar estes datos, porque vostedes non tiñan portal de transparencia. Hoxe si que pode vostede coñecer a publicidade da Xunta de Galicia, toda está no portal de transparencia, todo se fai a través de procedementos de adxudicación completamente transparentes. (*Aplausos.*) Na súa época, non, pero do que facían vostedes, da potencia e de que Galicia era unha potencia, e da independencia, todo iso está nas hemerotecas, pragadas de páxinas que falan de todo iso.

Polo tanto, señora Paz, nós non podemos aceptar leccións de ningún tipo. Nós gastamos en publicidade institucional a metade do que vostedes adicaban a propaganda; polo tanto, reitero, teño a sensación de que a vostedes todo lles ule e nada lles cheira, pero a realidade é a que é.

Insisten vostedes, ademais, nunha idea, e é que en Galicia se compran medios de comunicación a través de páxinas de publicidade...,

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...e eu teño que dicirlles que esa insinuación que se fai dende o Bloque Nacionalista Galego, e que se ten feito tamén dende o Partido Socialista e dende AGE, é un atentado contra a profesionalidade dos xornalistas que traballan no noso país.

En Galicia non se compran medios de comunicación coa publicidade, porque en Galicia ningún medio de comunicación está en venda, e dígollo eu, que eu non son accionista de ningún medio de comunicación; creo, señora Paz, que vostede si.

En calquera caso, en Galicia temos prensa independente, temos medios de comunicación onde traballan auténticos profesionais e, dende logo, eu non quixera que se aproveite este debate para dudar da profesionalidade dos xornalistas e da independencia dos medios de comunicación de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Tellado.

Polo grupo autor da iniciativa ten a palabra a señora Paz Franco.

**A señora PAZ FRANCO:** Grazas, señora presidenta.

Señor Tellado, en todo caso, se insinuei que vostedes utilizaban os cartos públicos para comprar noticias, non me refería aos xornalistas, senón, ao mellor, aos editores, e cando esas accións no grupo CNN dean dividendos, pois xa reparitirei con vostede, non se preocupe.

Mire, vostede dixo literalmente na súa intervención que o seu goberno non utilizaba nin un euro de cartos públicos para publicitar logros do Goberno. ¿Alguén me pode explicar a campaña “Impostos cero no rural”, que se desenvolveu durante o mes de novembro do ano pasado, en campaña electoral, cando aínda non estaba aprobada a Lei de acompañamento nin a Lei de orzamentos neste Parlamento e cando non supón practicamente ningún cambio substancial en relación cos tributos que se modificaban nesa lei, que é propaganda ou información institucional? ¿Canto gastaron nesa campaña? ¿Canto lles ía supoñer aos posibles destinatarios o aforro?

E, por certo, falando de impostos, poderían vostedes dicirme que tiña un valor informar a xente de que ía haber unha redución de impostos. ¡Ah, home, claro! Pois xa están tardando en facer unha campaña institucional para informalos do “catastrazo”. Poderían informar a xente do golpe que lle van meter no peto co “catastrazo”, porque, ademais, efectivamente, poderían informalos das obrigas que teñen para evitar que, encima, lles poñan sancións.

Transparencia. Mire, señor Tellado, a Axencia Galega de Turismo só no último mes, nos últimos dous meses –non hai que ir máis alá–, adxudicou por procedementos negociados sen publicidade máis de 6 millóns de euros. ¡Iso é transparencia! ¡Iso é transparencia! Curioso, porque nunha campaña para as pontes de maio, 439.000 euros. ¡Curioso! Efectivamente, como dicía a señora Soneira, só en medios de comunicación galegos. ¡Bonita forma de promover a captación de turismo estranxeiro!

Campaña de Semana Santa, 450.000, ídem. Pero o curioso é que a Axencia Galega de Turismo até contratou por 125.000

euros unha campaña de publicidade da actividade da axencia, non vaia ser que non saibamos todo o que fai a señora directora da Axencia Galega de Turismo.

E mire, señor Tellado, vostedes delátanse por si propio. O máximo esperpento xa ao que se podía chegar en materia de publicidade por parte da Xunta de Galiza é que vostedes a finais do 2015 gastaron 70.000 euros en facer un inquérito e informes sobre a efectividade das campañas publicitarias da propia Xunta de Galiza. Sería para ver se, efectivamente, toda esa propaganda ten algún tipo de rédito político para o seu partido. A min, dende logo, con estes antecedentes, con todos os datos que temos, e sobre todo cos que non temos porque están ocultos, non me estraña que vostedes non queiran aprobar esta iniciativa, porque prefiren...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**A señora PAZ FRANCO:** ...seguir nese sistema perverso de gastar todos os cartos que necesiten para comprar todas as vontades que precisen.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Paz.

### **Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio Vázquez Blanco e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector do libro e das bibliotecas**

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario Mixto e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Mónica Fernández Rodríguez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*I.- Proponse engadir ao 1º) punto da proposición, in fine, o seguinte texto:*

*“...e aplique medidas de discriminación positiva a prol dos e das escritores/as galegas, das edicións impresas e dixitais de obras en galego e das traducións ao galego de obras literarias e científicas noutras linguas nas novas adquisicións.”*

*II.- Proponse engadir dous novos puntos á proposición co seguinte texto:*

*4º) Coordine actividades incluíndo as diferentes administracións públicas, o mundo académico, a comunidade escolar, a empresa privada e a sociedade civil, así como a determinar a tipoloxía de potenciais participantes e incluír servizos bibliotecarios en centros de saúde, hospitais, por exemplo.*

*5º) Atenda a colectivos con dificultades (persoas inmigrantes, terceira idade, persoas con discapacidade ou poboación reclusa) para acceder ao libro e a lectura, en colaboración con asociacións sen ánimo de lucro, ONG e institucións públicas.)*

*(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Cosme Pombo Rodríguez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 50045).*

*Emenda de adición.*

*Engadir dous novos puntos, que serían o 4º e o 5º:*

*“4º) Tome as medidas oportunas para garantir que as novidades editoriais en galego cheguen, no mesmo ano da súa publicación, ás bibliotecas públicas galegas.*

*5º) As bibliotecas públicas galegas poidan ser eximidas do pago do canon por usuario que contempla o Real Decreto 624/2014”.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Vázquez Blanco.

**O señor VÁZQUEZ BLANCO:** Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

É oportuno que hoxe, no primeiro pleno celebrado tras a celebración do Día das Letras Galegas, debatamos unha ini-

ciativa que fala precisamente sobre o impulso do sector do libro en Galicia, porque despois de todos os actos conmemorativos na memoria do benquerido Manuel María e da celebración do Día das nosas letras, tamén é preciso aproveitar para falar de cal é a situación do libro e para facer políticas que sirvan para impulsar este sector, xa que pese ás transformacións que está sufrindo o noso formato, así como o proceso de edición, e que teñen implicacións para todo o sistema cultural, o libro segue a ser un obxecto fundamental para a cultura.

Pero tamén é oportuno que falemos hoxe aquí disto porque hai tan só uns días o Goberno galego anunciou na Comisión 4ª, o Mapa de bibliotecas de Galicia, das que tamén falamos nesta iniciativa.

Como xa temos dito en reiteradas ocasións, durante os últimos anos o sector do libro e das bibliotecas ten sufrido un dos maiores recortes orzamentarios por parte da Xunta de Galicia; do mesmo xeito, por outra banda, que o resto de partidas referentes á cultura, pero isto aconteceu xusto nun momento no que a crise fixo que o nivel de vendas retrocedera ao nivel de hai vinte anos, causando estragos nun sector tan referencial como este.

Temos que destacar que os datos indican que entre 2008 e 2014 se viviu unha caída constante de vendas e de produción literaria en Galicia, e aínda que no ano 2014 houbo unha lixeira mellora, coas perspectivas actuais, resulta imposible recuperar os niveis de antano.

Tal e como afirma a Asociación Galega de Editores, entre o 2008 e o 2014 vivíuse unha caída constante de vendas e produción, aínda que no 2014 se conseguiu inverter levemente a situación de perdas e medrou un 3 % a facturación conxunta. No 2015, aínda que non se pechou de forma definitiva, as cifras parece ser que son moi semellantes.

Segundo os datos do ISBN, en Galicia editáronse 2.877 libros no 2014, o que supuxo 383 libros máis que no 2013, sendo a primeira vez que aumenta o número de libros dende o 2010, como aconteceu, por certo, en todo o Estado. Sen dúbida, é un dato positivo, aínda que temos que insistir en que aínda está moi lonxe das cifras dos anos 2009 ou 2010, por exemplo, e, por tanto, aínda que celebramos este pequeno repunte, temos que incidir no camiño de recuperar o nivel de antano.

Aínda que nas cifras de primeiras edicións, tanto en Galicia como en España, hai certa estabilidade, nos libros traducidos atopámonos cunha cifra moi baixa, case a metade do número do ano 2007, o que cobra maior importancia se consideramos que incluso nos anos de bonanza a cifra estaba xa a anos luz das cifras que, por exemplo, ten Cataluña.

Botando man do informe do Consello da Cultura Galega sobre o libro e a edición en Galicia, podemos ver como os libros traducidos para o galego diminuíron considerablemente no período 2008-2013, logo de aumentar nun 30,5 % entre o 2008 e o 2010, e foron diminuíndo nos seguintes anos, ata acadaren a cifra máis baixa de todo o período analizado. Temos que dicir que esta cifra sufriu unha caída dun 69,5 % con respecto ao ano 2010. E temos que sinalar tamén, tal e como se indica no informe, que na produción pública, ao contrario do que acontece no total de España, na comunidade galega continúa a tendencia descendente da edición, mentres que no conxunto de España se mantén estable. De feito, hai que destacar que no ano 2007 supuña o 33 % e no 2014 a cifra é do 7,1 %.

En canto aos datos do número del libros publicados en galego, hai que destacar que sufriu unha caída dun 28,6 % no período comprendido entre o 2008 e o 2014, cunha perda de arredor de 700 títulos. E, segundo as cifras oficiais, o número de libros publicados en galego supón o 61,3 do total de libros con ISBN publicados en Galicia, cifra que está moi lonxe do 67,3 que tiña no ano 2008.

Pero hai unha cifra que resume todo o anterior, que é o número de libros publicados en galego, que pasa de 2.472 no ano 2008 —ano no que comeza a análise feita polo Informe do Consello da Cultura Galega— até 1.426, que é a cifra do ano 2013, cunha tendencia clarísimamente descendente cada ano. E analizado por materia, podemos observar que ten unha tendencia similar en todas elas, sendo moi preocupante no caso, por exemplo, dos libros de ensinanza e educación, que se reducen á metade.

En canto á actividade empresarial do conxunto do sector de edición, en Galicia oscilou nos últimos seis anos entre as 345 empresas contabilizadas en 2009 e as 351 de 2014, aínda que hai que destacar a caída sufrida do 13 ao 14. Sen embargo —porque tamén hai que falar disto—, no tocante ao emprego xerado por estas empresas, conséntase que as editoriais da

Asociación Galega de Editores perderon case 100 empregos no período 2009-2013, o que supón unha redución do 35 % do emprego en cinco anos. Pero entre xaneiro de 2011 e xaneiro de 2015 hai que lamentar que caeu en 518 o número de afiliacións á Seguridade Social nos empregos de edición e artes gráficas.

E no tocante ás bibliotecas –como dicía antes–, o secretario xeral de Cultura anunciounos a semana pasada o mapa de bibliotecas, un anuncio que polo de pronto non pasou diso, pero que ademais –xa o dixemos o outro día– supón un claro incumprimento por parte do Goberno galego da Lei de bibliotecas, que aprobaron en solitario no ano 2012, porque a propia lei, concretamente na disposición adicional segunda, di claramente que o mapa de bibliotecas se aprobará no prazo máximo de seis meses dende a entrada en vigor desta lei; unha lei que é de xuño de 2012, é dicir, que deixaron pasar toda a lexislatura sen facer nada ao respecto para cumprir polo menos o que marca a lei.

Pero, á falta de ter os datos do mapa e tendo en conta os datos do INE e do Informe tamén do Consello da Cultura Galega referido ás bibliotecas e publicado en marzo deste 2016, podemos concluír que Galicia conta con 497 bibliotecas, ocupando a sétima posición no conxunto estatal, o que significa que o número de bibliotecas en Galicia descendeu, xa que no 2008 había 550. Polo tanto, o número de bibliotecas veuse reducindo de forma constante nos últimos anos, e así, das 550 que –como digo– había en 2008, pasamos a 522 no 2010, 505 no 2012 e 497 na actualidade.

Pero tamén, atendendo aos horarios, temos que sinalar que tan só 122 permanecen abertas máis de 40 horas semanais, e a maior parte –que son 258– abren entre 20 e 48 horas semanais e 76 fano entre 10 e 20 horas, mentres que outras 41 son de acceso público menos de 10 horas cada semana.

E claro, neste punto cómpre destacar a importante baixada orzamentaria que experimentaron nos últimos anos todas as partidas relacionadas con bibliotecas, con adquisicións e en investimentos en xeral neste ámbito, que se viron reducidas nun 78 % nos últimos dez anos.

Segundo os datos do INE, no 2014 as bibliotecas galegas sumaron un total de 9.800.000 visitas, o que supón 1 millón menos que no 2012 e 2 millóns por debaixo do dato de 2008,

que era de 11.890.000. E, aínda a pesar disto, o que si creceu foi o número de libros prestados polas bibliotecas galegas, pasando de 2,5 millóns de exemplares rexistrados no 2008 aos 2,9 millóns que se rexistraron no 14; por tanto, o número de préstamos creceu case un 20 % en seis anos.

Manuel Rivas escribiu hai uns anos que non hai ningunha entidade, nin sequera deportiva, que en proporción teña tantos asociados como as bibliotecas públicas. De feito, máis de 1 millón de galegos e galegas –concretamente, 1.023.000– son socios e socias dalgunha destas entidades, o que representa o 38 % da poboación, aínda que é inferior ao do resto do conxunto de España, onde un 47 % da poboación está inscrita nunha biblioteca, polo que é unha cifra moi superior ás cifras galegas; e igual que é superior o número relativo de visitas en sala, 4,4 por habitante, fronte ao 3,6 en Galicia.

Sen embargo, datos como os ofrecidos pola Enquisa de hábitos culturais do Ministerio amosan que dende o 2007 se vén rexistrando un notable incremento das persoas que acudiron algunha vez no ano a unha biblioteca pública, pasando do 13,4 % ao 18,6, aínda que de novo hai que dicir que as cifras a nivel español son algo superiores, estando en torno ao 22,7 %.

O Goberno da Xunta de Galicia vendeu que este ano era o ano da recuperación e dos orzamentos expansivos, e o grande avance en investimento no sector do libro –amplamente anunciado a bombo e prato– constituíu un aumento de 40.000 euros na partida dedicada á animación da lectura, pasando de 200.000 a 240.000. Sen embargo, permanecen estancadas partidas como a “promoción da edición do libro en galego” ou a “promoción do libro de lectura” ou “as feiras do libro”.

No ano 2009 a promoción da edición do libro en galego recibía 1,1 millóns de euros e para a adquisición de fondos bibliográficos había 2,4 millóns de euros, máis de catro veces máis que agora. E esta partida para adquisición de fondos bibliográficos continuou reducíndose dende os 2,4 millóns de euros ata os 560.000 que ten consignados para o ano 2016, que é aínda 40.000 euros menor con respecto ao ano pasado.

E claro, loxicamente isto ten consecuencias na produción editorial de Galicia, polo que no momento actual cremos que

é preciso dar un impulso ao sector editorial para saír da situación vivida nos últimos anos. E para iso precisase a colaboración institucional, para garantir o futuro da industria editorial galega.

Como declarou nunha entrevista recente a ata agora presidenta da Asociación de Editores de Galicia, Laura Rodríguez, a calidade do libro en galego é sobresaínte, pero precisamos axuda. É por iso que dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentamos esta proposición non de lei para, a través de demandas que fai o propio sector, impulsar medidas que dende xa nos leven a reverter esta situación, e que agardamos que o Partido Popular teña a ben apoiar, aínda que a estas alturas permítanme albergar dúbidas máis que fundadas.

Pero o que pedimos nesta iniciativa é, en primeiro lugar, impulsar a compra de fondos para bibliotecas, acadando niveis de investimento que invertan a evolución decrecente do investimento sufrida nos últimos anos; como dixen, pasamos de 2,4 millóns a 566.000, máis de catro veces menos. E, por outra banda, desenvolver, a través dos medios públicos, campañas de promoción da lectura que potencien o consumo da literatura galega, xa que, sen dúbida, é a través dos medios públicos onde debemos fomentar contidos de tipo cultural e que sirvan de escape para os nosos creadores. E, por último, incentivar a venda do libro en galego, a través de propostas como o bono cultura, algo que xa pedimos en reiteradas ocasións para axudar a paliar o efecto do IVE cultural do 21 %, que segue a afogar a nosa cultura, sen que o Goberno do PP se digne a rectificar.

Cremos que son medidas concretas, posibles e, por suposto, necesarias. Non queremos ser catastróficos. Hai sen dúbida datos positivos, pero tamén é certo que, se non facemos nada –non nos podemos enganar–, non recuperaremos o terreo perdido.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Vázquez Blanco.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Fernández Rodríguez.

**A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

O libro é un tesouro, o libro é fonte de transmisión para a difusión da cultura escrita, para permitir a todas as persoas que accedan a ela por medio da aprendizaxe da lectura, do apoio á edición, ás librerías, ás bibliotecas e ás escolas. O libro é un sector estratéxico, non só en termos económicos senón tamén no ámbito da convivencia cidadá, a importancia cultural, educativa e socioeconómica do papel.

E non corren bos tempos para o libro, e menos para o libro en galego, que, como parte do tecido industrial e cultural, sufriu as consecuencias da crise e non foi apoiado debidamente dende a Xunta. O sector no último ano sufriu unha caída xeral de vendas de entre un 30 e un 40 %. A adaptación do sector aos cambios do modelo que significa internet e loitar contra os baixos índices de lectura son outros dos grandes retos aos que se enfronta, sexa en papel ou en formato dixital.

A edición do libro en galego perde de novo investimento respecto ao pasado, de 80.000 euros, e fica nuns 348.860 euros. Segundo o estudo do Consello da Cultura Galega, en 2014 Galiza editou 383 libros máis que no 2013, o que supón un aumento dun 15,4 %. Isto si é importante, porque por primeira vez se aumenta o número de libros inscritos no ISBN en Galiza, sobre todo porque empezamos a ir ata uns índices aproximados aos do ano 2004. E é curioso, ¿non?, nun sector que ten moi pouco apoio institucional, que Galiza ocupe o sexto lugar no conxunto do Estado no número de libros inscritos no ISBN.

Dicir que, en canto ao formato, segue a dominar o formato papel, que representa un 73,6 % dos libros publicados en galego no 2014. O groso da actividade editora na Comunidade galega corre a cargo das pequenas empresas, e falamos de que a edición privada supuxo o 91,9 % de toda a edición en libros en galego.

O apoio directo á produción editorial tamén mantén os 210.000 euros, ao igual que os cartos destinados á adquisición de lotes de libros para bibliotecas, que seguen a ser 600.000 euros, logo do descenso dos últimos anos. E en campañas de animación á lectura pois volvemos falar de contías continuístas, porque non pasa dos 210.000 euros.



Neste ámbito unicamente a partida destinada a apoiar a edición de materiais didácticos na nosa lingua vese lixeiramente incrementada, mais seguen sendo insuficientes, de 150.000 a 170.000 euros este ano. Tamén se manteñen iguais os 56.000 euros destinados á difusión e publicacións culturais e máis de 250.000 a actividades de formación e difusión cultural.

Tamén é certo que as bibliotecas públicas galegas seguen experimentando redución nos orzamentos, uns recortes que afectan sobre todo as compras de novos libros e doutros materiais. E seguimos falando de que en adquisicións se diminuíu en 2,6 millóns de euros entre 2012 e 2014 en Galicia, para quedar en 10,4 millóns, a cifra máis baixa dende o ano 2006. E a isto tamén temos que engadir o canon do préstamo dos libros, que segue a penalizar os concellos para pagar esta taxa, e tamén que nos últimos tres orzamentos presentados polo Goberno galego a achega se continúa a reducir, pasando de 560.000 euros no ano 2016.

E seguimos a reducir o número de bibliotecas nos últimos anos e tamén segue a diminuír o número de visitas realizadas. Si que é certo que chama a atención, ¿non?, que máis de 1 millón de cidadáns e cidadás pois sexan socios deste tipo de entidades e que creceu incluso o número de libros prestados nas bibliotecas públicas, que pasamos de 2,5 millóns de exemplares no 2008 a 2,9 millóns no 2014. E isto evidentemente, bueno, ten varias lecturas, ¿non?, dende a crise ou o feito tamén de non poder mercar libros, revistas, xornais.

Si dicir que no conxunto do Estado –digamos– non destacamos para nada, nin por ter a mellor media de visitas en bibliotecas públicas por habitante nin a mellor media de documentos, nin a mellor media de adquisicións, nin de socios por habitante, nin de gasto corrente por parte da Administración. E tampouco temos en conta as características xeográficas: aínda segue habendo 57 concellos onde non hai bibliotecas públicas, nin nos barrios das cidades, nin nas parroquias dos concellos do rural, sobre todo o rural, o grande esquecido.

Por iso presento unha emenda de adición ao primeiro punto, porque se entende que debemos aplicar medidas de discriminación positiva a prol das e dos escritores en galego, das edicións impresas dixitais de obras en galego e das traducións ao galego de obras literarias e científicas noutras lin-

guas de novas adquisicións. E tamén engado, porque creo que é moi importante: “coordinar actividades, incluíndo as diferentes administracións públicas, o mundo académico, a comunidade escolar, a empresa privada e a sociedade civil, así como determinar a tipoloxía de potenciais participantes e incluír servizos bibliotecarios en centros de saúde, hospitais e noutros centros”.

E, por outra banda, tamén outro punto, que sería o número 5, que sería: “Atender colectivos con dificultades, persoas inmigrantes, terceira idade, persoas con discapacidade e incluso poboación reclusa para acceder ao libro e á lectura, en colaboración con asociacións sen ánimo de lucro, ONG e institucións públicas”, porque entendo que debemos incitar á lectura e ao uso do libro. Hai moita xente que ao mellor nunca na súa vida vai poñer un pé na biblioteca.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Fernández Rodríguez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Pombo.

**O señor POMBO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Moi bo día, señorías. Bo día aos que nos visitades aquí no Parlamento.

No nome do Grupo Parlamentario do BNG, señor Vázquez Blanco, debo dicirle tamén que comparto a súa preocupación, en primeiro lugar pola necesidade de dar un forte impulso ao sector editorial, nomeadamente ao libro en galego, máxime neste mes de maio. Tamén comparto a súa preocupación pola necesidade de promocionar a adquisición de fondos bibliográficos, nomeadamente tamén en galego, para dotar como se merecen as bibliotecas públicas galegas. E por iso xa adianto que o BNG vai apoiar esta proposición non de lei, porque tanto o sector do libro como o das bibliotecas sufriu evidentemente un gravísimo recorte orzamentario durante a época do señor Feijóo.

No 2009 as partidas orzamentarias para estes sectores eran catro veces maiores que as do actual 2016. Por moito que repitan que os orzamentos do 2016 son os da recuperación e que son uns orzamentos expansivos, iso non é real. E só

basta con varios exemplos. O orzamento de Cultura da Xunta, ano 2009, 141 millóns de euros; o orzamento do 2016, 61; nada máis e nada menos que 79 millóns de euros menos, un recorte do 56 %. E se imos ao sector da promoción do libro galego, no 2009 había 1,1 millóns de euros e no actual non chega nin aos 350.000. Se falamos da adquisición de fondos bibliográficos, no 2009, 2,4 millóns de euros, e no ano actual non chega aos 560.000 euros, polo tanto, catro veces menos, menos dun cuarto. E se falamos da normalización lingüística, de 21 millóns de euros no 2009 pasamos a menos de 7 millóns de euros no actual. A realidade é que a edición en galego perde o 40 % de emprego na época Feijóo, redúcese a adquisición de novidades editoriais un 65 %, redúcese un 75 % a edición de material didáctico en galego, o IVE, de propina, no 21 %, e imponse un canon ás bibliotecas públicas que vai en contra das propias bibliotecas, e supón un menor investimento.

Señorías, o Grupo Parlamentario do BNG defende o sector do libro e das bibliotecas nesta época de crise, que debería ser promocionado, nunca recortado, polos orzamentos públicos; recortes que provocan o empobrecemento da vida cultural de Galiza xusto cando máis se necesita. O BNG entende que as bibliotecas e o sector do libro son servizos fundamentais e por iso apoiamos que os fondos bibliográficos sexan promocionados, nomeadamente as novas edicións en galego que poidan chegar ás librerías no mesmo ano da súa edición. E por iso presentamos unha emenda que eu agardo que o ponente acepte.

Tamén presentamos unha emenda porque entendemos que é importante a posibilidade de formación nas propias bibliotecas, a difusión cultural e a promoción da lectura. Nese sentido pensamos que deberían ser eximidas as bibliotecas públicas do pago do canon por usuario. E por iso tamén presentamos unha emenda neste sentido.

Señoras e señores deputados, desde logo, nós entendemos que, despois do recorte de máis do 40 % na época Feijóo, non é de recibo que a Lei de bibliotecas de Galiza contemple a conxelación durante catro anos máis dos fondos dedicados a bibliotecas. E poño un exemplo: nas axudas para este ano contéplase, primeiro, que o 42 % dos habitantes de Galiza quedan sen promoción, e para o resto hai unhas axudas que van desde os 25 céntimos por habitante a menos

de 5 céntimos por habitante. Así, desde logo, non se pode apoiar a cultura, nin se pode apoiar o sector do libro.

Remato xa dicindo que imos apoiar esta proposición non de lei que promociona as bibliotecas, que promociona a compra de fondos bibliográficos, que promociona a lectura, que promociona que se poidan vender máis libros. Agardo que acepten a emenda do BNG, que trata de garantir que as novidades editoriais en galego cheguen no mesmo ano ás bibliotecas públicas e tamén que se poida eximir as bibliotecas públicas dun canon prexudicial. E agardando que acepten as nosas emendas, manifestamos o noso apoio unha vez máis.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pombo.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Ron.

**O señor RON FERNÁNDEZ:** Bo día, de novo, a todos e a todas.

A Alternativa Galega de Esquerda vai apoiar a iniciativa que trae o PSdeG. Ademais, trátase dunha iniciativa que no fondo xa discutimos e dialogamos coa comparecencia do señor Anxo Lorenzo en comisión, onde veu falar, sen falar, do mapa de bibliotecas de Galicia, e onde, curiosamente, nos puidemos enterar de que había 57 concellos de Galicia que non contaban con servizo de biblioteca; é dicir, 57 concellos onde galegos e galegas non vían cumprido o seu dereito á información, o seu dereito de acceso á cultura a través dos libros, a través das bibliotecas.

Cómpre lembrar que o que lle falta ao executivo galego, o que lle falta ao grupo dominante, ao Partido Popular, é unha diagnose clara do que acontece hoxe en día, diagnose que é derivada das políticas “austeritarias” que levou a cabo durante todos estes anos –dúas lexislaturas– o señor Feijóo. E así temos como a edición pública de libros en galego se erosionou –degradouse moitísimo nos números–, como a edición dos libros en galego decreceu, como as axudas ás bibliotecas públicas para que estas poidan adquirir novidades editoriais non deixaron de descender, como entre 2008 e 2013 as axudas á tradución decreceron un 70 %, como decreceu a edición de materiais didácticos ou como se per-

deron postos de traballo no mundo relacionado co sector do libro, co sector da edición, co sector da biblioteca.

E a todo iso, nun contexto de recortes permanentes, visibles nos orzamentos a través do programa 432A, dedicado a bibliotecas, arquivos e museos, ou no programa 151A, que é promoción á lingua galega, ou no programa 423A, onde se ofrecen as axudas ás bibliotecas escolares, se un comproba o que aconteceu ao longo destes anos, é un devalo ou unha conxelación; nada, desde logo, que permita saír do pozo en que nos mergullou a política austeritaria da dereita.

Por iso lembramos moi ben que presentamos aquí unha iniciativa que figura no terceiro punto cunha proposta como o bono-cultura que axude a paliar o aspecto do IVE cultural do 21 %. Nós defenderamos unha iniciativa do bono-cultura que tiña dúas modalidades. Porque non se trata xa do bono-cultura que o Partido Popular, coma un vampiro, colleu moi ben, o do Plan do cine galego e o do bono-cultura. Aí perfectamente zougou, vampirizou, as iniciativas de AGE despois de dicir non en comisión, claro está.

Entón, o bono-cultura trátase de deseño e pensalo ben, por iso nós dicíamos que era preciso un decreto, unha lei, para a adquisición e goce da cultura ou do bono-cultura, a través de dúas modalidades, unha desestacionalizada, para o uso corrente ao longo de todo o ano, e outra que podería ser unha modalidade de uso estacional para a campaña de Nadal ou para a semana das letras galegas, onde se incorporasen medidas de discriminación positiva para produtos culturais en galego, que son os que, dentro desta cultura austeritaria practicada polo Partido Popular, máis padeceron. E aí, pois, loxicamente nós faciamos un reconto de diferentes aspectos cos que debería contar esa lei do bono-cultura para que fose unha boa lei para cumprir co dereito do acceso á cultura, para facilitar ese dereito de acceso á cultura, que debe ser a Xunta de Galicia a que o garanta por riba de todo.

Desde logo, o que non debe facer a Xunta de Galicia é ser condescendente con ese canon a concellos de máis de 5.000 habitantes, onde os que saen penalizados son os propios concellos, as persoas usuarias e, sobre todo, as bibliotecas que se ven afectada por este canon por préstamo de libros, que é profundamente lesivo para o dereito de acceso á cultura, o dereito de acceso á educación. Porque ese é o labor social fundamental que cumpren as bibliotecas.

En fin, o que temos é todo un panorama no que o Partido Popular nos mergullou nas súas dinámicas austeritarias, austericidas, e, desde logo, por iso imos defender a iniciativa que trae o Partido Socialista de Galicia, porque coincide co traballo realizado pola Alternativa Galega de Esquerda durante todos estes anos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ron.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Baamonde.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Ben, moitas grazas, señor presidente, e moi bo día, señorías.

Sáudos tamén ás persoas que asisten a esta sesión.

A verdade é que o Grupo Socialista trae hoxe a debate unha iniciativa que parecía interesante no seu enunciado, pero que, evidentemente, vendo o seu contido, perde todo o predicamento porque se reduce exclusivamente á vella teima do Partido Socialista cos recortes.

Reducir os problemas do sector do libro e tamén das bibliotecas á cuestión da adquisición de fondos bibliográficos e non facer unha diagnose máis profunda –por máis que algúns dos voceiros dos grupos da oposición intentaron realizalo–, señor Vázquez, antóllase unha idea cativa. É certo que o sector da edición ten problemas, e problemas graves, algúns derivados da situación xeral de crise. Pero tamén hai outros que son asociados á propia situación do sector. Poderíamos falar longamente disto pero permítanme destacarlles dous.

Un é o sino dos tempos. Hai quen di que agora se le menos e, ademais, que se le mal. Eu non sei se é verdade. Aparentemente lese máis, o que pasa é que se le en 144 caracteres. Lese en twitter, lese en facebook, lese nas redes sociais. Pode, como din algúns, que iso represente ler mal. Xa dicía Confucio que ler sen meditar é unha ocupación inútil. Pero é unha tendencia evidente. E non é casualidade o feito do incremento moi notorio que se está a producir nas visitas virtuais aos centros bibliotecarios, singularmente no capítulo do catálogo e dos fondos dixitalizados.

Tamén é un problema do sector editorial, problema endémico en moitos casos do sector en Galicia, a atomización. Hai máis de corenta selos editoriais, que, loxicamente, se ven afectados polas durísimas regras da competencia que establecen xigantes da distribución, por exemplo Amazon ou Google.

Por iso, señor Vázquez, nosoutros entendemos que hai que traballar para superar esta crise do sector do libro, tamén a das bibliotecas, pero, deixando á marxe a cuestión de que si estamos de acordo coa promoción –por certo, a Xunta de Galicia dedicou o ano pasado preto dun millón de euros a este traballo, deixando a un lado tamén a cuestión do IVE cultural, xa debatido aquí moitas veces e que é unha competencia da Administración central–, hai que dicir que a solución que vostede propón non aporta nada positivo para a resolución deste problema.

Falan reiteradamente dos recortes. Eu non vou entrar na causa dos recortes, pero si lles vou recordar aquel vello dito de “invitou Xan de Romeu e o viño pagueino eu”. Vostedes causan os problemas e despois esperan que outros llelos resolvan, o que nós tivemos que facer. E é posible que non cumpramos as nosas promesas. Pero como dicía Gladstone, aquel político inglés de principios do século pasado, probablemente cumpriremos –algúns xa estamos cumprindo– moitas das que vostedes fixeron.

Señor Vázquez, e señor Ron tamén, a racionalización do gasto non é un problema exclusivo da Xunta de Galicia, é un problema doutras comunidades autónomas, e tamén problema do Estado, problema doutras administracións. E cando se fala de criticar os recortes, pois, evidentemente, están no perfecto dereito de facelo, pero para criticar hai que ter credibilidade. E para ter credibilidade hai que predicar co exemplo.

Señor Vázquez, eu pónolle dous exemplos onde vostedes non predicar co exemplo, un é a administración municipal de Lugo. Hoxe aparecía nos medios de comunicación a referencia á biblioteca da Piringalla, unha magnífica estrutura que leva catro anos inacabada, pero que a pesar diso recibe nos orzamentos municipais unha dotación de 50.000 euros para a adquisición de libros nunha biblioteca que non existe. Se iso é administración correcta dos fondos, pois que veña Deus e o vexa. E no caso do auditorio, vostedes prometéro-

no e tivémolo que facer nosoutros. Agora que llelo entregan –un edificio magnífico– quéixanse de que non teñen fondos para a dotación, e quéixanse tamén de que non teñen fondos para o funcionamento. Dicir unha cousa e facer outra distinta non representa credibilidade de ningún tipo.

A solución do sector editorial non depende, señor Vázquez, da adquisición de fondos bibliográficos nin dos recortes, ten causas moito máis profundas que exixen unha diagnose seria, serena e responsable. Fai falta diagnose, fai falta planificación. E, por certo, no sector das bibliotecas si que esa planificación vén da man do mapa de bibliotecas que vostede mentaba, cuxas liñas mestras explicaba na pasada comparecencia o señor secretario xeral de Cultura. E, por certo, non é unha realidade virtual, foi aprobado na última sesión celebrada polo Consello da Xunta de Galicia e supoño que estará inmediatamente á disposición dos grupos.

Ese mapa, señor Vázquez, contradí algunhas das cousas que di aquí. Por exemplo, en canto á adquisición de fondos bibliográficos, unha das potencialidades das bibliotecas é precisamente a dotación de fondos. O 97 % das bibliotecas de Galicia teñen unha dotación axeitada, só o 3 % está por debaixo dos estándares.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** E o mesmo ocorre tamén coas obras de apertura, onde todas as bibliotecas se achegan ao 100 %.

Polo tanto, non podemos aceptar a súa iniciativa, porque non é nada máis que mostra de oportunismo político. Non propón máis que un parche para a solución dun problema global moito máis profundo e non soluciona absolutamente nada.

Iniciaba a señora Fernández a súa iniciativa cunha referencia ao libro. Permítame a min tamén rematar cun vello proverbio hindú: “Un libro aberto é un cerebro que fala; pechado, un amigo que espera; olvidado, unha alma que perdoa; destruído, un corazón que chora”.

Señor Vázquez, libro pechado, corazón que chora, é a sociedade española e galega asistindo á voráxine...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** ...do Partido Socialista. Pensen máis vostedes en si mesmos, pensen menos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Baamonde, grazas.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** ...nos problemas dos demais, e probablemente por esa dirección irán moito mellor.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei.

Señor Vázquez Blanco.

**O señor VÁZQUEZ BLANCO:** Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer os apoios da Alternativa Galega de Esquerda e as achegas do Grupo Mixto e do BNG. Imos aceptar as emendas presentadas porque pensamos que complementan e engaden actuacións que nos parecen positivas. Por unha banda, parécenos positivo que se apliquen medidas a prol das escritoras e escritores galegos, das edicións impresas e dixitais e das traducións ao galego, así como incluír servizos bibliotecarios en centros de saúde ou hospitais e, por suposto, atender os colectivos con dificultades para que poidan acceder ao libro e á lectura. Por outra banda, tamén nos parece positivo que se garanta que as novidades editoriais en galego cheguen no mesmo ano da súa publicación ás bibliotecas, así como un tema que nos parece fundamental, e ao que se refería o señor Pombo, é que as bibliotecas públicas galegas poidan ser eximidas do pago do canon por usuario que contempla o Real decreto 624/2014.

Temos que lamentar unha vez máis, aínda que non nos colle de sorpresa, todo hai que dicilo, a postura do Partido Popular, que segue a non recoñecer a realidade e, o que é peor, pretende seguir condenando a cultura do noso país á marxinalización.

Señor Baamonde, perdón por facer propostas. Son as que fai o sector. Dígollo porque eles mesmos o fan. Isto sempre é mellor que o que fan vostedes, que é nada.

Vostedes sempre xustifican os recortes en cultura dicindo que houbo que recortar todo o orzamento, pero non todas as partidas se reduciron nun 40 % como si aconteceu coa cultura. Xa sei que é difícil defendelo, pero o peso relativo orzamentario reduciuse á metade dende que vostedes gobernan. Iso é o que marca a súa política.

Está claro, señor Baamonde, que as políticas teñen consecuencias. Por moito que insistan en negalo, as cifras son as que son. Desde que gobernan vostedes, 56 % menos de orzamento en cultura.

Señor Baamonde, fala vostede de diagnose. Eu dei os mesmos datos que deu o outro día o secretario xeral de Cultura, que son os facilitados polo INE. De liñas mestras do mapa, nada, nada de nada; con catro anos de retraso cando a lei marcaba que eran seis.

No 2009, promoción e edición do libro en galego: 1,1 millóns de euros; adquisición de fondos bibliográficos: 2,4 millóns. Máis de catro veces máis que agora. As vendas do libro en Galicia: retroceso a niveis de hai vinte anos. Cifras das edicións: pese a un pequeno repunte, moi lonxe das cifras do ano 2009. Cifras dos libros traducidos ao galego: diminuíron nun 69,5 % respecto do ano 2010. Hai unha tendencia descendente da edición pública: no ano 2007, 33 %; no 2014, 7,1 %. Número de libros publicados en galego: caída dun 28,6 %, cunha perda de arredor de 700 títulos. Número de libros publicados en galego: un 61,3 %, moi lonxe do 67,3 % que tiña no ano 2008. E o número de libros pasa de 2.482 no ano 2008 ata 1.426 que ten agora. Hai 518 persoas menos afiliadas á Seguridade Social nos empregos de edición e as artes gráficas.

En canto a bibliotecas, como dixen antes, pasamos en Galicia de 550 bibliotecas a 497 que temos agora. Por non falar do acontecido coa repartición das axudas ás bibliotecas públicas, que deixan fóra a concellos de máis de 30.000 habitantes; por tanto, exclúen o 42 % da poboación, ademais de ter cantidades case ridículas que van dende 500 euros ata os 2.000.

Vostedes seguen coa súa teima de querer relegar a cultura ás últimas prioridades do seu goberno, e lamentamos que non queiran apoiar as medidas de impulso.

Vostedes non queren que sexamos catastróficos. Pois ben, se agardan que as cousas muden vendo chober, xa lles digo o que acontecerá: nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Vázquez Blanco.

**Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reprogramación das citas para consultas de revisión oncolóxica na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, así como o funcionamento do programa informático de prescrición farmacéutica Silicon**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Mónica Fernández Rodríguez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Proponse engadir á parte resolutiva da proposición dous novos guións co seguinte texto:*

*– Ampliar de forma urxente e inaprazable o espazo asistencial destinado ao Hospital de Día.*

*– Establecer a coordinación e comunicación con outros servizos, como poder ser a Atención Primaria para o coidado dos pacientes oncolóxicos e unha mellora na calidade da asistencia ofrecida.)*

*(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Carmen Acuña do Campo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débese modificar o terceiro parágrafo da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*“– Procurar que os programas electrónicos usados polo Sergas sexan elaborados cos recursos propios, en función das necesidades clínicas e de xestión e para as utilidades precisas, incorporándoos ao IANUS. Reformar, de forma inmediata, o SILICOM para paliar todas as deficiencias de funcionamento evidenciadas.”*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir un novo parágrafo á parte resolutiva, que quedará redactado co seguinte contido:*

*“– Se reduza a demora entre a data de aprobación dun fármaco a nivel europeo e a posibilidade real de prescrición nos Servizos de Oncoloxía de Galicia, eliminando todas aquelas barreiras estatais, autonómicas e hospitalarias que só sirvan para alargar o acceso aos fármacos que xa foron aprobados pola Axencia Europea do Medicamento.”*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día de novo.

A finais deste mes de abril de 2016, un doente, enfermo de cancro, pertencente á Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Compostela, púxose en contacto co Bloque Nacionalista Galego para trasladarnos que lle fixeran un cambio de cita no CHUS para varios meses máis tarde da que tiña inicialmente. Mostrounos a súa preocupación, xa que era un doente de oncoloxía ao que tiñan que facerlle seguimento da súa doenza e non entendía como ía estar case dous anos sen control médico. Tamén mostrou a súa indignación por que estas cousas estiveran a pasar. Non entendía como era posible que unha persoa enferma de cancro á que lle prescribía o seu especialista unha revisión para un tempo determinado logo lla deran para case o dobre dese tempo. E tamén nos pediu que fixeramos algo, que o denunciáramos e que o fixeramos público, porque el, cando tiña escoitado que había listas de espera no Sergas non lle daba tanta importancia, ata que foi el obxecto desa situación.

O que fixo foi trasladarnos as citas que lle dera o Sergas, e, deste xeito, fíxonos chegar o impreso onde o día 12 de maio do ano 2015, hai un ano, lle deran cita para o martes 10 de maio do ano 2016, cita para oncoloxía médica no Hospital Clínico Universitario de Santiago. Fíxonos chegar tamén o seguinte impreso, que lle facilita o Sergas, onde o 16 de marzo deste ano 2016 lle dan unha nova cita para o 10 de maio do ano 2016... Non, que do 10 de maio de 2016 lla pasan para o 11 de maio do 2016. Atrásanlle un día a cita, un cambio nada relevante. E fainos chegar xa o impreso obxecto da súa preocupación e da súa indignación, onde o 8 de abril do ano 2016 lle cambian a cita prevista para o 11 de maio de 2016 e pásanlla ao 18 do 1 de 2017. Para oito meses máis tarde. É dicir, pediu a cita o 12 de maio de 2015 e vai ter cita co seu especialista para ir facendo o seguimento da súa enfermidade oncolóxica para xaneiro do ano 2017.

Dende logo, foi deste xeito como saltou á opinión pública a situación de retrasos no servizo de oncoloxía do CHUS. Foi deste xeito como desde o BNG nos quixemos informar do que estaba pasando e nos encontramos –preguntados profesionais deste servizo e postos en contacto con outros doentes– que nos últimos cinco anos non se aumentou o cadro de persoal deste servizo de oncoloxía, a pesar de ter aumentado moi significativamente o número de doentes; co cal, se aumenta o número de doentes, aumentan as primeiras consultas e logo aumentan as consultas sucesivas que teñen que seguir estas persoas afectadas. Creo que a ninguén nos escapa saber que en oncoloxía é un proceso longo, un proceso de probas, de controis, de seguimento constante ao longo de moitos anos.

É así como, efectivamente, nos enteramos e tomamos conciencia de que o servizo de oncoloxía da EOXI de Compostela leva anos traballando ao límite, mentres as patoloxías aumentan, mentres a complexidade destas patoloxías non fixo máis que aumentar, onde nos informan que as consultas de oncoloxía están sistematicamente abarrotadas e onde tamén recibimos a queixa dos profesionais, que nos din que a implantación do programa de prescrición farmacéutica denominado Silicon é unha ferramenta informática comprada a unha empresa privada, comprada á multinacional Grifols por case 500.000 euros para un período de dous anos. É unha cantidade dende logo nada desprezable tendo en conta que profesionais do propio sistema público de saúde de Galiza tiñan deseñado un programa de atención farmacolóxica

con recursos propios e pensado na actuación clínica, pensado para a actuación clínica, para mellorar a atención ás persoas doentes, e non como esta ferramenta informática dependente desa empresa privada, pensada para a xestión da farmacia hospitalaria. Polo que nós nos temos informado, é unha ferramenta útil para o control da farmacia hospitalaria, para facer un control dos fármacos, pero dende logo nada útil, moi burocrática, moi farragosa, para a atención clínica tanto dos facultativos como do persoal de enfermería.

É evidente que, se o diagnóstico precoz, o seguimento dunha doenza, é importante, no caso das persoas enfermas de cancro verificase que é fundamental. Se non se lle presta esa atención en tempo e prazo, pois ¿que pasa? Primeiro, que se produce temor, que se produce angustia, que se produce preocupación, e a falta de confianza dos doentes no sistema. O cal, desde logo, en si xa é unha moi mala noticia. E logo o que se produce é risco, multiplicación do risco de que neses períodos tan longos se poidan producir recidivas que non son detectadas para poder actuar en tempo. É evidente que un doente nesta situación multiplica a súa angustia.

Entre tanto, á denuncia do BNG súmanse a denuncia de SOS Sanidade Pública da comarca de Compostela, a denuncia da Asociación de Doentes e Usuarios do CHUS e a denuncia do Defensor do Doente, que envía unha carta ao fiscal superior de xustiza de Galiza demandando que actúe a Fiscalía. Di que, diante destes atrasos, destas reprogramacións, pode haber un presunto delito contra a saúde pública. Acusan de que isto supón poñer en risco a calidade de vida e curación, xa que os doentes con cancro deben ser escrupulosamente revisados.

É polo que o BNG presentou esta iniciativa onde demandamos, en primeiro termo, que se realicen todas as actuacións precisas para que os doentes oncolóxicos da EOXI de Compostela aos que se lles reprogramou as consultas de revisión para meses máis tarde teñan as mesmas nas datas inicialmente previstas.

Teño que dicir que esta primeira petición do Bloque Nacionalista Galego en principio está sendo resolta. Consideramos que é un parche, consideramos que é un parche. A información que temos é que se habilitaron catro consultas de tarde para oncoloxía e que se están a ver os doentes que se citaran para 2017. É dicir, si existía o problema. Porque ¿cal foi a

reacción do Sergas diante desta denuncia? Primeiro, como fai sempre, negalo. O que fixo primeiro o Sergas foi negar que houbera este problema, negou que houbera o problema. Ata que saíu á opinión pública, ata que os medios de comunicación se fixeron eco, ata que volveu haber alarma social. Ata ese momento, negaron o tema.

Neste momento parece que hai catro consultas de tarde para atender os doentes citados para o ano 2017. Cremos que esta situación, dende logo, é unha medida paliativa, necesaria pero paliativa, porque non soluciona o problema de fondo. Non soluciona o problema de fondo, que é a escaseza de profesionais suficientes para atender a demanda que hai no servizo de oncoloxía.

E cremos que están totalmente vixentes as dúas outras partes da iniciativa: aumentar os profesionais do servizo de oncoloxía da EOXI de Compostela no número preciso para atender a presión asistencial existente no mesmo, e tamén o que demandabamos e o que denunciabamos na nosa iniciativa, que é que coa implantación deste programa se ralentizou moitísimo o tempo necesario para atender as consultas. O que nos din os profesionais é que duplican o tempo necesario para atender esas consultas. Polo cal nós demandamos que se retire ese programa, que se proceda a desenvolver un propio do Sergas. Xa hai un programa feito por profesionais, pero que se actualice, que se faga o que haxa que facer, xa que é un programa que está pensado para a atención clínica e para favorecer o traballo dos profesionais.

Agardamos o apoio favorable dos grupos da Cámara porque é grave que se dera esta situación, é grave que doentes de cancro pasaran pola angustia de ver como non os daban atendidos, como foron pedir cita e lles daban para meses despois, como foron a Atención ao Doente e lles dixeron que o problema era que non había profesionais de oncoloxía suficientes para atendelos. En si xa é unha gravidade, pero é máis grave porque resulta que o Sergas, o Partido Popular no Goberno de Galiza, é reincidente. Volve facer unha actuación que pode cualificarse outra vez de delito contra a saúde pública, como fixeron cos tratamentos dos doentes da hepatite C. Non rectifican, rectifican só cando hai alarma social, só cando hai visibilización do problema nos medios de comunicación, só cando se converte pois nun clamor que estas cousas non poden suceder...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...e rectifican, neste caso, facendo un parche. Co cal as demandas que facemos nesta iniciativa parécennos totalmente vixentes e agardamos o voto favorable dos grupos desta Cámara.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Fernández Rodríguez.

**A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Como non podería ser doutro xeito, o Grupo Mixto si vai apoiar a proposición non de lei do BNG.

Dicir que a estrutura organizativa de xestión integrada, o EOXI de Santiago, inclúe unha poboación de 450.136 persoas, que, máis ou menos, vén ser unha área de influencia de 46 concellos.

Si dicir que nos últimos tempos o propio Complexo Hospitalario sufriu varias denuncias, dende atrasos cando é asistencia médica, neste caso de oncoloxía, por temas de non facer substitución do persoal, como incluso de falta de espazo, e de feito hai constancia desde hai máis de dous anos.

Si comentar que agora se vén sumar o problema que nos enteramos dos atrasos de ata oito meses nas consultas oncolóxicas neste hospital, e tamén vimos de saber que o defensor do paciente enviou unha carta ao fiscal superior de Galicia solicitando á Fiscalía que actúe ante esta denuncia por feitos inadmisibles. Estamos falando dun presunto delito contra a saúde pública, que está poñendo en risco a calidade de vida e curación, xa que o doente de cancro debe ser escrupulosamente revisado e a cotío e con moita atención; sobre todo os tempos son importantísimos.

E falamos de que, dentro desas anomalías, pacientes que son revisados cada mes pasan a selo cada tres meses e despois cada seis meses e despois cada ano, ata que o proceso se pecha. Nas últimas revisións, a dos pasos finais de control, segundo se alerta, están a sufrir demoras de ata oito meses e estase vendo duplicado o prazo indicado inicialmente polo



Servizo de Oncoloxía. Estes feitos si son denunciados pola plataforma SOS Sanidade Pública e tamén pola Asociación de Usuarios do Servizo de Oncoloxía Compostelán (AUSO CHUS).

Fan nunha especie de cribado, ¿non?, á vista da saturación. Demoran as revisións periódicas de pacientes que están estables pero aínda non son dados de alta. Se tiñas unha revisión cada seis meses, agora duplican o prazo, agardas que con estas demoras o que provoca é que moitas das probas que se fan, sexan radiografías, TAC ou análise do sangue, pois caduquen, cando teñen que voltar ao especialista. E de feito estanse dando casos de pacientes que son chamados desde o propio Servizo de Admisión do CHUS para atrasar máis de oito meses a cita para revisión.

Si que é certo que dentro das demandas máis crecentes está a de que faltan oncólogos e falta espazo, e á parte tamén falta máis persoal, como pode ser persoal de enfermería.

E, bueno, comentar que nos últimos catro ou cinco anos non se incorporou ningún especialista en oncoloxía, e non será polas estatísticas, porque desgraciadamente cada día aumenta o número de enfermas e enfermos de cancro, e aí si que fago un gran chamamento.

E, despois, á parte –que me resulta ás veces moi penoso, por vivir en primeira persoa unha experiencia–, que vas á propia consulta do oncólogo e practicamente non te mira á cara, porque pasa todo o rato cubrindo papeis; ás veces parece que estamos nunha oficina da administración.

E falamos do programa, que entendemos que si debería ser substituído polo que xa tiña o Sergas, e aforrabamos os cartos, ¿non? E dicir desta famosa multinacional á que se adquire o programa, Grifols Movaco, que parece ser que incluso derivou a súa decisión de pagar impostos fóra do país.

Entendemos, polas demandas que fan todas as asociacións de pacientes, para un mellor trato, que, á parte de contratar oncólogos e de ampliar o espazo do hospital de día, tamén hai que ampliar o número de persoal de enfermería, porque así teríamos unha mellor xestión e unha xestión máis responsable, porque non é só hai que mellorar os servizo, non é só gastar menos –que é ao que imos–, e tamén se debe potenciar a atención primaria. E sobre todo dígoo por esta xente

que se ten que trasladar a unha distancia prudencial, sobre todo no estado de saúde no que se atopan, porque eu creo que moitas veces, cando se fan este tipo de deseños, nunca se pensa na paciente nin no paciente.

Por iso, estamos coa mantra desde hai anos, que é gastar o menos posible a curto prazo. Temos que facer unha inversión a longo prazo, tendo en conta o que comentei antes, que cada vez aumenta máis o número de pacientes. Por iso presentamos unha emenda de adición, que sería ampliar de forma urxente e inaprazable o espazo asistencial destinado ao hospital de día, establecer a coordinación e comunicación con outros servizos, como pode ser a atención primaria para o coidado dos pacientes oncolóxicos, e unha mellora na calidade de asistencia ofrecida.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Fernández Rodríguez.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Acuña.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, presidente.

Pois, efectivamente, señora Prado, o Servizo de Oncoloxía de Compostela leva anos traballando ao límite, e aínda así prestando unha boa atención grazas ao esforzo das persoas profesionais que traballan nel, ou sexa, funcionando a pesar da xestión da Consellería e non axudados pola xestión da Consellería, exactamente o mesmo que o resto do servizo sanitario público galego; unha consellería, señorías, da que hoxe recollían os xornais que vai incentivar os médicos que receiten barato, barato –si, si, señor deputado, barato–, non que receiten ben.

Imos ver, vostedes, como doentes, van ao seu médico e reconfortaos, tranquilizaos saber que o médico que os está atendendo, salario dese profesional, (*Murmurios*)..., si, señor deputado, non se fan así as cousas, señor deputado, imos a un modelo..., si, cargarnos o modelo, ía dicir un modelo nefasto, cargarnos o que temos e substituílo por outro moito peor. A min, como doente, non me reconforta saber que o salario do médico que me está atendendo depende de que me receite máis barato. Si, señor deputado, e se nos sonroxamos e criticamos que os laboratorios, si, regalen e incentiven os profesionais, tamén nos ten que sonroxar que

a Consellería incentive non unha maior calidade na atención sanitaria, non uns mellores resultados en saúde, senón simplemente uns mellores resultados económicos. Ese é o camiño que vostedes escolleron.

Pero volvamos a Compostela. Falabamos da situación tan difícil que xa tiñan para dar atendido toda a demanda. Bueno, pois nese contexto resulta que aparece o programa efectivamente Silicon e as dificultades que xerou pois acabaron de desbordar a situación.

Parecera que o Sergas se dedica, señorías, a mercar programas informáticos parcialmente, para cubrir necesidades parciais, programas inconexos entre si e que, ademais, tampouco están incorporados ao Ianus. Ou sexa, dito doutra maneira, o Sergas parece que se dedica a facer un puzzle cos programas informáticos, xerando, señorías, un caos continuo entre os doentes e a desesperación diaria dos profesionais e das profesionais, que ven como o seu traballo se complica; xa están ao borde, ao límite, e aínda se complica máis con toda esa sorte de puzzle de programas informáticos.

E un bo exemplo disto é o Silicon, programa efectivamente creado por unha empresa privada, que pode ser útil para facilitar a xestión e saturación na farmacia hospitalaria, algo certamente necesario –non dicimos que non, por suposto que si–, pero que incomoda e que dificulta o traballo, a actuación do clínico, porque non contempla para nada esa vertente, ¿non?, non recolle nin sequera os cuidados de enfermería.

Así que, en lugar de servir de axuda para todos os servizos implicados no seguimento dun doente, beneficia uns pero prexudica os outros. E claro, como as cousas xa están moí complicadas a diario, pois isto o que vén é precipitar o desastre.

Señora deputada, dende o Grupo Parlamentario Socialista planteámoslle unha emenda á súa proposta para introducir ademais outro grave problema que sen dúbida teñen tamén os enfermos de cancro en Galicia: as dificultades para acceder aos tratamentos innovadores; dificultades, ademais, caprichosas, variables. Non se comportan igual segundo o doente estea nunha EOXI ou nunha área ou noutra, ¿non?, e ademais estamos a falar de acceso a tratamentos que para algúns doentes son a única posibilidade terapéutica coa que contan.

É o mesmo que vimos co caso da hepatitis C, e iso mesmo está a pasar cos tratamentos oncolóxicos. Si, o Goberno Feijóo dedícase a poñer filtros e filtros –chamados comisións– coa única intención de retardar, de atrasar o acceso aos fármacos, fármacos caros, señorías –si, ao mellor hai que facer este debate–, carísimos, carísimos, sen dúbida, pero –insisto– en moitos casos a única posibilidade terapéutica en doentes que non teñen tempo que perder.

Miren, señorías, dende que Europa autoriza unha unidade terapéutica ata que chega ao doente oncolóxico de Galicia poden pasar máis de tres anos; ten que pasar a Comisión, ou conseguir a autorización da Comisión de Farmacia do Estado, da Comisión de Farmacia da autonomía...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** ...logo os filtros das EOXI e logo os filtros das xerencias; é dicir, anos e anos de espera.

Isto, señorías, de verdade, exige un debate repousado, un debate serio, pero hai que asumilo e levalo a cabo.

Miren, ademais, modificamos o punto número 3, porque nos parece difícil a estas alturas a retirada do Silicon, a pesar de que...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** ...compartimos –si, perdón, si, remato xa– que efectivamente creou un caos coa súa implantación. Entón, pedimos non suprimilo, si melloralo, porque está implantado no resto da comunidade autónoma e tamén noutras comunidades autónomas, co cal xeraría máis lío retiralo a estas alturas.

E compartimos, estamos totalmente de acordo con que a Consellería ten que poñer máis empeño en utilizar os recursos tecnolóxicos propios para crear os programas que os profesionais e as profesionais precisan na súa actividade diaria.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Esperamos que a nosa emenda sexa tida en conta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Acuña.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra a señora Solla Fernández.

**A señora Solla Fernández:** Grazas, presidenta.

Este grupo vai apoiar a reclamación desta proposición non de lei e pola tarde voltamos preguntar ao conselleiro de Sanidade sobre este asunto.

Tropezo tras tropezo, ¿verdade?, na Consellería de Sanidade, escándalo tras escándalo, e esa é a xestión da sanidade pública deste goberno. A Fiscalía a verdade é que non dá feito con esta consellería: dous altos cargos imputados –sen cesar, por certo–, pola xestión do tratamento de hepatite C; a Fiscalía pendente de pronunciarse sobre posibles imputacións na Consellería de Política Social e na Consellería de Sanidade pola desatención dunha persoa sen teito, e agora tamén pendente de pronunciarse sobre os irresponsables atrasos nas consultas de oncoloxía no Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela.

A sanidade está a enviar un SOS, non se salva xa practicamente ningún servizo. Denunciamos xa dende aquí os atrasos en resonancias magnéticas en moitos centros, os atrasos e as condicións nas que se estaban a facer –nos camións–, os atrasos nas citas de oncoloxía en Vigo e incluso nos tratamentos de quimioterapia, que, por certo, nos meses de Nadal foron escandalosos.

E agora ten que ser a sociedade organizada, SOS Sanidade, defensores do paciente, as persoas afectadas, as que denuncian esta situación, que é intolerable. E, como se dixo, citas de revisión das persoas enfermas e con cancro que foron mudadas, atrasando xa unha cita previa que tiñan antes concedida, e falabamos de como xa se trasladou de seis ou oito meses.

Eu considéroo unha barbaridade nestes doentes, que, ademais, son persoas en situación pois bastante vulnerable, e téñense denunciado citas, a través dos medios, que estaban para o mes de maio deste ano e que se mudaron incluso a 2017, cando xa había unha espera previa obviamente en

todos eses meses ata este mes de maio, cando se reprogramou.

A resposta foron as queixas das persoas afectadas e como xustificación o hospital tivo pois que recoñecer a realidade e a falta de oncólogos e oncólogas suficientes para atender pois esa demanda asistencial; así o recoñeceu o propio centro. Por non incrementar as plantillas, cando, como xa se trasladou efectivamente, hai un incremento da carga de traballo a través dese programa de xestión e ademais téñense incrementado as persoas enfermas de cancro –esa cronicidade da que o Partido Popular tamén bota man en moitas ocasións– e desta vez parece ser que para incrementar as plantillas dos profesionais non lles serve.

O 5 de maio tiveron que recoñecer dende o hospital que esta situación era real, é dicir, que se non houberse realmente denuncias destas persoas, a pesar de que a situación era coñecida, porque era o propio centro o que reprogramaba as citas, non se tiña feito nada. É dicir, se non denuncian as persoas, obviamente non se tería tomado ningún tipo de medida. Eu preguntome por que agora se poden reprogramar esas citas, por que agora se poden suplir esas consultas, parece ser que pola tarde, e antes non.

E estaría ben que nolo dixeran –preguntarémolo tamén pola tarde–, por que agora se poden poñer eses medios, cando noutras ocasións pois parece que non están á disposición, e por que agora nos queren facer crer que van poñer máis medios económicos. Hai uns días saía o señor presidente e candidato Feijóo dicindo que van facilitar máis cartos para suprimir esas listas de espera, despois de telas ocultado, despois de ter recortado ata a saciedade a sanidade pública. Parece un mal chiste, unha mala broma, que, despois de recortarnos, agora veñan dicindo que van investir en recortar esas listas de espera, ¿non?

Esa é a planificación sanitaria do Partido Popular, e a pesar de que dende a Administración se trasladou ademais que este problema xa estaba resolto, pois a pasada semana –e por iso tamén pola tarde falaremos co señor conselleiro– xurdiron máis denuncias no Complexo Hospitalario. Eis a magnífica actuación planificativa da Consellería de Sanidade.

Trasládabase a través dos medios de comunicación o caso dunha muller operada de cancro de colon, cunha metástase,

que ademais pois tiña un atraso de seis meses na cita da resonancia magnética nuclear; foi chamada cando fixo a denuncia, mais agora agarda outra vez ata outubro deste mesmo ano para esa cita.

Nós afirmamos no seu momento –e reiterámolo– que os recortes matan, e exiximos que a Consellería tamén se faga cargo, dunha vez por todas, das súas responsabilidades. Quedan poucos meses de lexislatura, a ver se dunha vez por todas se fan cargo das súas obrigas, que xa vai sendo hora.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidenta.

Bos días outra vez, señorías.

Señora Acuña, facendo demagogia coa produtividade variable, vostede sabe diso tanto coma min, ¡eh!, sabe vostede o que di e como o di, pero bueno... Polo menos temos a sorte de que hoxe non falou da Fundación Amancio Ortega. Ao mellor é pola foto e polos 40 millóns de euros –¡claro!– que hai para Andalucía. Eu supoño que xa terá chamado vostede á señora Susana Díaz e pedirlle que renuncie aos cartos. (*Aplausos.*) Aquí en Galicia os do Grupo Popular queremos eses cartos, ¡eh! Chame, chame, agora olvidóuselle xa o de oncoloxía.

O primeiro que queremos desde o Grupo Popular é defender a profesionalidade e o grao de compromiso coa sanidade pública de todas as persoas que traballan no Servizo de Oncoloxía do CHUS, que parece ser que nalgún caso se dubida.

O certo é que si aumenta o número de cidadáns que teñen enfermidades deste tipo, por dúas razóns básicas: a primeira é polo aumento da esperanza de vida e a segunda é pola cronificación, grazas aos avances da medicina; é dicir, enfermidades que eran de morte inmediata agora cronifícanse, duran anos, e iso xera efectivamente un aumento da demanda en oncoloxía.

Desde logo o Servizo de Oncoloxía do CHUS ten un prestixio recoñecido, non só a nivel de Galicia, senón en España e en toda Europa. Participa en proxectos de investigación e incluso atende doentes doutras comunidades autónomas.

Desde logo mesturan ás veces temas que non teñen absolutamente nada que ver. Mezclan o Silicon coa demora dun pequeno número de consultas de revisión no Servizo de Oncoloxía da EOXI de Compostela, efectivamente, por un erro, xa corrixido, e que foron reprogramadas todas para este mesmo mes.

Como vén sucedendo nestes últimos anos neste hemicycle, fan vostedes unha apocalipse continua da situación da sanidade pública en Galicia, falando de presión asistencial ou de mala calidade da prestación sanitaria recibida polos doentes no Servizo de Oncoloxía do hospital de Santiago.

E saben vostedes que iso non é así. O Servizo de Oncoloxía funciona razoablemente ben, prestando unha asistencia sanitaria de calidade aos doentes de cancro que acoden para recibir tratamento da súa enfermidade.

E, como lles dicía, ocorreu efectivamente un incidente coa reprogramación automática dunhas citas de revisión, que xa foi resolto de inmediato, estando todos os enfermos –repetidos para ser vistos neste mes de maio. Aquí parece que non se ten en conta que no Servizo de Oncoloxía se fan unhas 30.000 consultas cada ano.

Cremos, polo tanto, que o punto primeiro está absolutamente solucionado.

Con respecto ao segundo apartado, as novas que eu teño é que a plantilla se ten aumentado neste mesmo ano en 3 profesionais –vostedes din que non–, ademais doutros 2 especialistas en oncoloxía médica nas tarefas de investigación, en beneficio dos pacientes.

No mes de xaneiro comezou a actividade da unidade mixta de oncoloxía de precisión, co obxectivo de integrar a asistencia sanitaria e a investigación, poñendo a investigación ao servizo da sociedade e dos doentes.

Moitos avances: a bioxia líquida, a modelización do proceso de metástase ou diagnósticos baseados na nanotecnoloxía

estanse a investigar aquí en Santiago, efectivamente cunha colaboración público-privada, nun proxecto pioneiro en España. Non dubiden vostedes en que esta investigación dará froitos para unha mellor calidade e expectativa de vida dos enfermos de cancro, que non creo eu que estean tan preocupados como parecen estar vostedes continuamente co modelo de financiamento destas liñas de estudo, que poden dar moi bos resultados.

E con respecto ao programa Silicon, o programa Silicon é un programa de prescrición que está implantado nos hospitais de toda Galicia desde hai anos, non é de agora. Como dixo a señora Acuña, está implantado en moitas comunidades autónomas, e, por exemplo, no Vall d'Hebron, que é un hospital de referencia para oncoloxía, funcionan con ese programa de prescrición, cousa que por certo aínda non se fai en oncoloxía en Galicia. É prescrición electrónica asistida, que favorece a validación e a dispensación da medicación por parte do servizo de farmacia e o rexistro electrónico da administración de medicamentos por parte da enfermería.

É certo que ten complexidade na súa utilización; tamén a tiña o Ianus cando empezou, e hoxe por hoxe é un programa moi ben valorado en todo o país.

¿Que ten ese programa? Que incorpora alertas de moitos tipos: de incompatibilidades, de alerxias, de enfermidades de bases que contraindiquen unha aplicación dunha medicación, de toxicidades previas, ou incluso comproba erros no cálculo das doses que se lles dan aos enfermos. Creo que é suficientemente importante.

Realmente, o Silicon non ten nada que ver coa demora puntual dun pequeno grupo de citas de revisión, despois de ter sido utilizado anos, e perfectamente integrado no Ianus.

A día de hoxe, o 80 % das prescricións hospitalarias en Galicia fanse con ese programa, e o seu abandono sería ineficiente, tardaríase anos en desenvolver unha ferramenta similar, podería aumentar os custos arredor dun 1.000 % e non garantiría en ningún caso unha situación mellor que a actual.

Por todo iso, non imos apoiar a súa iniciativa. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Centeno.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Prado, ten vostede a palabra.

**A señora PRADO CORES:** Grazas.

En primeiro lugar, agradecer o apoio de Alternativa Galega de Esquerda, do Grupo Mixto e do PSOE á iniciativa.

Imos aceptar a emenda do Grupo Mixto, e en canto á do PSOE, na primeira emenda, propoñolle unha transacción, que é que nos sucesivos programas electrónicos usados polo Sergas sexan elaborados con recursos propios sempre que sexa posible coa consulta dos profesionais. E si aceptar o segundo punto.

Eu, máis unha vez, señoras e señores deputados do Partido Popular, pois –díxeno antes–, vostedes son reincidentes, ¿non? Diante dun problema desta magnitude –estamos falando de enfermos, doentes, aos que se lles tiña atrasada a consulta practicamente un ano–, ¿cal é a primeira reacción? Negar os feitos; a segunda reacción, recoñecelos; a terceira, facer un parche para solucionar o problema; e a cuarta, acusar a oposición de apocalipse. É dicir, cando o sabio sinala a lúa, o necio mira para o dedo. Balóns fóra, balóns fóra, señor deputado do Partido Popular.

Mire unha cousiña: ¿teríase solucionado o problema se non tiveramos realizado a denuncia? Seguramente non, estou convencida de que non. Porque resulta que estas reprogramacións levábanse facendo dende había meses, e non se fixo nada ata que o BNG presentou a denuncia, ata que o BNG fixo públicas as datas deste doente e foron públicas nos medios de comunicación.

Desgraciadamente, desgraciadamente, ata que se crea alarma social, ata que se fai público, ata que é imposible negar a evidencia, porque hai probas físicas, entón nese momento reacciona o Partido Popular. Reacciona –insisto– poñendo un parche: habilita consultas pola tarde para atender os doentes que estaban reprogramados para 2017.

¿Soluciona isto o problema do funcionamento ou límite do Servizo de Oncoloxía do CHUS de Santiago? Non. ¿Hai profesionais excelentes no Servizo de Oncoloxía do CHUS de Santiago? Si, por suposto que si, e ninguén os está acusando; estámolos acusando a vostedes de facelos traballar ao

límite durante anos (*Aplausos.*), durante anos. Iso é do que os estamos acusando, de que non lles poñen recursos para que poidan desenvolver a súa actuación en condicións, para que poidan atender en condicións os doentes. Iso é do que os estamos acusando.

E o que estamos pedindo é que poñan recursos enriba da mesa, que amplíen a plantilla, que substitúan os profesionais cando teñen dereito aos seus días e ás súas vacacións, que non o están facendo.

Entón, cando vostedes hoxe van votar aquí en contra de que aumenten os recursos de persoal no Servizo de Oncoloxía do CHUS, o que están facendo é, máis unha vez, poñendo sobre as costas dos profesionais dar esa asistencia sanitaria en condicións, e non é posible. Cun parche non se soluciona o problema, nin sequera con esta inxección de 5 millóns de euros, agora *in extremis*, ¡eh!, en plena campaña electoral, para baixar as listas de espera, esas listas de espera...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...das que un día máis outro din que non hai problema e resulta que agora teñen que inxectar 5 millóns de euros para baixalas.

Bueno, eu lamento que non sexan capaces de votar a favor de que se dote un servizo que o necesita de máis persoal, que non sexan capaz de facer iso e non sexan capaces de recoñecer que un programa informático que está causando moitos problemas e cando o persoal non está ao límite estes problemas vains solucionando...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...-remato, señora presidenta—dedicándolles máis atención, cando pasa como no CHUS de Santiago, que están ao límite, cun programa que require o dobre de tempo para a prescrición, resulta que dá como resultado esta situación: atraso de meses. Son incapaces de recoñecer os seus erros e de rectificar. Bueno, máis unha vez, lamentámolo. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas.

Debate acumulado de dúas proposicións non de lei, do Grupo Mixto e da Alternativa Galega de Esquerda.

**Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Consuelo Martínez García e D<sup>a</sup> Mónica Fernández Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas mensualidades que a empresa Linorsa, adxudicataria de numerosos servizos para a Administración galega, lles debe aos seus traballadores**

**Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas mensualidades que a empresa Linorsa, adxudicataria do servizo de limpeza de varios edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia, lles debe aos seus traballadores**

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** A estas proposicións non de lei presentoulles unha emenda o Grupo Parlamentario Popular.

*(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Cristina Romero Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 09/PNP-003685 (50281).*

*Emenda de substitución.*

*Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia:*

*1) A solicitar ao administrador concursal de LINORSA o abono dos salarios adebedados ao persoal da empresa coa maior dilixencia posible de conformidade coa lexislación vixente.*

*2) Continuar co proceso de revisión e resolución dos contratos que manteñan con LINORSA, cando os trámites legais así o permita, e proceder a unha nova contratación con urxencia para garantir a continuidade dos postos de*

*traballo das persoas que prestan servizos nos edificios dependentes da Administración galega.*

*3) Dirixirse ao resto das Administracións Públicas Galegas para que actúen do mesmo xeito en relación coa situación da empresa LINORSA".)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Para formular a proposición non de lei, en primeiro lugar, ten a palabra a señora Martínez García.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Grazas, presidenta.

Ben, Linorsa é unha empresa creada en 1981, con sede en Vigo, que ten entre os seus clientes varios servizos públicos de Galiza, especialmente o Sergas e a Consellería de Educación; en Ourense é concesionaria de limpeza dos colexios públicos; en Lugo, de varias delegacións da Xunta; en Pontevedra e na Coruña atende servizos tanto da Xunta como dos distintos concellos.

Pero a conduta delincente de Linorsa non é recente. No ano 2011 Linorsa despide unha persoa do comité de empresa por mor dunha folga. Posteriormente despide traballadoras que estaban en folga, apoiando a súa compañeira despedida. Esa actitude antisindical de Linorsa é coñecida por todas e por todos, pero, ademais, é unha actitude moito máis criticable cando estamos falando de traballadoras con contratos de fixas discontinuas e que polo tanto moitas delas non tiñan dereito a desemprego.

No ano 2011 tamén, a Inspección de Traballo levantou unha acta por infracción moi grave de Linorsa, por contratar nesa folga onde despediu as traballadoras unha traballadora para suplir as traballadoras en folga.

Pero no ano 2012 segue Linorsa, e Inspección de Traballo constata irregularidades en 25 contratos das traballadoras da limpeza, que estaban como eventuais e deberían ser fixas discontinuas. Tamén no ano 2012 a CIG denuncia irregularidades no proceso de adxudicación do servizo da limpeza do Concello de Vigo, xa que a empresa xa estaba fóra do concurso por fraude á Seguridade Social.

No 2013, os empregados da limpeza dos colexios públicos de Linorsa denuncian atrasos continuados nas súas nóminas.

E no 2014, todos e todas as traballadoras de Linorsa sofren reiterados atrasos nas nóminas, ata tal punto que Linorsa empeza a pagar primeiro o 50 % da nómina e despois o 25 %, sempre cun mes de atraso.

E, sen embargo, a Administración galega e os concellos seguen contratando con Linorsa a limpeza dos centros.

A situación de impago de salarios afecta en Galiza máis de 600 traballadoras e traballadores; falamos de fixos descontinuos, dun contrato a tempo parcial, co cal ingresos mínimos, e un persoal maioritariamente feminino; e estes 600 traballadores e traballadoras, que levan sen cobrar todos estes meses dende o ano 2012, que empeza este problema, están nunha situación tremenda.

Pero no ano 2015 Facenda comunícalle ao comité de empresa que ten unha débeda con Facenda de 1,9 millóns de euros. No 2016 segue mantendo as débedas coa empresa, débelle os salarios e débelle a paga extra de decembro de 2015. O Sergas rescinde o contrato cos centros de saúde de Pontevedra e O Salnés e a Consellería de Política Social rescinde os seus contratos con Linorsa. Pero aínda continúan moitas administracións que teñen contratos con esta empresa, que acumula –como acabo de relatar– un longo historial de incumprimentos en materia laboral, de represión sindical e de incumprimento da lexislación laboral. A día de hoxe as traballadoras seguen sen cobrar os salarios debidos, a paga de decembro e os atrasos de convenio, que tampouco foron aplicados.

Resulta cando menos sorprendente que as administracións manteñan vixentes os contratos cunha empresa que sistematicamente incumpre as súas obrigas co persoal, tanto no pago de salarios como noutras cuestións laborais. Resulta indignante que a única resposta da Consellería de Educación ás traballadoras de Linorsa que se dirixiron á Consellería foi que a Administración galega non pode facer nada porque non pode intervir nas relacións laborais entre a empresa privada e o seu persoal. É insultante, non son relacións entre a empresa privada e o seu persoal, porque esa empresa privada foi contratada pola Administración; polo tanto, a Administración ten unha responsabilidade directa de que esa empresa privada cumpra a legalidade. Non só non pagou á Seguridade Social, non só non pagou a Facenda, senón que tamén non pagou aos seus traballadores e traballadoras, que

é o único do que a Administración galega di que non é responsabilidade súa. No resto si que inflúe, e pon cando saca os pregos de condicións que as empresas non poden ter débedas coa Seguridade Social nin coa Administración. Pero non se lles ocorre e néganse insistentemente en recoller nos pregos que a empresa non pode ter débedas cos traballadores nin pode estar sancionada por incumprimentos en materia laboral.

Resulta impresentable que, tras varias convocatorias de folgas que afectaron a Linorsa ao longo de todos estes anos, o único que fixo a Xunta foi decretar servizos mínimos; por suposto, servizos mínimos que interesaban á empresa. Pero ante a insistencia dos sindicatos en convocar folga en Linorsa, en denunciar impagos de salarios, en denunciar represión sindical, á Xunta de Galiza nunca se lle ocorreu abrir unha investigación a ver que pasaba en Linorsa para que se dera esa situación laboral. Porque realmente ao Partido Popular impórtanlle moi pouco os dereitos dos traballadores e as traballadoras. Téñoos dito aquí máis dunha vez: vostedes miran para outro lado mentres non se dea esta situación.

E así temos que agora nos topamos nunha situación en que as traballadoras teñen que recorrer á Lei concursal para reclamar os seus salarios; unha situación que foi creada como consecuencia dunha reforma laboral bestial contra a clase traballadora, que acabou cos dereitos conquistados pola clase traballadora. Vostedes, por decreto, condenaron a clase traballadora a vivir esta represión e a vivir estes abusos empresariais. E vostedes tamén son os responsables dunha Lei concursal que obviou os dereitos dos traballadores e impuxo antes os dereitos doutros acredores.

Polo tanto, a nosa iniciativa vai no sentido de que a Xunta de Galiza xa non pode seguir tolerando estas situacións, nin Linorsa nin ningunha outra empresa que traballe para a Administración. É unha cuestión de dignidade do propio Goberno, é unha cuestión de responsabilidade do propio Goberno. E é un compromiso que o propio Goberno adquire cos traballadores e as traballadoras das contratas que traballan para a Administración, porque é responsabilidade deles que se cumpran os contratos establecidos.

Polo tanto, presentamos unha iniciativa que o que reclama é que a Xunta se preocupe, a Xunta inste a que se paguen eses salarios, a Xunta anticipe eses salarios do diñeiro que ten

que reclamarlle á propia Linorsa polo incumprimento do contrato. Porque o que non se pode consentir é que os cartos públicos que se lles dan ás empresas que teñen concesións de servizos non se empreguen para pagar as nóminas e as empresas os empreguen nos seus intereses empresariais, abandonando todos os dereitos dos traballadores, incumprindo todos os dereitos dos traballadores e pretendendo que os traballadores e as traballadoras traballen gratis baixo o beneplácito do Goberno galego.

E tamén pedimos que se rescindan xa todos os contratos que Linorsa teña coa Administración galega por incumprimento do contrato.

Son dúas peticións lóxicas, dúas peticións que amparan a clase traballadora, que vostedes teñen abandonado; dúas peticións que piden que vostedes corrixa toda a reforma lexislativa que levou a clase traballadora a vivir na indefensión, que sitúa os propios xuíces nunha dificultade tremenda para ditar sentenzas que sexan xustas. Vostedes impediron a xustiza. É verdade que vostedes fan que se cumpra a legalidade, pero, como a lei é inxusta, vostedes o único que amparan é a inxustiza.

Polo tanto, eu espero que vostedes voten a favor desta iniciativa e defendan por primeira vez os dereitos da clase traballadora e a limpeza e a ética e o compromiso e o cumprimento dos contratos que a Administración e as empresas privadas teñen.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Martínez.

Para formular a proposición non de lei do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Bo día de novo.

Asumo ao cen por cen as palabras que acaba de plantexar dende aquí a voceira do Grupo Mixto, porque, dende logo, a gravidade desta situación implica cara a onde se dirixen as políticas do Partido Popular. ¿Por que se dá esta situación en Linorsa? Porque o Partido Popular aplica o apartheid social.



¿Por que as traballadoras de Linorsa levan catro meses traballando sen cobrar, tendo que ir todos os días ao seu posto de traballo sabendo que non van cobrar a final de mes? Simplemente porque son mulleres, porque son traballadoras e porque son limpadoras, precisamente ese tipo de clase social que o Partido Popular non defende. Se fosen banqueiros, se fosen presidentes de multinacionais, estarían rescatándoas, pero a estas familias –centos de familias en Galicia que levan catro meses sen cobrar un peso– vostedes non as quixeron rescatar; non as quixeron axudar, pero tampouco as quixeron escoitar.

Porque non é de recibo o que hai apenas quince días dixo o señor Conde nesta Cámara cando se traía esta situación ao Pleno tamén a través dunha pregunta do Bloque Nacionalista Galego. Decía que era demagogia, que era populismo e que era oportunista traer esta situación das traballadoras de Linorsa a este pleno. ¿E logo onde se vai traer o problema de 600 familias deste país que non cobran dunha empresa que cobra diñeiro de todos e de todas? ¿Onde se vai debater se non no Pleno do Parlamento? O Partido Popular non quere que no Parlamento se fale destas cousas, non quere que se fale de como pola porta de atrás o diñeiro de todos vai a empresas que son auténticos piratas no social e tamén no laboral.

E nós denunciámos: ¿como é posible que teñan tardado cando menos catro anos en tomar decisións? Porque levan catro anos coñecendo irregularidades desta empresa e existen actas de Inspección de Traballo onde hai actas de gravidade como vulneración dos dereitos de folga dos traballadores, vulneración do dereito a recibir un salario e vulneración da liberdade sindical.

Se non lles parece suficientemente grave para actuar, ¿cando esperaban actuar? Soamente actúan cando lles estala nos narices, soamente toman conciencia cando son capaces de entender que hai 600 familias que lles están dicindo que teñen unha responsabilidade. Porque non teñen empatía, porque non entenden o que é esta situación, porque ningún de vostedes sabe o que é ir traballar á limpeza dun edificio público todos os días por un salario de 900 euros brutos e ter xornada completa. Pero é que todas estas mulleres non teñen xornada completa, a maioría delas son fixas discontinuas, con apenas catro horas diarias, que non chegan nin aos 400 euros ao mes. Van traballar todos os días para cobrar menos

do salario mínimo e aínda por encima levan catro meses indo a traballar sen cobrar.

E vostedes veñen aquí e o señor Conde di que iso non se debate no Parlamento. Exixo a dimisión inmediata da súa responsabilidade como responsable de traballo desta consellería e deste Goberno. Porque unha persoa que non entende que hai que defender traballadores que levan catro meses traballando sen cobrar é unha persoa indigna de ter esa responsabilidade.

E perdóenme a belixerancia, pero é que cando falamos de dereitos laborais hai que falar con contundencia. E os máximos responsables destas actuacións son vostedes, porque utilizan estas empresas para dúas cousas: primeiro, en moitos casos, para entregárllelas a amigos que financian o Partido Popular; e, en segundo lugar, como porta de atrás de clientelismo político para colocar aqueles que non poden colocar na administración pública. Esa é a realidade do Partido Popular que temos que denunciar.

E entón nós hoxe exixímoslles unha cuestión: que rescindan todos os contratos con esta empresa, que obriguen a que se paguen os salarios adebedados. Pero tamén lles exiximos que dunha vez por todas cambien as leis que afogan estas traballadoras. Porque miren, eu xa levo moitos anos nisto e hai case quince anos tiven que discutir co señor Carlos Mantilla, oponente da Lei concursal do Partido Popular, que decía que esta lei era boa para os traballadores. E esta lei significa que a día de hoxe estas traballadoras non poidan cobrar porque o impide unha lei do Partido Popular, unha lei que di que cando hai un concurso de acredores se cobra por estrito orde de vencemento das débedas –dá igual que sexas un traballador ou que sexas unha multinacional–; unha lei que fai que as débedas salariais da declaración do concurso pasen a chamarse *créditos contra la masa*. ¿Sabe que é un *crédito contra la masa*? É un crédito que está aí e que xa veremos se se cobra, e que case nunca se cobra.

Polo tanto, estamos ante unha fraude de dúas direccións: primeiro, empresas que se financian con cartos públicos, que se declaran en concurso de acredores, que non pagan os salarios e que ao final eses salarios son pagados polo Fogasa; por certo, un Fogasa que é financiado co que se lles resta aos traballadores todos os meses das súas nóminas.

Polo tanto, é a estafa perfecta: unha lei concursal feita para salvar empresas piratas, pero para condenar os nosos traballadores e as nosas traballadoras. E iso é o que está pasando hoxe. E por iso vostedes din na súa emenda que lla dirixamos á Administración concursal para que pague. Pero vostedes saben que a Administración concursal é unha persoa que está restrinxida por unha lei concursal feita á medida das empresas e contra a clase obreira e contra os traballadores.

Pero tamén saben vostedes que fixeron todo o posible para que esa reforma laboral impida a defensa destas traballadoras. Porque calquera destas traballadoras pode ir ata o xulgado e dicir: eu quero que se me pague. ¿Pero sabe o que di a norma cando vai reclamar salarios impagados? Non, o único que podes facer é asumir o teu despedimento. Esa é a opción. Se non me pagan, pódome ir da empresa, claro, son despedido, pero quedo sen posto de traballo.

Esas son as decisións que tomaron gobernos que estiveron atacando a clase obreira durante decenios neste país e no conxunto do Estado. Esa reforma laboral que, ademais, está dicindo que cando sexan despedidas van ser despedidas con menos recursos, con menos salarios e con menos indemnización. Polo tanto, o primeiro que hai que facer é eliminar esas dúas normas lesivas para a clase obreira, e o segundo, eliminar os gobernos que defenden as empresas e non os traballadores.

A nosa proposta é moi clara: ¿como se pode entender que servizos públicos básicos, como pode ser a limpeza dos colexios, a limpeza dos hospitais, dos centros de día, dos xerátricos, estean en man de empresas que non pagan á súa xente? ¿Que me di vostede dunha empresa que non é capaz de pagarlles aos seus traballadores e que vai facer, por exemplo, cos produtos utilizados para limpar por exemplo –non sei– unha sala de curas dun ambulatorio ou un centro onde estudan todos os días nenos e nenas? E despois queixámonos das cousas que pasan. Cando son capaces de non gastar en salarios, ¿que non estarán facendo noutro tipo de cuestións? E vostedes, mirando para outro lado, de perfil, ¡de perfil!

Polo tanto, nós, unha vez máis, temos que traer a este Pleno os debates de verdade, os debates que lles dan a vostedes unha bofetada coa realidade, con esa recuperación que din que é de vostedes. ¿Cal é a recuperación das traballadoras de Linorsa? ¿Cal é a recuperación, que levan catro meses sen

poder atender as súas familias? ¿Quen lles vai atender os prexuízos causados pola indecencia do Partido Popular, que non as defende, eses prexuízos dunha familia que cobra 400 euros ao mes e está catro meses sen cobrar nada? Porque moitas delas xa foron visitadas polos seus bancos, onde teñen as súas hipotecas, dicíndolles: a ver que pasa, porque non estades pagando a hipoteca. E moitas delas están a día de hoxe a tratamento, porque son incapaces de soste esta situación, de traballar sen cobrar. E eses prexuízos ¿quen os vai cubrir? Ninguén, absolutamente ninguén, nin sequera van cubrir a totalidade da débeda salarial.

Polo tanto, vostedes hoxe teñen, primeiro, que emendar o conselleiro. Porque ese conselleiro que indignamente dixo aquí hai quince días que non se podía facer nada hoxe vai ter que asumir que o seu grupo plantexa unha emenda que no fundamental practicamente di o mesmo que dicimos dende o Grupo Mixto ou dende AGE. Se non se podía facer hai quince días, ¿por que se pode facer hoxe? Estamos ante un conselleiro indigno da súa responsabilidade, porque non coñece a normativa laboral. Pero podería non coñecela pero molestar en intentalo, pero nin sequera se molesta, porque lle dá igual, dálle igual o que lle pase á clase obreira deste país. Porque xa hai un novo modelo de clase obreira neste país: os traballadores zombis, traballadores como os de Linorsa que van traballar sen cobrar. ¿Que imos facer con esas empresas?

Eu suxírolle que tomen en serio estas cuestións, porque, se non, mañá os que deberían de estar traballando sen cobrar son vostedes e non as traballadoras de Linorsa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Fajardo.

Para a defensa das emendas do Grupo Popular ten a palabra a señora Romero Fernández.

**A señora ROMERO FERNÁNDEZ:** Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Señorías, bueno, quero, en primeiro lugar, saudar a todas aquelas traballadoras que nos poidan estar seguindo en

directo e tamén amosar por parte deste Grupo Parlamentario Popular o noso apoio e solidariedade con todas estas traballadoras polo impago dos seus salarios por parte desta empresa, e reiterar o compromiso do Goberno galego, feito público no pasado pleno polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

Presentamos unha emenda de substitución, porque a Xunta de Galicia non pode obrigar a empresa a que aboe os salarios que lles debe ás traballadoras e tampouco pode aboar directamente ás traballadoras os salarios a cambio de pagar as posibles facturas pendentes por esta empresa, nin pode anticipar os salarios que debe a empresa nin sequera contra un acordo de devolución, e moito menos facerse cargo temporalmente destas traballadoras, porque non son traballadoras da Xunta e poderíase alegar cesión ilegal de traballadores.

Pois ben, isto, que digo que a Xunta non pode facer, é o que están a pedir, literalmente, na súa proposición non de lei, e legalmente non é posible, e sábeno, e tamén o sabemos todos os grupos parlamentarios. Saben que na actualidade, como se dixo aquí, a empresa Linorsa se atopa en situación de concurso de acredores, declarado polo auto do Xulgado do Mercantil número 3 de Pontevedra, con sede en Vigo, o pasado 19 de abril deste ano.

Saben que, ao estar en concurso de acredores, todos os pagos pendentes por parte da Xunta de Galicia, e de calquera outra empresa que teña pendente algún pago con Linorsa, non llos poden facer directamente a Linorsa, senón que se debe facer a través da Administración concursal. E, por suposto, saben que nesta situación o aboamento dos salarios adebedados xa non os fai directamente Linorsa, senón que está en mans do administrador concursal. Sábeno vostedes e sabémolo todos, pero creo que cómpre aclaralo. Por iso, supoño que non terán ningún inconveniente en aceptar a nosa emenda de substitución no que se refire a esta cuestión, que mellora, actualiza e se adapta á realidade de dificultade que están a pasar estas traballadoras.

O noso punto 1, que substituiría o punto 1 das súas dúas iniciativas, di literalmente: “Solicitar ao administrador concursal de Linorsa o aboamento dos salarios adebedados ao persoal da empresa, coa maior dilixencia posible, de conformidade coa lexislación vixente.” Porque non se pode instar a

Xunta a que salte e ignore as leis, a que salte e ignore os trámites e a que salte e ignore todos os procedementos administrativos.

Porque –repito– é o administrador concursal, e non Linorsa, o que ten, a partir de agora, que traballar para garantir o pagamento dos salarios pendentes, e teno que facer cumprindo o Estatuto dos traballadores e a Lei concursal, lei que outorga preferencia ás retribucións non satisfeitas dos traballadores sobre outros créditos que se deban á empresa ou sobre outras débedas que teña a empresa.

O Goberno da Xunta de Galicia sempre está –e sempre estará– ao lado das persoas que vexan os seus dereitos lesionados, tamén hoxe en relación co persoal de Linorsa e as súas reivindicacións. De feito, a Xunta leva traballado, levando a cabo as xestións que lle corresponden, moito antes de que neste Parlamento se teñan rexistrado estas iniciativas e outras que xa se teñen debatido ao respecto.

E actúa a Xunta en dúas vertentes: no eido laboral, actuando onde ten que actuar, na Inspección de Traballo, investigando todas as denuncias, abrindo expedientes sancionadores e sancionando as infraccións; no eido da contratación, rescindindo os contratos, como ben recoñeceu a señora Martínez –que xa hai contratos rescindidos, cando os trámites legais así o permiten, evidentemente–, e procedendo a unha nova contratación coa subrogación dos traballadores.

Neste sentido é o que vai no segundo punto da nosa emenda, que tamén mellora e actualiza e se adapta á realidade actual do procedemento de resolución dos contratos por parte da Xunta de Galicia, punto que di literalmente: “Continuar co proceso de revisión e de resolución dos contratos que manteña con Linorsa” –a Xunta de Galicia, enténdese– “cando os trámites legais así o permitan e proceder a unha nova contratación con urxencia para garantir a continuidade dos postos de traballo das persoas que prestan servizos nos edificios dependentes da Administración galega.” Queremos garantir a continuidade de todos estes postos de traballo, e a única maneira é facelo dun xeito eficaz e a través dunha tramitación correcta e conforme a normativa vixente.

Señorías, non se pode presentar este problema como se fose exclusivo da administración pública ou exclusivo dos gobernos do Partido Popular, porque vostedes saben que non é así.

Outras administracións públicas onde gobernan outras forzas políticas tamén contrataron con Linorsa e tamén teñen traballadoras afectadas. Este problema tamén o está a xestionar o BNG no Concello de Pontevedra e os socialistas na Deputación de Pontevedra, e mesmo en Castilla-A Mancha, onde Comisións Obreiras, segundo os periódicos dixitais, pois tacha o Goberno socialista de falta de vontade política para resolver esta mesma situación que están a sufrir as traballadoras de Linorsa nesta comunidade autónoma.

Ben, vostedes non fan referencia na súa proposición non de lei a esta realidade. Bueno, non sei se porque o que vale, señor Fajardo, para uns gobernos de esquerda non vale para os do PP, pero, bueno, nós tamén nos preocupamos por estas traballadoras que traballan nas dependencia doutras administracións. Por iso engadimos un terceiro punto, que di literalmente: “Dirixirse ao resto das administracións públicas para que actúen do mesmo xeito en relación coa empresa Linorsa.” –enténdese do mesmo xeito que é o que reflectimos na nosa emenda nos puntos 1 e 2–.

En definitiva, señoría, trátase dunha emenda de substitución que actualiza e mellora os textos que presentan tanto AGE como o Grupo Mixto, e que penso que podían calquera de vostedes dous aceptar perfectamente. E así nos permitiría, dun xeito responsable e rigoroso, mostrar o apoio unánime deste Parlamento coas traballadoras e coa situación de tremenda dificultade que están a pasar moitas destas familias.

Gustaríame pensar que, bueno, señor Fajardo, non traen a este Parlamento isto para facer demagogia nin para facer crer, señor Fajardo, que, se non cobran mañá as traballadoras, non é porque o PP non quere, porque parece da súa intervención que, de verdade –laméntoo moitísimo–, así é. E quero agradecer tamén á señora Martínez que non fixera demagogia disto, que entendo que, bueno, aquí todos tiramos un pouco nestas intervencións cara ao noso; bueno, é moi fácil facer demagogia con este tema e agradezo que a señora Martínez non o fixera.

Esperando, pois nada máis, acadar un consenso nesta situación, por ben de todos e, sobre todo, desta Cámara, espero que acepten a emenda.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Romero.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Acaba de dicir a deputada do Partido Popular señora Romero que toda a solidariedade e compromiso do Partido Popular, ¿non? A verdade é que a solidariedade está ben, pero actuar está mellor, e o compromiso, o único compromiso que fixo aquí o outro día o señor conselleiro foi dicir que estaba movendo papeis, ademais de vir aquí insultar esta deputada por traer un problema que afecta varios centos de traballadores neste país a este Parlamento, ademais desa cuestión.

E mire, vostede dixo aquí todo o que non podía facer o Goberno, e eu dígolle todo o que si pode facer o Goberno no tema do problema das traballadoras de Linorsa. E o que pode facer, primeiro, é rescindir xa, rescindir xa, e non dicir que están facendo papeis para ver se poden rescindir. Vostede sabe que poden facelo xa.

Tamén poden poñerse do lado das traballadoras, poden poñerse do lado das traballadoras dun xeito claro, por exemplo recibíndoas, e non como aínda onte lles dixeron ás traballadoras e aos seus representantes sindicais en Lugo os responsables da Xunta, que é: non temos nada que dicirvos. Onte en Lugo os representantes da Xunta, do Partido Popular, dixéronlles ás traballadoras de Linorsa: non temos nada que dicirvos. Iso é o que di vostede cando fala de compromiso. Dixéronlles iso: non temos nada que dicirvos. ¿Non lles comunicaron que están rescindindo contratos do Sergas nin das instalacións de Medio Rural en Lugo? Non. Non lles comunicaron nada diso, señora deputada. Dixéronlles: non temos nada que dicirvos.

Tamén poden rescindir o contrato e facer, efectivamente, como Castela-A Mancha ou como en León. ¿Que fixeron administracións doutro tipo? Rescindir o contrato, facerse cargo, contratar unha empresa temporalmente para que as traballadoras poidan seguir traballando, en tanto non licitan de novo. Claro que se pode facer outra cousa, e vostedes non o están a facer e si o poden facer.

Eu, desde logo, lamento que vostedes digan que teñen compromiso coas traballadoras cando desde o día 18 as traballa-

doras dos centros de ensino na comarca de Compostela seguen en folga, están en folga e seguen en folga; cando as traballadoras das dependencias de Medio Rural de Lugo e das dependencias do Sergas de Lugo seguen en folga. Non creo eu que sexa pois porque non teñen outra cousa que facer. Fano porque están nunha situación límite; fano porque estaban traballando sen cobrar; fano porque –como xa se dixo aquí– os seus salarios en moitos casos son os únicos que entran nas súas casas, e, desde logo, coa situación á que ten abocado a empresa, que leva sen pagarlles varios meses, é que non pode facer fronte aos pagos das súas hipotecas, dos seus recibos, da súa manutención, da dos seus fillos; fano porque están nunha situación complicada, unha situación denunciada en moitas ocasións, denunciada desde hai meses; é dicir, que Linorsa é permanentemente reincidente na situación de non pagar os salarios ás súas traballadoras.

E lévanse meses, anos, non meses, denunciando esta situación. E a Xunta de Galiza, despois de saber, porque tiña coñecemento –díxeno aquí o outro día e volvo repetilo–, por terra, mar e aire de cal era a situación de Linorsa, tiña recibido denuncias en Inspección de Traballo, tiña recibido denuncias directamente polos representantes das traballadoras, que puxeron en coñecemento da Xunta a situación, e tiña recibido comunicación do embargo das súas contas por parte da Seguridade Social e por parte da Axencia Tributaria, a Xunta sabía esta situación e, a pesar de sabelo, renovoulle, fixolle unha addenda ao contrato, prorrogoulle o contrato a Linorsa sabendo esta situación.

É dicir, non é certo que o Partido Popular na Xunta de Galicia fixera todo o posible, non é certo. E o que pode facer, efectivamente, é axilidade. Foi o que lle preguntamos no anterior pleno aquí ao conselleiro, que fora máis áxil e que solucionara o problema, cousa que, evidentemente, quince días despois, non fixo.

O Bloque Nacionalista Galego volveu levar este tema á Comisión 4ª a semana pasada, e volveu atoparse co “non” do Partido Popular, co “non” do Partido Popular. O das palabras está moi ben, pero os feitos están moito mellor.

E, desde logo, o Goberno da Xunta ten instrumentos legais para actuar. Abocou as traballadoras á folga porque díxolles que, entre tanto non houbera consecuencias, non ía facer nada. Obrigounas a ir á folga porque díxolles insistentemen-

te que, se non había consecuencias e o servizo se estaba dando, non ía actuar. Obrigounas a ir á folga.

Pero, ademais, o que ten un goberno –e, desde logo, este tamén o ten– son instrumentos políticos, instrumentos políticos para actuar, ten instrumentos políticos, primeiro, para poñerse do lado das traballadoras e dicirlle claramente á empresa que non lle vai consentir esta actuación e que, desde logo, non vai facer contratos con ela; ten instrumentos políticos para lanzar unha mensaxe clara de que coas traballadoras que traballan para empresas que son pagadas con recursos públicos non se pode ter esa actuación; non pode pasar un mes e outro sen pagarlles os seus salarios. Claro que pode facelo.

¿Cal é a cuestión? Que o Partido Popular non é nada diligente á hora de poñerse do lado dos traballadores e traballadoras. Non, non o foi nunca. Falta a primeira vez que se traía un problema laboral a este Parlamento e que o Partido Popular diga: efectivamente, non imos consentir nin un abuso máis á clase traballadora; falta a primeira vez. Sempre ten excusas de mal pagador para dilatar os tempos, para buscar a quen botarlle a culpa, para buscar noutros a solución que está na súa man facelo.

Co cal imos votar a favor das iniciativas tal como están presentadas e, desde logo, non imos votar a favor de se se acepta a emenda do Partido Popular, porque é botar balóns fóra, é demandarlle a outra administración que faga o que esta administración xa ten que facer, pero que está na man do Partido Popular na Xunta de Galicia facer outras cuestións como as que se piden nas iniciativas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra a señora Quintas Álvarez.

**A señora QUINTAS ÁLVAREZ:** Grazas, señora presidenta.

Bo día.

Bueno, por suposto, o Partido Socialista vai apoiar estas iniciativas.

Mil douscentos traballadores afectados, dentro e fóra de Galicia, da compañía Linorsa.

É certo que as adjudicacións, tanto na Consellería de Educación como no Servizo Galego de Saúde –o Sergas–, como en Xustiza ou como noutras administracións públicas, a unha empresa que ten demostrado –e non é a primeira empresa que ten demostrado– un proceder, en principio, sospeitoso, rescindindo contratos e non pagando aos seus traballadores.

Cremos, dende o Partido Socialista, que as administracións deben de ser garantes de que os traballadores e traballadoras teñan unha seguridade no seu traballo. Ás veces, porque traíamos aquí constantemente temas desta, entendo que relevancia, pero que son sucesivamente un tema tras outro de traballadores e traballadoras despedidos, parece que non lle damos importancia. Pero, hai unha realidade máis alá dese *país de las maravillas* que pretendía describir o presidente da Xunta hoxe pola mañá. Un país, dende logo, que non se corresponde coa realidade; un país, dende logo, en que non se entende por que o Goberno galego non permite o acceso a moitos traballadores e traballadoras a este propio Pleno, en que non se entende por que o Goberno galego non recibe a moitos traballadores e traballadoras que están nesta situación.

É sospeitoso que unha empresa con tantas adjudicacións públicas chegue a un procedemento concursal cunha débeda de 8,6 millóns de euros, ¿non? Se a administración paga, se están limpando os colexios, se estamos limpando a Administración de Xustiza, se ese traballo se realiza, ás veces é sospeitoso que pasen estas cousas. E ás veces é sospeitoso que a Administración non tome as medidas precisas e necesarias.

Por outra parte, estamos falando dese *país de las maravillas* que nos definía o presidente da Xunta hoxe pola mañá, pero, sen embargo, organismos internacionais din que os traballadores do Estado español –os traballadores galegos– xa son traballadores pobres. Pero organismos internacionais tamén din que esa fenda salarial, terrible, que hai entre homes e mulleres é cada vez máis grande e, en concreto, con esta empresa da que estamos falando, estamos falando dun emprego absolutamente feminizado. Estamos falando dun emprego absolutamente feminizado, dun emprego que non é fixo, dun emprego que é por horas. E, a máis de máis, estamos falando dunhas familias que van quedar sen cobrar,

dunhas familias que quedan na rúa, dunhas mulleres que, á parte de gañar menos que os homes no seu traballo e á parte de ter menos dereitos por unhas reformas laborais inxustas, se encontran nunha situación moi complicada.

Como digo, imos apoiar esta iniciativa.

Estamos en precampaña, por tanto, é certo que moitas veces o Goberno galego se reúne con algún traballador e traballadora e lle fai aquelas promesas; eu todavía recordo a anterior campaña das autonómicas, como os traballadores do Servizo Galego de Emprego creron aquelas promesas, que despois se traduciron en despedimentos. Esperemos que, como digo, ese *país de las maravillas* que define o señor Feijóo, que non se corresponde cunha realidade cuantificada, esteamos atentos a estas mulleres e homes. Por tanto, imos apoiar esta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Quintas.

Polo grupo parlamentario autor dunha das proposicións non de lei, ten a palabra a señora Martínez García.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Grazas, presidenta.

Bueno, eu creo que hoxe, nesta iniciativa, o que realmente podemos dicir é que falamos de algo tan actual e tan importante como a loita de clases. Hai evidentemente unha loita de clases neste país, que se reflicte nun conflito como o de Linorsa.

Pola nosa parte, eu vou aceptar a emenda do Partido Popular. Sei que o punto 1 non di máis alá, non aporta moito máis, posto que, de conformidade coa lexislación vixente, a lexislación vixente é bastante inxusta coa clase traballadora e difícilmente moito chegar a cobrar. Pero, considero, tamén, que é moito máis importante chegar a un acordo que comprometa a Xunta coa defensa dos intereses das traballadoras e dos traballadores de Linorsa.

Non estou de acordo con que non se poida facer o que pedimos. Creo que se pode facer o que a vontade quere facer –pódese facer moito máis do que se fai–, pero creo que o

importante é que hoxe este Parlamento e a Xunta se comprometan a apoiar as traballadoras de Linorsa. Polo tanto, acepto a emenda e xa falei co Partido Popular, emendante, para engadir un cuarto punto que diría, como outra obrigación que adquire a Xunta: “Trasladar á representación legal dos traballadores e traballadoras as accións que emprende a Administración en relación cos puntos anteriores”.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** A verdade é que eu lamento profundamente non só que o conselleiro descoñeza a normativa laboral –incluso a lei concursal–, senón que tamén a portavoz do Partido Popular. Porque vir aquí dicir que exirlle á Administración concursal que pague, porque ela é a responsable dos pagos e garante cobrar, é unha barbaridade.

Vostede sabe que desde que se declara o concurso ata que se saca o informe concursal, que fai unha valoración das débedas, non se pagan nada máis que aqueles créditos que vencen, por estrito orde de vencemento das datas, non pola súa cualificación; e que despois, no informe, se cualifican os créditos, prioritarios, *contra la masa*, privilexiados. E é precisamente o crédito salarial un dos que sempre sae prexudicado, porque soamente se recoñece como privilexiado as indemnizacións e os trinta días anteriores á declaración do concurso. Polo tanto, aí hai unha normativa laboral do Partido Popular lesiva cos traballadores.

Pero, dende logo, o que eu non podoo asumir é que vostedes me digan que fan todo o posible, porque a realidade é que estes feitos xa se coñecían. Levamos dous anos coñecendo que hai impagos, que hai vulneración de dereitos fundamentais, vulneración de dereitos sindicais, e a Xunta mirando cara a outro lado. Soamente cando estalla e, sobre todo, cando as compañeiras se mobilizan e declaran unha folga que xera problemas nos servizos públicos, é cando se actúa. Namentres estiveron traballando sen cobrar, a vostedes deulles absolutamente igual. Soamente cando paralizan o seu traballo –porque é imposible ir traballar todos os días sen cobrar–, é cando a Xunta empeza a actuar.

Pero, sobre todo, aquí hai unha realidade e é que nos pregos, nas cláusulas de contratos da Xunta de Galicia, poderían incluírse cláusulas sociais que, por exemplo, impidan que unha empresa con historial delituoso no respecto do dereito dos traballadores, non poida acceder a un contrato público; ou unha empresa que acumula impagos aos seus traballadores tampouco poida acudir a un contrato público.

Iso é o que vostedes tiñan que facer. É máis, iso é o que se ten debatido nesta Cámara nalgunha ocasión e vostedes dixeron que non. Non fai moito tempo que nesta mesma Cámara se debateu unha proposta para que se incluísen esas cláusulas e vostedes sempre din que non. ¿Por que? Porque vostedes queren a lei da selva no laboral, e que cada traballador se defenda individualmente, e non exista unha defensa colectiva ou un goberno que vele polos intereses da clase traballadora e dos seus, digamos, afectados.

Polo tanto, eu creo que se perdeu a batalla para que vostedes entendan que as traballadoras non poden seguir traballando sen cobrar. E paréceme que a única fórmula para que entenden o que significa esta situación é que a semana que vén cada un de nós tivera que ir limpar un centro público con elas e ver o que significa limpar un centro público sen cobrar un peso ó fin da semana.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

¿Sobre a emenda? ¿Acepta a emenda do...?

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Non.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Pasamos, polo tanto, á votación das proposicións non de lei. Comezamos coa votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular.

Xa manifestou que non aceptaba a emenda do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do plan de apoio á pesca artesanal anunciado pola Consellería do Mar e dirixido a mellorar a súa competitividade, así como as condicións de traballo dos seus profesionais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 33.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista.

Manifestou o ponente do Grupo Popular que solicitaba votación por puntos. Non a acepta o Grupo Socialista. Polo tanto, votamos a proposición tal e como está.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Carmen Acuña do Campo e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención que se está a prestar ás persoas con enfermidades psiquiátricas crónicas derivadas a residencias da terceira idade.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Perdón. ¿Que quería? ¿Votaba a favor? ¿A favor?

Bueno, entón creo que eran 33 a favor.

Votamos agora a proposición... Non, se queren, repetimos a votación, pero creo que era... *(Murmurios.)* Era unha cousa que tampouco...

Votamos, polo tanto, a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de Don Jesús Antonio Goldar.

Non aceptou as emendas que se lle formularon.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jesús Antonio Goldar Güimil e seis deputados/as máis, sobre a execución no ano 2016 dos dous primeiros treitos da autovía do Morrazo, así como o remate nese ano da redacción e aprobación do proxecto do terceiro treito.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 33.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a Proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Tereixa Paz Franco, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos gastos de publicidade e propaganda realizados polos distintos organismos e entidades do sector público galego.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a Proposición do Grupo Parlamentario Socialista.



Xa manifestou o ponente que non aceptaba as emendas.

Votamos.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Perdón? ¿Que aceptaba as emendas? ¿Que dixen, que non aceptaba? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Ah!, perdón. Pois que aceptaba, que aceptaba as emendas.

Para... Empezamos. Rectifico, se o dixen mal. Acepta as emendas. *(Murmurios.)*

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio Vázquez Blanco e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector do libro e das bibliotecas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta iniciativa.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Segundo me consta, segundo manifestou a ponente, acepta a emenda do Grupo Mixto e propón unha transacción co punto 1º da emenda do Grupo Parlamentario Socialista e acepta o punto 2º do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos, polo tanto.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reprogramación das citas para consultas de revisión oncolóxica na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, así como o funcionamento do programa informático de prescrición farmacéutica Silicon.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora as proposicións non de lei que se debateron conxuntamente, pero en primeiro lugar votamos a do Grupo Parlamentario Mixto. Ambas son en relación coas mensualidades que a empresa Linorsa, adxudicataria de numerosos servizos para a Administración galega, lles debe aos seus traballadores.

Votamos, en primeiro lugar, a do Grupo Mixto, que manifestou que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos. *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Perdón?

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** A emenda coa engádega que lin. Pásolla por escrito despois.

**O señor PRESIDENTE:** Si, si. Perfecto. *(Murmurios.)*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de María Consuelo Martínez García e Mónica Fernández Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas mensualidades que a empresa Linorsa, adxudicataria de numerosos servizos para a Administración galega, lles debe aos seus traballadores.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 63; abstencións, 7.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** E votamos agora a mesma, que é do Grupo Parlamentario de Alternativa sobre o mesmo tema –debatida conxuntamente, do Grupo Parlamentario da Alter-

nativa Galega de Esquerda–, que en concreto é sobre as actuacións a levar a cabo polo Goberno galego en relación coas mensuralidades que a empresa Linorsa, adxudicataria do Servizo de Limpeza e de varios edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia, lles debe aos seus traballadores.

Ou sexa, o mesmo que dixemos antes, (*Risos.*) e xa dixo vostede que non aceptaba a emenda.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de Juan Manuel Fajardo Recouso e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas mensuralidades que a empresa Linorsa, adxudicataria do servizo de limpeza de varios edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia, lles debe aos seus traballadores.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Antes de suspender a sesión, quero comunicar unha alteración na orde do día, e é que –xa falado cos interesados– a pregunta que no turno de preguntas ao Goberno figuraba en quinto lugar se tramitará en segundo lugar.

Suspéndese a sesión ata as catro e media.

*Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto 5 da orde do día, que se corresponde co de interpelacións.

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a avaliación do funcionamento e das carencias do actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Paz.

**A señora PAZ FRANCO:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Señor vicepresidente da Xunta, compañeiros do colectivo de bombeiros e representantes da Mesa Intersindical de Bombeiros de Galiza que nos acompañan desde a tribuna de convidados.

Como poden comprobar todas as súas señorías e o vicepresidente da Xunta de Galiza, esta interpelación que traemos hoxe a este pleno é bastante antiga e foi rexistrada por este grupo o 7 de maio do ano 2015. Quixemos utilizala premeditadamente para poñer de manifesto que cuestións como as que veñen de pasar recentemente, hai concretamente quince días co incendio en Moaña das instalacións de Fandicosta, ou unha semana despois, hai sei días, nun incendio en Fornelos de Montes, no que se detectaron numerosas eivas no funcionamento do dispositivo de emerxencias e loita contra incendios do noso país, non son froito da casualidade, senón que son resultado dunhas deficiencias estruturais que ten o sistema de emerxencias do noso país, que foi denunciado en innumerables momentos e en innumerables ocasións tanto polos propios traballadores dos distintos colectivos de bombeiros que existen no noso país como por diferentes plataformas, e denuncias das que nos fixemos tamén eco este grupo parlamentar.

Desde entón, concretamente en novembro do ano 2015, compareceu vostede aquí, señor Rueda, para informar sobre o modelo de xestión integrada de atención ás emerxencias en Galiza, e naquela ocasión fixo afirmacións tan taxativas como que froito dos esforzos de moitos anos –non só destes últimos anos, estes últimos anos especialmente, pero de moitos anos–, en 2016 estará por fin plenamente operativo o Mapa de emerxencias de Galiza. Decía vostede que era o sistema máis racional, e que ademais, coa incorporación dos grupos supramunicipais, o consideraban completo. Decía vostede que ademais estará dirixido por unha Axencia Galega de Emerxencias, unha axencia reforzada na súa operatividade e tamén nos seus medios, unha plataforma tecnolóxica totalmente modernizada e con instrumentos de planificación ampliados e actualizados a partir de agora. Os

efectivos estarán mellor integrados, a través do seu uso común, dunha nova rede dixital para as súas comunicacións, e mellor formados.

Poderíamos dicir que a cobertura polos parques de bombeiros na nosa comunidade é do 89,3 % da poboación, contando os das cidades, e do 71,8 % da superficie.

Remataba vostede dicindo: “Temos hoxe, penso, un mapa coherente, un mapa con maior cobertura, con mellores comunicacións, con servizos mellor equipados que nos últimos anos, e un centro que coordina todas as necesidades neste eido e que procura actualizar e potenciar a operatividade e os coñecementos de todo ese persoal”.

Con todo o respecto, señor Rueda, teño que dicirlle que se neste país non temos percances con consecuencias máis graves é pola dedicación e pola profesionalidade dos traballadores, pero, desde logo, non porque estas afirmacións que facía vostede aquí con tanta rotundidade e con tanta solemnidade se axusten á realidade. Mire, o incendio de Fandicosta en Moaña pon de manifesto e en evidencia empiricamente todas e cada unha das deficiencias que se veñen denunciando en relación co seu dispositivo.

Quero lembrar que cando se presentou o Mapa final hai xa un par de anos, cando se crearon os GES, o señor Villanueva afirmou neste Parlamento que en todo o territorio galego había unha cobertura nunhas isócronas de 20 minutos desde calquera dispositivo de emerxencias e de loita contra os incendios, e que había os instrumentos necesarios para a coordinación e para a existencia dun mando único, que se establecía a través do 112.

Todo iso, señor Rueda, esvaeuse coma un azucarillo no incendio de Fandicosta. Houbo unha total e absoluta improvisación, tanto na mobilización dos medios como na coordinación nos medios que se desprazaron ao incendio de Fandicosta, non se estableceu ningún mando único e, como din os bombeiros, non se trata de facer alí grandes despliegues, de levar un camión para que pareza que hai un mando único, senón de establecer e regular nun incendio, no que se mobilizan dispositivos procedentes de distintas administracións, quen dirixe o incendio, e non o que pasou alí, que cada un fixo o que boamente puido.

Desde logo, o desastre debeu ser de tal magnitude que mesmo o presidente da Xunta de Galiza ao día seguinte dixo que pedía explicacións e que pedía que por parte do 112 se lle dese unha explicación acerca do que estaba acontecendo alí. E a cidadanía, señor Rueda, non só os veciños e as veciñas de Moaña, non só os traballadores e as traballadoras afectadas polo incendio desa fábrica, que agora van ter que padecer un expediente de regulación de emprego, teñen dereito a saber por que desde o 112 non se mobilizou o parque de bombeiros municipal de Vigo, que está a 8 minutos de onde se estaba producindo o incendio, mentres se mobilizou o de Ribadumia, o de Porriño ou os que estaban a moita maior distancia, con moitos menos medios humanos e moitos menos medios materiais.

Cando pasara practicamente unha hora desde o incendio, o único que había eran 3 camións e 3 traballadores. ¿Cren vostedes que con esa dotación se pode facer fronte a un incendio?

Hai outra particularidade, señor Rueda: como o servizo dos parques comarcais da provincia de Pontevedra –do Consorcio de Pontevedra– están absolutamente privatizados, a dotación de persoal deses parques é absolutamente insuficiente, de tal forma que cando se mobilizaron para ir ao incendio de Fandicosta quedou o parque do Porriño sen ningún persoal e tiveron que, desde Pontearreas, facerse cargo, non só da área de Pontearreas senón tamén da área do Porriño. E o mesmo ocorreu en Ribadumia.

Pero é que a falta de persoal, señor Rueda... Como xa lle dixemos aquí en moitas ocasións non é normal que nos parques haxa unha media por turno de 3 persoas, cando desde as institucións europeas se establece que o óptimo é un mínimo de 5 persoas por turno, e iso nos GES, por exemplo, nin sequera se cumpre, porque cando foi este último incendio de Fornelos de Montes, cando os bombeiros do Porriño pediron reforzos a Redondela, non puideron saír do GES de Redondela porque non había ninguén dispoñible naquel momento, e tiveron que chamar ao GES de Aviión, que tardou practicamente dúas horas en chegar ao lugar do incendio, unha vez máis cando o parque de Vigo estaba moito máis cerca e cunha isócrona moito máis razoable.

Por iso, señor Rueda, eu non quería quedar unicamente no feito concreto de Fandicosta, simplemente o utilicei porque

foi un feito grave que puxo de manifesto todas as deficiencias do sistema de emerxencias que temos neste país, pero eu o que quero é transcender este feito concreto que simplifica esas deficiencias para ir ao fondo da cuestión.

Vostede naquela comparecencia tamén dixo que se as deputacións provinciais estaban dispostas a revisar o modelo, tanto no que atinxe á súa privatización como ao ámbito competencial, a Xunta non ía ser un obstáculo, e por iso eu lle pregunto unha vez máis. Hai unha lei aprobada no ano 2007 –a Lei de emerxencias– que nas súas disposicións adicionais establecía prazos concretos. Se se tiveran feito nos prazos que marca a lei, se case dez anos despois se tivese cumprido o que marca a lei –que, por certo, xa empezo por dicir que ten contrastado, logo do paso do tempo, moitas deficiencias que deberían ser melloradas–, se se cumprisen esas disposicións adicionais, moitas das cuestións que se detectaron no incendio de Fandicosta non terían ocorrido.

Por exemplo, ¿cando ten vostede pensado homoxeneizar –que lle daba un prazo de tres anos á lei– tanto as prestacións como as condicións de traballo de todo o persoal do servizo de emerxencias e incendios en todo o territorio de Galiza?

Tamén, se se tivera elaborado un plan director dos servizos e se definira un modelo de reordenación territorial para que en cada momento desde o 112 estivera claro cal é o dispositivo que hai que mobilizar, cal é o que está en mellores condicións pola súa dotación de persoal, cal é o que ten a isócrona máis baixa para poder atender o incendio e cal é o que ten os medios materiais adecuados, non pasarían estas cousas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PAZ FRANCO:** E, finalmente –e remato, señor presidente–, se se tivera elaborado que tiñan vostedes tamén un prazo que está máis que ultrapasado dun ano no Regulamento do bombeiro profesional e do voluntariado, seguramente todas esas descoordinacións de non saber quen está ao mando dun incendio, de non haber un mando único e de haber un auténtico caos, só suplido pola profesionalidade e a vontade dos traballadores, tampouco terían ocorrido.

Señor Rueda, eu pídolle que me responda unha vez máis a estas cuestións, e de paso tamén, se é posible, que nos fale

desa investigación que pediu o presidente da Xunta de Galicia a respecto do que ocorreu co 112, coa mobilización dos medios no incendio de Fandicosta, que tamén nos dea esa información.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Paz.

Para responder ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA** (Rueda Valenzuela): Moita grazas, presidente.

Un saúdo aos representantes sindicais dos bombeiros.

Señora Paz, efectivamente, como dicía vostede, hoxe veño aquí responder a unha interpelación rexistrada hai máis dun ano onde plantexa o mesmo que plantexa agora. Non o plantexou durante o ano que pasou. Eu non sei se é porque vostede se acorda das emerxencias só cando se produce unha que lle merece a pena e a atención ou porque pensa que durante este ano as cousas se fixeron ben e o estamos facendo; o caso é que a rexistra hai un ano, e durante un ano non pasa absolutamente nada, segundo vostede.

Pero si que pasou, si que pasou. Eu creo que, efectivamente, como vostede di, comparecín aquí no mes de setembro do ano pasado, se mal non recordo, para facer un plantexamento ao que agora me referirei outra vez. Houbo varias intervencións do Goberno galego en comisión sobre todos estes temas e mesmo resposteí a preguntas en pleno.

Polo tanto, pasaron cousas; outra cousa é que vostede ou non as queira saber ou non se queira enterar ou decididamente non queira escoitar, señora Paz, porque, de verdade, se escoitase, supoño que algunha das cousas que plantexou aquí non as plantexaría ou as plantexaría doutro xeito, dígo-llo sinceramente.

¿Ou acaso non sabe vostede –e sábeo porque se referiu a esa comparecencia– que eu estiven aquí, como lle dixen, no mes de setembro para dicir que non había ningún inconveniente por parte da Xunta de Galicia en cambiar o sistema de xes-

tión dos consorcios provinciais? Non había ningún inconveniente, só poñiamos dúas condicións, que volvo poñer aquí enriba da mesa porque parece ser que non foron ben entendidas, alomenos polo seu grupo, ou alomenos por vostede, que son: que non supoña un maior incremento do custo e que non supoña poñer en perigo as condicións laborais e a estabilidade dos profesionais que agora mesmo traballan no consorcio de bombeiros.

Oia, a partir de aí abrimos un diálogo no que, se eu entendín ben á señora vicepresidenta da Deputación da Coruña, que foi a que falou en representación das tres deputacións que avogaban polo cambio de sistema, dicían que se poñían a traballar, e, como tiñan claro que se podía cambiar o sistema respectando esas dúas condicións, pois que inmediatamente nos aportarían a documentación que era necesaria para empezar o cambio de sistema. Oia, pois seguimos esperando catro meses despois. Eu mesmo tiven que convocar unha reunión pasado mes e medio para dicir: oia, ¿que está pasando?, quedamos en presentar os papeis inmediatamente e aquí non se move un só papel por parte daqueles que fan as propostas.

E isto creo que hai que dicírllelo aos bombeiros tamén, porque é moi fácil vir polos parques de bombeiros, dicir que todo está feito e que simplemente é a Xunta a que non quere cambiar o sistema, pero, cando a Xunta di que non hai ningún problema en cambiar o sistema, resulta que empezan os problemas para aportar documentación e para facer estudos, e todo aquilo que se dixo que era tan fácil resulta que nos empezan a dicir nas reunións que mantemos que é moito máis difícil e que os técnicos o están mirando.

Esa é a realidade, señora Paz, porque, claro, se todos os problemas das intervencións das emerxencias veñen do sistema actual que estea implantado e –recórdolle– co apoio das deputacións gobernadas non sempre polo Partido Popular... Porque o sistema de xestión indirecta está acordado coa Deputación da Coruña, gobernando o BNG e o PSOE na Deputación da Coruña. O sistema de xestión indirecta está acordado coa Deputación de Lugo, gobernando o BNG e o PSOE na Deputación de Lugo. E o sistema agora mesmo mantido coas catro deputacións está entre a Xunta de Galicia e as deputacións, nas que, salvo unha, eu creo –e vostede tamén, porque é unha realidade– que non goberna o Partido Popular.

Polo tanto, vaíamos ao cambio de sistema, pódese cambiar iso; non temos ningún problema en debater todo isto se se cumpren esas condicións. É que é moi fácil falar de que sempre é a culpa do sistema instaurado de acordo con todos e despois non facer nada para cambialo, cando vostedes están dicindo que era tan fácil. Este é o meollo da cuestión. Seguimos, catro meses despois –e alégrome de que estean aquí os representantes dos bombeiros para que coñezan esa situación–, esperando a que nos aporten as documentacións que nos dixeron que tiñan dende o primeiro día, e non hai nada. Segue pasando o tempo e cando se produce unha emerxencia empezan a criticar que a culpa é do sistema, do que vostedes participan, pero non fan absolutamente nada para cambialo.

Dito isto, mire, eu creo que hai que defender a profesionalidade dos bombeiros porque o sistema é da xente que intervéñen, coordinado, por suposto, polo 112, coordinado polos xerentes dos consorcios –por certo, que aquí parece que están un pouco desaparecidos, pero teñen unha responsabilidade– e ao final coordinado polas administracións públicas que apoian o sistema de xestión de emerxencias.

Creo que se teñen feito moitas cousas, señora Paz. Non imos botar a vista a atrás, pero é que no ano 2000 non había máis parques de bombeiros que os parques municipais das sete cidades. Creo que avanzamos moito nestes anos. ¿Que se pode avanzar máis? Ningún problema. Por iso xa foi esta reunión, da que levamos esperando, catro meses despois, a que nos aporten un só papel de todo o dito por palabras pero nada por escrito, nin con documentos que o avalen. Creo que se fixo un esforzo importante tamén. Vostede referíase a iso no tema dos GES. Oia, que nós herdamos un sistema de Grumir que levou tempo cambiar, pero xa está cambiado, e que agora ten estabilidade e complementa os parques de bombeiros, tanto aqueles das sete cidades como os parques dos consorcios provinciais naqueles sitios onde antes non había absolutamente nada ou, como moito, había un sistema de protección civil que non garantía unha atención as 24 horas, nin a formación nin os medios. Creo que melloramos bastante niso tamén. Polo tanto, haberá que telo en conta.

Creo que a integración –e diso pódese falar tamén– dos parques municipais, con todos os problemas, deriva da comarcalización e dos problemas cos que ás veces nos atopamos –falaremos tamén diso, e teño unha pregunta do

Grupo Socialista sobre isto esta mesma tarde... Para mobilizar os parques de bombeiros creo que tamén hai que meter iso nun sistema integral de emerxencias. E creo que tamén hai que ter en conta –e melloramos bastante– as agrupacións de voluntarios de Protección Civil, bastante esquecidas por vostedes, por certo, que creo que fan un esforzo importantísimo tamén, e este ano dotáronse de medios moi importantes.

Polo tanto, creo que todo isto hai que telo en conta cando se fala de emerxencias. Non é simplemente dicir que a culpa é dun sistema que vostedes contribuíron a crear e que vostedes seguen apoiando a día de hoxe; que, por suposto, terá eivas, terá cousas que mellorar, pero eu creo que na inmensa maioría dos casos está dando unha actuación –é certo–, sobre todo grazas aos profesionais, que son os que actúan e baixan ao terreo, e sempre hai que reivindicar a súa formación e o seu xeito de actuar. Pero, ao final, é un sistema do que todos formamos parte; polo tanto, non vale de nada criticalo coma se fora absolutamente alleo.

En todo caso, eu vólvolle dicir unha cousa: a Xunta de Galicia –que sempre estará implicada no tema das emerxencias– na lei –e vostede xa falou da venda antes da ferida; “non, é que ten moitas eivas”, oia, pois está ben que o recoñeza moito tempo despois– do ano 2007... O Bipartito dicía que a Xunta de Galicia tería a superior coordinación nalgúns casos concretos. Pero é que a competencia das emerxencias é dos concellos e é das deputacións. Por iso é moi fácil, cando se produce unha situación de emerxencia, cando hai algo que criticar, sempre ir á Xunta de Galicia e nunca falar dos que teñen realmente as competencias. Nós non nos escondemos das nosas responsabilidades pero non podemos dicir que iso é algo... É que se non non imos solucionar nunca as cousas que haxa que solucionar. Isto é unha cousa de todos, señora Paz, non pode vir aquí botar todo enriba da Xunta de Galicia e dicir que somos os que temos que cambialo todo ou os que nos negamos a cambialo todo –que non nos negamos a cambiar nada– e que os que teñen realmente a competencia simplemente teñan que mirar para outro lado porque sempre é a Xunta de Galicia a que ten que responder destas cousas.

Polo tanto, mire, dicía vostede que quería ir ao fondo da cuestión na súa interpelación. Respostando ás súas preguntas, claro que estamos –eu estou– moi orgullosos do sistema que se deseñou entre todos. Non nos acordamos das emer-

xencias máis que cando hai un caso que realmente demostra que sempre é necesario investir nelas. Creo que mellorou moitísimo o sistema das emerxencias dende o ano 2000 –no que non había practicamente nada– ao ano 2016 –onde haberá moitas cousas que mellorar, pero moito se avanzou tamén–. Podemos seguir mellorando, podemos falar, foi a Xunta de Galicia a que abriu ese debate do cambio de xestión dos consorcios provinciais, pero sen contarlle contos á xente, poñendo papeis encima da mesa e demostrando que realmente ese cambio é viable e non pon, sobre todo, en perigo a estabilidade dos traballadores, que a día de hoxe vostedes non o teñen amosado.

A partir de aí, señora Paz, non deixe pasar outro ano para rexistrar unha interpelación sobre emerxencias. Estaremos encantados de falar deste tema cando se produza unha emerxencia e cando non se produza; este tema sempre é digno de falar. Pero non pense que é unha responsabilidade só da Xunta de Galicia, góbernea quen a governe. É responsabilidade directa, atribuída legalmente, das deputacións e dos concellos por unha lei que vostedes fixeron. Eu non estou de acordo con iso, a Xunta ten que implicarse. Esta Xunta estase implicando, pero o que non pode é levar as culpas de todas as cousas e pensar que os outros non teñen que implicarse tamén, porque así non solucionaremos absolutamente nada. Fixéronse moitísimas cousas, pódense facer moitísimas máis, pero simplemente botándolle as culpas a quen non as ten ou, polo menos, a que non as ten en exclusiva non vai solucionar absolutamente nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica.

Señora Paz.

**A señora PAZ FRANCO:** Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, o que vou dicir enténdao en termos políticos: é vostede un auténtico indocumentado... *(Murmurios.)* e un auténtico mentiroso. É un indocumentado porque se mirase os *Diarios de Sesións* e as ordes do día da Comisión 1ª, por exemplo, sabería que desde hai un ano a este grupo parlamentario mesmo chegou a aprobárselle, co apoio do seu

grupo, unha proposición non de lei en comisión hai uns meses a respecto deste tema. Ou sexa, que tratamos o tema algunha vez máis que cando hai algún sinistro, así que, por favor, un pouco de rigor.

Segundo tema no que vostede amosou..., non sei, non o vou cualificar, pero hai que ter cara para vir aquí e dicir que os concellos e as deputacións teñen competencias en materia de incendios por unha lei do Bipartito. ¿E logo a Lei de réxime de bases local e todo iso tamén a fixo o Bipartito? É que hai que ter jeta, ¡hai que ter jeta!, porque iso está nunha lei de ámbito estatal, que é a que determina as competencias da Administración local. ¿E vén vostede dicir que é culpa da lei do Bipartito?, que, por certo, nós xa dixemos que tiña deficiencias desde o ano 2009, 2010 e en moitas ocasións. Porque a nós, señor Rueda, non nos custa tanto facer autocrítica coma a vostede nin recoñecer que unha lei non son as táboas de Moisés, senón que as leis se escriben en papel e se poden cambiar cando na práctica se verifica que non son operativas ou que teñen deficiencias.

Mire, a respecto do tema das deputacións, señor Rueda, podíamos falar da diferenza entre modelo e sistema. Vostedes optaron por un sistema de emerxencias que consiste en que haxa diferentes corpos en función das diferentes competencias que existen nese ámbito. Pero o modelo é o de privatización nos consorcios provinciais, e a iso é ao que se comprometeron as deputacións provinciais.

E pode vostede vir aquí e dicir cantas barbaridades queira en relación coa Deputación Provincial da Coruña, pero creo que en menos dun ano desde que tomaron posesión levan bastante máis avanzando no estudo da situación. Porque ¿vostede sabe o que quería? Si, señor Rueda, ¿sabe vostede o que quería cando convocou aquela reunión? Ir alí e dicir: ¡Ah!, como non tendes feito nada, é polo que non se vai facer, nin sequera mirar a posibilidade de rescatar o servizo para a prestación pública. E como a Deputación ten a vontade explícita de facelo e de rescatalo, quere facer un estudo ben rigoroso e ben fundamentado para poder levalo a cabo. E non teña dúbida de que se vai levar a cabo.

Pero eu a vostede concretamente hoxe creo que lle falei bastante pouco da privatización e de se vostede estaba disposto a colaborar no rescate dos servizos. Faleille máis do sistema, señor Rueda, de cousas que lle competen a vostede, porque

vostede segue sendo o conselleiro e segue tendo as competencias que a lei, non só de emerxencias senón outras, lle atribúe á Xunta de Galiza. E entre esas, señor Rueda, a súa competencia está en desenvolver a Lei de emerxencias nos tres aspectos dos que falei anteriormente e que teñen moito que ver co que pasou no incendio de Fandicosta e en moitos outros casos. E o que lle pregunto é: ¿vai vostede homoxeneizar o servizo, si ou non? E cando falei de homoxeneizar o servizo non só me refería ao tema das privatizacións, porque a lei fala de máis cousas na disposición adicional, fala das prestacións que reciben os cidadáns, das condicións de traballo e doutras cuestións. ¿Vai facer unha reordenación territorial unha vez que se demostrou en máis dunha ocasión que é mentira que haxa unha isócrona de 20 minutos en calquera lugar do noso territorio, si ou non, señor Rueda? Por iso é polo que lle preguntamos.

E, finalmente, ¿cando vai vostede negociar cos traballadores ese Regulamento do bombeiro, que é unha das pezas angulares para que isto empece a funcionar? E non me veña cos rollos dos xerentes dos consorcios. Deben ser moi importantes os xerentes dos consorcios. Si, porque, de feito, en Ourense van contratar dous; si, si, Baltar sempre no tema de persoal *a lo grande*: para dúas portas, 30 porteiros; para un consorcio de catro parques, 2 porteiros. Cando no da Coruña, que ten doce parques, teñen 1 xerente; en Pontevedra, igual. En Ourense, Baltar sempre ao grande.

Mire, señor Rueda, xa sabemos que, en canto ao modelo privatización non privatización, o do PP é privatización, porque Baltar xa dixo que el era o único que ía seguir co modelo privatizado. Os demais estamos traballando para rescatar o servizo. Pero contésteme vostede aquí se á vista —e todos temos, señor Rueda, o que pasou no incendio...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PAZ FRANCO:** ...de Vigo—... Vén vostede aquí falar-me de Pontevedra e de Vigo cando vostedes lles dixeron desde o 112 ata en tres ocasións, incluso aos de Vigo, que deran a volta, cando xa saíran, e aos de Pontevedra que saíron dixéronlles que a ver quen os mandara saír para ir ao incendio de Moaña. Se ata o presidente da Xunta de Galiza dixo que quería unha explicación. ¿Está vostede disposto a darnos unha explicación aos galegos e ás galegas a respecto do que pasou, si ou non? E, en función desa explicación,

¿está disposto a negociar cos concellos, coas deputacións e cos traballadores cambios para que o sistema funcione, si ou non?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PAZ FRANCO:** Esa é a cuestión, señor Rueda. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Paz.

Turno de peche.

Señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Paz, mire, vostede é unha persoa que, cando queda sen argumentos, recorre á descualificación, ao insulto..., os demais non temos nin idea... Como é unha experta en emerxencias, eu non a vou rebater. É unha recoñecida experta en emerxencias e a min insúltame porque non teño nin idea; vostede sabe de todo. Co cal, é moi difícil facer un debate así e sobre todo solucionar algún tipo de asunto. Mire, dígolle unha cousa: primeiro, é falso que o 112 mandara dar a volta a ninguén; é falso, vostede sábeo. Pero é que dixo tantas cousas aquí sen ningún rigor respecto das emerxencias que supoño que dirá isto tamén.

E falando de falta de rigor, está moi ben, remata a súa intervención dicindo que se estamos dispostos a negociar cos concellos e coas deputacións. ¡Pero se é o que lle acabo de dicir! ¡Por suposto!, sempre, ¡se do que se trata é de mellorar o servizo! O que pasa é que despexa a *corner* o tema do compromiso das deputacións, de falar do cambio do sistema de xestión dicindo que, claro, nos van dar un estudo. E digo eu: ¿e cando? É que eu crin que xa o tiñan feito cando viñeron falar con nós. É que se dedicaron a ir polos parques de bombeiros dicindo que estaba todo estudadísimo, que non era cuestión máis que de darlle a un botón e xa cambiaba o sistema; e chegaron onda nós e non tiñan nada, dicían que simplemente tiñan intención e preguntaban se a tiñamos nós. Dixémoslles: si, temos a intención tamén, pero poñemos estas dúas condicións, que entendo que van en interese dos

traballadores e en interese dos orzamentos públicos. ¡Ah!, bueno, vale, pois moi ben, aceptámolas. Díxoo a señora... E dime: non me veña aquí falar da Deputación da Coruña. Oia, que foi a portavoz das tres deputacións que querían cambiar o sistema, e dixo que tranquilos, que nos darían os papeis inmediatamente para empezar a falar.

Eu quero dicir outra vez –e están aquí os representantes dos traballadores, dos bombeiros– que levamos catro meses esperando a que nos dean un só papel. E se traen eses papeis e nolos amosan, sen ningún problema, falaremos do cambio de sistema; é que non se pode poñer en dúbida. Polo tanto, máis vontade de negociar da que está amosando a Xunta de Galicia..., o que pasa é que non contamos historias nin contamos contos nin dicimos o que cremos que vai gustar escoitar en cada sitio se non se pode facer. E, se se pode facer, traemos documentos que avalen para que non haxa problemas, para que sexa posible. E o que vostedes non querían facer porque avalaban o sistema de xestión indirecta e agora si o queren facer, pois, moi ben, falemos entre todos. Pero non diga que xa nos traerán os papeis. Teñen que saber os representantes de bombeiros que alá irán catro meses máis, engadidos aos catro que xa van engadidos a todos aqueles meses que levaban dicindo que o sistema se podía cambiar automaticamente e que non trouxeron nada. Co cal, irá unha lexislatura máis contándolles historias. Nós non contamos historias, falamos con seguridade e estamos dispostos a cambiar o sistema con eses condicionantes.

E iso inflúe moito máis, porque me fala vostede do Estatuto do bombeiro. Oia, é que creo que xa se fixeron cousas. Na lei... É que vostede di: Oia, non me fale da lei. A lei fixérona vostedes. “Non, é que é unha lei moi mala”. Estou de acordo, pero fixérona vostedes e hai que cumprila mentres exista. Se quere cambiámola. E di vostede: ¿vai facer vostede cambios lexislativos? Pois dígame se quere cambiar a lei que vostede votou porque creo que era deputada... *(Murmurios.)* Polo tanto, oia, se a lei é tan mala, falemos de cambiala. Pero, entón, recoñezamos que esa lei non vale absolutamente para nada, pero estámola cumprindo. *(Murmurios.)* E o que di esa lei, señora Paz –supoño que a coñece como unha experta recoñecida en emerxencias–, é que, primeiro, hai que facer os catro consorcios de bombeiros –fixémoslos–; podíanse facer por xestión directa xa naquel momento porque vostedes estaban gobernando as deputacións que esta-



ban gobernando e votaron a xestión indirecta. Díciase tamén que había que homologar a formación, e homologámola, e que había que homologar as condicións retributivas. ¡Oia!, diso se trata. Por iso estamos nas licitacións de xestión indirecta homologando os soldos, para que teñan todos os mesmos, que eu estou de acordo en que non pode haber diferenzas salariais.

E o último, o regulamento dos bombeiros, dependerá de que vostedes aclaren dunha vez, dunha vez, que sistema de xestión se vai implantar. Se traen a documentación que dicían que tiñan –e que non teñen– para abordar o cambio de sistema, decidiremos o sistema, e a partir de aí decidirase todo o demais, e inmediatamente terá que ir ao regulamento dos bombeiros, que, efectivamente, é un compromiso desa lei tan mala que vostede votou, que agora di que non vale para nada, que hai que cambiala, que xa di dende o principio: non me fale da lei, porque xa lle digo que esa lei non vale para nada, e así estamos, señora Paz.

Negociar, por suposto, coas deputacións; negociar, por suposto, cos concellos. Recórdolles que o sistema dos GES está pactado coa Federación Galega de Municipios e Provinciais.

Tamén respecto das isócronas, ¡oia!, que os GES ao final se puxeron de común acordo –parece que foi imposición da Xunta de Galicia–, os GES e persoal municipal, posto de acordo cos concellos, posto de acordo coas deputacións, que tamén o pagan, e cando entendamos que este é un sistema de todos e que está moi ben vir aquí un día e chamarme a min indocumentado e dicir que non teño nin idea, vostede quedar como unha campioa e non solucionar nada; así van as emerxencias, pola súa banda, non pola nosa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

### **Interpelación de D. Ramón Vázquez Díaz e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a aplicación en Galicia das reválidas previstas na LOMCE**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra, señor Vázquez.

**O señor VÁZQUEZ DÍAZ:** Ben, boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde, señor conselleiro.

O primeiro que lle teño que dicir, señor Rodríguez –dígollo nesta tribuna, e dígollo solemnemente–, é que se este fose o goberno, un goberno normal, o goberno dun país normal, vostede tería que ter comparecido hoxe a petición propia diante do despropósito e do fiasco das reválidas, sobre todo no fracaso da súa aplicación, das reválidas LOMCE. Eu creo que, cando menos, podemos recoñecer que o que ten acontecido estas últimas semanas non é un feito normal e, dende logo, é un fito educativo, desgraciadamente un fito educativo, no noso país.

Porque vostede, señor conselleiro, é o responsable do peor que lle pode pasar a un sistema educativo. O peor que lle pode pasar a un sistema educativo é que perda a confianza das familias, e vostede non ten a confianza das familias. A Administración educativa galega non ten xa a confianza das familias galegas, porque as familias non creron o seu relato, non creron os seus argumentos, e non o fixeron porque vostede lles mentiu, mentiu lles gravemente.

E iso é algo imperdoable, porque o principio de confianza é o principal principio que ten que ter un sistema educativo, porque as familias deixan aquilo que máis queren, os seus fillos e as súas fillas, nas mans da Administración educativa, confiando en que todo o que se fai na escola é polo ben dos seus fillos. E non foi así neste caso –téñollo que dicir tristemente–, non se actuou pensando no ben dos nenos, das nenas e das familias. Polo tanto, vostede quebrou o primeiro dos principios dun sistema educativo: o principio de confianza.

Vostede levou as familias ao extremo de ter que exercer a desobediencia, ata ese límite chegamos. Levou as familias á situación de verse na obriga de ser insumisos coas súas reválidas, porque eran unhas probas evidentemente agresivas, inxustas, inútiles e, sobre todo, antipedagóxicas. E este erro, señor conselleiro, dende o meu punto de vista, é absolutamente imperdoable.

Eu hoxe non vou discutir aquí con vostede sobre as cifras. Vostedes recoñecen que se ten duplicado a porcentaxe de absentismo o día das reválidas, pasando do 20 % do ano

pasado ao 40 % neste ano. As confederacións de asociacións de nais e pais sitúan o rexeitamento das familias ás reválidas por riba do 70 %. Pero, como lle digo, eu non vou discutir hoxe aquí con vostede de cifras, dá o mesmo, dá igual. Dá igual, ademais, porque todos somos coñecedores da dificultade que ten unha familia, calquera familia galega, para non levar os seus fillos á escola un día laborable. Polo tanto, situémonos na cifra onde nos situemos, é tremendamente meritorio o exercicio de responsabilidade cívica que exerceron as familias galegas.

Vostedes fracasaron, señor conselleiro, fracasaron no seu aberrante intento de impoñer as reválidas LOMCE. Vostede, señor conselleiro, fracasou, persoalmente, ademais, na súa chantaxe, acometida contra as familias a través de cartas de extorsión enviadas repletas de mentiras, porque non contiñan unha información veraz, que é o que esperan as familias dunha administración educativa.

Vostede protagonizou un espectáculo lamentable, nun intento desesperado para non quedar mal diante de todo o Estado, como finalmente fixo. Foi vostede o conselleiro da comunidade cun rexeitamento maior ás reválidas de todo o Estado. Mesmo vostede hoxe foi desautorizado polo presidente da Xunta de Galicia. O presidente da Xunta de Galicia dixo hoxe que as reválidas eran unhas probas, uns controis –crin escoitalle–. Dixo exactamente que os controis eran voluntarios, cando vostede nesta Cámara hai quince días dixo que eran unhas probas obrigatorias. Contrádinse, contradinse claramente. E o presidente desautorizouno a vostede. Vostede afirmou, ademais, nesta Cámara que as probas carecían de valor académico.

En definitiva, toda unha mostra do desbaraxuste ao que vostedes someteron o noso sistema educativo.

E, en lugar de comparecer vostede aquí para dar conta destes graves feitos, fíxo vostede unha xira televisiva e radiofónica, dende logo –iso si–, digna de mención, tanto nos medios de Galicia como nos medios de fóra de Galicia. Foi vostede a estrela do seu propio fracaso. A derradeira delas, da súa comparecencia mediática, foi na Televisión Galega o pasado luns, o día antes, claro, de empezar as reválidas. Nesa comparecencia televisiva vostede afirmou literalmente que as reválidas eran unha ferramenta para ofrecer unha visión comparativa do sistema. Cítoos textualmente, porque considero que é

todo un eufemismo negar que as probas serven para comparar os diferentes centros e definilas como unha ferramenta para ofrecer unha visión comparativa do sistema. Cando menos, permítame consideralo un eufemismo.

Dixeron ao mesmo tempo que as reválidas non son para confeccionar *rankings*, pero si para ofrecer unha visión comparativa. Dende logo, hai algo aí que non encaixa.

Sobrepasaron os límites do pedagoxicamente tolerable, tolerable, tolerable para calquera que se defenda e se entenda como un demócrata. Tentaron obrigar os rapaces e rapazas de 8 anos a realizar unha proba de avaliación de máis de cinco horas de duración, cando calquera que se dedique á educación sabe que un rapaz ou unha rapaza desa idade perde a súa capacidade de atención de xeito exponencial a partir da primeira hora de traballo, e vostedes sometéronos a unha proba de avaliación de máis de cinco horas de duración.

Falou vostede, ademais, da obriga de cumprir a lei, pero esa lei incúmpra vostedes. Voullo explicar. O Real decreto de reválidas di que estas probas deben ser aplicadas por persoal externo aos centros, e en Galicia estas probas aplicáronas os docentes dos propios centros, o cal implica un sesgo claramente evidente se falamos dunha proba externa.

Vostedes foron os primeiros insumisos coa LOMCE, de xeito claro, porque afirman, enganando as familias, que as reválidas non teñen valor académico. E voulle ler o artigo 20.2 da LOMCE, literalmente, onde se di: “O alumno ou alumna accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que teña logrado os obxectivos e alcanzado o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa.” E fíxese, di este artigo: “Atenderanse especialmente os resultados da avaliación individualizada ao finalizar o terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria.” ¿Teñen valor académico ou non teñen valor académico? A LOMCE di claramente que si; vostede, sen embargo, di que non, que non forman parte nin tan sequera do expediente.

Incumpren as súas propias leis, e menten, como fixo hoxe o seu presidente, o presidente Feijóo. Ata ese punto desprezan vostedes, ademais, o traballo dos docentes, ata ese punto

devalúan o proceso da avaliación formativa desenvolvido de xeito sistemático nos centros de ensino.

No seu afán, señor conselleiro, por sacar a adiante as reválidas a calquera prezo, non dubidaron en levar ata o límite a comunidade educativa. Un rapaz de Becerreá foi castigado dúas horas por deixar en branco a reválida, seguindo, ademais, a vontade e a patria potestade dos seus pais, dos seus titores legais.

Pregúntome –e gustárame que respondera hoxe aquí–: ¿activou vostede algún tipo de mecanismo ou de investigación para aclarar estes feitos? ¿Por que se obrigou un neno contra a súa vontade e por que se someteu a un castigo a un neno para obrigalo a facer as reválidas? Quixera que hoxe o explicara.

Vostede sabe que todo isto é un sensentido, vostede sabe que as reválidas teñen fracasado, así que a vostede o único que lle queda é rectificar. Eu creo que as familias galegas agradecerían moito un xesto, simplemente que hoxe vostede subira aquí e dixera: ben, cometemos algún erro, cometemos erros no desenvolvemento da LOMCE, polo menos na aplicación das reválidas, e entendemos que causamos, cando menos, algún tipo de trastorno, e por ese trastorno pedimos desculpas. Si, a xente precisa que os gobernantes, cando se equivocan, cando menos o recoñezan e expresen as súas desculpas.

Iso non vai resolver o problema, o dano está causado, isto é evidente. A perda da confianza da Administración educativa, a quebra dese principio de confianza xa se levou a adiante, pero, se vostede pide perdón, cando menos poderá ter un xesto mínimo para recuperar a confianza das familias. Con iso eu conformaríame hoxe. Basta xa de tanta prepotencia. Pida, polo tanto, desculpas, e recoñeza que as reválidas carecen xa de sentido, e, polo tanto, non teña en conta os resultados das aplicadas este ano, porque carecen de fiabilidade, de valor estatístico, posto que hai moitos centros onde as familias non as fixeron, nuns centros realizáronse cunha determinada porcentaxe, noutros nunha porcentaxe distinta...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**O señor VÁZQUEZ DÍAZ:** ...e, polo tanto, diante desa ausencia de valor pedagóxico e tamén estatístico, recoñeza o seu erro e paralice esta barbaridade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Vázquez.

Para respostar ten a palabra o señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, bueno, hai exercicios de demagogia, pero hai auténticos exercicios de demagogia. Vostede dixo aquí unha palabra varias veces que non existe: reválida. Aí comeza o seu erro, aí comeza a súa manipulación, aí comeza o seu deseño dun marco errado sobre o que son unhas probas de avaliación.

Mire, que vostede e o seu contorno –como lle queira denominar– sociopolítico ou –digamos– a súa galaxia política, veña aquí acusar o Goberno ou acusar o Partido Popular do que promoveron vostedes, é algo así como se un pirómano lle bota a culpa ao bombeiro dos incendios. É realmente increíble que vostede veña falar aquí de tensión, de presión, de desinformación. Iso é –insisto– como se o pirómano lles bota a culpa aos bombeiros.

E mire, hai cuestións que non se poden deixar pasar. Vostede di que esta administración mentiu, vostede di aquí en sede parlamentaria que se enviaron unhas cartas de extorsión informativas ás familias. Eu teño aquí as cartas, teño aquí as cartas. Voullas deixar á presidenta. Búsqueme vostede unha mentira nestas cartas e dígalle á cidadanía onde hai unha mentira, dígallo. O que hai aquí é información veraz contra a desinformación interesada que vostede e moitos máis deron.

E voulle dar unha proba... (*Aplausos.*), voulle dar unha proba. Señor Vázquez, ¿as avaliacións fan *ranking* si ou non? Vostede di aquí que fan *ranking*. Fáleme agora vostede de verdades, fáleme vostede agora de mentiras. Vostedes fixeron unha campaña de desinformación absoluta, de confusión xeneralizada. Aquí di claramente: “O único obxectivo perseguido polo PP é poder establecer *rankings* entre os distintos centros educativos” –un papel dito por vostede, polo seu compañeiro Xabier Ron nunha rolda de prensa–.

Fale vostede de mentira, fale vostede do que queira, pero o que está escrito está escrito.

E mire, fala vostede de goberno normal. Un goberno normal cumpre a lei, un goberno normal respecta e fai respectar a lei. Unha visión política non normal pensa que as leis son para pasalas *por el arco del triunfo*, ou para chamar á insubmisión ou para boicotealas. Iso fai unha formación política non normal. Un goberno normal, como é este, cumpre e fai respectar a lei, a LOMCE. A vostede poderá gustarlle ou non a LOMCE, sei que non lle gusta, é lícito que non lle guste. Agora, que vostede e o seu contorno fagan chamamento a un incumprimento sistemático da lei, é algo inaudito. Vostedes terán que facer –e permítame o consello– o que entendan politicamente para cambiar a lei, e están no seu dereito. Agora, dicir que se incumpra a lei, facer chamamentos para que se incumpra a lei, é unha auténtica irresponsabilidade pola súa parte. (*Aplausos.*)

E falando de mentiras e falando de desconfianza, creo que, despois do que acaba vostede de facer aquí, a confianza creo que a ten absolutamente rachada. E citou un caso que tamén se citou á mañá. En Becerreá houbo un neno que foi á escola, non quixo facer a reválida, estivo na aula, e así o certifican os informes de Inspección, e así o certifican os informes de Inspección que estivo na aula facendo actividades, non a avaliación, pero facendo actividades. E que vostedes usen ese dato como unha especie de presión... Pero, ¡por favor!, estamos a falar dunha decisión que quixo facer a familia, os seus pais, e fixérono, sen maior problema, e que eu lle recomendaría, en todo caso, que mirasen e que lesen atentamente os informes de Inspección para que se dean conta de que están metendo sencillamente a pata.

E falan de cinco horas. Tamén isto creo que non se debe deixar pasar. Dá a sensación, polo que di vostede, lanzando unha especie de baile, de que estiveron cinco horas os nenos seguidos facendo un exame. Case o di así, case o dixó. Tres días, cinco horas en tres días e con recreo. Pero, señor Vázquez, vostede di aquí que estiveron cinco horas seguidas facendo un exame. ¡Por favor!, non siga mentindo, non siga intentando confundir a xente, que hai persoas de boa fe que o cren, hai persoas de boa fe que o cren, que polo menos dubidan. E niso hai que recoñecer que fixeron ben o seu traballo, aí fixeron ben o seu traballo, confundindo e desinformando. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero, por favor, por favor, teñan un pouco de prudencia, porque mire, este debate non é un debate novo. Mire, vostede é un *déjà vu*. Vostede en abril preguntoume aquí, en maio tamén o debatemos, tivemos centos de debates nesta Cámara sobre as avaliacións, sobre a LOMCE. E o que hai é un puro debate ideolóxico, onde desgraciadamente os danos non son nin para o Partido Popular nin para a Xunta; os danos, os prexudicados da súa estratexia de confusión, son os rapaces e as rapazas, son os nenos e as nenas; o seu boicot ideolóxico leva a problemas cos nenos e as nenas. (*Aplausos.*) ¿Por que? Porque teñen unha postura absolutamente egoísta, pensan nos seus intereses políticos e non pensan nos intereses dos nenos. E iso é o que o leva a ese erro pedagóxico –xa llo dixen aquí–.

Entón, Francia, Noruega, Suecia, Inglaterra *son unos locos de la colina, señor Ron, unos auténticos locos de la colina.* (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque falan vostedes de aberración pedagóxica. Pois bueno, estarán todos equivocados menos vostedes. Entón, realmente pois é unha razón. Pero mire, ao final, as mentiras sonlle coxas, e miren, poden funcionar a curto prazo, pero ao final o tempo é o mellor xuíz.

Eu lembro o ano pasado, cando vostedes dicían que ía haber *rankings*, cando vostedes dicían que ía haber clasificacións dos alumnos nas probas de 3º de primaria. Pois mire, ¿dos resultados que se obtiveron das probas de primaria do ano pasado fixéronse *rankings*? ¿Téñenos por aí vostedes? ¿Fíxéronse *rankings*? Creo que non. ¿Repercutiron no expediente académico dos alumnos? Eu creo que non. ¿Estresaron os nenos? Chegouse a dicir que choraban, chegou a dicir nesta Cámara un deputado que os nenos choraban. Ao día seguinte a prensa, igual que hoxe: as probas eran fáciles, incluso dicían que eran divertidas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, dino os medios de comunicación.

Agora, ¿para que serven? Voulle dicir para que serven. Para que a Administración teña unha radiografía, teña un mapa da situación de todos os centros, que son moitos centros educativos en Galicia –en primaria hai oitocentos e pico–. ¿E iso que nos posibilita? Poñer en marcha medidas dedicadas precisamente a que os centros con máis debilidades formativas poidan mellorar. Iso é para o que serven as reválidas, iso é confianza no sistema e iso é apostar pola igualdade de oportunidades.

E mire, é certo que este ano –a crítica xa é de vello: vostedes criticaron a LOMCE, criticaron os currículos, critican todo, ¿non?, critican tamén as avaliacións, porque dependen da LOMCE– se intensificaron, é certo; houbo unha presión brutal, feroz, moi forte pola súa parte. ¡Home!, eu supoño que non terá que ver ese incremento da presión co calendario electoral, quero pensalo; quero pensar que non ten que ver nada unha cousa con outra e que vostedes actúan de boa fe, quero pensalo. Porque de non pensar así, estaría pensando que están utilizando os nenos e as nenas para as súas loitas políticas, pero quero pensar que non; quero pensar que o fan porque realmente cren no que fan e cren que as avaliacións son prexudiciais, como en todos os países de Europa –son todas prexudiciais, bueno–, e que non o van utilizar vostedes así.

Pero o que si é certo é que este ano se intensificou moitísimo un plantexamento absolutamente contrario ás avaliacións. E creo que ese rexeitamento ideolóxico ao final pois non lles fai ben fundamentalmente aos nenos. E mire –xa llo dixen–, a LOMCE pódelle gustar ou non, pero un goberno serio ten que cumprir a lei. Xa o dicían os clásicos gregos: hai que defender o goberno das leis e non o goberno dos homes, porque se non entraríamos na arbitrariedade, se non estaríamos en algo parecido a Venezuela, ¿non?, onde as leis non importan, faise o que se quere, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non pasa nada.

Pero mire, imos cumprir as leis, imos ser responsables e imos poñer en marcha medidas que posibilitan e que, sobre todo, están pensadas para mellorar aqueles alumnos, aqueles centros que teñen debilidades educativas, vixiando pola igualdade de oportunidades. Iso realmente é o que queremos.

E mire, sobre a súa politización hai outro argumento clarísimo. Ata hai dous anos facíase unha proba de avaliación de diagnóstico en 4º de primaria, practicamente idéntica á de 3º de primaria, só que era dun goberno socialista. Non escoitei a ninguén dicir nada en contra desta avaliación, e agora parece que caen os paxaros das árbores, ¿non?, parece que caen os paxaros cando se fala das probas de avaliación. Claro, como aquela era dunha lei socialista e esta é dunha lei popular, pois parece que hai unha gran diferenza. Hai dúas diferenzas: a primeira, que se lles dá información aos pais –na outra non se lles daba–; e a segunda é que se fai un ano antes

para poder detectar antes as debilidades e poder actuar. Iso é realmente a súa demagogia, que ao final queda moi coxa.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** En todo caso –e xa vou rematando–, señorías, tamén hai un dato que me gustaría salientar. Dixo o señor Vázquez que Galicia estaba á cabeza do absentismo. Mire, noutras comunidades autónomas fíxose esta proba, sen ningún tipo de problema, sen ningún tipo de problema, tanto do Partido Popular como do Partido Socialista, moitas gobernadas agora o van facer. Entón, ¿que pasa en Galicia? ¿Por que en Galicia houbo ese rebumbio, houbo esa campaña de boicot, houbo esa campaña de chamamento á insumisión e noutras comunidades autónomas non? Pregúntome se terá algo que ver co calendario electoral, ao mellor.

Pero o que si é certo, e aí vou –e xa remato, señora presidenta–, voulle recoñecer un mérito. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mire, teñen vostedes un mérito, e poden estar orgullosos. Primeiro, foron capaces, coa súa campaña de boicot e co seu acoso político, de plantexar unha medida ou facer chegar unha sombra de dúbida sobre unha medida que vén prexudicar –a súa non aplicación– as familias e, sobre todo, vén prexudicar os alumnos con máis necesidades educativas, que van estar privados dunha oportunidade para mellorar o sistema.

E na segunda cuestión...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...na que lle vou dar mérito e da cal creo que deben estar vostedes moi orgullosos, é de lanzar unha mensaxe á cidadanía, e moi especialmente aos máis cativos, de que, bueno, as leis non pasa nada con que non se cumpran. Creo que ese é un gran mérito seu, de intentar potenciar a idea de que unha lei, se me gusta, se cumpre, e, se non me gusta, non se cumpre. Creo que ese é o seu grande éxito e creo que por estes dous grandes éxitos...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...deberían pedir moitas, moitas desculpas ás familias.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor conselleiro.

Para a rolda de réplica ten a palabra o señor Vázquez Díaz.

**O señor VÁZQUEZ DÍAZ:** Ben, a verdade, señor conselleiro, un, que é de natureza humilde, sente certa vergoña, vergoña allea, escoitándoo a vostede. (*Murmurios.*) Si, si, si. Concédenos vostede demasiada importancia, non somos tan importantes, señor conselleiro. Ten vostede unha especie de manía persecutoria con Alternativa Galega de Esquerda. Acúsanos vostede de causar unha confusión xeneralizada, somos nós os responsables do seu fracaso. Isto é moi curioso. E acúsanos vostede de –digamos– causar a sublevación nacional.

Non somos tan importantes, señor conselleiro. A xente ten criterio propio, é algo que vostede non se acaba de meter na cabeza. A xente ten capacidade para discernir e a xente deuse conta de que vostedes mentían. A xente deuse conta de que vostedes estaban defendendo a súa parcela e non defendendo os intereses dos nenos, e por iso non foron de xeito maioritario ás reválidas. Non nos acuse a nós do que é o dereito das familias a defender os dereitos dos seus fillos. Vostede non fixo, non foi capaz en dez minutos de facer o máis mínimo atisbo de autocrítica.

¡Home!, eu creo que o que pasou –como dicía aquel, pasou o que pasou– é algo importante, ¿non? Eu creo que non ten demasiados precedentes, polo menos en Galicia non hai demasiados precedentes de que unha comunidade educativa, de xeito masivo, se plante diante dunha orde dun goberno, que mesmo se molesta. Se é tan normal a realización das reválidas, ¿por que vostedes envían cartas ás familias? ¿Fano habitualmente con calquera procedemento educativo? Non é habitual –eu son docente–. ¿Por que o fixeron? ¿Por que era necesario facelo? Porque sabían cal era o posicionamento das familias, e non é por culpa nosa. É responsabilidade súa. Exerza vostede como gobernante, como responsable da Administración educativa. Non tire balóns fóra, non

nos bote a culpa a nós nin lles bote a culpa ás familias. Así-mao, faga un mínimo de exercicio de autocrítica. ¿Fallaron vostedes en algo? ¿Non fallaron en nada vostedes? Polo tanto, ¿decenas de miles de pais e de nais están absolutamente trastornados? Isto é moi curioso, isto é moi curioso. Ten vostede unha maneira moi estraña de entender dende logo a democracia.

O señor Corredoira, a quen vostede tiña que cesar fulminantemente ao día seguinte da entrevista que concedeu, acusou as familias galegas de ser uns antisistema. Ata agora só nos acusaban a nós de ser antisistema, pero diante do seu fracaso, da súa desesperación, tamén acusan agora as familias de ser uns antisistema; todo o mundo está equivocado, agás vostedes, señor conselleiro. É moi grave o que sucedeu, e vostede sábeo, non ten parangón non só en Galicia, senón en todo o Estado.

Di que os nenos non choraron. Bueno, eu non sei se choraron moitos nenos. Eu vin moitos nenos, falei con moitos nenos que recoñecían, que afirmaban que as probas eran cansadas e longas. Eu pódollos demostrar, eu pódollos demostrar.

Di vostede... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que o prexudicado non é o Goberno galego, que as prexudicadas son as familias. E isto aínda me preocupa máis. ¿Como que as prexudicadas son as familias, que non fixeron as reválidas? ¿Quere dar vostede a entender que os profesores, que a avaliación formativa que fai o profesorado de xeito sistemático nos centros non garante o progreso educativo dos nenos? ¿Quere dar vostede a entender iso? ¿Quere vostede sementar a dúbida ata tal punto do noso sistema educativo como para dicir que se nesta proba externa a avaliación que se realiza dos centros non é suficientemente eficaz? Se vostede desconfía ata ese volume, ata ese punto, do noso sistema educativo, dende logo eu creo que debe presentar a súa dimisión.

Di vostede que hai moitos países que aplican reválidas. Mire, os países pioneiros en aplicar probas externas foron os países anglosaxóns, que están desbotando estas probas. Eles xa detectaron o coñecido efecto *teaching to text*, que non é outra cousa que o profesorado o que fai, para que os seus alumnos non teñan malos resultados nos *rankings* –si–, nos *rankings* internos que vostedes teñen, porque en base aos

resultados fan programas educativos, pois axudan os nenos a que as probas lles saian ben. É así, e máis cando non cumpren a lei vostedes, facendo que quen aplique as probas sexa persoal externo, dado que é unha proba externa. Isto é unha evidencia científica e ese efecto está contrastado.

Di vostede que os nenos non choraron, e voulle deixar agora no seu escano as probas. Son seis cadernillos –reválida de 6º–, seis cadernillos, 120 páxinas, 217 exercicios aplicados de forma simultánea. Fágao vostede esta noite, probe a medicina que vostede lles receiptou ás familias e verá por si mesmo o inútil que resulta.

Máis nada, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Bueno, señor Vázquez, eu entendo que vostede é un demócrata, como o somos os que estamos nesta Cámara, e como demócratas temos uns deberes e unhas obrigacións e quizais teñamos unha forma diferente de entender o que é a democracia ou polo menos nos actos ao final se ve, ¿non? E claro, un principio básico da democracia, para evitar arbitrariedade, para evitar os abusos, para evitar moitísimas cuestións que todos rexeitamos, é que se cumpran as leis.

Que un representante político ou varios chamen de xeito sistemático ao incumprimento dunha lei é algo gravísimo. Vostede está en desacordo coa LOMCE; perfecto; ten todo o dereito do mundo. Pode vostede manifestarse, facer o que queira, pero chamar directamente a que non se cumpra unha lei é unha auténtica irresponsabilidade. (*Murmurios.*)

E miren, vostede fálanos aquí do que é ou non é habitual. Mire, eu xa lle demostrei que vostede, como moitas outras declaracións que se viron en prensa –teño aquí un pequeno *dossier*–, estiveron unha longa temporada contaminando con mentiras, contaminando con mentiras. Hai moitísimas, hai declaracións súas, de diferentes partidos. Fálase de *ranking*, fálase de segregación, fálase sempre, sempre, cun certo interese, ¿non?, de reválida, e vostede di que nós enviamos unha carta de extorsión. Eu insisto: rétoe ao que lle dixen antes: colla vostede a carta e busque unha liña de incumprimento,

busque unha liña de mentira, e eu, contra esa liña de mentira, voulle aportar este *dossier* ou moitísimos máis, onde vemos claramente –e realmente é triste que teñamos que informar disto directamente ás familias– como houbo unha campaña planificada, organizada, absolutamente mentireira e absolutamente baseada en falsidades para xerar confusión, para xerar confusión. E claro, vostede chega aquí e intenta dicir na miña boca cousas que nós dixemos e que vostede di que nós dicimos, e queda tan ancho.

Alguén falou nesta Cámara de que os nenos ían chorar, e non foi nin este partido nin este goberno nin este conselleiro, non foi, foi alguén desta zona. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, ¿entón para que di que o digo eu? Entón, non poña na miña boca cousas que eu non dixen, porque vostede o que está facendo aquí e o que fixo aquí é un auténtico exercicio que xa o resumín antes: é como se o pirómano lle bota a culpa ao bombeiro de que hai incendios, absolutamente o mesmo. Porque a forza, o interese, a motivación que se fixo por parte de moitas formacións capitaneadas e cunha clara visión política por vostedes levou a que se xerara unha idea auténticamente falsa do que son as probas de avaliación, que –insisto– se fan con moitísima normalidade en moitos países de Europa, os cales vostedes sempre citan –Noruega e Suecia, por exemplo–.

E mire, eu preguntolle: ¿están vostedes satisfeitos dos resultados do seu boicot? ¿Están satisfeitos? ¿Están vostedes satisfeitos de dicirles ás familias que non cumpran as leis? ¿Están satisfeitos? ¿Están vostedes satisfeitos de dicir –unha, dúas, tres, centos de veces– que se ían facer *rankings* nos centros, cando non os hai? ¿Están vostedes tamén satisfeitos de dicir que estas probas ían contar nos expedientes, cando non contan? ¿Están satisfeitos de que vostedes estiveran metendo medo ás familias, aos pais, ás nais, de estrés, de probas crueis? ¿Están satisfeitos? ¿Están satisfeitos de dicir que isto é unha aberración pedagóxica, que era un desprestixio do profesorado, cando nos países máis avanzados de Europa se fai exactamente o mesmo? ¿Están satisfeitos?

¿Están satisfeitos de intentar dicir que só se fai en Galicia e que non se fixo en ningunha parte, que non se fai en ningunha parte? En todas as comunidades autónomas se fixeron, en todas, ou vaise facer; nas gobernadas pola esquerda

cámbianlle o nome, cámbianlle o nome nas gobernadas polas esquerda, pero é xustamente o mesmo.

¿Están vostedes satisfeitos, señor Vázquez, de fomentar moitísimas reunións onde cargos políticos intentaron estar desprestixiando e chamando ao boicot constantemente polo incumprimento da lei? ¿Están vostedes satisfeitos?

Se están vostedes satisfeitos, saiban vostedes que están satisfeitos de estar prexudicando claramente as familias e estar prexudicando claramente os nenos, e fundamentalmente os nenos con máis dificultades educativas, porque perdemos unha excelente oportunidade para ter unha radiografía completa do sistema educativo para poder implementar medidas de mellora, como xa fixemos o ano pasado nas probas de 3º de primaria, que podemos poñer en marcha máis de 69 contratos programa con programas de reforzo, profesores de reforzo, sobre todo pensando en que ningún neno nin ningún centro quede atrás.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Se vostedes están satisfeitos do que fixeron e das consecuencias do que fixeron, realmente pouco nos queda que dicir.

Pero, en todo caso, saiban que a presión xerada por vostedes tivo ese resultado e que, ao final, como soe ser habitual, o tempo dá e quita razóns. E se vostedes queren ser unha democracia ou participar nunha democracia homologada, hai un principio fundamental, que son cumprir, respectar as leis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor conselleiro.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non houbo alusión, non ten a palabra. Non, non, non, non hai alusión, non ten a palabra.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non ten a palabra. Non houbo alusión directa. Se mo permite, se mo permite, non ten a palabra.

**Interpelación de D. Pablo García García e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención de incendios forestais**

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Para formular a interpelación ten a palabra o señor García García.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** Grazas, presidenta.

Moi boas tardes, señoras e señores deputados.

Señora conselleira, boas tardes.

Nesta ocasión vimos falar de incendios forestais. Creo que o conselleiro antes aludía a iso dos pirómanos apagando o lume, e eu creo que é un exemplo bastante claro sobre este tema.

Creo que resulta obvio e creo que resulta evidente que é un dos problemas estruturais que temos como país e creo tamén –e iso quizais sexa no único en que coincidimos, e creo que coincide todo o mundo– que, sen embargo, pois como país non fomos capaces ao longo de todos estes anos de atallar e de poñer solución. É verdade que cadaquén ten o seu cupo de responsabilidade, e vostedes levan gobernando neste país trinta anos; polo tanto, teñen algo máis de responsabilidade que os demais –digo eu–.

E, efectivamente, trátase dun problema estrutural. Estrutural ¿por que? Bueno, primeiro, polas cifras. Poden retorcer as cifras como queiran. Se miramos as cifras destes últimos trinta anos, Galicia ten de media máis da metade dos incendios forestais deste país. Poden mirar polo número de incendios. Podémoslos chamar –aos incendios– de tres ou de catro maneiras, como fan vostedes, se imos cambiando a nomenclatura, de pequenos lumes, conatos, queimas. Podemos facer como queiramos: por hectáreas, por número, como queiramos. O caso é que, elixamos o parámetro que elixamos, Galicia supera moi de lonxe calquera parámetro de media do resto do Estado e de zonas ademais que poden ser similares ás galegas. E, ademais, faise de forma sistemática, é dicir, non é que fose un ano concreto, un lustro concreto, senón que de forma sistemática –repeto– nos últimos trinta anos.

Estrutural tamén polo investido nesta materia. Xa temos dado aquí moitas veces as cifras en torno, dependendo do



ano, a 100 millóns de euros/ano que investimos, e se sumamos todas as partidas que directa e indirectamente están relacionadas –falo da Consellería de Medio Rural– cos incendios forestais; é dicir, 100 millóns de euros ao ano durante os últimos trinta anos, é dicir, 3.000 millóns de euros, levamos gastando nestes trinta anos nesta materia. Non é unha cantidade desprezable, nin moito menos. Creo que poucas consellerías e poucas partidas nun só tema absorberon tal cantidade de orzamentos públicos. Son 3.000 millóns de euros.

Eu sempre fago un cálculo. Se toda a madeira deste país custa 500 millóns de euros, en só catro anos compramos, co que investimos cada ano, toda a madeira que hai en Galicia. Polo tanto, temos un sistema que para calquera economista dos citados habitualmente nesta Cámara por deputados ilustres pois totalmente insostible economicamente, é dicir, porque non é sostible poder seguir gastando esa cantidade de recursos.

Podemos facer outra conta: 6 millóns ao ano, 2 millóns de hectáreas susceptibles de ser explotadas forestalmente; é dicir, nestes trinta anos, que é unha corta dunha madeira, por exemplo –de eucalipto é bastante menos–, pero unha corta ou dúas, levamos investido en todas esas hectáreas 1.500 euros/hectárea, é dicir, case a urbanizamos por 1.500 euros. E todo isto ¿para que? Para ter o país como o temos, porque despois de ter investido todo iso e de ter feito todas esas contas e de ter gastado toda esa inxente cantidade de recursos, bueno, pois teríamos que ter avanzado –entendo eu– neste problema, e o caso é que non o fixemos.

¿Cales son, polo tanto, as causas que nos levaron, que entendemos que nos seguen levando a esta situación? Baixo o noso punto de vista, e creo que baixo o punto de vista tamén de todos estes expertos, incluso cando se fai algunha, hai anos xa diso, desde que vostedes gobernaban non, pero na anterior etapa de goberno de vostedes incluso houbo unha vez que este Parlamento pois fixo un traballo minimamente rigoroso sobre este problema e coincidía no diagnóstico: o abandono da actividade agraria, o despoboamento, sen dúbida, cando ano tras ano abandonan eses miles de explotacións, incluso dos que vostedes din que non pasa nada e que é algo habitual e normal e incluso é bo porque se profesionaliza o resto, bueno, pois estamos directamente incidindo neste problema. Cando non existiu nin existe unha política

de ordenación do territorio nin de mobilidade de terras agrarias, estamos incidindo claramente neste problema.

É dicir, nos últimos trinta anos non hai ningún país, ningunha rexión europea en comparación en que diminuíse como diminuíu en Galicia o número de activos agrarios e, sen embargo, esa terra e ese territorio non reverteu naquelas explotacións que quedaron, ou non reverteu na medida en que debería reverter. Polo tanto, temos un problema de, ademais de expulsar os xóvenes deste país, ademais de crear desemprego e ademais de todo ese tipo de cousas, e de afundir cada vez máis o rural nesa miseria, bueno, pois temos un problema de xestión dese territorio.

Non existe, tampouco, unha verdadeira política forestal, porque unha verdadeira política forestal, señora conselleira, dista moito da política de forestación, monocultivo e monocolor que leva facendo este goberno tamén, e, polo tanto, tampouco pode existir esa política de xestión do territorio. Ao non existir nin unha política de xestión forestal nin de xestión do territorio, non pode existir tampouco o que debería ser o cerne do problema e sobre o que deberíamos atacar, que é unha política de prevención. Diante de se coincidimos en que isto é un problema estrutural, débese atallar calquera problema estrutural con solucións tamén estruturais, e para nós, e baixo o noso punto de vista, esa sería a forma de atallalo e estaría baseado fundamentalmente na prevención como eixe fundamental.

Pero vostedes levan nestes trinta anos e levan agudizadamente estes sete anos de goberno de Feijóo traballando na dirección contraria; é dicir, a súa política aplicada –repito– sobre todo nestes sete anos vai absolutamente contra todo isto de que acabamos de falar, está baseada e choca frontalmente contra ese diagnóstico.

Vostedes teñen un modelo que obvia a prevención, que a pouca actividade de prevención que se fai é sobre o papel para poder acceder aos fondos europeos, pero que nin de lonxe supón unha prevención nin planificada nin estruturada. Unha verdadeira política de prevención dista moito, señora conselleira, de limpar as cunetas das carreteras, de desbrozar un determinado número de hectáreas de lugares públicos –todos sabemos o que son, campos da festa, piscinas fluviais, etc.–. Vai moito máis alá de todo iso. E por suposto que a prevención dista moito de desbrozar ano tras

ano esas mesmas hectáreas e eses mesmos sitios, eses mesmos lugares, para poder acceder a eses fondos públicos. Iso non é, nin de lonxe, creo, facer prevención.

A pregunta sería –por aquilo de que, se busca resultados distintos, non fagan sempre o mesmo– se espera vostede algún resultado distinto para este ano, desde que vostede é conselleira. Digo se non chove. Se espera que chova como hai dous anos, esperemos que non faga como a súa predecesora, que despois veu aquí no mes de setembro a dicirnos a todos os deputados que estabamos todos coma cabras, porque non chovera nada en todo o verán, cando toda Galicia era bastante consciente de que chovera de forma inusual incluso en Galicia e que fora un verán moi bo en canto ao número de incendios e en canto a superficie queimada posto que chovera.

Pero en todo caso, se non chove, e se ten vostede algún plan distinto de... Ía dicir o de Santa Clara. O de Santa Clara é para que non chova. Supoño que hai un santo, porque sempre hai un santo para todo. Entón supoño que hai un santo para que chova, ao que tamén se lle poderá levar ovos ou calquera outro tipo de cousa para que chova. Pero no caso de ter outro plan... Por certo, sabe vostede que, aínda que chova, é dicir, se agora chovera todo o verán, imaxinemos, vostede seguiría gastando 100 millóns de euros, aínda que non ardera un só metro de monte. Aínda que chovera de aquí a setembro todos os días do ano, vostede seguiría gastando 100 millóns de euros, exactamente o mesmo, dá igual.

Pero se non é así, dicíalle, ¿espera vostede algo distinto? É dicir, se vén un ano normal, que chova como chove neste país, que veña sol, que veña calor, que veñan tamén eses días de vento mezclados con humidade..., ¿espera algo distinto desa situación? Porque leva un ano no Goberno –bueno, case un ano–. Vostede introduciu cambios no seu equipo. Cando veña facer balance dos incendios, levará un ano; e, polo tanto, vostede introduciu cambios en moitísimo aspectos. Por agora, ningún para mellor, pero introduciu cambios. Sen embargo, neste tema nin sequera foi capaz de cambiar o director xeral.

Pregúntollo tranquilamente: ¿supéraa a vostede este tema? É dicir, este tema ¿está por riba da conselleira ou conselleiro do Medio Rural, sexa quen sexa do Partido Popular? Sexa

quen sexa o conselleiro do Partido Popular, ¿a política de prevención e extinción de incendios vai seguir e este país está resignado a que non poida nin sequera modificarse?

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** Pois eu creo que si, señora conselleira. ¿Por que? Non ten culpa vostede, porque de eses 100 millóns de euros, fundamentalmente, fixeron vostedes un paquete tan grande, con tanto diñeiro, crearon tantos intereses políticos e económicos, de privatización, de empresas, que fan imposible incluso para a Consellería do Medio Rural seguramente actuar sobre este tema.

Vostedes estes sete anos dedicáronse a privatizar, a fragmentar, a dispersar e a menoscabar o servizo público, en contraposición co que lle dicía antes, coa privatización, en contra dos traballadores do Seaga...,

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Ten que rematar, por favor.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** ...favorecendo a contratación de empresas privadas e creando as brigadas municipais. Vostedes estes sete anos dedicáronse a ter un dispositivo menos profesional, menos operativo, moito menos eficaz, pero moito máis caro.

Reitero a pregunta, porque as ten por escrito. Sobre todo, gustaríame que nos contase, ou que me respondese, se hai algunha novidade ou imos depender de se chove ou non chove, que era o que faciamos coa súa predecesora. Cando chovía había menos incendios, e cando non chovía había moitos máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor García.

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidenta.

Señorías.

Señor García, hai cousas nas que coincidimos e noutras non. A min pódennme superar moitas cousas nesta vida. E no que a ámbito rural se refire, se a algo lle teño respecto, por suposto, é aos incendios. E téñolle respecto porque, cando hai un incendio, sábese como comeza, pero nunca como remata. E non hai incendio se non hai incendiarios. E, polo tanto, aquí, á parte de organización, hai que ter un control, e nesa organización e nese control agardo ter os deberes feitos agora xa.

Independentemente de todo isto, e se mezclamos quen son ou non son profesionais, para min tan profesionais son as brigadas municipais, as cales eu respecto, que fan un traballo encomiable, un traballo ao carón do incendio, que é fundamental estar o máis preto posible, como as brigadas de Seaga, de Tragsa, ou os mesmos funcionarios que ten a Consellería do Medio Rural. Para min, respecto a todos e a cada un deles.

Á parte de todo isto, coincidimos tamén en dicir que, efectivamente, o ámbito forestal é fundamental en Galicia, sobre todo porque dúas terceiras partes do noso territorio está considerado monte, está considerado forestal. Polo tanto, os postos de traballo derivados do ámbito forestal, entre directos e indirectos, achégase a 70.000 e, polo tanto, coincidimos na importancia que pode ter.

Pero tamén ten moita importancia a industria de primeira transformación, a industria do moble, que podemos dicir que no ano 2015 a súa facturación foi de 1.177 millóns de euros, dos cales máis de 700 millóns de euros son para a exportación.

Polo tanto, avanzar avanzouse, e moito, nos últimos anos. Pero ben é certo que non vou entrar polo miúdo a dicir dende que ano e ata que ano o número de incendios e de hectáreas forestais que se queimaron. Simplemente, a modo de resumo e de conclusión, diminuíron substancialmente. E diminuíron pola política que hai de prevención pero tamén pola conciencia do persoal, que pouco a pouco adquire esa conciencia, sobre todo vendo que coas repoboacións o forestal é vida en Galicia. E nesa liña é na que temos que continuar.

E agora, xa lle explico un pouco polo miúdo, despois desas cinco preguntas que plantexaron e que eu teño por escrito, qué é o que se está facendo e ata onde queremos chegar,

anunciándolles que no día de mañá se presentará no Consello da Xunta o Pladiga; Pladiga que, por suposto, anteriormente foi presentado ao Consello Forestal, no que todos os alí presentes tiveron oportunidade de facer as súas aportacións, das cales varias delas foron tidas en conta. Porque o problema dos lumes, o problema do rural galego, o problema do forestal, non é só dunha consellería, non é só do Goberno, senón de todos os galegos e galegas, e por iso é conveniente ter a aportación de todos eles.

Como ben coñecedes, dentro das accións dirixidas ao territorio e recollidas no Pladiga, establécense, entre outras, as seguintes:

O control selectivo do combustible forestal, que se trata de actuacións non produtivas pero de grande importancia polo seu carácter preventivo e de defensa. Son traballos que se encamiñan especificamente a romper a continuidade horizontal e vertical da masa forestal, cunha anchura tal que en condicións normais deteña o lume e sirva de apoio aos medios terrestres para que realicen o ataque directo ou indirecto dende estas áreas. Como exemplos, temos as áreas cortalumes, nas cales se traballa ao longo de todo o ano, non se traballa tan só nos meses de maio, xuño, xullo e agosto. Non, é unha actividade continuada ao longo de todo o ano. Están as franxas auxiliares e están tamén os desbroces.

Ademais, realízase o mantemento de infraestruturas preventivas de defensa, que son fundamentais na posta en valor do monte, así como na vixilancia, detención e extinción dos lumes. E aquí hai que facer unha paréntese, porque moitas veces dise que de pouco ou de nada serven —ou, polo menos, iso crin entender— os desbroces que se fan nas fincas e nas estradas. E eses son fundamentais, son fundamentais, por un lado, porque dan seguridade non só aos viandantes, senón aos que circulan por esas pistas e esas estradas, pero tamén dan seguridade porque é un xeito de que, cando hai un lume, non salte dun lado para outro.

Con estas accións, o que se trata de acadar é unha densidade óptima dentro do que son as infraestruturas e, por outro lado, a mellora dos tempos de reacción, mediante unha rede de pistas que posibiliten un acceso rápido e seguro á extinción do lume, rompendo a descontinuidade horizontal e vertical do combustible. Por poñerlles exemplos, neste momento estanse acometendo distintas obras, por exemplo, na zona de

Lobios, por máis de 300.000 euros, para que poidan facilitar que teñan acceso, entre outros, unha motobomba. Así como tamén a capitalización do monte e así facilitar a súa activación económica e o seu uso social, racional, medioambiental e, sobre todo, de dinamización económica.

Voules recordar a continuación os orzamentos, por suposto, da Xunta de Galicia correspondentes á Subdirección de Prevención e Defensa Contra Incendios, lembrándolles que hai outras partidas que, aínda que teñen unha función máis produtiva, non por iso deixan de ter funcións preventivas, como poden ser as da Subdirección de Recursos Forestais.

No ano 2015 —e xa falo para facer un exame, e despois direilles o que vai acontecer no ano 2016— a Xunta de Galicia investiu aproximadamente 22,1 millóns de euros para a realización de actuacións preventivas dirixidas ao territorio. Destes, 7,7 millóns de euros son a través de investimento directo ou a través da Xunta de Galicia, 7,9 millóns de euros mediante a colaboración con 264 concellos de Galicia, e 6,5 millóns de euros mediante a concesión de axudas aos montes veciñais en man común para realizar labores de prevención de incendios. Isto supuxo que cos medios propios da Xunta de Galicia, coas contratacións de obra, coas colaboracións cos concellos e coa subvencións se realizaron actuacións preventivas sobre o terreo de aproximadamente 45.500 hectáreas. Os labores realizados foron de control selectivo de masa forestal, e cómpre salientar que se inclúen 36.000 quilómetros de rozas en franxas auxiliares de pistas.

No ano 2016 o investimento directo asignado para o desenvolvemento das accións para a prevención dos incendios forestais é de, aproximadamente, 6,4 millóns de euros. Divididos do seguinte xeito —e aumentando noutras liñas—:

Está en trámite a colaboración cos concellos, para o cal aumenta a partida con 8 millóns de euros. E ademais facémolo durante tres anos, co fin de que os concellos poidan organizar como fan os seus labores de prevención e de desbroces continuados.

Hai unha orde de axudas a montes veciñais en man común e Sofor por un importe de 4,8 millóns de euros, e estamos en proceso de ampliación ata os 6 millóns de euros debido á grande demanda existente.

Todo o anterior vai supoñer que as 45.400 hectáreas do ano anterior se engade o control selectivo de mato de 36.650 hectáreas. Por suposto, sabemos que en Galicia chove moito, e chover supón tamén que creza a masa forestal. É dicir, non é porque chova ou non chova, é que as nosas condicións son as que son para ben ou para mal. ¿Que ocorre? Que seguramente para vostedes, se chove, non hai incendios; se non chove, hai incendios; pero a masa forestal deixámola un pouquiño de lado.

Debe terse en conta que, ademais dos labores preventivos que se realizan pola Xunta de Galicia, hai que lembrar que na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios de Galicia, se establece a obriga aos propietarios de xestionar a biomasa nas súas propiedades, dentro das franxas de xestión da biomasa, isto é, unha franxa de 50 metros de ancho ao redor das zonas urbanas, dos núcleos rurais, das urbanizacións, vivendas ou instalacións illadas.

Tamén temos como operativos os GES, que realizan durante todo o ano tarefas de prevención, actuacións de definición de redes de franxas de xestión de biomasa, investigación de propiedades que moitas veces non están inscritas, e estado da biomasa, así como actuacións de silvicultura preventivas. Son 24 GES, 288 efectivos e 11,5 millóns de euros que pon a Consellería do Medio Rural.

E despois están os investimentos realizados directamente pola Administración autonómica. E no que se refire a estes investimentos, realízase unha asignación a nivel provincial segundo a importancia e a estratexia en materia de prevención e superficie en xestión pública. E pódollelo, ademais, dar a coñecer. O criterio é o seguinte: na Coruña, o 15 %; Lugo, o 35 %; Ourense, o 35 %; e Pontevedra, o 15 % do investimento. Dentro desta asignación, por distrito forestal e conforme a planificación preventiva, priorízase de acordo con actuacións puntuais previamente establecidas.

Realízanse convocatorias de bases reguladoras en concorrencia competitiva —caso das sofor— e convenios con organismos públicos. Realízase esa asignación provincial tamén en función das brigadas, e optan a elas todos os concellos que así o solicitan. E este ano van ter brigadas todos os concellos que o solicitan.

Por último, quero recalcar —como xa se dixo— que ao incremento de 1,2 millóns de euros da partida de subvencións

destinada á prevención hai que engadir outros para danos causados naqueles montes por incendios, que están no capítulo VII, para atender unha ampla demanda. Porque así se está a levar a cabo este ano. Hai unha conciencia importante e esa conciencia é facer os montes totalmente produtivos. Tanto as brigadas municipais como as de Seaga son brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais e son profesionais, tanto as municipais, as de Seaga, como as de Tragsa. E os traballos de prevención de incendios realízanse ao longo de todo o ano, concentrándose na época, por suposto, en que máis medra a maleza. E agora mesmo está chovendo pero está medrando a maleza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Moitas grazas, señora conselleira.

Rolda de réplica.

Señor García.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** Grazas, presidenta.

Eu pensei que íamos coincidir máis, señora conselleira. Pero hoxe non tocaba vir presumir de millóns, que iso é o que fai vostede aquí sempre. Eu xa dixen que eran 100 millóns. ¿A vostede parécelle pouco 100 millóns cada ano? ¿Parécenlle poucos cartos gastados nisto? ¿Vén aínda presumindo de máis millóns? Xa eu digo que é unha auténtica barbaridade. Creo que non é o tema. O tema é que, con eses 100 millóns que gastamos todos os anos, cando saímos aí fóra sen sequera baixar do coche, indo pola carretera, vemos como está todo. E vemos o ordenado que está, o xestionado que está.

Señora conselleira, polo que deduzo, vostede non está facendo nada distinto do que se viña facendo. Non dixo ningunha novidade, todas esas medidas xa mas dixo a min a súa antecesora o ano pasado. ¿Como era que dicía? “Control do combustible da masa forestal”. ¿Canto control do combustible da masa forestal tiña vostede, a súa consellería, o ano pasado en Cualedro? ¿Cantas franxas de control de combustible estaban abertas? ¿Cantos accesos estaban limpos para arderen 1.500 hectáreas? Por alí non pasara ningún nin a controlar combustible nin a controlar nada había quince anos. ¿Cantos Cualedros ou cantas masas de 1.500

hectáreas de forma continuada sen ningún tipo de xestión, sen ningún tipo de control, ten vostede neste momento neste país? ¿Sábeo? Non, non o sabe nin vostede nin ningún.

¿Que fixo o distrito 16 –dígoo por ser do meu pueblo– estes tres meses? ¿Que fixo os tres meses anteriores? ¿Que está facendo hoxe? ¿Sábeo? Non estou dicindo que o saiba agora aquí, eu non llo preguntara. Non, nin o sabe nin ten quen llo diga. ¿Cal é o estadillo de traballo? ¿Que planificación de traballo fixeron neste ano para ese control dese distrito? ¿Sábeo? Non, non ten nin idea, non a teñen nin eles... Non a teñen eles, ¿como a vai ter vostede? E non estou dicindo se o traballo sequera é real nin entrando a discutir se ese traballo é real ou non é real. Vostede non ten nin un papel do que fixo ese persoal dese distrito no último ano, nin o tivo a súa antecesora nestes últimos sete anos. Nin o ten vostede nin o tivo a súa antecesora nos últimos sete anos, nin do que fixo o ano pasado nin o anterior nin o outro máis; nin o que está facendo hoxe nin o que vai facer para o ano. Polo tanto, non me veña vender aquí motos. O Pladiga é un mero corta e pega. Colla o seu Pladiga deste ano, que non o vin aínda, pero seguro que é calcado ao de hai sete anos, actualizando as datas, por suposto, pero nada máis. Polo tanto, non nos veña contar historias.

¿Que fixo vostede o ano pasado e hai dous anos, sobre todo nos principais incendios ou naqueles que nos chaman a atención? ¿Que fixo vostede, por exemplo, para protexer máis as nosas zonas máis desfavorecidas, as nosas zonas de especial protección ou os nosos parques naturais, as nosas zonas que deberían ter unha protección especial? ¿Que está facendo vostede para que non volva arder o monte Pindo? Nada. Arde cada seis anos. Aínda non lle toca, tranquila. ¿Que fixo vostede ou que está facendo para que non volvan arder as fragas do Eume? Nada, absolutamente nada.

Esas son as preguntas. É dicir, desde que vostede chegou ao Goberno, ¿intentou cambiar isto? Se non, volvemos ao de Santa Clara: se non chove, arderá máis, e se chove arderá menos. Claro, que pase vostede como pasou a antecesora e se facer prevención é desbrozar as pistas, apaga e vamos. Eu xa sei que a herba medra máis nesta época, incluso a de ensilar, por iso se ensila agora e non no mes de xaneiro, porque agora medra moito máis a herba, claro. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Pero de facer prevención a facer uns desbroces hai moita diferenza. Porque non lle pido que desbrozara as 1.500 hec-

táreas de Cualedro do ano pasado, é absurdo, sería de loucos. Non podemos coller a desbrozadora e desbrozar este país. O que non pode haber é 1.500 hectáreas xuntas sen ningún tipo de xestión desas 1.500 hectáreas. E iso era o que había en Cualedro. E falo de Cualedro porque foi o último incendio grande que tivemos neste país. Por exemplo, eu non lle pido que collan unha desbrozadora e desbrocen as 1.500 hectáreas de Cualedro porque entón iso non é facer prevención. Facer prevención é que...

E, por suposto, a culpa é dos incendiarios, ¡claro que si, home!, ¡claro que si!, a culpa é dos incendiarios sen dúbida ningunha. Pero o que teremos que mirar é que, se hai un incendiario non sexa capaz de queimar 1.500 hectáreas, e a ver se dá queimado 2 ou 3, ou 15, porque teñamos uns elementos de xestión, uns elementos humanos e uns elementos técnicos...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** ...para que poidan arder só 15 ou 20 hectáreas, ou 50, pero non 1.500. Eu non estou dicindo que haxa que desbrozar as 1.500, non fai falta. Fai falta prevención e xestión do territorio, e iso non é desbrozar as pistas, non ten nada que ver. Iso non ten nada que ver con desbrozar as pitas, que eu non estou en contra de que haxa que desbrozar as pistas. Pero de aí a dicir que esa é a prevención, xa o dicía a súa antecesora, e que non se podía desbrozar agora porque volvía medrar a herba. Se o problema non era a herba que medraba en Cualedro, e que a herba estivera un pouco alta.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor, señor García.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** Non é coma os campos de fútbol, a ver se a herba está un pouquiño alta. Non, en Cualedro non é que estivera moi alta, é que, ¿sabe?, non era esa a cuestión. Non pasara por alí hai moitos anos moita xente. Entón, se vostede me di que se fixo todo coma sempre, xa lle digo: non se fixo nada. Eu, cando queira, doulle os datos dos distritos, porque isto é moi pequeno. A ver, eu vexo a xente que está no distrito do meu pueblo...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** ...e o outro ve o que se fai no seu pueblo. É dicir, non existe ningún... ¡Pero se non teñen nin

ferramenta! ¿Vostede sabe que levan todo o inverno sen traballar porque non teñen a equipación? Señora conselleira, isto é así, ademais dise publicamente no periódico...;

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor García.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** ...quero dicir que non lle estou contando ningunha milonga.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor García.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** Levan este ano sen traballar porque non teñen a equipación. Entón ¿de que me vén falando?, ¿de que nos vén falando?

Oxalá que chova, señora conselleira, oxalá que chova. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor García.

Ten a palabra a señora conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Señor García, voulle consentir todo tipo de bromas e piruetas, e encima que se rían os seus compañeiros, cando non falemos de incendios. Cando vostede xestione un concello e, polo tanto, teña que estar ao lado dun lume e ver o perigo polo que pasan os traballadores, os voluntarios e as casas, a partir de aí... Por favor, deixémonos de rir e empeceamos a traballar. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

É moi triste xogar cos incendios, pero aínda é moito máis triste nomear un distrito e preguntar que raios está facendo esta xente. Señor García, estame dicindo que a xente dos distritos, que o persoal da Consellería do Medio Rural non a rasca. *(Murmurios.)* Estame dicindo que están de brazos cruzados e non fan nada. *(Murmurios.)* Estame dicindo que, como non teñen absolutamente nada, a ver, aquí nin se pasan partes nin se sabe onde están, se van de paseo, se están mirando... ¡Home!, un pouco de seriedade e un pouco de respecto para o persoal da Xunta de Galicia, un pouco de respecto. *(Aplausos.)*

Facíame varias preguntas e eu traio aquí as respostas. Entre outras, ¿canto persoal tiñamos?, ¿canto era por distrito?,

¿que era o que facía? Pero vexo que aquí simplemente o que interesa é un pouco de teatro e pouco máis. Pero eu vou seguir na miña liña e direille que temos 2.273 empregados públicos —e realizan o seu traballo, créame que o realizan—, 387 axentes forestais, 65 técnicos e 1.821 laborais.

E xa, como parece que non nos enteramos de nada, pois vólles dicir como están distribuídos e qué é o que fan, aínda que me parece de broma que teñamos que vir dicir isto aquí. Pero empecemos. Distrito de Ferrol: axentes, 17; técnicos, 3; laborais, 78; total 98, un gran traballo. Distrito 2, Bergantiños-mariñas coruñesas: 20 axentes, 3 técnicos, 83 laborais; 106 en total, e un gran traballo o que levan realizado. Santiagomeseta interior: 21 axentes, 3 técnicos, 111 laborais; en total, 135, un gran traballo e o meu respecto a todos eles. Seguimos. Barbanza: 21 axentes, 4 técnicos, 75 laborais; un total de 100, tamén traballan. O seguinte, Fisterra: 18 axentes, 3 técnicos, 65 laborais; total 86. E así paulatinamente. Fan un traballo de xaneiro a xaneiro e un traballo de auténticos profesionais, un traballo que ven eles e ve todo o mundo que se dea un paseo polo rural galego, que parece que de repente vostede non é do rural galego excepto que sexa para facer un pouco de cómic e dicir cando hai que ensilar, cando non hai que ensilar, como medra ou como deixa de medrar a herba.

Independentemente disto, direilles que o total de todos eles son 2.273 profesionais, que o dispositivo de persoal de prevención e extinción está composto por persoal funcionario da Xunta de Galicia, por técnicos, e eses técnicos distribúense, ademais, nas emisoras, nas torres de vixilancia, nos que conducen motobombas... E direilles que este goberno se preocupa, e preocúpase tamén por eles, porque dende hai moitos anos non se investía o que se veu investindo este ano, que foron máis de 11 millóns de euros para o cambio das distintas motobombas e para que o persoal teña seguridade. Para que teñan seguridade eles, teña seguridade a xente de Seaga e teña seguridade a xente de Tragsa, igual que a mesma seguridade que teñen os GES. Todas as brigadas realizan traballos de prevención e extinción de incendios cun control exhaustivo, que vai dende o principio ata a fin. O dispositivo funciona en todo momento baixo un mando único, porque con isto de que se privatiza todo e de qué desorde hai... Créame, non hai desorde de ningún tipo. Eu si que vivín algunha desorde sendo alcaldesa e gobernando outras, si que o vivín. Pero co lume non vou facer política, co lume o único que vou facer é traballo e máis traballo. Esa é a realidade.

Preguntan polo balance dos traballos desenvolvidos. A Xunta de Galicia e esta consellería en particular non imos estar satisfeitos, por suposto, mentres que haxa un só incendio. Pero tamén lle digo que teño a liña de todos os anos do número de incendios e número de hectáreas, que diminuíu considerablemente. (*Murmurios.*) Ese é un traballo de todos, sen dúbida ningunha.

Pero, ademais, nas accións preventivas que expuxen, en certo modo, duplícase o investimento produtivo no monte. O orzamento pasou de 24,9 millóns a 50 millóns de euros. Neste ámbito destacan as partidas destinadas á implantación de sistemas silvopastoris, agroforestais e á conservación dos recursos xenéticos, entre outros moitos. De feito, e dado o importante interese xerado neste sector, hoxe saíu publicada unha ampliación de crédito da orde de forestación, pasando de 2,5 millóns de euros iniciais a 5 millóns de euros. Ademais, nos vindeiros días publicarase a ampliación de crédito da orde de silvicultura, cuxo importe pasa de 6 millóns a 11 millóns de euros.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ¿Que dicir ten que se reduciu o número de lumes? ¿Que dicir ten que se reduciu substancialmente a superficie queimada? ¿E que dicir ten que non estaremos plenamente satisfeitos ata que deixe de haber incendios?

Sen máis, quero dicir que co lume non se xoga. E esta consellería, dende logo, non vai xogar, non vai facer política. E o que si teño que facer é unha loanza pública á profesionalidade de todos os que traballan nas brigadas contra incendios.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora conselleira.

Pasamos ao punto 7, preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto dos criterios seguidos en relación coa intervención dos bombeiros de Vigo na extinción do incendio na factoría da empresa Fandicosta, en Moaña**

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Losada Álvarez.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señora presidenta.

Bueno, eu, efectivamente, vou retomar as últimas palabras da conselleira do Medio Rural e dicir que non vou facer política co lume. Prometo que non vou facer ningunha foto cunha manguera de cámping e zapatos náuticos; absolutamente ningunha foto con isto. *(Aplausos.)*

Antes o señor vicepresidente da Xunta dicía, valoraba, como fai sempre este goberno, a cualificación dos deputados da oposición. Eu recoñezo que non son un especialista en lumes e en emerxencias, pero, bueno, quedo tranquilo porque vostede, que é secretario de Administración local, entendín que non tiña moi claras as competencias dos concellos. Estou seguro de que si que as tiñas claras, outra cousa é que fora favorable ao seu discurso ignoralas.

Tamén vou falar de aprendizaxe. Mire, no ano 2009, en maio de 2009, houbo un lume nun polígono industrial de Arteixo, arderon 18 naves industriais. O parque de bombeiros máis próximo era o da cidade da Coruña, municipal, a 3 quilómetros, e, sen embargo, acudiron os bombeiros do parque mancomunado de Arteixo. Insisto, o resultado: a práctica destrución do conxunto do parque industrial, 18 naves calcinadas.

Lamentablemente, señor Rueda, nestes sete anos o proceso de aprendizaxe parece que foi escaso, que foi lento, porque o outro día, efectivamente, nunha empresa, Fandicosta, en Domaio, en Moaña, ao lado de vivendas e ao lado dunha gasolinera –como vostedes seguro que ben saben; non unha, senón dúas, unha a cada lado da estrada–, produciuse un lume e, efectivamente, saíu nos medios de comunicación –vostede coñecerá os titulares–: “A Axencia Galega de Emerxencias impediu aos bombeiros de Vigo acudir ao incendio de Fandicosta ata unha hora despois de iniciado”. Chegouse a ter que dicir, por parte dos bombeiros dos parques comarcais que se atopaban alí xa, aos bombeiros de Vigo: “Só llo vou dicir unha vez: avise os seus xefes e mande todo o que teña, tamén remolcadores, porque vai explotar todo” –entre outras cousas había dous tanques de amoníaco con 5.000 litros cada un deles–.

Bueno, efectivamente, tivo que ser o propietario da empresa quen chamara os bombeiros de Vigo para pedirllas que foran

axudar a apagar ese lume; dúas veces se lles dixo desde o 112, de Emerxencias de Galicia, aos bombeiros de Vigo que non acudiran.

Señor Rueda, non abanee a cabeza, teño aquí o informe dos bombeiros. Eu comprendo que está acostumado a facer titulares na prensa, pero neste caso teño aquí o informe dos bombeiros de Vigo. Eu, se quere que lle diga, doulles máis credibilidade aos bombeiros de Vigo que ao señor vicepresidente da Xunta de Galicia. Polo tanto, agradeceríalle que, en fin... Manifestar ese escepticismo ante os informes de profesionais, paréceme, cando menos, desconsiderado, vostedes que son tan sensibles coas consideracións profesionais da oposición.

E, desde logo, esta política...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...–remato, señora presidenta– na miña opinión soamente pode ter tres explicacións: incompetencia –que é posible–, arbitrariedade –e sabe perfectamente de que lle estou falando– ou mala fe, ou outra, defensa de intereses espurios de empresas privadas, que son quen xestionan os parques comarcais de bombeiros en Galicia.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Para respostar ten a palabra o vicepresidente da Xunta.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Losada, vostede di que non vai facer política con este tema, despois empeza como empeza a súa intervención e, claro, como o que quere é facer política, olvídaselle algo que vou facer eu, que é, falando do incendio de Fandicosta, recoñecer a intervención dos profesionais que xogaron alí a vida, tanto extinguindo o incendio, como despois impedindo a fuga dos depósitos de amoníaco, que, efectivamente, existían aí. Creo que é de xustiza e, polo tanto, eu quero facelo.



A partir de aí vostede, no final na súa pregunta, acaba cun interrogante que di: ¿considera o Goberno galego que os servizos de emerxencias en Galicia deben antepoñer os intereses xerais a calquera outro tipo de intereses? Como é unha pregunta con resposta obvia, eu doulle a resposta obvia, dígolle que si, que, efectivamente, por suposto que o consideramos, e estou seguro de que vostede tamén, aínda que queira facer política con esta pregunta.

Tamén lle vou dicir outra obviedade, xa que vai de obviedades: os políticos non extinguimos incendios; supoño que vostede o saberá tamén, a pesar de que queira facer política con este tema. Os políticos non extinguen incendios. Eu comprendo que tamén, escoitando o alcalde de Vigo, algún cidadán poida pensar que son os políticos, ou o alcalde de Vigo, quen conduce os camións, o que decide e avalía os riscos, o que di cantos sondeos teñen que ir a cada sitio, pero non, non, señor Losada, son os técnicos, non son os políticos, e, se entendemos isto, entenderemos bastantes cousas máis. Outra cousa é que a responsabilidade dos políticos, por suposto, sexa poñer os medios á disposición para que cando haxa unha emerxencia a poboación estea o mellor atendida posible, e sempre ten que ser unha atención dabondo.

Eu comprendo que a señora Gallego, cando falo de Vigo, se poña nerviosa, pero está preguntando o señor Losada; polo tanto, déixeme responderlle a el. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Entón, o que lle digo, señor Losada, é que, como non, isto non é unha cuestión de políticos, o que temos é que poñer os medios. Creo que se avanzou moitísimo, xa llo dixen á señora Paz na interpelación. O que había en Galicia no ano 2000 e o que hai no ano 2016, grazas á colaboración de todos e con independencia de como se xestiona o sistema, creo que é bastante meritorio, e iso é o que temos que facer. Despois as mobilizacións correspóndelle saber facelas a quen realmente sabe deste tema, que non somos nin vostede nin eu nin o alcalde de Vigo, a pesar dalgunhas declaracións que fixo ao principio; é certo que despois foi rectificando, supoño que porque, ademais de ver o informe dos bombeiros de Vigo, viu tamén as chamadas do 112. E nas chamadas do 112 dise o que se di, e supoño que, ao final, alguén lle diría, efectivamente, o que hai, e por iso modulou o discurso.

Pero, en todo caso, eu o que lle pido é que falemos disto con rigor para ver en que se pode mellorar. Somos os primeiros que dixemos que os protocolos se podían revisar e, dende logo, hai que revisalos sempre que se produce un incendio desta magnitude, así, non caeremos en cousas como na que me dicía antes a señora Paz –que lamento que non estea–: ¿por que non se avisou o GES de Redondela? Porque o GES de Redondela non existe porque o Goberno do PP está en minoría e o seu partido, o Bloque, e o grupo independente impediron que houbera un GES en Redondela. Por iso non puido ir o GES de Redondela. Claro, cando nos acusa a nós de non chamar o GES de Redondela, que non existe porque vostedes votaron para que non existise, pois así é moi difícil poñerse de acordo.

Eu vólvolle dicir que levamos moitos meses esperando a ver se se pode mellorar tamén cambiando o sistema de xestión. A señora Paz acaba de dicir que aínda non estaban os informes, pero que, cando estean feitos, xa nolo dirá. Iso entra un pouco en contradición co que dixo a señora Silva, que di que hai catro meses que temos os informes. Cando se poñan de acordo, ao mellor podemos falar en serio disto e non facer política.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor vicepresidente.

Señor Losada, ten vostede a palabra.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señora presidenta.

Mire, señor Rueda, a diferenza entre facer política cos lumes no Parlamento e facela nunha fogata de *boy scouts* cos náuticos é evidente. Eu estou seguro de que vostede mesmo chega ata aí.

O que é certo é que en tres ocasións durante unha hora o 112 denegou a chegada dos bombeiros de Vigo, que están a 8 horas do lume, e mandou bombeiros de Cangas e de Ribadumia... (*Murmurios.*) A 8 minutos, perdón. Bueno, efectivamente, sei perfectamente que estou na Ágora ateniense e, polo tanto, desculpen o erro.

Eu o que si vou ler é o que dixo o señor Feijóo en relación con este tema, e, se vostede saca algunha conclusión que non

sexa estupidez política manifesta, pois, bueno, vostede mesmo. Dixo: “O Servizo Coordinador de Emerxencias ten que explicar se os seus protocolos se activaron de forma correcta e se todo funcionou de forma inmediata” –hai quin-ce días, estamos esperando esa explicación–. “Ten que dar explicacións sobre o cronograma” –estamos esperando; ao mellor vostede a ten, eu, desde logo, pedina e vou pedir tamén as chamadas do 112–. “Feijóo agradeceu o traballo dos bombeiros, en particular dos de Vigo, e que se puxesen á disposición da central de emerxencias” –non é que se puxesen á disposición, é que saltaron a orde da central de emerxencias porque literalmente o lume chegaba aos depó-sitos de amoníaco–. Entón, estaría ben que lle contaran ao señor presidente as cousas como son.

Señor Feijóo, a Xunta está analizando e vendo as chamadas, e logo xa o paradigma da filosofía socrática: “Quen mobiliza os bombeiros de Galicia son os bombeiros de Galicia”. A ver se se poñen de acordo. Ou os técnicos ou os bombeiros. En fin, insisto, cito textualmente –entrecomiñado–, e nin-guén o desmentiu. Recoñezo que teño os medios de comu-nicación para facelo.

Logo tamén dixo outra das súas, dixo: “Os bombeiros do Morrazo apagan os lumes do Morrazo”. Está ben, esa tamén é unha refrenda forte do que é un sistema de emerxencias coordinado e que prioriza o servizo público, os cidadáns, fronte, neste caso, unha auténtica estupidez –insisto– políti-ca.

Despois tamén dixo, en relación co alcalde de Vigo: “Sem-pre hai que buscar culpables para non asumir responsabilidades”. Pois vai resultar que o incendio de Fandicosta...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...é culpa do alcalde de Vigo, que xa é o que nos faltaba.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Logo tamén dixo outra cousa. Dixo que non fará distincións entre bombeiros polos seus centros de traballo. E aquí está o truco, non fai distincións entre os bombeiros, pero fai distincións entre o sistema, que un, Matinsa, é de FCC, e o de Vigo é municipal, é público.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ¿Sabe de quen lle falo, señor vicepresidente? (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas.

Réplica do Goberno.

Señor vicepresidente, ten vostede a palabra.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Grazas, señora presidenta.

Señor Losada, isto non é a Ágora ateniense, pero é un sitio onde, cando falamos de emerxencias, ¡home!, hai que falar con certo rigor, de verdade.

Eu pensei que vostede coñecía as chamadas do 112. Entón, ¿está falando aquí do que pasou no 112 e recoñece que non ten nin idea das chamadas? Pois eu coñezo o informe dos bombeiros de Vigo... (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) Claro, pero en cambio as chamadas ao 112 nin as coñece. Vén facer unha pregunta sobre un operativo sen saber como foi..., sobre a mobiliza-ción dun operativo... (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) Se o pedira para facer esta pregunta, eu facilitáballo sen ningún problema. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O caso é que vostede vén falar da mobilización dun operati-vo de emerxencias sen coñecer a mobilización do operativo de emerxencias. E, claro, así di as cousas que di, e sobre todo todo así dixo as cousas que dixo algún responsable político do Concello de Vigo, concretamente o alcalde, xa que estamos falando diso.

Mire, nunca se lles dixo aos bombeiros que deran a volta. Os bombeiros de Vigo son os primeiros que reciben a chamada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Nunca se lles dixo aos bombeiros –o seu alcalde si o dixo– de Vigo que deran a volta. Nunca se lles prohibiu actuar, nunca. Mire, entre outras cousas, primeiro, porque os bombeiros non pre-cisan de autorización para actuar, e coñéceno perfectamente,

e o 112 non llo pode impedir. Polo tanto, nin se lles mandou dar a volta nin se lles prohibiu actuar. E o alcalde de Vigo é certo que primeiro dixo o que dixo, a pesar de que non quería facer política, e despois pois foi modulando esa pasada de freada. Ao mellor, a el si que lle pasaron as chamadas do 112, o operativo, entón, foi modulando o discurso e ao final recoñeceu que o problema é que, podendo saír cando os bombeiros de Vigo o decidisen, ao final estiveron esperando 50 minutos a que se lles dixera que saísen. E, ao final, nin sequera esperaron, porque saíron, coñecendo a chamada, os primeiros.

Esa é a realidade, despois pódenos contar se tivo chamadas o 112... E non o pretendo, porque o primeiro que fixen –cousa que vostede non fixo nin na primeira nin na segunda intervención– foi recoñecer a profesionalidade de todos os que interviñeron alí, empezando polos bombeiros de Vigo, pero as chamadas din o que din e o sistema é o que é. Pero, mire, non hai ningún problema.

Tamén se dixo que o problema de que ardera Fandicosta –chegouse a insinuar– é que hai un sistema de xestión indirecta de extinción de incendios na provincia de Pontevedra –bueno, apoiado por vostedes tamén–. Eu estou seguro de que non é así pero, vamos, se vostedes o pensan –porque se dixo nalgún momento, insinuouse, e, dende logo, non dende esta bancada nin dende membros do Partido Popular–, pois non sei que facemos esperando tanto tempo a recibir eses papeis famosos. E, en todo caso, se o problema é a mobilización dos bombeiros de Vigo, mire, dígolle unha cousa, o 112 procede inmediatamente, seguindo, por certo, instrucións –indicacións, non instrucións–, indicacións e manifestacións públicas do alcalde de Vigo, e a partir de agora a chamar, sempre que se produza un incendio de magnitude na isócrona do concello de Vigo, aínda que estea fóra do termo municipal, os bombeiros de Vigo, e a informalos do que pasa exactamente, e despois os bombeiros de Vigo ou os responsables políticos –que parece ser que son os que toman esas decisións de emerxencias nese concello, escoitando, xa digo, o alcalde, que é un responsable político máis– que decidan se teñen que saír ou non. A partir de agora o 112 chamará sempre na isócrona, e o director xeral de Emerxencias se poñerá en contacto co concelleiro responsable de emerxencias en Vigo para poñerllo de manifesto e dicirlle que, seguindo o que di o alcalde de Vigo, a partir de agora se fará así.

Mire, mentres, sexamos serios. Se hai que falar de cambiar o modelo, fagámolo tamén; aclárense entre vostedes se nos mandaron os papeis, se non os mandaron, se a xestión indirecta é a que provoca incendios, se non os provoca, porque mentres non falen entre vostedes, ao final, non chegan a ningún acordo, e cando non se chega a un acordo é case tanto como falar dun pacto de perdedores, e de pacto de perdedores estes días vostedes falan bastante.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da Xunta de Galicia para impedir que os profesionais da historia, da arqueoloxía ou da xeografía poidan facer visitas guiadas ao patrimonio galego catalogado como ben de interese cultural**

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Rueda, eu a verdade hoxe quixera empezar trasladando polo menos a sorpresa de que o conselleiro de Cultura non veña hoxe responder unha pregunta que afecta directamente a súa responsabilidade e que máis unha vez practiquen a política da avestruz, de esconderse ante os problemas e non dar a cara, porque estou convencida de que moitos destes profesionais querían saber –os profesionais que están traballando no ámbito da cultura– que ten que dicir a Consellería da Cultura cando se lles está impedindo facer os labores que viñan facendo e que non teñen nada a ver co turismo, senón que teñen a ver coa xestión patrimonial.

En todo caso, non o tomo a mal, porque xa sei, ademais, que vostede é un gran experto, non só en emerxencias, turismo, mocións de censura, mesmo tamén na xestión do patrimonio cultural.

En todo caso, nós hoxe estamos aquí trasladando un problema que creou o Goberno galego e que, ademais, é un pro-

blema que denota que teñen unha visión anquilosada do que significa a xestión do patrimonio cultural. E é un problema no que, ademais, están botando por terra unha oportunidade de creación de riqueza no noso país vinculada á xestión do patrimonio cultural.

Sabe vostede que agora mesmo hai profesionais, arqueólogos e arqueólogas, arquitectos e arquitectas, persoal licenciado en xeografía e historia, que viñan facendo un labor vinculado á posta en valor do patrimonio cultural e que se lles está impedindo facer. Chegamos ao absurdo –e enténdame, porque estes son casos reais, non sei se os coñece; en todo caso, podo presentarlle ás persoas ás que lles está pasando– de que unha arqueóloga –e non vou desvelar os nomes– que fai unhas escavacións dun castelo quere facer unha visita sobre esas escavacións para explicar o traballo arqueolóxico, histórico, cultural que hai detrás desa visita, e non pode facelo, impídello a súa consellería. ¿Parécelle iso normal? ¿Cre que isto pasa nalgún país que realmente vexa que a xestión do patrimonio cultural non pode reducirse a unha cuestión meramente turística?

Como xa sei tamén que a vostedes lles gusta moito manipular e retorcer as nosas palabras, quero que quede isto moi claro: desde o BNG non temos absolutamente nada en contra de que se regule e profesionalice o labor dos guías turísticos; é que nos parece ben. O que non entendemos é por que vostedes lle poñen impedimentos ao labor que fan outros profesionais, que non ten nada que ver co turismo, senón que ten que ver coa xestión do patrimonio cultural no noso país, empobrecendo, limitando, a capacidade que ten o noso patrimonio.

Porque, señor Rueda, o patrimonio non é única e exclusivamente un lugar ao que teñen que vir visitantes; o patrimonio os galegos e galegas tamén temos que coñecelo, e nós non queremos ser turistas no noso país. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Pontón.

Ten a palabra o vicepresidente da Xunta para responder.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señora Pontón.

Eu xa sei que non lle vai gustar o que lle vou dicir, pero sempre que vostedes fan referencia a que non lles gusta o membro do Goberno que vén responder unha pregunta, eu digo o mesmo: dende o ano 2009 a Xunta xa non funciona en compartimentos estancos; polo tanto, hai coordinación e non hai ningún problema en que un veña responder cando ten competencias. Isto tamén ten que ver co turismo. Funcionamos transversalmente e non hai problemas nin rivalidades que impidan unha coordinación –digo dende o ano 2009–. Polo tanto, esa é a razón de que estea eu aquí.

A partir de aí, mire, eu creo que hai un pequeno barullo sobre isto que hai que aclarar para entender cal é a razón da decisión da Xunta de Galicia. Vostede coñece a Lei de patrimonio cultural, aprobouse hai un mes. Comprometéronse –vostede mesmo– a derogala en canto teñan ocasión, en canto o señor Romeu intente, como dixo esta mañá, sentar no sillón –que diso debe tratarse ser presidente da Xunta–. Polo tanto, mentres non estea derogada –e agardo que non estea derogada durante moitos anos–, o que di esta lei é que “a Xunta de Galicia promoverá o coñecemento do patrimonio cultural e das actividades e medidas para a súa salvagarda mediante as axeitadas campañas públicas de divulgación e sensibilización coa asistencia e participación dos profesionais do seu estudo, conservación e divulgación”.

Polo tanto, non é que se impida, é que a Xunta de Galicia ten unha obriga e, dende logo, vai exercela, para que estes profesionais poidan facer esta actividade de estudo, conservación e divulgación. Outra cousa diferente é a profesión do guía turístico, efectivamente. Dende o ano 2011 esta profesión –esta afección que vostede di apoiar e que está de acordo en que se consolide– defínese como os profesionais que, debidamente habilitados, prestan de maneira habitual e retribuída servizos de asistencia, acompañamento e información en materia cultural, artística, histórica e xeográfica ás usuarias e usuarios turísticos nas súas visitas a museos e demais bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia.

Polo tanto, señora Pontón, unha cousa é que esta actividade se desenvolva de xeito habitual, que sexa a fonte de ingresos habitual da persoa que faga esta actividade, e outra cousa é que un profesional da arqueoloxía ou un profesional da historia queira facer, como vostede dicía, visitas ou guiar ou explicar un xacemento no que traballou. Non ten ningún problema para iso, outra cousa é exercer como guía turístico. Polo tanto,

ninguén impide a estes profesionais divulgar o patrimonio; outra cousa é o guía turístico, que se basea tamén en potenciar o turismo de Galicia, que creo que iso nos interesa a todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica ten a palabra a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Mire, señor Rueda, eu creo que a primeira obrigación que ten vostede como vicepresidente da Xunta é coñecer cales son os problemas que o seu goberno lles está creando aos cidadáns deste país. E hoxe hai problemas –eu contáballe un caso moi concreto– porque hai xente que está traballando no ámbito da xestión cultural á que se lle está impedindo poder facer visitas guiadas, mesmo, por exemplo, cando foron directores e directoras de escavacións arqueolóxicas, que teñen ameazas de sanción do seu departamento, cando están facendo un labor que non ten nada que ver co papel que teñen que facer os guías turísticos, e que están facendo xestión do patrimonio. ¿E vostede vén aquí dicirme que ese problema non existe? Os profesionais que viñeron a este Parlamento non só faláron co Bloque; faláron co Grupo do PSOE, faláron co Grupo de AGE e non sei se o Grupo Popular os recibiu ou non.

Sabe tamén vostede que nesa lei, na Lei de patrimonio, non se lles dá unha solución, porque o artigo que vostede acaba de ler delata que o problema de fondo non se solucionou, porque o único que di é que nas campañas de divulgación poderán contar con eles. Pero nós estamos falando de poder explicar *in situ* e, por tanto, facer un labor pedagóxico, que é fundamental e que se fai en todos os países desenvolvidos do mundo.

Mire, estamos nunha aberración tal que temos non só eses problemas relacionados con que os arqueólogos non poidan explicar os xacementos, senón que temos tamén, por exemplo, problemas coas persoas do teatro e da literatura, que están facendo visitas teatralizadas e aos que lles están poñendo vostedes desde o seu departamento problemas para poder facelo.

Un arquitecto, señor Rueda, non vai poder facer visitas guiadas nun centro histórico se está declarado como ben de

interese cultural. Eu preguntolle: ¿a vostede isto parécelle razoable? ¿Vostede non se dá conta de que están creando un problema onde non o había, de que están limitando o coñecemento, a difusión, o enriquecemento cultural do noso pobo e de que, ademais, están limitando unha actividade que, desde o punto de vista económico, ten moita importancia e que aínda debería de ter máis peso na nosa economía?

Desde logo, señor Rueda, eu hoxe o que lle pido aquí é un compromiso de que vai revisar esta situación e de que van darlle unha solución satisfactoria, porque, de verdade, o que fan os guías turísticos non ten absolutamente nada que ver co que poden facer profesionais da historia da arte, da xeografía, arqueólogos e arqueólogas e arquitectos.

Escoiten, estou demandando este sector, e non me veña aquí vender fume, porque os que están vendo isto en directo ou os que están hoxe aquí na tribuna que están afectados por esta situación saben cal é a realidade. O que lle pido é que por compromiso...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...co mínimo compromiso que hai que ter cunha xestión racional do noso patrimonio –dáme igual que sexa vostede que o señor Román–, solucionen o problema. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Pontón.

Réplica do Goberno.

Señor vicepresidente, ten vostede a palabra.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Señora Pontón, mire, a realidade coñecémola todos e a vostede mesma pónolle un exemplo. Se un arquitecto se adica habitualmente –sendo esa a súa actividade habitual e a súa fonte de ingresos habitual– a ensinar un ben cultural, pois entón non está traballando de arquitecto, está facendo outro labor, e aí entra en xogo outra lei que define a actividade de guía turístico, para o cal supoño que terá o mesmo respecto que ten para estes profesionais. Eu teño respecto por todos, pero son actividades distintas. Polo tanto, así están regulamentadas.

E vólvolle dicir, cando non é algo habitual nin é a principal fonte de ingresos –e está definido na lei– non se dan estes casos. Dende logo, se se estiveran dando, non se terían que estar dando. E serán esporádicos, bueno, moi ben. Estoulle dicindo o que di a lei e o que ten que obrigar a cumprir a Xunta de Galicia. E se hai algún caso puntual, perda vostede coidado de que se actuará en consecuencia. Agora, se o que pretende vostede é dicir que para desenvolver de xeito habitual esta actividade, sendo a fonte de ingresos habitual, se un é arquitecto ou é historiador ou é arqueólogo, non ten por que obter a acreditación de guía turístico, oia, pois o Goberno galego non está de acordo e regulamentou nunha lei esas condicións. E se pensa vostede que fortalece estes profesionais ou fortalece o potencial turístico de Galicia dicindo que non hai por que obter esta acreditación e que o case millón de turistas que temos estranxeiros, viaxeiros... Sabe vostede que aos guías turísticos se lles pide, á parte dunha serie de coñecementos, que, por suposto, coñezan os dous idiomas oficiais, que coñezan outro idioma máis estranxeiro e que teñan unha serie de coñecementos sobre os recursos culturais e turísticos que poidan estar conectados coa zona, e iso pódeno facer tamén estes profesionais obtendo a acreditación. Dende que comezou este ano a obtención de acreditacións é verdade que hai moitos que a obtiveron de xeito directo pola titulación, polas magníficas escolas que temos aquí, pero tamén é verdade que hai máis de cen profesionais que non a obtiveron de xeito directo e que a obtiveron pasando estas probas. Se vostede cre que lles fai un favor aos profesionais, que lle fai un favor á dinamización económica de Galicia a través do turismo, que, en definitiva, lle fai un favor ao noso desenvolvemento dicindo que hai unha serie de xente que para poder desenvolver este labor ten que ter acreditación e que outros non simplemente porque non teñen que obtela, bueno, pois non nos imos poñer de acordo.

Polo tanto, eu animo estes profesionais a que melloren aínda máis a súa formación, e se o fan de xeito esporádico e teñen algún problema, por suposto, que a Xunta de Galicia terá que actuar. Mire, é que, se non, ao final, ¿sabe que lle digo? Que vostedes, se non van cos tempos e co futuro, pois quedarán no pasado e, ao final, os arqueólogos a quen acabarán estudando é ao BNG; o que foi e no que se converteu.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política de contratación de persoal prevista pola Xunta de Galicia para reducir a temporalidade**

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señoras e señores deputados. Boa tarde, señor conselleiro.

Recentemente coñeciamos unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia onde se consideraba indefinidos descontinuos os traballadores do servizo forestal que viñan desempeñando labores de apoio ao persoal fixo da Xunta de Galicia durante o período estival. Pois, por desgraza, este exemplo de abuso dos contratos temporais non é un caso particular, é un caso xeral na Administración pública galega dende os últimos anos.

Hoxe non lle vou dar datos de centrais sindicais, voulle dar datos do IGE; voulle dar datos oficiais, aínda sabendo que moitos deles están maquillados.

Pois ben, se miramos os datos do IGE dende xuño de 2009 ata o mesmo mes do 2015, vemos que a redución de persoal laboral estatutario e funcionario ascende a un total de 5.820 empregados públicos. E, por darlle algún dato concreto, no funcionariado, neste período, hai unha redución de 2.757 empregos e hai un incremento da temporalidade de 1.137; é dicir, persoal contratado en precario, persoal contratado día a día, por meses ou con outras fórmulas, pero, dende logo, en condicións de absoluta precariedade; ou ben a temporalidade ou ben postos de traballo que acaban sendo amortizados para seren posteriormente substituídos por empresas privadas.

Nestes anos os empregados públicos teñen denunciado en numerosas ocasións esta situación, incluso agora mesmo o persoal farmacéutico inspector de saúde pública leva en folga dende o 18 de maio; un persoal que é o encargado de

velar por algo tan importante como é a saúde pública ambiental. Unha situación esta –a temporalidade e a precariedade– que ten levado ao Grupo Socialista a presentar numerosas iniciativas para que a Xunta de Galicia deixe de comportarse como unha empresa de traballo temporal e empece a comportarse como unha administración pública que deba velar e que deba dignificar o traballo dos empregados e das empregadas públicas, un traballo que é fundamental para manter iso no que, dende logo, os socialistas cremos, que é a equidade, a igualdade e, por suposto, a xustiza social.

Se con estes datos é innegable a precarización do emprego público, a pregunta que hoxe lle fago, señor conselleiro, é moi clara: ¿vai o Goberno galego cambiar a súa política de contratación para reducir a temporalidade ou vai seguir pola senda da precarización do emprego público? *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Señora Blanco, quero aclararlle que a súa pregunta a vai respostar a conselleira do Medio Rural.

Señora conselleira, ten vostede a palabra.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Señora presidenta.

Señoras e señores deputados, efectivamente, vouna contestar eu, pero no ámbito do que me compete, que é o do medio rural e o da temporalidade... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei se houbo un mal entendido, pero, se lles parece ben, pois respostado eu esta pregunta.

Ata o ao 2011 para reforzo do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, a Xunta de Galicia viña contratando, ao inicio de cada campaña de verán, persoal laboral temporal eventual, baixo a modalidade de obra ou servizo determinado –por certo, tamén vostedes o facían así nos catro anos que gobernaron, ou mellor, desgobernaron, Galicia–.

Estas contratacións tiñan un carácter eventual e non garantían aos traballadores a súa contratación ano tras ano. E, deste xeito e ano tras ano antes do inicio de cada campaña, este persoal atopábase ante tres incertezas: a primeira, se ían ser ou non contratados; a segunda, no caso de ser contratados,

descoñecían a data de inicio da súa prestación; e a terceira, por suposto, tampouco sabían cal sería a duración destas contratacións en cada campaña.

Baixo esta aparente eventualidade e esta incerteza, a realidade era que este persoal era necesario para todas as campañas de verán, pois se trataba dunha necesidade real e estrutural, como foi recoñecido incluso polos tribunais, e que as súas contratacións eventuais eran a todas luces mellorables.

Por iso, no ano 2012, a Xunta de Galicia buscou unha solución a esta problemática reforzando con carácter fixo e estrutural o Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais durante a época estival, e para iso procedeu á creación de 436 postos de traballo para a prestación fixa descontinua durante tres meses nas campañas de verán e á cobertura deses 436 postos por persoal laboral temporal, baixo a modalidade de interinidade.

Con esta medida 436 traballadores gañaron estabilidade laboral, pois a partir de 2012 tiveron a seguridade de traballar cada campaña e, ademais, por un tempo certo de tres meses concretos, xullo, agosto e setembro.

Por iso, e por certo, a isto hai que engadir que esta solución estivo avalada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que precisamente está a recoñecer o carácter, efectivamente, indefinido, non fixo, dos traballadores actuais, que xa antes de 2012 eran contratados eventualmente, e tamén por vostedes, para sucesivas campañas de verán, por considerar que veñen de contratacións irregulares. Agora e avanzado o tempo, tornan os tempos e, polo tanto, o esforzo que fai a Consellería neste sentido é evidente. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Moitas grazas, señora conselleira.

Señora Blanco, ten vostede a palabra.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidenta.

Vaia falta de respecto do Goberno galego á oposición ante unha pregunta que figura na orde do día dun pleno, que é clarísima: ¿ten previsto o Goberno galego cambiar a política de contratación do persoal de administración ao seu servizo para reducir a temporalidade? Eu non estaba preguntando

neste pleno hoxe sobre o caso concreto do Servizo de Prevención de Incendios, sobre eses traballadores e traballadoras que agora son indefinidos descontinuos. *(Aplausos.)* Eu estou facendo, señores e señoras deputadas do Partido Popular, unha pregunta clarísima. Non é suficiente con que me conteste a conselleira do Medio Rural, senón ver saír correndo do pleno ao vicepresidente da Xunta, responsable da función pública galega. ¡É indignante! ¡É indignante o que acabamos de vivir agora mesmo neste pleno, señora conselleira! Se quere, contéstolle a lo “no me chilles que no te veo”, porque vostede vén contestar algo que eu non lle preguntei, que non estou preguntando neste pleno, señora conselleira. Eu non lle estou preguntando polo Servizo de Prevención de Incendios, eu estoulle preguntando por todos os empregados e empregadas públicas que están agora mesmo en condicións de precariedade, algo no que soamente fai falta saír ao mundo real para ver o que está pasando, para ver, señoras e señores deputados do Partido Popular e señores conselleiros –os que quedaron, non os que escaparon–, que é o que está pasando.

O que está pasando é algo tan fácil como ir ao método científico e ver unha observación da realidade: ver médicos que saltan dun centro de saúde a outro un día, que un día están nun centro de saúde e outro noutro, que cando se queren coller vacacións non poden porque, se non, pasan ao último posto das listas de contratación. É tan fácil como ver a docentes de centros públicos cubrir baixas de profesores da aula do lado, si, de nenos e nenas aos que eles non lles están dando clase.

Hoxe, dende logo, acabo de vivir neste pleno... E perdóenme, señores e señoras deputadas, porque esta é unha deputada cun ano de experiencia case...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Eu non sabía que na Cámara galega había, dende logo, un goberno tan pouco serio e que tivera tan pouco respecto ás preguntas que fai a oposición. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas.

Réplica.

Señora conselleira, ten vostede a palabra.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidenta.

Grazas, señora deputada.

A ver, se lemos a exposición de motivos, fala dunha sentenza xudicial que acaba de poñer de novo en entredito a política de contratación da Xunta de Galicia, esta vez no referente ao cadro do persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais, que, con anterioridade a 2012... *(Murmurios.)* E, se queren, siga lendo, porque chega un momento que isto xa é imposible.

Por outro lado, non coñece moi ben o organigrama porque non depende do vicepresidente; e non marchou correndo, dende logo, téñano así de claro. É dicir, hai unha exposición de motivos que fai referencia única e exclusivamente a unha sentenza, e esa sentenza é do Servizo de Prevención de Incendios, co cal, eu vou continuar coa miña resposta porque entendo que me pertence a min como conselleira do Medio Rural...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Señora Blanco, unha chamada á orde.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Neste mesmo ano, co fin de solucionar a temporalidade no Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e, como moi ben saben vostedes, o Decreto 19/2016, do 25 de febreiro, que aproba a oferta de emprego pública correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, aproba en concreto a oferta de 188 postos para o Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios: 94 postos de acceso libre e 94 postos para a promoción interna. Pódolles dicir, ademais, os grupos e pódolles dicir as categorías: Grupo 4, categoría 033, para condutores ou condutoras, motobomba, defensa contra incendios forestais; no Grupo 5, categoría 10B, vixilante fixo/fixa de defensa contra incendios forestais; tamén emisoristas de defensa contra incendios forestais e peóns de defensa contra incendios forestais.

Señorías, dende o ano 2002 non se aproba unha OPE para o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios; é dicir, dende hai catorce anos. Polo tanto, resumindo, a resposta á



súa pregunta e centrándome na exposición de motivos e, polo tanto, falando de prevención de incendios: dende o ano 2012 a Xunta de Galicia iniciou o cambio na política de contratación deste persoal, primeiro, creando os 436 postos, que xa dende ese momento garanten e dan estabilidade ás contratacións de apoio ás campañas de verán, e, por outro lado, convocando no ano 2016 94 postos, e outros 94 para promoción interna, reflectíndose e recoñecendo que a Xunta de Galicia está facendo un esforzo de cara a estes colectivos, que sabemos que son necesarios e imprescindibles.

En canto a situación económica o permitiu, déuselles prioridade aos traballadores que verán tras verán se implican dun xeito que vai máis aló do meramente profesional na loita contra a lacra que son os incendios e que supoñen os incendios forestais.

Moitas grazas, e sen máis creo que queda completamente argumentado o motivo polo cal son eu quen respondo esta pregunta debido á exposición de motivos. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do descenso da achega dos salarios ao produto interior bruto galego**

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Para formular a pregunta ten a palabra... *(Murmurios.)*

Señora García, logo aclaramos o tema. De todas formas, vostede sabe que o Goberno responde solidariamente, polo tanto... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio, por favor!

Señor Gallego, non ten a palabra.

*(A señora Gallego Calvar pide a palabra.)*

Señora Gallego, ten vostede a palabra. ¿Cal é a cuestión? ¿A cuestión é o tema da pregunta da señora...?

**A señora GALLEGO CALVAR:** A cuestión é que entendo que o Goberno de Galicia, que coñece con suficiente antelación as

preguntas que están formuladas, independentemente do que expliciten as exposición de motivos...,

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Silencio.

**A señora GALLEGO CALVAR:** ...ten a suficiente experiencia como para enviar a contestar esa pregunta á persoa responsable da materia, que non é nin moito menos a conselleira do Medio Rural.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** De acordo, señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** E considero que, contestando do xeito que xa respostou, é unha falta de respecto ao...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Está entendido, señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** ...Grupo Parlamentario Socialista. Así que prego que non volva pasar.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Está entendido, señora Gallego, e quédalle aclarado tamén o que lle dixen eu anteriormente.

Polo tanto, pasamos á seguinte pregunta, do Grupo de Alternativa Galega de Esquerda, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do descenso da achega dos salarios ao produto interior bruto galego.

*(Interrupcións.) (Murmurios.)*

¡Silencio!

Señor Gallego, ten unha chamada á orde. *(O señor Gallego Lomba pronuncia palabras que non se perciben.)* Pois ten unha chamada.

Para formular a pregunta ten a palabra o señor Sánchez García.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Boas tardes, señor conselleiro.

Pola mañá os deputados e deputadas do Partido Popular ofendíanse cando se relacionaba o seu partido coa corrup-

ción. Eu doules un consello: non maten o mensaxeiro cando o mensaxeiro di a verdade. O Partido Popular é un partido estruturalmente corrupto, e se queren que non se digan estas cousas o máis eficaz que poden facer é cambiar e actuar contra a corrupción. O último caso de avalancha de casos de corrupción que afectan o Partido Popular é a reforma da sede de Génova, pagada con diñeiro negro, pola que solicitan 1,2 millóns de euros de fianza. Despois son moi estritos coa tributación dos traballadores, dos emigrantes retornados, coa tributación dos de abaixo; hai que ter moita, pero moita cara, para despois facer estas cousas.

Gürtel, a Púnica, Pokemon, Pikachu, Rato, Blesa, Bárcenas, Baltar, Pachi Lucas, etc. E con todo iso... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Eu non sei se estou inventando algo... Non sei se estou inventando algo... *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Se queren solucionar isto e que eu non veña aquí dicirlles estas verdades, cambien, actúen e deixen de ser un partido corrupto, iso é o que teñen que facer. E agora, ao final, esperen e entenderán esta exposición de motivos porque seguramente para vostedes a corrupción non ten nada que ver coa realidade das condicións materiais da xente; para min si. Para min a peor corrupción que practica o Partido Popular é facer, utilizar as institucións, para facer políticas que beneficien uns poucos. Esa é a peor corrupción que vostedes practican, porque traballan ao servizo duns poucos.

As políticas que vostedes desenvolven nos últimos anos dan como resultado algo incontestable: aquí uns saen reforzados da crise e outros, a maioría, pagárona. Non é casualidade o que reflexa este gráfico da evolución, do peso dos salarios con respecto aos beneficios empresariais. Este pico é de cando vostedes chegaron. Os salarios eran o 48,6 % do PIB, hoxe en día son o 44,4 %, e, como ven vostedes, a curva dos beneficios empresariais subiu por riba dos salarios. E isto non é casualidade, é o resultado das súas políticas, que benefician uns poucos e prexudican a maioría; aumenta a pobreza, aumenta a desigualdade, perden os traballadores, gañan as empresas.

O peso, ademais, que representaban as vendas do traballo do ano 2014-2015 baixou, o seu peso relativo, a pesar de que os datos oficiais falan de 21.700 ocupados, e iso quere dicir que hai xente que encontra traballo, pero que ese traballo o fai

nunhas condicións salariais moito peores. Non só se destruíron miles de empregos, non só forzaron vostedes á emigración a miles de mozos e mozas, senón que provocaron a aparición masiva da figura do traballador pobre. O único grupo laboral que medrou con vostedes foi o daqueles que gañan menos da metade do salario mínimo interprofesional. E con todo isto, señor conselleiro, ¿que opina vostede desta situación e da evolución dos datos dos salarios con respecto aos beneficios empresariais?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Señor deputado, permítame iniciar a miña resposta clarificando a súa pregunta, pois no texto da mesma aparece unha inexactitude moi repetida por vostede tamén ao final da súa primeira intervención.

Ao respecto, quixera lembrar que a descomposición do PIB pola vía das rendas está composta de tres elementos: a remuneración dos asalariados, o excedente de explotación bruta –rendas mixtas e brutas–, os impostos netos sobre a produción e as importacións.

En relación co segundo elemento, co excedente de explotación bruto, renda mixta bruta, ¿que inclúe? Inclúense as rendas empresariais de institucións financeiras, de sociedades e de empresas non constituídas en sociedades pertencentes ao sector fogares –repase, por favor, as definicións que dá o SEC sobre a materia–. Dentro destas últimas, contabilízanse os ingresos por conta propia, que presentan as características tanto de soldos como de salarios, así como de beneficios polo traballo realizado como empresarios. Estamos falando, pois, de autónomos e vostede debería saber que en todas esas cantidades que deu os últimos datos o que din é que nas rendas brutas, mixtas, estamos falando dun 28 %, case dun 29 %, que teñen esa compoñente ligada ao traballo autónomo.

Por esta razón, polo tanto, non é estritamente nin remuneración nin beneficios en exclusiva, polo que se coñece como

renda mixta; polo tanto, por favor, procure non xogar cos conceptos cando fale dos beneficios empresariais *versus* e confrontando coas remuneracións de asalariados.

Polo tanto, señoría, quixera precisarlle que non é correcto nomear este concepto das contas como beneficio empresarial, primeira cuestión. Pero tampouco considero que sexa axeitado xeneralizar, como tamén vostede fai na súa pregunta, senón que o máis rigoroso é entrar no fondo e analizar as variables que inciden nas distintas ramas de actividade.

E se analizamos en profundidade os datos, tanto no sector primario, como na industria, como na construción, estamos en taxas positivas; non así no sector servizos. Pero, incluso dentro deste, cunha caída do 1,2 %, resulta que si que hai ramas de actividade que están en positivo, mentres que outras ramas, curiosamente, están en negativo, profundamente en negativo, como foi o caso moi concreto do que son as actividades inmobiliarias, información e comunicación e actividades profesionais. Pero no resto, sinaladamente no sector comercio, transporte e hostalaría, resulta que estamos en positivo. Polo tanto, hai que analizar estas dúas cuestións, como lle dicía, cando facemos unha aproximación.

Ao mesmo tempo, o que se confirmaba hai un momento polas voces tamén de determinados parlamentarios ou parlamentarias en concreto, non nos olvidemos nunca de que estivemos nunha etapa de recesións, etapa de recesión da que comezamos a saír.

Pero é que aínda é máis. Se miramos o período 2000-2014, resulta que a participación que na media representaba o importe salarial galego era o 80 % da media española, e nestes momentos, ano 2014, estamos no 84 %. Polo tanto, cando analizamos a cousa mellor, e incluso despois de toda unha etapa de recesión económica importantísima, iso é o que temos, un 80 % fronte a un 84 %.(02.03)

¿Quere iso dicir que nos sintamos contentos? De ningún modo. Pero de ningún modo a partir dunha cuestión que é fundamental. ¿Temos que seguir traballando para mellorar o peso da achega dos salarios no PIB? Si. ¿Como consecuencia de que? De que a situación de crise empezou a mellorar a finais de 2014, consolidámola no 2015, e obviamente no 2016, como se comprobará nos datos de mañá, seguimos polo bo camiño.

Eu creo que todos xuntos debemos de seguir por aquí. Pero, por favor, en termos conceptuais precise un pouquiño máis as cuestións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra o señor Sánchez García.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señor conselleiro, eu xa sei que vostedes teñen o patrimonio exclusivo do rigor nos datos, ¡sí señor! E vostede tivo que facer unhas grandes voltas para non dicir nada e para non dicir nada que teña que ver coa realidade; ten que escapar. O seu balance, para a maioría da poboación, é nefasto; foron vostedes unha lacra para este país.

Faloume vostede do sector primario. ¿Como me pode falar de datos positivos no sector primario, se vostedes destruíron un de cada tres empregos que había cando chegaron? ¿Como me pode falar do sector industrial, se vostedes destruíron un de cada catro dos empregos que había cando chegaron? ¿Como me pode falar de emprego vostede, e dar-me unha lección do que é asalariado, do que é autónomo, do que é tal, cando vostedes destruíron o 20 % das horas de traballo que había desde que vostedes chegaron? ¿Como me pode falar vostede de que están mellorando os datos, cando acabamos de coñecer que a taxa de risco de pobreza medrou catro puntos? ¿Como me pode falar vostede, cando a xente está farta de saber que, aínda que consiga oficialmente un traballo, non lle dá para vivir? ¿Como me pode falar vostede de datos positivos cando lle dixen que o único grupo laboral que vostedes conseguiron mellorar é aquel dos que cobran menos da metade do salario mínimo interprofesional, que cando vostedes chegaron era do 14 % e hoxe é do 18,5 %? Vostedes condenaron á pobreza a miles e miles de galegos e de galegas.

Fáleme diso. Fáleme dese modelo que todos sabemos –porque o vemos na rúa e o din as estatísticas–, dese modelo que implantaron vostedes, de beneficiar uns poucos –como, por exemplo, reflecte tamén outra estatística, a ver se esta non ten rigor–, que son as grandes empresas de máis de 200 traballadores, que crearon un 3,7 % de emprego e, en cambio, baixaron as retribucións un 0,1 %.

Ese é o modelo que están construíndo vostedes: o dos traballadores pobres. E o reflexo da reforma laboral, que conseguiu o que vostedes querían: cambiar a distribución das rendas. E as reformas fiscais que fixeron vostedes, a caída do peso do imposto de sociedades e o aumento do peso que teñen que pagar todos os galegos e galegas de impostos, a xente traballadora.

Por exemplo, desde que vostedes chegaron, a electricidade, o gas e outros combustibles aumentaron o 31 %. Informe do CES. A auga; o lixo, os sumidoiros e os gastos de comunidade, o 21 %. A ensinanza o 16 %; a ensinanza infantil e primaria, o 14 %. O transporte, o 13 %, etc. Aumentou todo isto que afecta ás clases traballadoras, e os salarios descenderon.

¿Como pode vivir a xente neste país coas súas políticas, señor conselleiro? Contésteme a isto, e non me veña cunha clase da universidade, e dunha universidade bastante mala, señor conselleiro. E non ría, señor conselleiro. Non ría que isto é moi serio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Sánchez.

Réplica do Goberno. Señor conselleiro, ten vostede a palabra.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas de novo, señora presidenta.

Por suposto que non río. Como moito, podo sorrir, pero rir nunca. E menos de vostede e das argumentacións que está tratando de trasladar. Son moito máis humilde. Eu si que estou disposto a aprender de todo, incluso do que vostede me poida dicir sobre unha materia coma esta, que me parece que non é o ámbito normal do seu coñecemento profesional. Pero téñolle o mesmo respecto que como se o fora.

Por certo, houbo un momento en que fixo unha referencia aos temas de risco da suba da taxa de pobreza e á xente en risco de pobreza. Claro que si, que nos sentimos pouco aliviados do que mostra este indicador, pero tamén lle digo o mesmo –vostede tamén debe de ler determinados periódicos–, lea, por favor, determinado periódico, máis preto de

onde vive normalmente o señor Losada, onde se ve clarisimamente o outro dato, que é a pobreza extrema, que ese si que é grave, e resulta que presenta dos mellores datos de Galicia. (*Murmurios.*) Polo tanto, as estatísticas hai que delas, pero lea todas, por favor.

O que si lle quero trasladar (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) é que, logo desta etapa de crise que comezou a recuperarse no ano 2014, en Galicia estamos moi contentos do esforzo que estamos realizando, non soamente o Goberno, senón os cidadáns galegos.

Creo que ese é o camiño correcto. ¿Para que? Para incrementar a ocupación e para incrementar tamén a participación dos asalariados no PIB que vostedes sinalaba anteriormente.

Creo que ese é o camiño correcto. E se analizan os datos dende o 2008 ata o 2015 como hai que facelo, sen ningún sesgo, daríase perfecta conta das catro etapas que hai: onde primeiro hai unha baixada do excedente bruto de explotación; onde unha segunda etapa afecta a ocupación; onde unha terceira afecta incluso ás horas, e nestes momentos xa empezamos a recuperar. Iso é o que se está producindo, se se analizan sen acritude os datos estatísticos que facilita o Instituto Galego de Estatística.

Vaia por adiantado que estamos moi contentos, como tamén estamos moi contentos de que na súa argumentación, na exposición de motivos, recoñeza esas 21.700 persoas que a maiores están ocupadas nestes momentos. E, por certo, xa non son 21.700, os últimos datos o que nos din é que son 33.600, e subindo.

Creo que esa é a maneira correcta para a partir do modelo propio que en Galicia estamos tratando de desenvolver: con máis investimentos que ninguén –como se dixo hoxe á mañá e se repetiu no Parlamento–; co comportamento dos principais indicadores económicos, que sitúan a nosa comunidade autónoma dentro das cinco primeiras, incluso con recuperación salarial en positivo nos datos que coñecemos de 2016, que soamente cinco comunidades están por riba da media española, e entre elas Galicia.

Polo tanto, entre todos hai que conformalo, sen ningún tipo de confianza porque é moito o que queda por facer, pero creo que este é o camiño correcto e así o estamos facendo.

Ogallá fomos quen de ir todos da man e non facer o que se está tratando de facer moitas veces, de xogar cos datos dunha maneira moi sesgada.

Aprendamos a ler todos. Humildemente aprendamos todos. Eu tamén estou disposto a aprender.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D. Daniel Rodas Chapela e D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego en relación co anuncio da empresa Conservas Alonso, Sociedade Limitada, do peche da súa factoría de Celeiro, no concello de Viveiro**

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Pombo Rodríguez.

**O señor POMBO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidenta.

Moi boa tarde, señor conselleiro.

No nome do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego trasladámoslle outra pregunta máis sobre outra empresa máis, neste caso da Mariña luguesa, que tamén pecha a súa actividade sen que o Goberno galego fora quen de artellar medidas efectivas para poder manter viva a súa actividade na comarca da Mariña luguesa.

Por certo, Mariña luguesa que hoxe en día está de triste actualidade, ante o anuncio da posíbel venda dunha ou varias factorías da empresa Alcoa, que ten grandemente preocupada á Mariña ante o futuro que se presenta.

Señora conselleira, a pregunta de hoxe vai sobre as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego ante o peche da factoría –xa digo, unha máis– que a empresa Conservas Antonio Alonso tiña no lugar de Celeiro, en Viveiro, a pesar de que o Goberno galego, dende o principio, manifestou a súa implicación en que ía actualizar todas as ferramentas para manter a produción e mesmo para a modernizar a factoría de Celeiro.

A empresa Antonio Alonso e Hijos é unha empresa histórica da conserva galega nada en Vigo hai ben anos, que está en Celeiro desde 1925, e na que traballaron moitas xeracións de mariños. Consolidou unha marca de calidade desta empresa, como Palacio de Oriente, e outras marcas, para abastecer o mercado nacional e internacional de produtos derivados de túnidos basicamente, mais tamén doutros produtos.

É unha empresa que, xa digo, ten unha factoría en Bueu que recibiu axudas públicas para saír adiante, e tamén esta empresa de Celeiro recibiu axudas públicas, por iso no pasado mes de abril desde logo a nós sorprendeunos que anunciase basicamente a 41 traballadoras desta empresa, dunha idade media de 55 anos, que a empresa se trasladaba a Bueu, que era o mesmo que dicir que ía pechar a súa actividade na Mariña.

Resulta sorprendente cando o sector da conserva é un sector que avanzou, que mellorou; resulta sorprendente cando se anunciou un plan estratéxico da conserva, que falaba de que ía mellorar todo este sector; e ademais resulta sorprendente cando hai un apoio claro da consellería, con –xa digo– cantidades importantes, e o único que parece que funciona é que se intentan reducir os custos laborais, a pesar de que mesmo a consellería anunciou máis de 2,5 millóns de euros á empresa, mesmo na empresa de Celeiro, que se anunciou que recibiría 211.000.

En resumo, a pesar das axudas do Goberno, a pesar do plan estratéxico da conserva, a pesar da implicación do Goberno galego, resulta que unha empresa máis, na Mariña, pecha.

Polo tanto, era a razón da nosa pregunta, ¿que actuacións fixo ou pensa facer ante o proceder desta empresa, que anunciou o peche da súa factoría en Celeiro? (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Pombo.

Para responder, ten a palabra a conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Pombo, tal e como se lles informou en datas recentes nesta mesma Cámara, e pola información de que dispón este Goberno, o pasado 4 de abril de 2016 Conservas Antonio Alonso, S.A., comunicaba oficialmente, e por escrito, ao persoal a decisión de pechar a planta de produción de Celeiro e o traslado da actividade á que a empresa ten en Bueu.

A empresa xustifica esta decisión por diversos motivos económicos, de entre os que destaca a obriga de asumir as amortizacións, moi elevadas, derivadas da reconstrución da planta en Bueu, remodelada integramente despois do incendio que aconteceu no ano 2012. Este feito foi o que provocou, segundo a empresa, que o ano 2015 pechara con perdas, e que a previsión para os próximos anos é que continuase nesa tendencia.

Ademais, explican que a fábrica de Viveiro necesita dunha remodelación e modernización que a empresa non pode asumir, e, polo que afirma, ofrece o traslado de todo o persoal á factoría de Bueu.

Dende a Xunta de Galicia seguimos de preto todo o que estaba a acontecer, sendo coñecedores da situación da empresa, dos traballadores e da mobilización iniciada polos sindicatos tras facerse público o anuncio; sendo varias as xuntanzas nas que estiveron representantes deste Goberno con representantes da empresa e dos traballadores e traballadoras.

Nesas xuntanzas, e dende o principio do proceso, a Xunta manifestou a total colaboración coas partes implicadas; é dicir, coas persoas traballadoras, cos seus representantes sindicais e coa empresa, poñendo á disposición todos os mecanismos dos que o Goberno galego dispón co gaio de manter a factoría en Celeiro.

A este respecto, puxemos á disposición das persoas traballadoras e da empresa os mecanismos de mediación dos que a Xunta dispón, como por exemplo o AGA, dentro do Consello Galego de Relacións Laborais, e traballamos para que a empresa fíxese o esforzo económico necesario para chegar ao mellor dos acordos, ofrecendo melloras sobre o que legalmente correspondería, feito que entendemos se cumpriu.

En todo caso, dende a Xunta de Galicia seguiremos de preto o desenvolvemento do acordo acadado entre a empresa e os representantes da empresa, e no caso de que xurda algún

proxecto de futuro para a planta de Celeiro poñeremos á súa disposición as diferentes ferramentas da Xunta para a posta en marcha de novas iniciativas –se ben parece que ningunha das empresas asociadas a Anfaco amosaron, de momento, interese pola planta–, igual que fixemos no seu momento con esta empresa, xa que foron varias as axudas outorgadas, por parte desta consellería e da de Industria, ata acadar –como vostede ben dicía– máis de 2,6 millóns de euros nos últimos anos, principalmente utilizados para reconstruír a fábrica de Bueu despois do incendio, e 210.845 euros destinados ás melloras da planta en Celeiro e a apoiar tamén a súa estratexia de internacionalización.

Para finalizar a miña intervención, quero insistir en que dende a Xunta de Galicia entendo que fixemos todo o que estivo na nosa man para buscar a mellor solución negociada a esta situación, primando as persoas –como sempre o fixemos–, pero tamén tendo en conta as posibilidades de evitar males maiores para o resto dos empregados da empresa.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora conselleira.

Para a réplica, señor Pombo, ten vostede a palabra.

**O señor POMBO RODRÍGUEZ:** Xa vexo, señora conselleira, que a Xunta, a pesar de que ofertou todas as ferramentas, a pesar de que falou de manter a actividade, de loitar pola modernización, de loitar por manter a produción en Celeiro, a pesar de todo iso, a realidade é que unha empresa máis pecha. A pesar de que tamén houbo 210.000 euros para modernizar esta mesma empresa, agora a empresa anuncia que non ten cartos porque ten que modernizar esa factoría. Polo tanto, a realidade, señora conselleira, é que, dos 41 traballadores, 31 vense abocados, dalgunha maneira, a engrosar, como quen di, o paro, e cos 10 restantes agardamos a ver que é o que vai pasar, porque aínda hai un ano de prazo.

Ou sexa, a realidade é que, cando os traballadores reclaman que se manteña a actividade en Celeiro, cando unha manifestación de 2.000 persoas loita e reclama a permanencia da conserveira, e cando o Goberno galego –si, de palabra– di que busca unha solución, que busca manter o emprego feminino, que busca o apoio dun socio industrial para mellorar,

¿onde o socio industrial?, ¿onde o compromiso?, ¿onde un plan que puidera loitar contra unha lacra desta comarca da Mariña, que non é só Conservas Antonio Alonso?

Con Vestas, en Chavín, pasou o mesmo: 28 traballadores regulados; Materiais Cerámicos Burela, empresa pechada; ECESA Burela, de 85 traballadores que tiña, cero; Construcciones Mon, de 159, cero; Cerámicas Sargadelos, de 125 traballadores que tiña, non chega nin a 50; ECAR Mondoñedo, pechado; Mobles Hermida, de 200 a 100. Centos e centos de traballadores, ao longo destes últimos anos, e a pesar do esforzo da consellería ou consellerías resulta que a realidade é que está todo pechado.

E ademais estamos falando dunha comarca que, xa digo, no día de hoxe está coa espada de Damocles por riba da cabeza. Unha empresa como Alcoa, con 1.000 traballadores, con 300 traballadores máis en empresas auxiliares, como se fíe da palabra do Goberno galego, resulta que lle estamos dicindo que igual xa non ten futuro.

¿Que lle pode dicir, conselleira, á comarca da Mariña? ¿Que lle pode dicir para que esta comarca poida seguir pensando en respirar dende o punto de vista do traballo? Porque, tal e como vai, desde logo, as cousas pintan mal. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Pombo.

Réplica do Goberno. Señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señora presidenta.

Señorías, señor Pombo, mire, eu o que lle quero trasladar á xente da comarca da Mariña é que o sector pesqueiro da Mariña é un dos que máis boiante está indo. E para o que é o desenvolvemento das empresas de transformación que teñen vinculación co mundo do mar, parece ser que loxisticamente non é a mellor zona. Sen embargo, hai algún tipo de empresa, máis artesanal, que si que pode atopar un bo desenvolvemento nesa comarca. De feito, dende a Xunta de Galicia estamos poñendo á disposición de todos os sectores primarios o solo industrial practicamente gratis para que poidan utilizalo, para que se poidan desenvolver proxectos. Eu creo que hai un exemplo, como é unha empresa que vostede

seguramente a coñece ben, a empresa Curricán, que está facendo uns produtos artesanais para un nivel de adquisición moi alto e que está dando bos froitos.

No caso concreto desta conserveira da que hoxe estamos a falar, de Antonio Alonso, nós, dende logo, o que lle pedimos a Conservas Antonio Alonso foi a posibilidade de que con axudas públicas puidera seguir mantendo a empresa funcionando alí. Parece ser que non porque non eran soamente eses 210.845 euros que lle demos en axudas para mellorar as instalacións, senón que necesitaba un investimento moito maior que non podía abordar porque está pendente das amortizacións que teñen que facer con respecto ao crédito no que tivo que incorrer para poder recuperar a fábrica de Bueu.

De calquera maneira, o Goberno da Xunta de Galicia segue facendo reunións con diferentes investidores por se puidera algún estar interesado en poñer de novo en marcha algunha planta nesa comarca. Vendo que isto non funcionaba, o que tamén lle pedimos á empresa foi que mellorara todas as condicións laborais dos traballadores. Eu, neste sentido, creo que así o fixeron. Dos 41, 30 acolléronse á rescisión do contrato, supoñéndolle á empresa unhas melloras do 30 % do que lles correspondería de acordo coa lexislación laboral, e 11 decidiron baixar a traballar á zona de Bueu, co compromiso da empresa de que, se durante un ano non se encontran a gusto nesa nova ubicación do seu posto de traballo, poderán acollerse ás condicións laborais que lles ofertou a empresa aos que hoxe decidiron non facelo. É tamén lles ofertou a empresa o ascenso na categoría superior á que viñan mantendo.

Eu, dende logo, sigo pensando que a zona da Mariña ten moito futuro cando aquel se desenvolva dende o punto de vista pesqueiro. O que temos é que acertar en que empresas son as que, de acordo coa situación loxística que ten a Mariña, poden encontrar un mellor futuro.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D. Jacobo Moreira Ferro e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as alternativas que está a analizar a Consellería de Sanidade para dotar dun novo hospital público a área sanitaria de Pontevedra**

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Moreira Ferro.

**O señor MOREIRA FERRO:** Grazas, señora presidenta.

Moi boas tardes, señor conselleiro.

A Xunta de Galicia, presidida polo presidente Feijóo, tense caracterizado por unha aposta decidida e firme por mellorar as infraestruturas e os equipamentos sanitarios do país, coa finalidade de mellorar a calidade do sistema público de saúde de Galicia. E feitos desta aposta política son as ampliacións dos hospitais da Coruña ou de Ourense, a construción do novo hospital público de Vigo, a ampliación do Hospital do Salnés, a posta en funcionamento do hospital de Lugo, e un considerable número de centros ambulatorios e de saúde espallados por toda a xeografía galega.

Nesta liña de acción política, tamén se puxo en marcha o procedemento encamiñado á construción dun novo hospital en Pontevedra, no lugar de Monte Carrasco. Neste caso, desenvolvéronse xa polo Sergas unha serie de trámites iniciais, que, curiosamente, contaron cun ilóxico rexeitamento por parte do Concello de Pontevedra.

Este rexeitamento foi sempre frontal. Non foi simplemente pasivo, senón que foi frontal e activo, implementando e presentando recursos contra o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do novo hospital ou mesmo tamén contra o proxecto de construción dos accesos ao futuro hospital; ademais tamén da negativa reiterada a levar a cabo as infraestruturas urbanísticas precisas para garantir os servizos necesarios para a construción e funcionamento do hospital, tales como o abastecemento de auga, o saneamento ou a acometida de dotacións para subministracións de gas natural, telefonía, electricidade, etc. Pero non semella xusto que os veciños de Pontevedra e da súa área sanitaria resulten damnificados e non poidan contar cun novo hospital polo feito de que o seu concello se opoña á súa construción.

Vostede, señor conselleiro, tras a súa toma de posesión, mantivo unha serie de encontros, de reunións, de contactos, co fin de preocuparse e estudar a situación hospitalaria da área de Pontevedra no que a infraestruturas sanitarias se refire, por iso queremos preguntarlle: ¿cales son as alternativas que

analiza a Consellería de Sanidade de cara á dotación, na área sanitaria de Pontevedra, dun novo hospital público?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Moreira.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Boas tardes, señora presidenta.

Señor Moreira, señorías, moi boa tarde a todos.

Efectivamente, o Servizo Galego de Saúde ten feito un esforzo moi importante para modernizar as nosas instalacións e infraestruturas, a pesar da crise que temos padecido.

Equipamos e puxemos en funcionamento os novos hospitais de Lugo e Vigo. Continuamos co Plan director do Complexo Hospitalario da Coruña. Iniciamos a ampliación do Hospital do Salnés e do hospital de Ourense. Estamos a traballar no futuro dos hospitais de Ferrol e Conxo. Tamén actuamos en 36 centros de saúde, 25 novos centros xa construídos e 11 reformados; con outros 9 en construción e máis en proxecto.

Dentro das nosas liñas de futuro, queremos dotar a Pontevedra dun gran hospital, o hospital que a cidadanía pontevedresa merece. Para iso mantemos aberta desde 2016 unha partida orzamentaria que puidera permitir o reinicio das actuacións para a construción do novo hospital desta cidade.

Actualmente, a actuación hospitalaria préstase en tres centros diferentes e fisicamente separados e afastados: o Centro de Especialidades de Mollabao, o Hospital Provincial e o Hospital de Montecelo.

Como primeira premisa, entendemos que é desexable un edificio único, con profesionais concentrados nun mesmo edificio e non dispersos en tres, e unha única porta de entrada de urxencias. Pretendemos que o proxecto que finalmente se leve adiante sexa o mellor de entre os posibles desde o punto de vista asistencial e técnico, e que ademais conte cun alto grao de consenso. Para iso temos mantido contactos cos principais axentes implicados: os nosos profesionais, loxicamen-



te os partidos –tanto do equipo de goberno de Pontevedra como de toda a representación no consistorio–, tamén coas asociacións veciñais e outras administracións, e coas comunidades de montes implicadas no terreo do actual Montecelo.

Debe considerarse que nunha actuación deste calado é moi importante a colaboración das distintas administracións públicas relacionadas con ela. O primitivo proxecto do Bipartito da ampliación de Montecelo cara á ladeira, para que presentasen varios proxectos –sen concretarse ningunha actuación–, entendemos que presentaba un deseño rixido, sen posibilidades de mellora ou ampliación, dificultades construtivas e limitacións derivadas dos problemas de acceso. Ademais, o proxecto inicial planeado tiña graves incertezas acerca da viabilidade do proceso de construción e dos custos, así como as dificultades de ter que convivir durante anos coas obras e coa funcionalidade sanitaria dun hospital en pleno funcionamento.

Hoxe plantexámonos dúas alternativas. Unha delas, que chamamos Gran Montecelo, consiste tamén nunha ampliación deste centro, pero moi diferente á do Bipartito. Neste caso, sería a ampliación cara ao sur. Os terreos nos que se propón a nova ampliación do hospital, que ocupan unha superficie aproximada de 46.200 metros cadrados, están clasificados no Plan xeral de ordenación urbana, na súa maior parte, como solo non urbanizable común. O novo inmoble constaría dunha altura variable, segundo o nivel da ladeira, e, como digo, utilizaría as instalacións do Montecelo actual. Isto non significa que deixáramos o proxecto de Monte Carrasco, senón que, como lles dixemos ás asociacións de profesionais e tamén entidades de Administración local de Pontevedra, o que queremos é ver se hai realmente un consenso sólido para ter un proxecto a vinte-trinta anos.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra o señor Moreira.

**O señor MOREIRA FERRO:** Grazas, señor conselleiro.

Queremos, en primeiro lugar, felicitalo polo empeño persoal que vostede está mostrando en dotar a área sanitaria de

Pontevedra dun novo hospital de referencia. Cónstanos o esforzo, a súa dedicación e o tempo que lle está a dedicar a Pontevedra para buscar alternativas ao proxecto de Monte Carrasco e por tratar –iso tamén é moi importante– de acadar o maior consenso posible nisto. Non só nos consta a nós, señor conselleiro, estea tranquilo, porque tamén aos veciños da área sanitaria de Pontevedra lles consta o seu empeño persoal e o seu sacrificio por conseguir este consenso.

Un consenso que hai que dicir que até o de agora foi imposible pola oposición de políticos irresponsables, que non dubidaron nin un segundo en poñer o seu partido político por riba dos intereses dos veciños da área sanitaria de Pontevedra. Isto é lamentable que ocorrera, pero hai que dicirlles a estes políticos irresponsables que os veciños da área sanitaria de Pontevedra teñen tanto dereito como o resto dos galegos a ter un hospital novo e de vangarda. *(Aplausos.)*

Certamente, trátase dunha situación inédita que define perfectamente a algúns políticos. Non coñecemos, realmente, antecedentes de ningún alcalde ao que lle digan que lle van construír un hospital no seu concello e que se opoña; francamente é incomprendible e non coñecemos antecedentes. E que ademais se dedique, aínda por riba, a impugnar nos tribunais o proxecto do hospital, a impugnar nos tribunais o proxecto dos accesos... Iso si, claro, pagando con recursos públicos, porque estou convencido de que, se os pagara do seu bolsillo ou cos cartos do seu partido, non tería posto eses recursos. E os veciños non merecen iso, non merecen a actitude irresponsable e insolidaria dun goberno local que boicotea o proxecto dun hospital.

Podemos estar de acordo en discutir se se pode establecer unha industria ou non, pero estamos falando dun hospital. E de ter colaborado, seguro que hoxe en día xa os veciños da área sanitaria de Pontevedra teríamos disfrutado dun hospital en pleno funcionamento.

Pero non só do alcalde, tamén hai que dicir que isto mesmo ocorre e se pode predicar dos grupos parlamentarios presentes neste Parlamento, que se teñen oposto á construción do hospital en Monte Carrasco.

En todo caso, señor conselleiro, eu agardo *(Murmurios.)* que a oposición analice esta proposta que vostede formula con

rigor, que deixen de pensar en opoñerse a todo o que fai o Partido Popular e que comecen a pensar na...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**O señor MOREIRA FERRO:** ...saúde dos veciños da área sanitaria de Pontevedra e nos profesionais do Sergas.

Teñen ante si unha grande oportunidade, e nada máis, señor conselleiro, soamente nos resta coñecer que nos explique fronte á ampliación de Montecelo que estaba prevista anteriormente, fronte á ampliación do hospital de Monte Carrasco, pois que nos explique que vantaxes ofrece esta nova alternativa de construír un novo hospital en Montecelo...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Moreira.

**O señor MOREIRA FERRO:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Réplica do Goberno. Señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, señor Moreira.

A verdade é que desde a toma de posesión creo que é unha das áreas importantes que temos no futuro sanitario de Galicia, que estaba sen definir, a área de Pontevedra, porque levamos —así o recoñece todo o mundo— moitos anos —máis de quince anos— tratando de encontrar alternativas ao actual modelo sanitario. Recoñecendo que incluso o propio alcalde de Pontevedra recoñeceu que a sanidade en Pontevedra está ben, pero nós non falamos de curto prazo, nós falamos de medio e longo prazo, entendiamos que deberíamos presentar proxecto de consenso, porque vai ser o proxecto de Pontevedra a nivel sanitario para os próximos trinta ou corenta anos.

Polo tanto, temos un proxecto sólido, que era Monte Carrasco, cunha oposición —como ben di vostede— dunha parte dos partidos políticos e de asociacións de Pontevedra, e queriamos dar unha alternativa para que non haxa ningunha escusa, unha alternativa a Monte Carrasco, unha alternativa ao gran Montecelo.

O gran Montecelo ten moitas vantaxes sobre a situación actual. Imos conseguir integrar, como dicía, nunha mesma área, loxicamente, todas as especialidades e todos os profesionais, e algo moi importante tamén, tamén a todos os veciños que vaian utilizar as instalacións hospitalarias. Porque neste momento temos os veciños, os profesionais de Mollabao ao Provincial, do Provincial a Montecelo. Con isto creo que se pode conseguir.

A idea nosa, como digo, é ademais utilizar as instalacións actuais de Montecelo, porque hai unha reforma que non ten moitos anos, que se pode utilizar, ou o proxecto do Bipartito, de feito, que tiraba a parte nova e deixaba a parte máis antiga de Montecelo. A idea nosa é comunicalos e aproveitar todas esas circunstancias.

Son 90.000 metros cadrados que imos utilizar aí, diminúense as expropiacións e afectacións. Non temos que recorrer a grandes viais, aínda que vai proposta a creación dun novo vial, un novo vial que rodee este novo edificio, co cal, neste momento, está a pelota no Concello de Pontevedra. O Concello de Pontevedra ten, tanto o Goberno como a oposición, que decidir no próximo pleno se está de acordo co convenio que nós propuxemos. E, ¿que propuxemos? Propuxemos o que fixemos en calquera outro sitio, onde pedimos unha serie de instalacións, saneamento, abastecemento de auga, telefonía, subministración eléctrica e tamén a elaboración e urbanización do contorno, e tamén, loxicamente, este tipo de viais que son estruturantes de todo o barrio e, por suposto, que van favorecer esta instalación pública sanitaria, igual que tamén o Príncipe Felipe, que está xusto alí ao lado.

Polo tanto, imos ter un gran centro, esta é a oportunidade de Pontevedra, temos que definilo, e para iso, loxicamente, pedimos a colaboración de todas as forzas profesionais, veciñais e tamén políticas, para que poidamos definir nun mes e poder dicir cal é o futuro da sanidade pontevedresa nos próximos trinta ou corenta anos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández e cinco depuados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as**

## **actuacións previstas pola Xunta de Galicia para rematar coas demoras para as consultas oncolóxicas no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela**

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Boa tarde, señor conselleiro.

Debatemos xa pola mañá deste asunto, aínda que vostede decidiu non estar presente. Estamos a falar dun asunto moi grave relacionado coa falta de persoal nun servizo sanitario, estamos falando de pacientes de oncoloxía no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, de persoas con cancros, que vostedes decidiron atrasar as súas citas ata seis e oito meses, citas de revisión.

Dixeno pola mañá, non foi ata que estas persoas denunciaron, e estas denuncias remataron nos medios de comunicación, que vostedes decidiron tomar algún tipo de medida. O 5 de maio tiveron que recoñecer dende o centro que esta situación era real e que, efectivamente, se produciran estes atrasos, estas recitacións, é dicir, xa estas persoas estiveron agardando previamente unha cita e volveron atrasárllela, porque non había persoal suficiente para atender a presión asistencial, e tiveron, parece, que poñer algún parche nalgunha consulta de tarde.

E, sen embargo, a pasada semana, e por iso rexistramos esta pregunta despois de que vostedes dixeran que o problema xa estaba resolto, saltou outra denuncia aos medios de comunicación, a través da Plataforma da Sanidade Pública, dunha muller con cancro de colon que levaba parece que seis meses agardando pola resonancia magnética, que cando efectuou a súa queixa foi citada para esta resonancia sorprendentemente, pero, sen embargo, a súa consulta de revisión quedou para outubro, en total acumulando nove meses de atraso para saber se esta persoa ten metástase, o cal é unha situación, a verdade, gravísima, e que entendo que deberá ser de primeira orde a solucionar dentro da súa consellería. Nove meses agardando. Eu preguntolle hoxe como vai solventar vostede esta situación e que van facer.

Esta situación, a verdade, é que clama ao ceo, van vostedes escándalo tras escándalo. E nin tan sequera podemos saber a

magnitude do problema real, porque vostedes seguen agachando as listas de espera. Iso si, despois de ter recortado e destrozado a sanidade pública, o señor Feijóo tivo a cara de dicir que agora parece que van investir equis millóns, non sabemos cantos cartos, para reducir a lista de espera, ¡campaña!, unha campaña, a verdade, bastante lamentable. Xa que está vostede aquí, díganos como van facer, cantos cartos van investir, cando, de que partida saen e en que partida se van incrementar.

Pensaba, ademais, que estamos esperando que a fiscalía se pronuncie sobre este asunto, tamén estamos agardando que a fiscalía se pronuncie sobre se os imputan ou non a vostedes outra vez pola non atención dun home sen teito en Compostela, unha consellería que xa ten dous imputados a cargo, que ademais seguen sen dimitir, e vostede segue aí sentado sen cesalos, e o señor presidente igualmente feliz, que non está presente, segue sen cesar os imputados do Goberno. A verdade é que xa están vostedes acostumbrados.

Señor conselleiro, ¿vai facer algo con esta desfeita? (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Solla.

Ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade para responder.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña):** Señora presidenta.

Señores deputados.

Señora Solla, a verdade é que vostede me dirixe sempre todo o que teño que facer: tiña que estar aquí á mañá cando vostede fala, teño que recortar, non recortar, teño que facer..., a verdade é que (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non, perdoe, eu non son parlamentario, son o conselleiro de Sanidade e estou aquí. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Pero o que quero dicirlle, señora Solla, é que, desde logo, nós estamos aquí para traballar pola sanidade pública, e gústame que me fagan as preguntas que queiran, e para iso estamos.

O Servizo de Oncoloxía da Xerencia de Xestión Integral de Santiago goza de recoñecido prestixio no ámbito nacional

européu, tanto a nivel asistencial como investigador. Entre outros aspectos, demostrao a realidade de que demandan asistencia no mesmo pacientes de todas as comunidades autónomas de España.

O feito da reprogramación de pacientes estables en seguimento e revisións obxecto da súa pregunta foi puntual e subsanado inmediatamente. Todos os pacientes foron recitados de novo este mesmo mes. Si, si, si, se é así. Todos os pacientes, como digo, foron recitados de novo.

Quero subliñar, ademais, que se trata de citas que foron dadas con moitos meses de antelación e, polo tanto, suxeitas a variacións derivadas do calendario laboral e de incidencias que poidan presentarse. Son consultas de seguimento. Somos conscientes da calidade de excelencia do Servizo de Oncoloxía do Complexo Hospitalario de Santiago, e froito do traballo do magnífico equipo de profesionais que o conforman. Apostamos por eles, e manifesto o apoio a este servizo, pero non por nós, por todo o colectivo, sobre todo polos cidadáns de Galicia e, por suposto, de Santiago.

Pensamos que, desde logo, temos excelentes profesionais dedicados a esa dura tarefa. Poderíamos poñer varias mostras, unha delas é o importante investimento realizado en infraestruturas, como, por exemplo, co desenvolvemento do hospital de día; trátase dunha intervención relevante. Tras un complexo proceso de reorganización de espazos, que conlevou liberar sucesivamente instalacións ocupadas por outros servizos, traballouse para que os doentes de oncoloxía e os de hematoloxía de Santiago conten con dous hospitais de día diferenciados, polo que verán duplicadas as súas instalacións e o seu confort.

As novas instalacións véñense sumar ao primeiro desdobraemento desta área, que tivo lugar a finais de 2012 cando, ante o incremento da actividade, se creou unha área diferenciada para atender de xeito ambulatorio os doentes hematolóxicos transplantados. Este hospital de día é unha unidade asistencial da Xerencia Integrada de Santiago destinada a prestar asistencia aos pacientes en tratamento antineoplásico que non requiran hospitalización. O seu equipo está formado por persoal de enfermería con experiencia especializado, que traballa en coordinación con médicos especialistas en oncoloxía médica, en hematoloxía ou en farmacia hospitalaria.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, señora presidenta.

Bueno, señor conselleiro, entendo que ao conselleiro de Sanidade deberían interesarlle todas as iniciativas sobre sanidade que se debaten no Parlamento de Galicia, digo eu, así que podería estar vostede presente cando se debaten estas iniciativas. Non necesita vostede ser deputado para estar aquí, nos convidámolo a que poida estar atendendo a súa responsabilidade.

Pero mire, se vostede di que este problema foi puntual e que foi subsanado, gustárame que me aclarase como foi subsanado, por que non había posibilidade de facelo antes e si cando se produciron as denuncias e se trasladaron aos medios de comunicación, e por que a partir do día 5, cando vostedes dixeron que xa estaba solventado, continuaron aparecendo denuncias. Eu fixen referencia a unha, que ademais foi coñecida nos medios de comunicación, gustárame que me aclarase por que esa persoa ten que estar nove meses agardando para saber se ten unha metástase, e xa que estamos, explique vostede con esta lista de espera, que non podemos coñecer, como van facer para resolvela.

Como despois, ademais, vostede falou do que quixo, paréceme excelente que nos explique outro tipo de servizos relacionados co tratamento dos pacientes de oncoloxía, podería falarnos de moitas outras cousas, por exemplo, ¿por que ao final sempre son os pacientes, as galegas e os galegos, os que pagan a súa falta de planificación?

Neste caso, un caso gravísimo, que, xa digo, rematou en fiscalía, temos tamén o da hepatitis C, temos tamén o da persoa indixente, pero xa que está vostede hoxe aquí, e quere falar doutras cousas, podería aclararnos tamén por que levamos tres meses en coñecer ese informe sobre o que pasaba cos abortos no segundo trimestre no Servizo Galego de Saúde, e ademais acabamos de enterarnos que vostedes recortan tamén as prestacións para atender esas mulleres, recortándolles as contías e non axudando a que se cumpra o dereito destas mulleres.

Señor conselleiro, prégoille que responda, se quere, a todas as preguntas que lle fixen, pero en concreto como van resolver este asunto das consultas, se vai ser de maneira permanente e por que vostedes seguen escándalo tras escándalo na súa consellería. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Solla.

Réplica do Goberno, señor conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** A verdade, señora presidenta, non sei a cal teño que contestar, creo que é á que teño no papel, ¡ah, vale!, porque xa me perdín esta tarde.

Imos contestarlle ao que teño que contestar, non vou contestar ao que vostede quere que lle conteste, porque, evidentemente, se se dedica a falar de noticias de prensa durante dous minutos, creo que non ten base ningunha para a pregunta orixinal, que era a que lle valía a vostede para facer esta pregunta. Iso, desgraciadamente, é así.

E desgraciadamente, señora Solla, gustaríame, de verdade, aprender algo das súas intervencións. Pero é que son exactamente igual, dá igual que fale de Vigo, de Santiago, de calquera outra, fala de recortes, fala de privatización, non fala doutra cousa. Todo ten catro palabras, e con iso quere facer un discurso.

Mire, imos falar de datos, que creo que é o máis importante que lle pode interesar. Foi do que estabamos falando, é que vostede fala de que houbo un grupo de consultas que se demoraron. Vale. Este servizo estamos falando que ten 30.000 consultas ao ano. Vostede fáleme que hai unha, que xa hai unha demora, non podemos estar discutindo de cada unha das actuacións que facemos, que fan os grandes profesionais que temos nos servizos sanitarios.

Creo que todos, niso estamos de acordo, cremos que temos moi bos equipos, temos 30.000 consultas neste servizo en Santiago. Evidentemente, non podemos estar a falar de cada un delas, pero bueno, o seu é iso.

Eu digo que ao noso sistema lle preocupa de xeito prioritario a asistencia en tempo e en forma aos nosos pacientes

oncolóxicos. A diario centos de profesionais sanitarios esforzándose por ofrecer unha atención de máxima calidade técnica e humana para conseguir educar na prevención desta enfermidade, realizar diagnóstico o máis precoz posible e un tratamento dirixido a cada paciente. De feito, un dos nosos obxectivos máis relevantes para este ano 2016 é estender a todo o territorio da comunidade autónoma as sete vías rápidas que cobren os procesos oncolóxicos máis frecuentes, nos que o diagnóstico precoz é fundamental.

Estamos a falar dunha medida de gran transcendencia, pois implica espera nun diagnóstico e tratamento máis rápido dos cancros. Tradúcese en algo non precisamente menor: mellorar o prognóstico, aumentar a supervivencia e diminuír as secuelas da enfermidade.

A implantación progresiva das vías rápidas está a permitir cumprir o compromiso de atender pacientes con sospeita de patoloxía grave nun tempo medio de espera inferior a quince días. No pasado ano 2015, un total de 11.721 persoas beneficiáronse deste procedemento, o que supón 234 máis que no ano 2014. Ademais, o tempo medio de espera destes pacientes reduciuse ao pasar de 8,2 días en 2014 a 7,2 en 2015. É dicir, máis galegos beneficianse delas e os beneficiados esperan aínda menos tempo.

Quero finalizar reiterando a excelencia clínica e investigadora do servizo oncolóxico do CHUS, amplamente recoñecido no eido nacional e internacional. Da colaboración entre os seus clínicos e os investigadores beneficiáronse todos os seus pacientes; por exemplo, son os primeiros en Galicia e os segundos en España en contar coa biopsia líquida para diagnóstico e seguimento da patoloxía oncolóxica. A súa participación nestes intres en máis de 150 ensaios clínicos activos tamén permite que os doentes oncolóxicos que acoden ao hospital público compostelán sexan os primeiros en beneficiarse dos medicamentos máis innovadores.

Cremos que a sanidade pública, precisamente, ten que estar en contacto directo e responder a todos os incrementos e melloras de tratamento, e, desde logo, imos seguir loitando por iso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a evolución do número de alumnos formados durante o ano 2015 nos centros da Consellería do Mar**

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Para formular a pregunta, polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Oróns Baña.

**O señor ORÓNS BAÑA:** Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Señora conselleira, o Goberno galego no seu conxunto e, en particular, o departamento que vostede dirixe, a Consellería do Mar, apostan pola formación das e dos traballadores do sector da pesca, asegurando a capacidade de dispoñer dos mellores profesionais futuros, a través de escolas de formación marítimo-pesqueira de mergullo e acuicultura, pero tamén presentes, a través de iniciativas de formación continua e a través dos procesos de reciclaxe polos que adquiren coñecementos adicionais. A Xunta esforzase, ademais, en impulsar a calidade e a constante innovación nestas ensinanzas, e, de feito, catro escolas galegas contribúen a que o obxectivo da Consellería poida facerse realidade: a Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol, coa súa aula de seguridade; a Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira, o Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico, de Vigo; e o Instituto Galego de Formación en Acuicultura, da Illa de Arousa, aos que poderíamos engadir outros centros, como A Aixola, de Marín, que ofrece formación non regulada.

Estes centros buscan dar resposta á demanda formativa actual, en especial nun sector onde se está a levar unha importante modernización coa progresiva implantación de novas tecnoloxías, que, lonxe de velas como un problema, ofrecen a cobertura máis eficaz para capacitar os futuros profesionais do sector pesqueiro e para gañar en seguridade no exercicio das súas actividades. A Consellería tamén conta co Centro de Investigacións Mariñas, o Cima, que está integrado polo centro de Corón, en Vilanova de Arousa, e a planta de cultivos mariños de Ribadeo. En resumo, un amplo dispositivo ao servizo das mulleres e dos homes que aposten por seguir facendo grande a Galicia mariñeira. E todo iso nun ámbito no que, ademais, como vostede explicou durante a comparecencia nos orzamentos, a Xunta incrementou un

18,5 % os seus fondos, un elevado montante económico que permitirá dar continuidade con garantía de calidade á ampla actividade formativa desenvolvida pola Consellería do Mar.

Pois ben, en relación con este asunto, o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte pregunta. ¿Cal foi a evolución do número de alumnas e alumnos que se formaron nos centros da Consellería do Mar durante o ano 2015? (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Oróns.

Para responder, ten a palabra a conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Oróns, a evolución dos datos de matrícula e alumnao nas escolas que dependen da Consellería do Mar foron positivos durante o ano 2015. E a modo de comparanza, hai que dicir que a matrícula nas escolas náutico-pesqueiras e no Igafa medrou nun 46 % dende o ano 2009. Neste senso, foron 528 os alumnos e alumnas que en 2015 recibiron formación regrada nos catro centros dependentes, o que suma unha cifra xeral á alza na matrícula. Tanto é así que a media anual de matriculados medrou nun 32 % con respecto ao período do anterior goberno, pasando dunha media de 375 matriculados a 497. Hai que significar que tamén recibiron formación non regrada 3.854 persoas, cifra que, sumada ás que tomaron parte nos cursos impartidos dende o ano 2011, ofrece un montante global de 18.751 persoas matriculadas e formadas neste tipo de ensinanzas, das cales o 50 % o fixeron nos cursos celebrados nos portos da nosa comunidade.

Estas cifras, importantes de por si, son o mellor acicate para seguir mellorando a nosa estrutura de formación, xa que entendemos que esta vía é primordial para lograr avanzar no relevo xeracional, feito que preocupa e que supón un dos elementos máis importantes de cara a dotar o noso sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola da sostibilidade e competitividade necesarias. Para tal fin non escatimamos fondos para este eido formativo. Esa é a razón dese incremento ao que vostede facía referencia, xa que o crédito na Lei de orza-

mentos da Comunidade Autónoma para 2016 destina a ensinanza pesqueira un total de 2,5 millóns de euros.

Ademais de melloras na dotación dos centros, queremos aumentar a oferta formativa engadindo á formación regrada propia dos centros oficiais un incremento notable da oferta de formación non regrada dos mesmos tanto en número como en variedade e tipos de cursos. Do mesmo xeito, e unha vez analizadas as necesidades formativas do sector, tamén se impartirán cursos adaptados a estas necesidades nos portos de Galicia, nas aulas de extensión pesqueira desta consellería e na aula de seguridade de Ferrol.

Por último, proximamente tamén se vai convocar un curso de mariñeiro pescador *on line* para aquelas persoas que traballan ou non poidan desprazarse aos lugares onde se imparten os cursos presenciais e poidan así conciliar a súa vida laboral tamén coa formación. Cremos, señor Oróns, que esta é unha vía de traballo que nos vai traer boa parte da nosa capacidade de xerar un futuro proveitoso para o noso sector e para a nosa xente do mar –a do mañá pero tamén a de hoxe–, e para darnos ese pulo que nos leva xa non a frear a caída do emprego senón a recuperar a tendencia positiva a medio prazo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra o señor Oróns.

**O señor ORÓNS BAÑA:** Moitas grazas, señora conselleira, polos datos achegados e pola aposta que está a facer.

Efectivamente, a formación é importante en calquera ámbito da nosa vida, especialmente no laboral e moi especialmente no eido marítimo-pesqueiro, un sector que incorpora continuamente avances e que demanda constantes reciclaxes e unha oferta formativa ampla para cubrir os moitos postos de responsabilidade a bordo de todo tipo de embarcacións.

Eu, que nacín e me criei baixo unha familia mariñeira da Costa da Morte, nunha comarca cun alto compoñente marítimo-pesqueiro na súa economía e na súa sociedade, teño que dicir que vostedes deron un cambio significativo á

orientación da formación. Quizá isto explique as cifras que vostede citou, que a media anual de matriculados medrase un 32 % con respecto ao período do anterior goberno, que teñamos 18.751 persoas matriculadas e formadas neste tipo de ensinanzas –un 50 % delas en cursos de proximidade celebrados nos nosos portos–. Estamos contribuíndo a formar os profesionais do sector marítimo-pesqueiro do futuro e tamén sentando a base do obrigado relevo xeracional. Un exemplo disto témolo no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico, en Vigo, que é a referencia nacional en formación deste tipo. Ben é certo que niso ten moito que ver o bo labor dos docentes e o do equipo directivo do centro, pero tamén vostedes, por iso a felicito.

E precisamente sobre o Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico quixera que me resolva dúas dúbidas. ¿Van seguir apostando por ese centro? ¿Cales van ser as melloras que incorporará de cara a este ano?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas.

Réplica.

Conselleira, ten vostede a palabra.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Oróns, mire, eu agradézolle as palabras que ten para o equipo de goberno da Consellería, pero gustárame trasladarlles esas mesmas palabras que vostede dá, no meu nome e no de todo o equipo, a todo o persoal profesional e alumnos do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro de Vigo, e tamén a todos os dos centros que dependen da miña consellería. Como vostede ben sabe, o esforzo deses profesionais, o esforzo e o compromiso tamén de todos os alumnos que pasan por ese centro, fixeron que no ano 2015 fomos recoñecidos como centro de referencia nacional na área profesional da pesca e navegación, da familia profesional marítimo-pesqueira no ámbito da formación profesional. Tamén quero adiantar que neste ano 2016 se están ultimando todos os traballos para que o Instituto Galego de

Acuicultura, ubicado na Illa de Arousa, sexa tamén o centro nacional de referencia para a materia de acuicultura e mergullo. Isto eu creo que é importante, porque supón que se van deseñar dende a propia Galicia os currículos formativos de todo o que ten que ver coas ensinanzas náutico-pesqueiras, de todo o que ten que ver coas ensinanzas de mergullo e tamén de todo o que ten que ver coas ensinanzas de acuicultura.

Pero se isto é así de importante, tamén é importante a débeda que nós, como administración, debemos manter con estes centros. E, nese sentido, quero dicirlle que xa o ano pasado se fixo un forte investimento no propio Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro de Vigo, sen desdeñar todas as que se fixeron nos demais. Pero aquí conseguíuse a instalación de equipos e programas informáticos para o simulador de navegación e este ano vaise investir tamén en equipamentos e programas informáticos necesarios para o simulador de máquinas no mesmo centro politécnico de Vigo.

Creo que o compromiso é constante. Están os 2,5 millóns de euros destinados única e exclusivamente a manter o nivel deses centros que dependen da Consellería, que sen dúbida ningunha están contribuíndo a conseguir que cada día teñamos mellores profesionais nos diferentes buques de pesca que traballan nas nosas augas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D. Daniel Rodas Chapela, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición defendida polo Goberno galego na repartición de cotas da xarda para garantir a viabilidade da frota continxentada**

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rodas.

**O señor RODAS CHAPELA:** Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde, señora conselleira. A estas alturas da tarde creo que o xusto é felicitar ao grupo do BNG por manterse aquí todo o grupo firme, creo que é o menos. *(Aplausos.)*

Como vostede sabe, señora conselleira, a cota da xarda para artes distintas do cerco e arrastre foi este ano de 10.293 quilos, repartíndose por provincias e saíndo unha repartición onde, a modo de exemplo, A Coruña alcanzou un 6,9 %, mentres Cantabria un 25,74 %; ou a Pontevedra correspondeulle un 4,76 %, mentres a Biscaia o 29,74 %. Deste xeito, o País Vasco levou 4.329 toneladas para un total de 105 barcos, mentres que a Galiza lle corresponderon 1.276 toneladas para un total de 120 barcos, aínda que teñen dereito máis de 1.300. Este ano, á cota que lle correspondeu houbo que descontarlle un 15 % menos que o ano pasado, ao que tivemos que restarlle 600 toneladas por exceso de cota, 200 toneladas que nos cederon os vascos e a multa que outros pescaron e que pagamos linealmente todos os anos, as multas do ano 2009 e 2010, obtendo este ano un 40 % menos que o ano anterior.

A pesca este ano autorizouse dende o 14 de marzo e pechouse o día 30, podendo pescala, como ben sabe, unicamente dez días. Para as embarcacións, por encima, que se desprazaron ata o Cantábrico, apenas chegaron alá xa se pechou, tendo que volver despois de ter uns elevados custos para acondicionar e trasladar as embarcacións, mentres que cántabros e vascos puideron seguir pescando, evidenciando unha absoluta falta de previsión da Xunta de Galiza, que, unha vez máis, arruinou o sector.

Reservouse desta cota un 15 % para a pesca accidental, establecéndose unha cota de 300 quilos por embarcación/semana. De novo, ao igual que no xeito, vemos como en Galiza lle pomos cota á pesca accidental. Con esta cota e uns prezos de 0,70 euros toda a tripulación dun barco dedicado ao trasmallo, á volanta, aos miños, ao palangrillo, puido levar 210 euros semanais para a súa casa. Toda unha riqueza.

Antes tiñamos que desprazarnos ao golfo de Biscaia e agora esperámolo aquí, pero a realidade é que o esperamos aquí sen cota, o ano pasado puidemos pescar 20 días, este ano unicamente 10.

Onte, na súa intervención, dicía unha cousa que me chamou terriblemente a atención, dicía que non pode ser que haxa frota que lle sobre cota e frota sen cota. Esta é a realidade da situación da nosa frota galega. Pero o máis dramático é que é a realidade do modelo de reparto polo que vostede apostou. ¿Quen é o responsable desta situación, señora conselleira?



**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Rodas.

Ten a palabra a conselleira do Mar para responder.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Rodas, atendendo á súa pregunta de forma directa, creo que o primeiro que teño que deixar claro é que non podemos fiar a continuidade e a viabilidade da frota de artes fixas e artes menores á xarda. Facelo sería tanto como obviar a realidade de que as nosas frotas teñen noutras especies a súa base fundamental da pesqueira.

A este respecto, e falando da frota máis pequena, hai que recordar que as especies nas que as artes menores teñen cota tiveron un aumento –como dicíamos onte– do 14 % entre o 2009 e o 2015, e cabe lembrar tamén que as especies con cota só supoñen entre o 12 e o 15 % do total da facturación das embarcacións de artes menores.

Creo que neste caso concreto –e atendendo a que esta especie ten un carácter migratorio cuxo movemento non nos favorece– asegurar unha porcentaxe da súa pesca é xa un avance con respecto á etapa anterior, onde a pesca olímpica nos deixaba sen posibilidades ou mesmo só permitía a pesca para embarcacións grandes ou a custa de grandes riscos.

Polo tanto, nós estaremos a favor de calquera reparto que nos permita pescar, e este reparto –aínda que sexa pouco– permítenos dispor de posibilidade de capturas. Tempos houbo en que nin sequera tiñamos esa posibilidade. Asemade, creo que non se nos pode acusar cos datos na man e sen demagoxias de negarlle o pan e o sal á frota de artes menores, porque foi con este Goberno co que se aumentaron as cotas de artes menores fronte a outras artes.

Deste xeito, a corrección do reparto que nos deixaron en Madrid permitiu incrementar a cota desta frota en todas as especies a repartir, salvo no xurelo da Zona 9A, onde consumimos menos da metade do asignado, e no lirio, que –como vostede ben sabe– é difícil de capturar con artes menores.

Ao mellor isto constata unha práctica anterior que para nada axudaba á realidade do sector; nin iso, nin o descontrol que nos deixaron as sancións de sobrepesca, como vostede dicía, dos anos 2009-2010 e que fan –como vostede recordaba– que para os barcos doutras modalidades distintas do arrastre e do cerco, con porto base en Galicia, estivesen dispoñibles un total de 1.400 toneladas, o que vén representar case o 40 % menos que o ano anterior.

Queremos máis cota, pero queremos tamén que a pesqueira se organice mellor, porque iso é o que demanda o sector, aínda que haxa algúns que non colaboren nesa mellora de xestión que pode reportar mellores ingresos e menos custos.

En definitiva, señor Rodas, creo que nos sobra cota de demagogia e nos falta cota de análises, estudo do que partimos e tamén da organización. Nós cremos que os que máis protestan non sempre son os que máis razón teñen, ás veces son os que menos fixeron por conseguir unha mellor organización desta pesqueira.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora conselleira.

Señor Rodas, ten vostede a palabra.

**O señor RODAS CHAPELA:** Señora conselleira, cota de demagogia a xusta. Vostede vén aquí tomarlle o pelo ao sector, porque mire, fala vostede de ter posibilidades. Mire, no ano 2014 repartíronse 1.250.000 toneladas, no 2015, 1.054.000; no 2016, 895.000 toneladas, e a Galiza correspondeunos, para 1.300 embarcacións, 1.276 toneladas, no ano 14 menos do 1 %. Esta é a realidade do seu modelo de reparto.

E o problema non é que non haxa xarda, o problema é que está mal repartida, e o problema é que vostede apostou por este modelo de reparto por provincias e individual, ¿que supón? Que un barco vasco ten catro veces a cota dun barco galego. O ano pasado denunciabamos aquí mesmo que un barco galego non só tiña catro veces menos cota que un barco vasco, senón que cando o prezo baixaba de 0,75 euros o vasco mantiña o prezo e o galego, pola contra, cobraba o prezo do mercado, que foi de 0,40 euros.

E vostede defende este modelo, onde nin sequera a podemos capturar accidentalmente. 300 quilos semana/barco, 210 euros que pode levar unha tripulación para casa, que para poder pescar un mes máis, este ano tivo que pedirlle a federación 120 toneladas á frota vasca, sendo unha vergonza que acuse a determinadas confrarías de non pasar os datos. É patético que utilice a federación para aparentar que o sector asuma voluntariamente unha cota de 300 quilos semana/embarcación para esa pesca accidental.

Vostede prefíre que na pesca accidental se tire o peixe morto ao mar en vez de defender que quen menos pesca debe ser quen maior dereito ten. É algo de sentido común e é o que vimos defendendo nós historicamente, porque na pesca accidental non se pode establecer cota e vostede é responsable deste modelo de reparto, que é unha auténtica catástrofe...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor rodas.

**O señor RODAS CHAPELA:** ...para a frota galega.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Rodas.

Réplica da conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Rodas, non se poña nervioso porque xa estamos a rematar. Pero mire, eu, de verdade, dígolle unha cousa: clarificar modelo de xestión e modelo de organización. Vostede ten que recordar –porque pertencía ao Servizo de Gardacostas e sabe como funcionaba isto–, a xarda funcionaba con pesca olímpica, e isto non llo teño que explicar, porque é que o que primeiro chega máis pesca. Se a xarda empeza a súa migración polo golfo de Biscaia, os que están máis preto, máis pescan, logo, cando nos chegaba a xarda ás augas de Galicia, xa non a podíamos pescar. Logo, se agora podemos pescala, algo xa temos ganano. Entón, imos ver se con ese modelo agora somos capaces, (*Aplausos.*) agora que xa temos posibilidades de pesca, agora xa temos unha capacidade para organizarnos mellor.

E mire, eu creo na madurez do sector. Eu non creo que teña que ser a Administración a que o estea tutelando e lle teña que estar dicindo todos os días o que ten que facer. A Federación Galega de Confrarías está xestionando, a través das provincias, o modelo de xestión que queren. Decide o sector libremente cando van ir pescar a xarda e cando pechan. Eu o que digo é, imos vendo como vai evolucionando isto, eu estou convencida que aos galegos non lles compensa saír de Galicia para ir agotar a cota que temos para pescar nin en Cantabria nin no País Vasco. Esperemos a que a cota de xarda chegue aquí e que poidamos pescala nos nosos portos no momento en que outros xa non están pescando e obtaremos maior valor e sacaremos un maior rendemento económico.

De feito, o prezo medio que se acadou neste ano 2016 é de 0,65 euros fronte aos 0,40 que se adquiriron o ano pasado. Co cal, si temos menos gastos, porque non nos temos que desprazar fóra. Podemos ter posibilidades de pesca cando estea a xarda nas nosas augas e non teñamos que estar facendo competencia cos vascos, cos cántabros ou cos asturianos, creo que é un modelo novo de organizarnos. E iso é o que temos que ir pouco a pouco mellorando. E eu non son a que lle quere botar as culpas a ninguén, aquí estanme intentando botar as culpas a min.

O sector foi o que decidiu a porcentaxe de capturas que poden facer as artes menores, cantas destinaban para aqueles que van dirixidos á pesca da xarda e do montante total cal era a porcentaxe que deixaban para a pesca accidental. Decidírono eles libremente, eles deciden cando abren e eles deciden que ao chegar ao 85% das capturas se paga ese peche. Logo creamos todos na madurez do sector, deixemos que se organicen e pidámoslles a todos os membros de cada unha das confrarías a responsabilidade suficiente con eles e co resto do sector, e pasen os datos cando os teñen que pasar, e non fagan trampas ao solitario, onde algúns que o ano pasado se pasaron moito, 600 toneladas máis, que este ano os demais colectivos de Galicia non puideron pescar porque algún listo os colleu antes. Respectemos todos as cartas de xogo e verá como o sector, dende logo, vai ter maiores beneficios con esta pesca, que vostede ben sabe que representa o 0,8 % do total das capturas que fan as artes menores.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora conselleira.

Esgotada a orde do día, érguese a sesión.

*Remata a sesión ás oito e doce minutos da tarde.*



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25